



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 33

Sesión plenaria
27 de abril de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-Rkimjnsj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria (doc. núm. 1962, 11/PPLC-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 24.09.2020

Punto 2. Comparecencia

2.1 14462 (11/PPP-000052)

Do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2020 e do gasto ocasionado pola pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Punto 3. Mocións

3.1 14350 (11/MOC-000037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto. (Moción consecuencia da Interpelación nº 13205, publicada no BOPG nº 118, do 31.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

3.2 14351 (11/MOC-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar. (Moción consecuencia da Interpelación nº 13127, publicada no BOPG nº 118, do 31.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

3.3 14380 (11/MOC-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que se deben levar cabo en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 13407, publicada no BOPG nº 118, do 31.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 10287 (11/PNP-001022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

4.2 12447 (11/PNP-001227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.3 12470 (11/PNP-001231)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

4.4 12964 (11/PNP-001282)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

4.5 13974 (11/PNP-001372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.6 13998 (11/PNP-001376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 3279 (11/INT-000196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 30, do 14.10.2020

5.2 8259 (11/INT-000507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

5.3 12718 (11/INT-000728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 14493 (11/POPX-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as medidas que se consideran necesarias para a desescalada en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

6.2 14494 (11/POPX-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a concreción da anunciada posta en marcha dun novo modelo de atención ás persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 13535 (11/POP-001832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021



7.2 13954 (11/POP-001894)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da actividade de construción, reparación naval e do emprego no estaleiro San Enrique (antigo Vulcano), de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

7.3 14461 (11/PUP-000173)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as liñas de actuación comprometidas pola Xunta de Galicia co empresariado afectado polo incendio do polígono industrial do Ceao, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.4 8075 (11/POP-001217)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Murillo Solís, María Guadalupe e sete deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.5 13792 (11/POP-001874)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de dialogar coa sociedade co obxectivo de iniciar e dar cumprimento ás accións requiridas polo Consello de Europa para cumprir a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias antes do 1 de agosto de 2023.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.6 10630 (11/POP-001532)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do desenvolvemento do VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

7.7 13647 (11/POP-001850)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o número de prazas que ofrece o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia en cursos de prevención de riscos laborais ao abeiro do actual plan anual de formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021



7.8 14495 (11/PUP-000174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do acontecido no programa

Land Rober emitido pola TVG o día 8 de abril de 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.9 10502 (11/POP-001573)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as razóns da evolución que presenta a UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as do peche de quirófanos para convertelos en espazos para ese fin en lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 96, do 17.02.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate e toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 15.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 18.)

Rolda de réplica: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 21.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei orgánica

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria: *rexeitada por 30 votos a favor, ningún en contra e 40 abstencións*. (Páx. 23.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a morte de Diego Bello, cidadán coruñés, en Filipinas.(Páx. 23.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2020 e do gasto ocasionado pola pandemia da covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 32.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 35.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 39.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 43.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 49.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 53.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 54.) e *o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 56.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. González Albert (BNG). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Martín Seco (S). (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Candia López (P). (Páx. 67.)

A señora González Albert (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 70.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 79.) e Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 83.)

O señor Lourenzo Sobral (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 86.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 91.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 93.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 97.)

Votación das mocións

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto: rexeitados por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 102.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, menos os puntos 1, 2 e 3, xa votados, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto: rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstención. (Páx. 102.)



Votación do texto transaccionado da Mocion da Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que se deben levar cabo en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitada por 14 votos a favor, 38 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 103.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e seis minutos e retómase ás catro e media da tarde.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pérez Fernández. (BNG).* (Páx. 110)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 121.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 125.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 127.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Bará Torres (BNG).* (Páx. 139.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 132.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 135.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Abelairas Rodríguez (S). (Páx. 146.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 150.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 153.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 153.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Seco García (S). (Páx. 155.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. señor Balseiro Orol (P). (Páx. 159.)

O señor Fernández Alfonzo (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 163.)

Suspéndese a sesión ás oito do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias e, polo tanto, entramos xa na orde do día, o primeiro punto é o de textos lexislativos.

Debate e toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Traemos a este Parlamento de novo a proposición de lei de transferencia das competencias de tráfico, circulación viaria e seguridade. E para entender esta proposta e este debate hai que facer un pouco de historia, que máis que historia podemos dicir que é un memorial de agravios. Unha longa historia que debería avergoñar algúns grupos polos seus actos, polos seus votos no pasado; e unha historia na que temos que falar en primeiro lugar dos doce anos de parálise do autogoberno durante a presidencia de Núñez Feixóo. E, en realidade, non foron doce anos de parálise, na práctica foron doce anos de estancamento e de retroceso. Porque Galiza perdeu posicións nestes doce anos mentres outras comunidades, mentres outras nacións avanzaron ampliando o autogoberno, e temos moitos exemplos que demostran isto.

E, ademais, non só foron doce anos de retroceso, tamén foron doce anos de recentralización en moitos ámbitos, tanto na anterior como na actual crise, porque sabemos a estas alturas, sabémolo de sobra, para que se intentan utilizar as crises. Inténtanse utilizar para concentrar máis a riqueza e para centralizar máis a toma de decisións.

E foron tamén doce anos de incumprimentos, de incumprimentos en primeiro lugar de acordos parlamentarios tomados nesta Cámara. O primeiro deles o acordo das 70 competencias do ano 2006, un acordo unánime das tres forzas políticas que están presentes hoxe neste Pleno e que foi boicoteado sistematicamente polos gobernos —hai que dicilo— do Partido Socialista e do Partido Popular.

Incumprimento tamén das promesas electorais do Partido Popular. E quero recordarlles que no ano 2009 vostedes presentáronse ás eleccións prometendo que ían xestionar transferencias como a de dominio público marítimo-terrestre, os portos de interese xeral, os aeroportos, as autoestradas, as titulacións náutico-pesqueiras, meteoroloxía ou concas hidrográficas.



E xa chegaron vostedes mesmo a incumprir os acordos adoptados no Consello da Xunta, como aquel acordo do 8 de outubro de 2009 —e diríxome a vostede, señor Rueda—, porque vostede levou alí un informe para xestionar 17 competencias que despois quedaron onde quedaron. Deixáronas vostedes no camiño.

E recórdolle, ademais, que xa no colmo da súa hipocrisía o señor Feixóo presentouse despois dese Consello da Xunta, recórdolle o 8 de outubro de 2009, dicindo aquela frase rimbombante que xa quedou para a historia. Tamén como aquela de Ence en Pontevedra: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno da historia de Galiza». Esas había que gravalas, así que quedasen gravadas nas paredes da Xunta. «Iniciaremos a fase de maior autogoberno da historia de Galiza».

Vostedes daquela mandáronlle unha carta ao vicepresidente do Goberno central e non se soubo máis. Achantaron, ¿non? Baixaron a cabeza e dixeron: «Sí, bwana» e «si te he visto, no me acuerdo».

Porque, ¿que pasou despois dese ano 2009? ¿Cal é o balance dos gobernos do señor Feixóo? O Goberno é cero, cero patatero. Ese é o balance, a nada, o baleiro, o deserto, a irrelevancia política. En vez de competencias, teríamos que falar aquí de incompetencias, das incompetencias do Goberno da Xunta do Partido Popular presidido (*Aplausos.*) polo señor Feixóo e vicepresidido polo señor Rueda, que é o responsable ademais desta materia.

Teremos ocasión mañá na interpelación de falar con máis amplitude e con máis detalle de todo este proceso, pero a realidade é que é a peor etapa da historia da autonomía, nunca antes pasara algo igual, de catro lexislaturas sen ningunha transferencia. Nunca pasara nada igual. E iso está no seu haber.

É unha auténtica vergoña porque ademais tiveron vostedes durante este tempo un Goberno en Madrid presidido polo señor Rajoy e nese mandato de seis anos houbo 16 traspasos a sete comunidades, e Galiza cero, balance cero.

¿Saben vostedes cantas comunidades entre 2008 e 2021 non recibiron ningunha transferencia? Só dúas, as que están nas posicións de cola, as que están de pechacancelas nesta clasificación. Eu creo que están en rexional preferente para vostedes. Son Murcia e Galiza. Murcia e Galiza, as únicas dúas comunidades que non recibiron ningunha transferencia neste período.

A realidade a verdade é que o Partido Popular fixo un xigantesco exercicio de cinismo e de hipocrisía votando aquí neste Parlamento a favor das transferencias e despois vetándoas en Madrid. E temos o exemplo que está cercano da AP-9. Como vostedes tiveron o descaro de votar tres veces a favor neste Parlamento e vetar tres veces sistematicamente a admisión a trámite desta iniciativa no Parlamento do Estado cos informes negativos do Goberno do señor Rajoy e o veto da señora Pastor, presidente da Cámara. Ese é o seu balance, o seu haber.

Pero hai que recoñecerlles que a partir de 2019 vostedes quitaron a máscara e descubriron a verdadeira cara do Partido Popular, a cara máis centralista, a cara máis antigoberno, a cara máis antigalega, a cara máis promadrileña do Partido Popular. (*Aplausos.*)



Agradecemoslles que deixasen de disimular e a verdade é que no ano 2019 vostedes xa fixeron publicamente votos de obediencia a Madrid sen ningún disimulo e produciuse aquel espectáculo autenticamente bochornoso, unha auténtica páxina negra na historia do autogoberno e do Goberno da Xunta de Galiza, que o señor presidente da Xunta suspende a súa axenda institucional en Estados Unidos para vir a unha manifestación coa ultradereita na Praza de Colón, porque o chamou a capítulo o presidente do Partido Popular, o señor Casado. E isto non se pode consentir, isto ímolo denunciar todas as veces que faga falta. Non se pode suspender a axenda institucional da Presidencia da Xunta por unha chamada a *churubío* do presidente do Partido Popular. E xa vimos o que pasou despois. Quen sementa ventos recolle tempestades.

E, por se houberse dúbidas a este respecto, vostedes deixárono claro no programa electoral das eleccións de 2019. Puxérono por escrito, está aí. Di: «*Aprobaremos una moratoria que paralizará la cesión de competencias a las comunidades autónomas. Moratoria, paralización de competencias a las comunidades autónomas*». Este é o programa vixente desta lexislatura do Partido Popular no Estado. Que vostedes tamén subscriben, porque vostedes son o Partido Popular.

Abrazaron a axenda máis ultra, a axenda de Madrid, de máis Madrid e de menos Galiza. E o Partido Popular de Galiza é o Partido Popular de Madrid, son a mesma cousa, vostedes defenden os intereses de Madrid, que é a gran aspiradora dos nosos recursos, da nosa riqueza, do noso aforro, dos nosos dereitos, da nosa enerxía, dos nosos impostos e dos investimentos do Estado.

A estas alturas vostedes teñen unha oportunidade de rectificar e queremos presentarlles, brindarlles unha oportunidade de rectificar con esta proposición de lei para a transferencia de tráfico, que, como sabemos, é unha competencia que a Constitución atribúe ao Estado e que só se pode transferir a través deste procedemento previsto no artigo 150 da Constitución, mediante unha proposición de lei orgánica aprobada no Congreso. E por iso traemos aquí esta proposta.

Unha proposta que, como dicía ao principio, ten unha longa historia detrás, porque esta mesma proposición, exactamente a mesma, repetindo cada palabra e cada coma, xa foi aprobada por este Parlamento o 8 de abril do ano 2008, cos votos a favor dos tres partidos que están aquí presentes nesta Cámara.

¿E que pasou despois dese apoio unánime de admisión a trámite e da votación neste Parlamento? Que foi levada dous anos despois ao Congreso a Madrid e vimos o que pasou. E resulta que alí foron defender esta iniciativa en representación deste Parlamento o señor Quintana polo BNG, o señor Leiceaga polo Partido Socialista e o señor Puy —que hoxe non está aquí presente— polo Partido Popular. ¿E que votaron estes partidos que votaran aquí a favor desta iniciativa? O Partido Socialista votou en contra; o Partido Popular abstívose, pero esa abstención botou abaixo esta iniciativa, polo tanto son corresponsábeis o Partido Socialista e o Partido Popular de que non prosperase, porque se o Partido Popular votase a favor, como poñía no seu programa electoral, a transferencia de tráfico, esta proposición sairía adiante. E por iso decaeu.



¿E quen votou o mesmo aquí e en Madrid? Pois quen votou o mesmo foi o BNG, coma sempre, que vota o mesmo en Galiza e en Madrid. Non traizoa os intereses deste país. (Aplausos.)

E, en todo caso, esta historia serve para aprender cal é a función, a importancia que ten ter forzas políticas propias que defendan os intereses galegos en Madrid e non os que se venden ás súas direccións madrileñas, como vimos sistematicamente ao longo destes anos.

Non é necesario porque é de sobras coñecido explicar cal é o contido desta proposición de lei, que é moi simple, moi sintética, ten só tres artigos. Pero penso que é importante explicar cales son os seus valores e as súas funcións, que eu resumiría, por un lado, nas funcións prácticas, porque estamos a falar dun ámbito moi sensíbel e estamos a falar de que Galiza ten unha singularidade, ten un feito diferencial tamén en relación con esta materia; porque temos unha realidade diferente na rede viaria; temos unha realidade diferente tamén na dispersión territorial e da poboación; temos realidades diferentes no clima e na orografía que inflúen tamén sobre a circulación de vehículos; no parque móbil, que é dos máis vellos do Estado. E temos tamén unha serie de elementos que explican a elevada sinistralidade que segue habendo en Galiza a estas alturas, que está por riba da media estatal, e temos aí os datos de 2020, con ser un ano atípico, que foron, son datos moi preocupantes.

E ademais esta iniciativa ten tamén valores simbólicos que son moi importantes porque é unha peza clave, non sería necesario, pero é unha peza clave para a creación dunha verdadeira policía galega integral. Por certo, existe tamén unha lei aprobada por este Parlamento no ano 2007 que foi boicoteada polo Goberno da Xunta do Partido Popular que está aí agardando o seu cumprimento.

E poderíase crear igual a policía galega e non ese sucedáneo que vostedes crearon da UPA, da Unidade de Policía Adscrita, que non é unha policía galega propiamente dita.

Pois ben, con esta transferencia poderíase desenvolver en toda a súa plenitude a policía galega integral e, polo tanto, estaríamos tamén falando dunha equiparación plena nesta materia de Galiza con Euskadi, con Cataluña ou tamén con Nafarroa. Por iso este alto valor simbólico que ten esta transferencia, porque sabemos que a policía é un dos instrumentos fundamentais para o autogoberno dun país.

En definitiva, remato dicindo que na pasada lexislatura xa se admitiu a trámite esta mesma proposición que presentara inicialmente o BNG no ano 2008, que se admitiu a trámite coa abstención do Partido Popular. Premeron o botón amarelo, non lles deu ningún ataque de nervios, premeron o botón amarelo, deixaron pasar, pero despois deixárono decaer porque non permitiron que se completase a tramitación e acabou decaendo cando rematou a lexislatura.

Agora estamos nun momento distinto, cremos que estamos nun momento máis propicio, máis favorable polos acontecementos que se produciron no Estado polo acordo de investidura asinado polo BNG, que marcou un camiño, digamos que abriu a porta para convocar esa Comisión Mixta de Transferencias e abrir esa negociación. Tamén houbo acordos no Congreso dos Deputados, houbo xa aquí acordos neste Parlamento recentemente para tra-



mitar, defender e demandar unha serie de competencias, entre elas a que ten que ver con costas, o litoral, tamén os centros de investigación oceanográfica, tamén as bolsas de estudo. En fin, hai moitos acordos ao respecto e pensamos que é o momento de dar este paso, de tomar como punto de partida o documento das 70 competencias do ano 2006.

E agora o Partido Popular ten unha proba por diante, ten que decidir de que lado está; ten que decidir se está do lado galego ou outra vez do lado de Madrid. E este é un momento importante, é unha grande oportunidade para dar un paso no autogoberno, xa lle dicimos que non colma as nosas aspiracións que van moito máis alá pero, en todo caso, abre o camiño para novos avances, para máis logros, para asumir máis competencias, para ter máis autogoberno, que é ter máis benestar e ter máis país. Non pechemos as portas, abramolas con este acordo de admisión a trámite para facer un país máis xusto, un país máis libre, para facer un país mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, esta Cámara é a máxima representación da democracia en Galicia e por iso debo comezar manifestando a máis firme repulsa polo intento antidemocrático de Baltar e de Feijóo en conivencia con Jácome de silenciar e expulsar da política a quen foi o candidato máis votado nas municipais de Ourense, Rafa Villarino. *(Aplausos.)*

E teño que dicir que o que está pasando en Ourense forma parte dun caldo de cultivo fascista perigoso, é unha mostra máis de que Vox está no PP de Galicia. Non teñen vostedes ningún tipo de lexitimidade...

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, á cuestión.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...para pedirlle a un político impoluto como Rafa Villarino, que ademais gañou as eleccións, que silencie a súa voz e se retire da política. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, á cuestión, á cuestión.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Entrando en materia, señorías.

Señor Bará, non aceptamos ningún tipo de leccións por parte do nacionalismo galego nesta materia, na medida en que nós mesmos o 26 de febreiro de 2019, o Grupo Parlamentario do



PSdeG, presentou nesta Cámara unha proposición de lei de transferencias a Galicia en materia de tráfico e circulación de vehículos e seguridade viaria. Unha proposta que foi admitida a trámite, pero que decaeu e non frutificou finalmente polo cambio de lexislatura.

Nese sentido, o debate que estamos comezando ou facendo hoxe aquí xa foi realizado hai dous anos e dous meses a instancia e iniciativa do PSdeG, así que haberá quen pense que poderíamos aforrar este debate, pero o caso é que certamente o mundo mudou substancialmente nestes dous anos e dous meses. E, en calquera caso, nós entendemos que segue a ser pertinente debater sobre o autogoberno de Galicia e segue a ser pertinente esta proposta que fai o BNG hoxe, como a fixemos nós hai dous anos.

En primeiro lugar, porque contribúe a que as competencias de Galicia se aproximen ás de Cataluña e País Vasco, condición que con carácter xeral parécenos positiva. Pero, ademais, porque pode resultar útil á cidadanía, como terei ocasión de ampliar. É dicir, non soamente satisfai a condición xeral de aproximarnos ás comunidades con maior nivel de autogoberno, senón que neste caso concreto resulta positivo achegar esta competencia ao territorio para tratar de desenvolver as nosas políticas públicas nesta materia con máis eficacia.

Sabemos que Galicia mantén tradicionalmente unha sinistralidade viaria máis elevada que a media estatal, que baixou nos últimos tempos tamén, e refírome especialmente a antes da pandemia, porque obviamente o 2020 non é un ano estándar nin que poida servir como representación desta realidade. Pero o certo é que en Galicia a sinistralidade segue a ser comparativamente superior á media estatal por diferentes motivos.

Temos un poboamento moi disperso, coa metade dos núcleos de poboación de España aproximadamente, cando non chegamos ao 6 % da poboación, o cal inflúe en moitos aspectos. Por exemplo, repercute na dispersión do virus dotando a Galicia dunha vantaxe comparativa á hora de frear a dispersión, pero tamén implica unha gran cantidade de estradas secundarias que xeran desprazamentos diarios por motivos laborais ou de ocio, ou médicos, ou de calquera outro tipo. Nunhas estradas que son normalmente e estatisticamente menos seguras que outras principais, ou xa non digamos que as autoestradas. Ademais de que o transporte público é insuficiente e tende a ir a menos, porque xa sabemos que a lexislatura do rural que prometeu o señor Feijóo quedou nunha máis de tantas promesas incumpridas.

E o rural segue a ver como retroceden os seus servizos, entre eles o transporte público, o cal reforza a circulación por esas vías secundarias, o que favorece a sinistralidade.

Ademais, temos como sabemos, unha poboación avellentada, cos peores datos demográficos de España, o cal implica que cada vez hai máis persoas maiores que viven soas e se desprazan soas, factor que tamén contribúe a que haxa máis desprazamentos.

Temos tamén un parque móbil algo máis envellecido que a media estatal, o cal tamén fai que haxa máis accidentes porque se correlaciona coa sinistralidade.

E temos un país cunha xeografía moi complicada, como sabemos, chea de subidas e baixadas e media montaña, como era o caso daquela carretera Lugo-A Fonsagrada que tiña en 65 qui-



lómetros 365 curvas, o cal lle daba o título de carretera máis erótica de Galicia, un erotismo que coído que se vai mitigando co tempo, pero que é inherente á orografía de Galicia. Un país cunha meteoroloxía variable que tampouco axuda a reducir a sinistralidade.

Todos eses factores son dificilmente modificables e non van alterarse por vía de transferencia, a pesar do que poidan pensar algúns, pero si que poden ser tidos en conta dun xeito máis eficaz se as políticas en materia de tráfico e seguridade viaria se achegan ao territorio. E isto sería importante porque cada vida segada nas carreteras é unha vida que se perde absurdamente e que se perde cando podería evitarse esa perda.

E a nosa mocidade en particular ten nos sinistros de tráfico unha das causas principais de morte. No ano 2019 Galicia tivo 127 falecidos na carretera, fronte aos 159 de Madrid, 65 de País Vasco ou 304 de Cataluña. Galicia con 47 falecidos por millón de habitantes, Madrid 23,9 falecidos por millón, 30 falecidos por millón no País Vasco, Asturias 31 falecidos por millón, por poñer simplemente catro exemplos.

Tratar de reducir esa distancia con respecto á media estatal adaptando as nosas políticas públicas nesta materia non é unha cuestión ideolóxica, senón eminentemente práctica, e parece ademais unha meta perfectamente lexítima máis alá da consideración de que Cataluña e País Vasco xestionen esta competencia desde hai aproximadamente tres décadas.

Dicía hai dous anos Xaquín Fernández Leiceaga no debate desta mesma proposición de lei que, como digo, xa se debateu hai dous anos e dous meses, promovida entón polo PSdeG, que o modelo autonómico se movía entre dous perigos: a Escila do centralismo e a Caribdis do independentismo. Nese sentido, nós apostamos por avanzar no modelo autonómico, un modelo que reivindicamos, á vez que cremos na súa perfectibilidade, porque calquera sistema é susceptible de ser perfeccionado. E o federalismo, no cal tamén cremos, non é algo estático, senón dinámico, e cremos no federalismo e cremos que non ten por que haber problemas porque se avance na transferencia de competencias, como máis adiante teremos ocasión de defender neste mesmo Pleno na medida en que presentaremos unha proposición non de lei para que se transfiran, ou se comece o proceso de transferencia a Galicia, de 30 competencias, obviamente un plantexamento moito máis ambicioso que o que nos ocupa neste momento.

Despois de doce anos de gobernos do señor Feijóo, nos que non houbo unha soa nova transferencia para Galicia, o PSdeG propón avanzar non polo camiño do delirio independentista que non leva absolutamente a ningures, senón pola vía da reforma, do avance continuo, da adaptación dun estatuto que data de 1981 e reflicte un mundo que cambiou moito.

Propoñemos que cada instancia do Estado faga o que mellor pode facer, e consideramos que a xestión do tráfico e a seguridade viaria en Galicia pódese facer mellor en Galicia, e por iso imos apoiar esta proposta, por convicción federalista, por coherencia coa nosa propia posición hai dous anos, e xa no ano 2008 tamén, e porque cremos que fronte á parálise e ao inmovilismo hai que tratar de avanzar en todos os ámbitos. Tamén rexeitando o caldo de cultivo fascista do que forman parte as actuacións antidemocráticas de Baltar e Feijóo en Ourense. Fronte á chantaxe de Feijóo e de Baltar, democracia. Rectifique xa, señor Feijóo.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame que responda ás intervencións do señor Bará e do señor Arangüena Smith, ao que teño que recoñecerlle que ninguén fixo máis que vostede por promocionar a Vox nesta Cámara, absolutamente ninguén. Ese é un mérito que xa non lle pode discutir ninguén. Pero, dende logo, dicir que a petición de que se aparte un cargo público dunha determinada responsabilidade é fascismo, en fin, é para que vostedes fagan unha expurga importante no Partido Socialista Obreiro Español. Entre outras cousas foron vostedes os que pediron que se apartara o señor Baltar. ¡Pero como se pode ter unha cara dura tan grande! Sinceramente. Mire, vamos falar de cousas serias, ou polo menos intentalo, ¿verdade? Porque despois de escoitar o que escoitei creo que hai que facer un par de afirmacións.

A primeira: cumpridos 40 anos da aprobación do Estatuto, eu creo que podemos afirmar rotundamente que Galicia alcanzou as máis altas cotas de autogoberno da súa historia. E, como parece haber dúbidas, quero facer unha segunda afirmación, coa mesma rotundidade: afirmo que esa conquista do autogoberno de Galicia nunca se tería alcanzado sen o concurso fundamental da organización que sempre foi merecente da confianza maioritaria das galegas e dos galegos, o Partido Popular de Galicia. Iso é indiscutible, señorías. (*Aplausos.*)

Mire, cando un fala de compromiso medido en transferencias, eu creo que hai que facer algunhas contas.

Presidente Albor: arredor de 75 transferencias, algunhas como ensino, pesca, agricultura, estradas, a creación da CRTVG. O presidente Fraga: 52 transferencias, algunha tan importante como as de sanidade, cando asumimos as competencias do Insalud. Presidente Touriño: 9 transferencias, todas elas valiosas, non serei eu quen o digo. A miña pregunta é: ¿caso o presidente Touriño foi menos autonomista que o presidente Fraga? ¿Ou Fraga foi menos autonomista que Albor ou que González Laxe? Nós creemos simplemente que non, que cada un deles é fillo do seu tempo e da realidade que lle tocou vivir. E parece bastante evidente, parece bastante evidente que canto máis desenvolvido está o noso autogoberno, menos marxe existe para as novas transferencias. E, claro, é que Galicia é a terceira comunidade con máis transferencias, a terceira de todas as que conforman ese país chamado España. Segundo dicía o profesor Santiago Lago na presentación do seu libro a semana pasada, un dos cinco países máis descentralizados do mundo, un dos cinco máis descentralizados do mundo.

O compromiso co autogoberno, señorías, non se mide no número de competencias transferidas, senón na firmeza amosada na defensa dos intereses e institucións de Galicia, porque



ningún proceso de transferencias, e creo que niso estaremos de acordo, pode ser infinito ou ilimitado, pero a defensa do autogoberno non ten máis límite que o compromiso con Galicia. E na defensa da autonomía, o Goberno do presidente Feijóo amosou sempre que a súa prioridade era Galicia, por enriba de siglas, por enriba de partidos, por enriba de calquera interese.

Cando cun Goberno do Partido Popular o informe CORA recomendaba a eliminación de órganos estatutarios, o Goberno de Feijóo apostou por reforzalos, e outorgámoslle competencias en materia de prevención de corrupción ao Consello de Contas, establecemos a posibilidade de consultas ás entidades locais no Consello Consultivo, e case o convertemos nun órgano casacional das entidades locais galegas, e á Valedoría do Pobo asignóuselle o control da transparencia das administracións públicas.

Cando en medio dunha crise económica sen precedentes a esquerda e os nacionalistas recomendaban que cederamos a autonomía a cambio de obter un crédito do Estado a baixos tipos de interese, eliximos que Galicia fora dona das súas decisións namentres outras comunidades eran intervidas polo Estado. Cinco anos pasou algunha comunidade intervida, como a catalá, e moi recentemente levantóuselle esa intervención financeira.

Cando se cuestionan institucións históricas do dereito civil de Galicia e se pretenden eliminar os pactos sucesorios, foi este partido quen defendeu as capacidades normativas que en materia tributaria nos recoñece o Estatuto e a Constitución española. Cando o Parlamento de Galicia aprobou unha norma sanitaria imprescindible para xestionar a pandemia e a pospandemia e que nos foi negada polo Estado a pesar de comprometer a súa aprobación, foi este partido quen decidiu defender a saúde dos galegos e a capacidade normativa desta Cámara.

E nós non negamos a capacidade do Goberno para actuar coas súas prerrogativas, pero páreceme que non é maneira de facelo faltándolle ao respecto e sen diálogo previo e sen manter ningunha conversa de carácter previo cos lexítimos representantes de Galicia. E quen o defendeu foi o Partido Popular de Galicia.

Cando se solicita unha convocatoria da Conferencia de Presidentes para abordar esa incerta pospandemia que temos por diante unha vez que calla o Estado de alarma o próximo 9 de maio, nós o que estamos defendendo é autogoberno, cogobernanza, a participación de Galicia e do resto das comunidades autónomas nas decisións que se teñen que adoptar no Estado.

Pero, claro, nós a cogobernanza entendemos que é iso, a capacidade de autogoberno tida en conta por un Goberno que nos coordina todos. Outros entenden que a cogobernanza é unha especie de *burladero* tras o que agochase cando as cousas se poñen difíciles.

¿Quen está defendendo a industria galega cando se lle castiga? ¿Quen está defendendo Galicia cando se nos discrimina orzamentariamente? ¿Quen é o que levanta a voz? Porque, señorías, hoxe, esta mesma mañá, coñecemos a Sentenza do Tribunal Supremo que falla a favor da Junta de Castilla y León, e condena o Estado a pagarlle a esta comunidade 182 millóns da liquidación do IVE de 2017. Ogallá que máis pronto que tarde se produza unha decisión nese



sentido a favor desta comunidade autónoma. ¿Quen levantou a voz para defendela? ¿E quen calou? ¿E quen non estivo ao lado deste partido para defender os intereses de Galicia? Porque eu teño que dicilo, señorías, en cada ocasión, en cada unha das ocasións na que se cuestionaron os lexítimos dereitos das galegas e dos galegos, este Goberno sempre deu a mesma resposta: Galicia, Galicia, Galicia e sempre máis Galicia. (*Aplausos.*) ¡Iso foi o que dixo sempre o PPdeG!

Señor Bará, señor Bará, vostede dicía «máis Galicia ou máis Madrid»; nós sempre máis Galicia. Os que comparten grupo parlamentario con Máis Madrid, eses son vostedes, vostedes saberán quen son os seus compañeiros de escano (*Risos.*) ¡Vostedes saberán con quen se sentan! Claro, cada un escolle as súas amizades, os de Máis Madrid, iso forma parte do seu grupo de amigos. Entón, cada un saberá onde está.

A realidade, a realidade, señorías —non se poñan nerviosos—, é que, nun contexto de fortes tensións territoriais que vivimos na última década, este partido defendeu os ideais maioritarios que defenden os galegos. E isto é así. Uns ideais que están moi alonxados de tentacións recentralizadoras —que as houbo— e de desvaríos independentistas —que aínda os hai—, e cando se produciron esas tensións nós dixemos: máis Constitución española, máis Estatuto, máis Estado das autonomías.

Cando o contexto cambiou e nos situou nunha pandemia, eliximos defender os intereses da Galicia real, da Galicia real, non da Galicia inventada que outros veñen contarnos aquí. Eliximos máis saúde, máis protección social e máis impulso económico, porque esas son as prioridades dos galegos e das galegas neste momento: saúde, protección social e impulso económico. Pero que quede ben claro, nós non imos ser un impedimento para reivindicar unha competencia, neste caso a de tráfico, que creemos que esta comunidade está perfectamente preparada para asumir. Do mesmo xeito que non o impedimos durante a lexislatura pasada, aínda que non chegase a concretarse. Nin o impedimos no ano 2010, porque quen o escoite a vostede, señor Bará, parece que a responsabilidade de que o Congreso non aprobara isto foi de quen resulta que se abstivo, e hai que coñecer as intrahistorias, saber por que se abstivo e quen lle pediu que se abstivese. En todo caso, quen votou en contra, quen atacou, segundo vostede, frontalmente as competencias de Galicia e do seu autogoberno é o mesmo partido co que vostedes pactan e gobernan en todas e cada unha das institucións nas que teñen oportunidade. Home, un pouquiño de decoro, tamén llo digo.

Eu, en todo caso, teño que dicirlle que Galicia non vai renunciar a maiores cotas de autogoberno e vaino exercer, dende a lealdade ás institucións, ás galegas e ás españolas. E eu o que espero é que a partir de agora atopemos a actitude leal que faltou, por exemplo, durante a investidura cando non se dubidou en mercadear entre partidos o que só deberían e poderían acordar as institucións. Porque, señor Bará, vostede hoxe vén aquí, se me permite, dixo vostede abriu camiño o BNG. Non, non, non; ao BNG o que pasa é que lle tomaron o pelo. Eu teño aquí o acordo PSOE-BNG, o acordo PSOE-BNG, non sei se vostede recorda o primeiro punto. ¿Quere saber? ¿Dígollo? —Léoo en castelán porque estaba así, eh—. «*Avanzar en el refuerzo de la capacidad de decisión del autogobierno gallego mediante propuesta de convocatoria de la Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia. Primer trimestre de 2020*». Non sei se o vicepresidente recibiu algunha chamada. Non sei se lle tiña que chamar a señora



Lastra ou a señora Pontón. Non sei se vostedes teñen algunha información disto, non sei que pantomima se traen entre mans cando veñen aquí dicir que abriron..., nun papel que deixa negro sobre branco que a vostedes os enganaron, lles tomaron o pelo e o fixeron os mesmos cos que gobernan en todas e cada unha das institucións nas que teñen oportunidade (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...así que, señor Bará, señor Bará, eu xa lle advirto e xa lle anuncio que imos estar sempre ao lado de quen pida máis autogoberno para Galicia mentres se faga de maneira sensata, e estou convencido ou polo menos espero que recibamos a lealdade que non recibimos ata agora, e que os mesmos que tomaron o pelo de maneira fragante ao BNG non pretendan tomarlle agora o pelo aos representantes lexítimos de todos os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, grupo autor da proposición de lei, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Mire, señor Arangüena, xa llo expliquei na anterior intervención, pero vostede non quixo escoitar, polo que se ve. Vostedes o que problema que teñen é que teñen memoria selectiva. Vostede quedou en 2019, pero eu xa lle dixen que, se estamos debatendo isto aquí non é polo que pasou en 2019, é polo que pasou en 2010 cando vostedes vetaron no Parlamento central a aprobación desta proposición de lei (*Aplausos.*) Foron vostedes. Podíamos levar 10 anos con esta transferencia se o Partido Socialista, que supoño que é o seu partido, non a vetara en Madrid. É que a historia non se empeza a contar desde 2019, empézase a contar antes, todos os antecedentes que ten este proxecto de lei, porque o que presentaron vostedes en 2019 é letra por letra, palabra por palabra o mesmo de 2008 que presentara o BNG. ¡De que estamos a falar! ¡De que estamos a falar!

Mire, señor Pazos, o problema é que para vostedes o Estatuto é un teito e para o BNG é un chan; para vostedes é un punto de chegada e para nós en todo caso é un punto de partida. E din vostedes que grazas ao Estatuto do 1981 desfrutamos do mellor nivel de autogoberno de toda a historia. ¿E sabe por que é iso? ¿Sabe por que é iso? Iso é porque no ano 1936 houbo un golpe de Estado (*Aplausos.*) que aniquilou a xeración máis importante, máis grandiosa da historia deste país, e ese golpe de Estado, que xa sabemos quen o deu, impediu a tramitación e o desenvolvemento do Estatuto e do autogoberno, e por iso houbo 40 anos de ditadura terrorífica neste país.

E o BNG recolle aquela semente, porque como dicía Castelao non enterraron cadáveres, enterraron semente, e seguimos defendendo aqueles ideais. E por iso tamén lle dicimos aquí



neste Parlamento, xa que están varios membros do Goberno, que actúen xa para evitar un novo saqueo en Meirás. Non se pode consentir que os Franco volvan roubar o que é patrimonio público, e teñen instrumentos. A Xunta de Galiza dende logo, o Estado tamén, pero a Xunta de Galiza polas competencias que ten en materia de patrimonio histórico e por ser Meirás un BIC, para impedir ese saqueo. Porque o BIC protexe todo o conxunto, non só as pedras, non só os edificios.

E, miren, está claro que temos diferenzas sobre o Estatuto, non fai falta abrir de novo este debate, pero en todo caso o BNG non renuncia ás súas lexítimas aspiracións. Non nos chega ese Estatuto, que foi feito como un traxe xa que quedou pequeno no ano 1981. Porque cambiaron moito as cousas, porque hai unha maioría deste país que non puido participar nin votar nese Estatuto, máis de 1,5 millóns de persoas non puidemos votar ese Estatuto. E porque ademais hai dereitos que debemos exercer, que podemos exercer porque son dereitos que teñen os pobos e son dereitos que están recollidos nos tratados internacionais, e non imos renunciar a eles.

Pero agora estamos falando de dar pasos concretos, de dar pasos adiante, de mellorar, de ampliar o autogoberno, de chegar ao teito competencial, de equipararnos a Cataluña e a Euskadi, que é precisamente o que di o acordo que tomamos aquí o 23 de xaneiro de 2019, que vostedes despois desdixéronse del, para que Galiza conseguise todas as competencias que xa tiñan asumidas outros territorios, outras comunidades, e tamén o acordo de Goberno, señor Pazos. Efectivamente, avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego mediante a proposta da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza no primeiro trimestre de 2020. Efectivamente, houbo polo medio unha pandemia, non llo teño que explicar, para programar durante a presente lexislatura —isto é importante e vostede non o leu— a activación da transferencia da totalidade das competencias pendentes recollidas no Estatuto de autonomía de Galiza, así como das competencias que foron obxecto de consenso no Parlamento galego.

Este é o acordo. Este é o acordo. *(Murmurios.)* E, se quere, ata temos que convocarlle nós a Comisión Mixta, ¿pero para que están vostedes no Goberno? Pidan vostedes a convocatoria *(Aplausos.)* Puideron pedila hai moito tempo, pedírona agora, pedírona agora, o outro día, o outro día, pedírona agora, despois de doce anos, señor Rueda, que levan doce anos gobernando e non a pediron, non pediron ningunha competencia. Así que... *(O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, vostedes, si, non a pediron. *(Murmurios.)*

Señor presidente, defenda aquí... *(Murmurios.)* estanme dicindo ¡que cara!, e cara, cara dura téñena outros. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non entremos en intercambios impropios dun Parlamento.

Por favor, silencio.

O señor BARÁ TORRES: É que é así, vostedes non pediron a convocatoria.

Nós puxémosllelo en bandexa, centrámoslles o balón, xa estaban diante da portería, só tiñan que rematar e nin iso son capaces. ¿Que queren? ¿Que lles convoquemos nós?, ¿que vaiamos



nós? (Aplausos.) Se non saben gobernar, imos nós, gobernamos nós, (Aplausos.) pero así non. (Aplausos.)

Mire, neste momento xa nos tomou a dianteira Navarra (Nafarroa), xa está negociando a transferencia de Tráfico, xa ten policía propia. E nós non a temos porque vostedes e o Partido Socialista puxéronse de acordo no seu momento para vetar esta transferencia no ano 2010. Pero pensamos que agora se dan unhas novas circunstancias, que é o momento de Galiza. Esperamos que este acordo de hoxe sexa o punto de partida para avanzar de verdade, para conseguir ese teito competencial e para seguir, a partir de aí, avanzando para que Galiza teña todo aquilo que merece como nación que é.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Procedemos á votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Votación da toma en consideración da proposición de lei orgánica

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; abstencións, 40.

O resultado da votación é positivo, polo que se toma en consideración e continuará a súa tramitación parlamentaria.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: E agora voules ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, que chegaron a un acordo onte á tarde, e que di o seguinte —é sobre a morte de Diego Bello, cidadán coruñés, en Filipinas—:

<<O 8 de xaneiro do pasado ano 2020 o mozo coruñés Diego Bello Lafuente falecía na illa filipina de Siargao debido aos disparos que efectuaron contra el membros da Policía Nacional filipina, corpo de seguridade da República de Filipinas.

Diego levaba vivindo en Siargao desde había dous anos, tempo no que emprendeu unha experiencia empresarial que comezou cunha pensión para mochileiros e continuou coa apertura dunha tenda de roupa e máis tarde un restaurante de comida española, todos eles negocios montados por Diego en asociación con cidadáns filipinos, tal como exige a lei naquel país, e tamén con varios socios españois.



Segundo a versión oficial da Policía filipina, Diego era un dos maiores narcotraficantes da rexión, e a policía matouno logo de intentar detelo diante da súa casa á 1 da madrugada cando volvía de atender os seus negocios. A Policía pretendía detelo logo de que axentes de paisano intentasen comprarlle unha pequena cantidade de droga. Segundo a versión policial, Diego sacou unha pistola cando se decatou de que eran policías e os policías víronse obrigados a defenderse, acabando coa vida de Diego.

Este relato da Policía é a única información que se deu a coñecer do acontecido, xa que ningunha instancia xudicial interveu na operación, nin existía ningún expediente administrativo que dese fe do afirmado pola Policía. O Goberno español solicitou a Filipinas que se investigasen as circunstancias e as informacións dadas polo xefe de Policía que autorizou a operación, pero logo de máis dun ano o Goberno filipino segue negándose a realizar tal investigación a pesar de ter aceptado nun primeiro momento levar a cabo as pescudas tanto desde instancias xudiciais como gubernamentais.

O único organismo que levou a cabo un informe sobre a morte de Diego foi a Comisión de dereitos humanos de Filipinas, órgano de rango constitucional na República Filipina, que no mes de agosto do pasado ano e logo de viaxar ata o lugar dos feitos e de entrevistar policías, testemuñas e socios e traballadores de Diego, chega á conclusión de que a morte de Diego a mans da Policía foi un asasinato e que a escusa da defensa propia que alega a Policía queda deslexitimada polos resultados das autopsias que lle practicaron a Diego tanto en Manila como en Madrid, e polas probas gráficas e as afirmacións das testemuñas, destacando tamén que a Policía non foi quen de presentar unha soa proba da relación de Diego co narcotráfico.

En novembro de 2020 a Comisión de Asuntos Exteriores do Congreso dos Deputados de España aprobou pola unanimidade de todos os grupos asistentes unha Proposición non de lei na que se pide ao Goberno español que pida ás autoridades filipinas que leven a cabo as investigacións necesarias para determinar o sucedido e que eviten a fuga de autores da morte de Diego.

Ata o momento as peticións españolas foron ignoradas polo Goberno filipino. Un Goberno que leva sendo denunciado tanto pola ONU como pola Unión Europea por ter levado a cabo máis de 20.000 execucións extraxudiciais nos últimos cinco anos co pretexto da guerra contra as drogas e que está servindo para eliminar tanto inimigos políticos como defensores de dereitos humanos en Filipinas.

Por todo o devandito, o Pleno do Parlamento de Galicia aproba por unanimidade a seguinte declaración institucional:

- 1. Expresar a súa repulsa polo asasinato de Diego Bello e a súa solidariedade e apoio á familia.*
- 2. Demandar do Goberno do Estado que exerza cantas accións políticas, diplomáticas e xudiciais sexan necesarias para exixir o total esclarecemento dos feitos que rodearon a morte de Diego, e a depuración ata as últimas consecuencias de cantas responsabilidades houber e tamén a restauración do dereito á honra de Diego Bello.*
- 3. Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Asuntos Exteriores de España e tamén á Embaixada da República Filipina en España.>>*

Moitas grazas.



Esta é a declaración. (*Aplausos.*)

(*Aprobada por asentimento.*)

Continuamos coa orde do día. Punto 2, é o de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2020 e do gasto ocasionado pola pandemia da covid-19.

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Espérate, que se tranquilice isto. (*Pausa.*)

Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe por petición propia para informar a Cámara sobre o avance do resultado do peche do ano 2020 do gasto ocasionado pola pandemia nese exercicio. Nun momento de pandemia na que existen incertezas considero que é bo render contas sobre a mesma e sobre o seu impacto orzamentario nun exercicio responsable da nosa xestión como Goberno para utilidade da cidadanía. E o primeiro que temos que ter en conta é que o ano 2020 foi un ano excepcional, precisamente por mor da pandemia, o que nos obrigou a tomar medidas orzamentarias excepcionais.

Explicareilles, en primeiro lugar, como reaccionamos dende o punto de vista orzamentario para acometer unha situación tan excepcional e, a continuación, como pechamos o exercicio.

Señorías, como Goberno galego desde o primeiro momento tivemos claro que a prioridade sería tripla: sanitaria, económica e social. Obviamente, a primeira prioridade foi a sanitaria, pero dentro das nosas posibilidades quixemos reaccionar orzamentariamente con axilidade para atender tamén as necesidades económicas e sociais que ía producindo a pandemia. ¿Que foi o primeiro que fixemos desde o punto de vista orzamentario?

Lembrarán vostedes — porque xa tiven a ocasión de comentalo neste mesmo Pleno hai agora un ano — que de maneira inmediata, cando tivemos a emerxencia sanitaria, no mes de marzo aprobamos un Plan de tesouraría, dotado con 1.800 millóns de euros, para dotarnos de liquidez co fin de axudar as familias e as empresas galegas nun momento en que sufriron unha caída abrupta dos seus ingresos. Para iso activamos un plan específico para dotar de liquidez a Tesouraría para axilizar os pagamentos de facturas a todos os provedores que traballan coa Administración galega. A prioridade foi garantir os pagamentos de gastos de funcionamento extraordinario e derivados das actuacións contra a covid.



Neste plan de liquidez, como Administración quixemos dar exemplo e para iso propuxémos un obxectivo moi ambicioso, reducir de maneira inmediata o tempo medio de pago ao contorno de 15 días, e conseguímo, pois xa no mes de marzo de 2020 o tempo medio de pago a provedores reduciuse ata os 14,5 días. E, como logo veremos, mantivemos Galicia á cabeza de axilidade no pagamento durante todo o ano.

Igualmente, de maneira tamén inmediata, decidimos suspender os prazos das autoliquidacións dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e dos impostos de sucesións e doazóns, e dos tributos do xogo. Pensamos que cunha caída de ingresos tan extraordinaria, como Administración autonómica tiñamos a responsabilidade —eu diría que ata a obriga— de proporcionarlle á cidadanía facilidades para cumprir as súas obrigas, e optamos por diferir os pagamentos tributarios.

Nun primeiro momento mantivemos esta suspensión ata o 30 de xuño; e, posteriormente, decidimos ampliala ata o primeiro de novembro. Coido que foi unha medida necesaria e que tivo boa acollida por parte dos contribuíntes, como logo tamén detallarei. Ademais, creamos un fondo covid galego con fondos propios para poder financiar os primeiros gastos adicionais vinculados á pandemia no Servizo Galego de Saúde e nos servizos sociais. ¿Como actuamos orzamentariamente para conseguir este fondo covid galego? Reprogramando gastos por 100 millóns de euros procedentes de partidas dos capítulos II e IV do orzamento corrente polo menor gasto no que se incorreu en certas partidas por mor da crise sanitaria.

Tamén reactivamos de maneira inmediata, xa na primeira semana de abril, as obras en execución suspendidas polo primeiro estado de alarma, considerando como esenciais máis de 100 obras en proceso de licitación, ademais de dar continuidade aos procedementos de contratación de servizos e subvencións convocados con anterioridade.

Señorías, unha vez reaccionado con axilidade e postas as medidas orzamentarias imprescindibles, traballamos nun plan de reactivación e dinamización máis amplo e na liña recomendada polo Comité de Expertos Económicos, aos que de novo quero agradecerlles o seu traballo.

Este plan permitiu mobilizar máis de 3.000 millóns de euros. Deles, máis de 1.700 millóns foron recursos públicos e algo máis de 1.300, mobilización de recursos, sobre todo privados. ¿Que guiou o deseño de todas estas actuacións inmediatas? Achegar liquidez, pagar de maneira áxil, crear un fondo específico, reactivar a actividade económica, suspender os prazos tributarios ou aprobar o Plan de mobilización deses 3.000 millóns de euros. Todas estas medidas tiveron un nexo común, a firme decisión do Goberno galego en todo momento de asumir o gasto que fose preciso para responder a tres prioridades: combater a pandemia, atender as necesidades de familias e pemes, e reactivar todo o posible a economía.

Señorías, ata aquí un sucinto resumo das principais medidas orzamentarias que tivemos que acometer de maneira áxil e coordinada para afrontar un exercicio excepcional. Vexamos agora cal foi o resultado desta política orzamentaria no peche do exercicio e que gastos ocasionou a pandemia.



Unha vez pechado o exercicio orzamentario do ano 2020, a principal conclusión é que o gasto extraordinario da Xunta de Galicia por mor da pandemia foi de 629 millóns de euros. Un gasto moi importante para a Administración autonómica, pois o Goberno galego tivo que facer un esforzo adicional de 90 millóns de euros. Un esforzo adicional que tiveron que facer en último termo todos os galegos e todas as galegas, porque tivemos que gastar 90 millóns de euros por riba dos recursos recibidos. E tivemos que facer este esforzo adicional porque, como logo agardo poder expoñer, os recursos que o Goberno central repartiu foron insuficientes para os gastos que tiñamos que afrontar. Desde aquel momento lamentablemente Galicia está a saír penalizada na maior parte das reparticións.

Centrándonos nos 629 millóns de euros de gastos que orixinou a pandemia no ano 2020, a meirande parte, en concreto 270,3 millóns de euros, destinámoslos a sanidade. Unha cantidade tamén moi importante, 115,8 millóns de euros, a educación. Outros 70,2 millóns de euros a políticas sociais e 53,7 millóns de euros a emprego. Señorías, Galicia fixo un esforzo excepcional nun ano extraordinario.

E desde o Goberno galego fixemos todo o posible para que este esforzo colectivo, coa nosa estabilidade e exercendo o noso autogoberno, tivese os maiores beneficios para os cidadáns. ¿E cal foi o resultado? Que Galicia nun ano excepcional mantivo as súas fortalezas habituais. Vaíamos unha a unha.

Un punto moi importante, por ser un ano excepcional no que houbo moitas necesidades e, por tanto, moitos gastos para poder atendelas, foi que puidemos manter o gasto de maior calidade e, sobre todo, no que crear riqueza, é dicir, o investimento.

Galicia en 2020 liderou o esforzo investidor en toda España; encabezamos, pois, o gasto que crea riqueza. Fomos a comunidade con maior peso dos investimentos sobre o total do gasto non financeiro, co 13,5 %, practicamente o dobre que a media, que se situou no 7,2 %.

Señorías, levamos moitos anos estando entre as primeiras comunidades en esforzo investidor, pero nun ano tan complicado como o pasado Galicia logrou colocarse á cabeza de España.

Investimos algo máis de 1.400 millóns de euros, un 18 % máis que o ano anterior, e 655 millóns de euros máis se o fixeramos na mesma porcentaxe que a media das comunidades autónomas. Reitero, liderar o esforzo investidor no ano da pandemia é xerar riqueza para as empresas e para as familias galegas.

Ademais, como xa dixen, non só investimos o máximo posible, senón que pagamos o máis axiña posible. De feito, a Xunta de Galicia tamén foi en 2020, un ano máis, a Administración autonómica máis áxil de España no pagamento aos seus provedores. En 2020 Galicia pagou nunha media de 18,7 días aos seus máis de 14.800 provedores. Son 16,8 días menos que a media de España, ou o que é o mesmo, Galicia pagou de media as súas facturas na metade do tempo que o conxunto das comunidades autónomas.

Señorías, pagar de maneira áxil é sempre moi importante, pero moito máis nun ano como foi 2020, con moitas dificultades de liquidez para as empresas.



Coido que, citando datos concretos, enténdese mellor. O pasado ano, como dicía, foron máis de 14.800 provedores os que recibiron pagamentos da Xunta. Deles, 4.956 foron autónomos; 6.898, sociedades de responsabilidade limitada; 1.189, sociedades anónimas; 717, asociacións; 350 UTE; e 4 colexios de farmacéuticos que agrupan máis de 1.300 oficinas. O importe pagado acadou os 3.380 millóns de euros nun total de 606.827 facturas.

¿En que se traducen estas cifras? En que a Xunta de Galicia é o maior comprador de bens e servizos e, ao mesmo tempo, o maior cliente de Galicia. E desde o Goberno galego temos o compromiso de ser o mellor cliente entre as administracións de España. ¿E cal é o mellor cliente? O que paga antes. ¿Por que isto é tan importante? Porque desta maneira non penalizamos familias e empresas e, ao pagarlles antes, permitímoslle seguir funcionando.

Señorías, nun ano tan excepcional como o 2020 desde a Xunta de Galicia quixemos reforzar a utilidade de ter un orzamento en vigor dende o primeiro día do ano, reforzar pois a nosa política útil.

Moitas veces falei da importancia da estabilidade para poder tomar decisións en favor dos galegos e galegas e para exercer de maneira plena o noso autogoberno.

Esta estabilidade é que nos permitiu, investindo todo o posible e pagando antes que ninguén, gastar todo o necesario controlando o déficit e a débeda.

Comezando polo déficit público, quero salientar que en 2020, ano no que se suspenderon as regras fiscais, Galicia pechou o ano cun déficit do 0,1% do PIB. E a razón de presentar este resultado orzamentario reside en que o Goberno galego optou por ser responsable. Gastamos todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia sen deixar de investir nin un euro dispoñible e por iso Galicia non tivo superávit, como si tiveron 8 comunidades autónomas.

E, ao mesmo tempo, controlamos o déficit como se non se suspendesen as regras fiscais, xa que, controlando o déficit, controlamos a débeda, que, non debemos esquecer, xera gastos financeiros que hai que ir devolvendo.

O máis relevante é que, mantendo un déficit público do 0,1%, Galicia pechou o ano 2020 cun diferencial de débeda coa media autonómica do 7,2% respecto do PIB, o máximo da serie histórica segundo os datos publicados polo Banco de España.

Galicia é a terceira comunidade autónoma de réxime común con menor endebedamento de toda España, o 19,9% da ratio débeda PIB, por un 27,1% de media autonómica.

Os datos do Banco de España indican que a débeda de Galicia é o 3,8% do total, obviamente moi por debaixo da porcentaxe de PIB e tamén de poboación. De feito, Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento do volume de débeda dende o ano 2008. E isto tradúcese en beneficios para os cidadáns, xa que cada galego e cada galega deben 2.160 euros menos que a media de cidadáns do resto de comunidades autónomas.



Señorías, no Goberno pensamos que a débeda non é a solución, xa que as solucións de onte son os problemas de hoxe, e as solucións de hoxe son os problemas de mañá, citando a Peter Drucker. E por iso esta política de endebedamento responsable é moi útil para os galegos e as galegas. E nesta ocasión cun engadido: a redución da ratio de endebedamento levada a cabo nos últimos anos sitúa Galicia nunha mellor posición financeira para responder ás exixencias económicas derivadas dos efectos negativos do coronavirus e, en consecuencia, poder seguir combatendo os efectos sanitarios da pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades tanto de familias como de pemes e autónomos.

Antes de finalizar este balance, quixera facer mención tamén aos resultados obtidos coa suspensión do pagamento dos impostos autonómicos que, como xa dixen, estivo vixente desde o 14 de marzo ata o primeiro de novembro de 2020. E modestamente reitero que foi unha boa decisión, pois as cifras constatan que 1 de cada 5 contribuíntes se beneficiaron deste adiamento segundo os datos que nos facilita a Axencia Tributaria de Galicia.

En concreto beneficiáronse 43.125 familias. A maiores, a Atriga concedeu o ano pasado un total 2.003 aprazamentos por importe de 12,9 millóns de euros.

Xunto coas facilidades para pagar impostos ata o 2020 máis de 580.000 familias galegas beneficiáronse das rebaixas de impostos aplicadas por este Goberno desde o ano 2016. Ademais, quixemos, na medida en que nolo permitiu a pandemia, prestar o mellor servizo aos cidadáns e, unha vez que se levantou o confinamento da pasada primavera, desde a Atriga fixemos un esforzo para poder tamén recibir presencialmente e con todo tipo de garantías as persoas que así o necesitasen e o demandaban.

Programamos algo máis de 54.000 citas presenciais desde o 18 de maio ata o 31 de decembro. Compatible con este esforzo presencial é o incremento da actividade ano a ano da Oficina Virtual, como o demostra que o pagamento telemático das obrigas tributarias vai gañando peso.

En 2020 foron telemáticas o 72,1% das declaracións sobre vehículos, o 40,2% das declaracións sobre o imposto de transmisións; e, nos casos de sucesións e doazóns, o 19,2% e o 14,7% respectivamente, que, se ben poden parecer porcentaxes baixas, practicamente multiplican por 6 e por 4 en relación ás que tiveron no exercicio precedente.

Por outra banda, quero salientar a colaboración e a responsabilidade dos cidadáns. O 96% das autoliquidacións do imposto de sucesións e doazóns foron correctas, o 93% das autoliquidacións do imposto de transmisións patrimoniais foron correctas; o 98,1% dos galegos e das galegas aplicaron correctamente os beneficios fiscais. E a Atriga deu a súa conformidade a 7 de cada 10 das máis de 592.000 valoracións de bens presentadas o ano pasado. Os galegos, pois, somos responsables e cumprimos as nosas obrigas.

Señorías, para Galicia é moi importante que no ano máis difícil en décadas a comunidade autónoma liderase o esforzo investidor, o pago a provedores, controlase o déficit e mantivese o maior diferencial da historia na ratio débeda-PIB, ao tempo que se suspendeu ata o primeiro de novembro o pagamento de tributos autonómicos.



Estamos, pois, ante un peche de exercicio orzamentario serio, solvente e rigoroso.

Quero informalos de que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, a AIREF, acaba de facer por primeira vez un estudo sobre a transparencia orzamentaria, que se fixo público a pasada semana, e que quero amosar a satisfacción polo feito de que Galicia o encabece. Este recoñecemento é unha boa noticia para Galicia. Neste senso, salienta que Galicia presenta o orzamento ao poder lexislativo dous meses antes do inicio do seguinte exercicio e se aproba e publica antes de que se inicie. Tamén resalta que na lexislación orzamentaria se atopa claramente definido o calendario para a preparación e aprobación do orzamento; se establecen os principais requisitos de contido, especificándose tanto a estrutura como a documentación anexa con axentes incluídos no mesmo; e se atopan reguladas as facultades do poder lexislativo para poder realizar emendas ao orzamento. A estabilidade, pois, favorece a boa disciplina orzamentaria.

Outro aspecto que valora a AIREF é que as proxeccións orzamentarias se basean en prognósticos macroeconómicos integrais, que se divulgan e se explican. Ademais, subliña que un dos puntos que diferencia Galicia das demais comunidades autónomas é a medición dos resultados conseguidos nos obxectivos marcados no orzamento, o que nos permite obter unha información moi valiosa para coñecer os logros.

Señorías, estamos nun momento moi importante, no que aínda teremos que combater a pandemia, pero no que tamén estamos obrigados a reactivar a economía e a protexer empresas e familias. Unha peza fundamental serán os recursos procedentes da Unión Europea, que son unha oportunidade se realmente o Goberno central conta coas comunidades autónomas e permite o acceso a estes en igualdade de condicións.

Ata o momento, estamos a ter de todo menos cogobernanza. O Goberno de España, que ten a responsabilidade da repartición destes recursos, está actuando como se as comunidades autónomas fósamos unha sucursal, unha subcontrata ou un medio propio do Estado. Neste senso, lamento que o Goberno central leve moitos meses prexudicando Galicia na repartición de cantos fondos se habilitan para a loita contra a pandemia. Por iso, non nos gustaría que o Goberno de España tivese a mesma discrecionalidade coa repartición dos fondos do Plan nacional de recuperación, transición e resiliencia que a que leva tendo dende o inicio da pandemia. Pero, lamentablemente, do observado nas primeiras reunións mantidas non podemos ser optimistas. É necesario unha saída cohesionada desta crise, tanto de persoas como de territorios e, desgraciadamente, a día de hoxe non se aprecia nin nos criterios de repartición nin na priorización de políticas de gasto como se vai conquistar esa saída cohesionada.

Creo que cun exemplo se me entenderá mellor. No día de hoxe, aínda non contamos cunha programación a tres anos por políticas de gasto dos recursos que se agarda asignar á xestión das comunidades autónomas. E esta situación ten consecuencias, pois a incerteza sobre os recursos anualizados e sobre os criterios de asignación imposibilita a programación por parte das comunidades autónomas.

O que ninguén pode discutir xa a estas alturas é que a pandemia está tendo un impacto moi importante nas finanzas de todas as comunidades autónomas, pero non todas as comunidades autónomas están sendo tratadas por igual.



Todos somos coñecedores de que as comunidades autónomas reciben o groso dos seus ingresos do sistema do financiamento autonómico. Por mor da pandemia, o Goberno central complementa este financiamento cunha serie de fondos extraordinarios para compensar os gastos extraordinarios e a minoración de ingresos. Levamos meses denunciando que na asignación destes recursos o Goberno central está empregando criterios cambiantes e cada vez máis afastados dos referidos ao propio sistema de financiamento autonómico. O resultado dos últimos meses, en canto a financiamento das comunidades autónomas asociadas á covid caracterízase por sucesivas roldas de financiamento que se substancian sen debate no Consello de Política Fiscal e Financeira. Reunións nas que non se explica o porqué das contías que se reparten e que se fan sen estimar *a priori* cal é o montante global adicional que se precisa e, ademais, con criterios cambiantes non sempre equitativos.

¿Por que desde Galicia non podemos aceptar esta discriminación?

Señorías, Galicia non pode aceptar estas reparticións discrecionais, pois a importancia da distribución dos novos fondos radica en que para este ano 2021 superan o 17% dos recursos totais vía ingreso non financeiro para as comunidades autónomas. O resultado deste errático proceder é que os recursos extraordinarios están alterando a ordinalidade que deseña o sistema de financiamento autonómico, baseado en criterios consensuados no Consello de Política Fiscal e Financeira. E estanse a substituír por outros definidos discrecionalmente pola Administración xeral do Estado sen posibilidade ningunha de alegación.

Por este motivo, están recibindo máis recursos aquelas comunidades autónomas que teñen maior renda per cápita, e menos as que dispoñen dunha menor renda per cápita, ao contrario do criterio que se segue na Unión Europea. Por tanto, non só desde o punto de vista da coherencia do sistema de financiamento en vigor, senón pola repartición que supón, consideramos que o resultado non favorece unha recuperación cohesionada do *shock* pandémico. Polo contrario, aumentará a fenda entre as rexións máis dinámicas e as rexións en converxencia.

E, no caso da nosa comunidade autónoma, esta discriminación ten unha cifra, pois, de aplicar os criterios vinculados ao sistema de financiamento autonómico, Galicia tería que ter recibido a día de hoxe 660 millóns máis dos que levamos percibidos cos diferentes e cambiantes criterios asignados.

Existen múltiples exemplos de penalización a Galicia, pero algún vai ata os extremos. ¿Párecelles razoable que Galicia reciba tan só o 2,5% do total dos recursos adicados ao Plan de saneamento e depuración de augas? ¿Párecelles razoable que Galicia perciba tan só o 3,6% dos recursos previstos para rehabilitación de vivenda?

Señorías, esta discrecionalidade non pode continuar, e pido o apoio de todos os grupos parlamentarios da Cámara para demandar que nos recursos vinculados ao Plan nacional de recuperación, transición e resiliencia se corrixa esta discriminación con Galicia. Por tanto, e resumindo, a Xunta de Galicia nun ano excepcional pola pandemia, como foi o 2020, tomou medidas excepcionais e de maneira inmediata, un Plan de tesouraría para achegar liquidez, unha estratexia para axilizar os pagamentos aos provedores, un fondo covid-19 e un Plan de reactivación e dinamización económica para mobilizar 3.000 millóns de euros.



Nun ano excepcional e cheo de necesidades, o gasto extraordinario foi de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional da Xunta de 90 millóns de euros.

En Galicia lideramos o esforzo investidor, en Galicia pagamos antes que ningunha outra comunidade autónoma e na metade de tempo que a media. En Galicia gastamos todo o necesario para atender a pandemia sen deixar de investir nin un só euro. Por iso, nun ano excepcional, Galicia optou por non ter superávit, como tiveron oito comunidades autónomas, e mantivo o seu déficit controlado no 0,1%, que nos permite manter o maior diferencial de débeda PIB da serie histórica.

E nun ano excepcional un de cada cinco fogares galegos, máis de 43.000, beneficiáronse da suspensión de impostos autonómicos ata o primeiro de novembro. Un peche de exercicio dun ano excepcional no que Galicia mantivo as súas fortalezas habituais, para estar en disposición neste ano 2021 de seguir combatendo a pandemia, de favorecer a reactivación económica e de atender tanto a familias como a empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Por parte dos grupos parlamentarios, comezamos polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia coa señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados; bo día, señor conselleiro.

Quero comezar a miña intervención manifestando o noso total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do Partido Popular, que quere expulsar da política o candidato que gañou as eleccións municipais en Ourense, Rafael Villarino. Fronte á chantaxe de Feijóo e Baltar, fóra caciquismo e respecto pola democracia. (*Aplausos.*)

Tamén quero recordar hoxe nesta intervención as 2.384 persoas falecidas en Galicia como consecuencia da covid. Trasladarlles ás súas familias e a todas as persoas que padeceron e que están padecendo esa enfermidade o noso máis sincero afecto.

Hoxe, señor conselleiro, vostede vén aquí a este Pleno do Parlamento de Galicia para gabarse do marabillosamente ben que xestionou o Goberno galego a pandemia da covid-19 durante o ano 2020. Vén falarnos dun informe sobre o peche do exercicio e do gasto extraordinario ocasionado pola covid-19 no ano 2020. Un informe do que os grupos parlamentarios da oposición só coñecemos a través desa información que colgan na páxina web, na que se titula «Informe aos medios» unha vez que remata o Consello da Xunta de Galicia. E tamén nos fai referencia aos datos da Atriga, dos que os grupos da oposición tampouco temos coñecemento, ou polo menos dende logo na páxina web da Atriga non está colgado o informe da actividade anual correspondente ao exercicio 2020. A verdade é que nos parece cando menos curioso.



Pero fíxese, señor conselleiro, unha vez máis a publicidade e a propaganda e a falla de transparencia son as dúas características máis salientables da forma de gobernar a Xunta de Galicia do presidente Feijóo e do seu equipo de Goberno.

¿Cales son as razóns polas que non se nos achega ese informe aos grupos parlamentarios para poder debater con todos os datos? Aos socialistas parécenos que isto non é serio, señor conselleiro. Vostede non goberna a súa casa, nin sequera o seu negocio, esta non é unha comunidade de propietarios. Vostedes son un Goberno dunha comunidade autónoma e teñen que estar á altura das responsabilidades que ostentan. Polo tanto, isto non é serio, vir aquí sen ter eses informes, simplemente unha nota de prensa. *(Aplausos.)*

Vostede vén hoxe aquí falarnos do estupendos que son, vén contarnos un conto deses aos que nos ten acostumados este Goberno. Vén dicirnos que o Goberno galego gastou todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia, e ao mesmo tempo controlou o déficit e a débeda. Pois, mire, señor conselleiro, eu voulle demostrar unha vez máis que a Xunta de Galicia non estivo á altura da situación, que vostedes estiveron, coma sempre, máis preocupados por cadrar as contas que por atender as persoas, e voulle desmentir con datos esas afirmacións.

Señor Martínez, nesa nota do informe fantasma que só coñece o Consello da Xunta, inexistente para a cidadanía e para os grupos parlamentarios, polo menos os grupos da oposición —non sei se os grupos que respaldan o Goberno teñen ese informe—, pois vostede manifesta que a Xunta de Galicia tivo un gasto extraordinario ocasionado pola pandemia da covid-19 de 629 millóns de euros. E ademais debulla: 270,3 millóns en sanidade, 115,8 millóns en educación, 70,2 en reforzo das políticas sociais e 53,7 millóns en emprego.

Pois ben, a primeira das miñas preguntas é: ¿e os outros 119 millóns de euros, en que os gastaron? Porque, se fai as contas, se suma e resta, evidentemente o que vostede debulla non suma 629 millóns de euros. Non sei por que lle dá a risa, ao mellor se tiveramos o informe, a min tampouco me daba a risa, pero así o que me dá é... bueno, vouno gardar, en fin.

Vostede vén hoxe aquí a explicarnos que a Xunta de Galicia gastou eses 629 millóns de euros, pero a verdade é que na súa intervención pouco tempo lle adicou á orixe deses recursos. E os socialistas ímoslle refrescar un pouco a memoria, señor conselleiro. Vostede sabe que eses recursos viñeron porque o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, despregou inmediatamente despois da declaración do estado de alarma unha serie de medidas para que as comunidades autónomas puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e no educativo, e tamén para que proporcionasen axudas directas ás empresas e ás persoas traballadoras e autónomas máis afectadas pola crise.

Ese Goberno do Estado, ao que vostedes se dedicaron a criticar durante toda a pandemia, incluso vostede aquí hai un momento na súa intervención, que, no canto de poñerse ao seu carón para sumar esforzos e loitar entre todos contra esta pandemia, o Goberno galego, vostedes, decidiron unir os esforzos con outros gobernos da súa mesma cor e crispas, entorpecer e criticar ante unha situación tan grave xamais coñecida, ¡xamais coñecida, señor conselleiro! *(Aplausos.)*



Porque, mire, señor conselleiro, a vostede que lle preocupa tanto cadrar as contas, parece que neste caso non quere deterse en facelas, non lle interesa ou é unha mostra máis desa opacidade deste Goberno galego. Porque vostede sabe perfectamente que, para poder gastar máis, hai que ter máis ingresos, e eses ingresos para atender todo o relativo á pandemia e ao mesmo tempo controlar o déficit e a débeda pública pois viñeron vía transferencias do Estado de España á Xunta de Galicia.

Mire, o 16 de xuño do 2020, o Goberno de Pedro Sánchez, aprobou o Fondo Covid-19, dotado con 16.000 millóns de euros. Non sei de que se ri, conselleiro, a min paréceme bastante serio o debate que estamos tendo, non me parece que sexa para rirse. Pero, bueno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para que as comunidades autónomas puidesen financiar (*O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor conselleiro, estou eu no uso da palabra, eu xa sei que é conselleiro e eu non pero supoño que teremos os mesmos dereitos.

Pois o 16 de xuño de 2020, o Goberno de Pedro Sánchez aprobou o Fondo Covid-19, dotado con 16.000 millóns de euros, para que as comunidades autónomas puidesen financiar os gastos da pandemia, un fondo non reembolsable que non ía xerar máis débeda e sen intereses, dos que a Galicia lle corresponderon 735 millóns de euros: 418 millóns para sanidade, 93 para educación e 224 para a redución da actividade económica.

Polo que, se facemos as contas, simplemente xa só miradas así, 735 son máis que 629, señor conselleiro, en concreto 106 millóns de euros máis. É así, ¿verdade? Agora non lle dá a risa. Ben.

E, ademais, se o facemos con rigor e collemos soamente o que di nese informe pantasma ou nesa nota pantasma da que nós seguimos sen coñecer, pois vostede di que en sanidade e en educación gastaron 386,1 millóns de euros. Pero recibiron 511, polo que aínda quedan 124,9 millóns de euros que viñeron do Estado e que vostede aquí non nos dixo en que gastaron. (*Aplausos.*) Na súa segunda quenda espero que nolo aclare, pode aproveitala.

E ademais, mire, voulle facilitar o traballo e voulle facer un pouco as contas. Mire, en sanidade, vostede sabe que o orzamento inicial en sanidade en 2020 incrementouse ao longo do exercicio en 451 millóns de euros. Pero, se temos en conta as obrigas recoñecidas, é dicir, o gasto comprometido, e lle restamos ao crédito inicial consignado neses orzamentos, temos unha diferenza de 422 millóns de euros, 400 millóns de euros, dos que 418 foron achegados polo Estado. Pois teríamos que a Xunta, como moito, suporíalle un esforzo de 4 millóns de euros, moi lonxe dese esforzo investidor de 90 millóns de euros dos que vostede nos falaba e que aparece nesa nota de prensa dese informe pantasma ao que lle fago referencia.

E ademais, se imos a como foron gastados eses recursos en 2020, pois temos que na Xunta de Galicia no canto de apostar por un emprego público de calidade, segue destinando estes importes para persoal eventual, un persoal eventual ao que adican 500 millóns de euros ao ano no Sergas. ¡500 millóns de euros ao ano no Sergas! E que ademais seguramente sexa máis, posto que o propio Consello de Contas di que o orzamento do Sergas é opaco, e preséntase de maneira complexa, polo que é imposible facer unha fiscalización correcta das súas partidas. Unha mostra máis desa opacidade que ten este Goberno galego á hora de xestionalo.



Tamén en 2020 a Xunta de Galicia segue dotando a atención primaria, segue recibindo menos recursos dos que recibía en 2009, menos, e estamos falando de máis de 100 millóns de euros menos dos que recibía en 2020

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para prestar unha atención de calidade, porque hai menos recursos e as cousas hoxe en día custan máis.

Remato xa, señor presidente.

Os fondos do Estado para gasto extraordinario covid sanidade, 418 millóns de euros foron empregados en boa parte non para incrementar as partidas, non para xestionar mellor, non para reforzar o sistema sanitario, senón para retirar nesas mesmas contías os fondos propios que dedicaba a Xunta de Galicia.

Nesta quenda nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro, como cuestión inicial, eu quería deixar claro que ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego parécenos moi importante analizar o impacto da covid no gasto público. É necesario non só para fiscalizar decisións pasadas, que ademais vostedes tomaron nun período importante de tempo nunha situación ademais de interinidade, senón tamén, sobre todo, para debater as decisións futuras e para actuar sobre as debilidades que amosou a pandemia, porque as hai e hai que actuar sobre elas.

Pero por esa importancia precisamente, entre outras iniciativas, desde este grupo temos impulsado, ao abeiro da relación co Consello de Contas, que este organismo faga informes específicos; sabe vostede que algúns deles verán a luz no ano 2022, é evidente que hai debates e hai reflexións que non poden esperar ata entón, por iso digo que compartimos o fondo da comparecencia, a importancia do asunto, pero non desde logo a forma, permítame que llo diga. Xa saíu aquí neste debate.

Digo que non a forma porque máis alá da parte inicial de *déjà vu* de cuestións que xa temos debatido, o certo é que, se no Consello da Xunta do pasado 15 de abril vostedes aprobaron presuntamente dous informes da súa consellaría, un sobre actuacións tributarias no ano



2020 e outro sobre o peche do exercicio, pois é sorprendente cando menos que sexan informes clandestinos. Ao día seguinte desa nota do Consello da Xunta este grupo rexistrou iniciativas de control, pediu copia deses informes, je que quere que lle diga! É estupendo que veña compracer, pero para unha materia tan importante pois tampouco sería descabellado, tendo en conta que isto non é unha sala de conferencias nin é unha clase, pois que tivésemos un mínimo de información desagregada máis alá deses dous parágrafos que van na nota de prensa sobre o impacto do gasto covid nas arcas públicas. Porque o certo é que nin sequera está ben a suma, que lles pasara xas nas 12 follas iniciais dos Next Generation que nos remitiu o señor Conde, pois pode pasarlle a calquera; que xa o outro día o outro día o señor Feijóo trascoleara, imos pensar que inocentemente, esas cifras de vacinados en Galiza cunha dose e vacinados no Estado con dúas doses, pois imos pensar inocentemente. Pero xa agora que veña vostede aquí a dar uns datos e que repita tamén vostede os seus datos e que na súa aínda falten 119 millóns para o autodenominado Goberno do rigor, (*Aplausos.*) non sei se están despistados ou que lles pasa, pero é minimamente sorprendente.

Brincadeiras á parte, non parece serio, señor Martínez, e denota que a intención do Goberno con esta comparecencia é un pouco o de sempre, o mesmo que co debate orzamentario, que cos proxectos europeos. Vir aquí, gabarse de si mesmos e non atender nin a máis mínima explicación, exixencia de control, asumir a máis mínima crítica ou suxestión por parte da oposición. Pero, en todo caso, tentarémolo.

E, mire, señor Martínez, vostede veu aquí ofrecer un relato dunha xestión tan ideal como imposible, porque hai unha pandemia sen precedentes e vostede intentou vendernos aquí que é posible mesturar a auga e o aceite nunha especie de milagre. Din que gastaron todo o necesario e ao mesmo tempo din que foron os máis cumpridores co marco do déficit e da estabilidade, e incluso nun momento no que está suspendido. E as dúas cousas ao mesmo tempo non son posibles, xa non porque ese todo necesario sexa subxectivo, senón porque eu estou convencida de que incluso, se vostedes fan unha análise interna, debeu haber momentos nesta pandemia nos que vostedes terían gastado máis se puidesen; por exemplo, cando faltaban mecanismos de protección porque non había simplemente acceso no mercado e non se podían comprar. Ou seguramente noutros momentos podían gastar e non o quixeron facer por ideoloxía política. E poño un exemplo, as axudas directas aos autónomos e autónomas. Vostedes tardaron oito meses en habilitalas, oito meses mentres outras comunidades autónomas si que o facían. E iso non o fixeron porque esperaron ao último momento a cando xa non soportaban a presión social, e podían ter reordenado o gasto antes, e podían ter auxiliado moita xente antes porque para moitas persoas iso non chegou a tempo.

Polo tanto, un pouco, como síntese da súa comparecencia, podemos dicir que hai unha crise extraordinaria, pero que as medidas que toma a Xunta non son tan extraordinarias como di. Porque eu non quero restar valor e importancia a cuestións como pagar en tempo e en forma aos provedores, que é importante, pero é algo que a comunidade estaba facendo e que podía seguir facéndoo. E, polo tanto, pois tampouco é algo para darlles un premio Nobel.

O mesmo respecto á suspensións dalgúns tributos. É que, claro, mentres vostedes como Goberno están esixindo a concellos e Estado que exoneren de practicamente calquera imposto, o único que fixeron vostedes basicamente —agás algunha pequena excepción— foron apra-



zamentos; e iso non resolve a situación para quen non pode pagalos. Polo tanto, esas fortalezas das que presumen pois pensamos que non son tantas, toda vez que ademais amosaron vostedes nalgún caso ser unha Administración bastante insolidaria; por exemplo, na relación cos concellos, que asumiron gastos extraordinarios e que vostedes non colaboraron nin colaboran economicamente con eles.

Pero tamén teño que dicir que temos unha discrepancia na análise do contexto que vostedes fan, porque pintan unha realidade previa á pandemia e un cadro macroeconómico cun ABC triunfalista e tan ideal como irreal. Vostede ignora que antes da chegada da pandemia tiñamos indicadores que xa falaban de ralentización, vostede ignora que, efectivamente, o noso PIB cae menos que no Estado, pero sabemos que esta caída máis lenta tamén vai seguida dunha recuperación máis lenta, e que vén dada fundamentalmente polo peso de sectores como a hostalaría ou como o turismo. E, polo tanto, agárrase a ese pequeno dato para disfrazar unha realidade como máis positiva do que é.

Pero, en todo caso, a min gustaríame que fósemos un pouco ás cifras, a que nos din os números da pandemia. Que o certo é que 2020 é un ano inédito e orzamentariamente as comparacións non poden ser cun ano normal, somos conscientes, pero, aínda así, analizando a execución orzamentaria, analizando as modificacións orzamentarias, o que vemos son os erros de sempre da comunidade autónoma. Vemos que hai aspectos que vostedes non fixeron un esforzo por corrixir.

Por exemplo, os capítulos con menor execución seguen sendo os adicados ao investimento: transferencias de capital, investimentos reais. ¿Como pode vir aquí dicir que non deixaron —tan vehementemente como a vostede lle gusta— de investir nin un só euro dispoñible se teñen millóns de euros sen executar? Non é serio, señor Martínez, é facer aquí filibusterismo orzamentario para soportar un relato que non se sostén. Igual que as seccións e os programas con menor nivel de execución pois son de ámbitos tan importantes como o emprego, a industria, o medio rural e o mar, que teñen moitas necesidades.

Polo tanto, é un pouco surreal que veñan aquí dar grandes cifras coas que mide o custo da pandemia, insisto, nesas cifras que son coincidentes coa nota de prensa faltan 119 millóns, que a min me gustaría que nos aclarara a onde foron, supoño que será un problema, coma sempre, da capacidade cognitiva da oposición, pero máis ben parece que queren crear vostedes un spellismo xa para avanzar medidas futuras e, desde logo, non cadra.

Pero quixera determe tamén nunha cuestión que me parece importante. Falou aquí vostede dunha Galiza penalizada, benvido; si, efectivamente, hai unha discriminación con este país, non vén ademais da covid, pero agora estámola vendo como imos ver nos grandes debates como son os fondos europeos. Pero, claro, a cuestión é, efectivamente, eu concordo cunha parte do seu relato, recibimos menos que a porcentaxe da poboación ou a porcentaxe por PIB, xa sen entrar nos custos adicionais que ten a prestación de determinados servizos e que en moitos casos son ignoradas. Pero, claro, a cuestión é que, si, o Estado actúa como se Galiza fose unha sucursal, a nós preocúpanos. Pero tamén nos preocupa que vostedes actúen igual, actúan como se fósemos unha sucursal e non actúan como un Goberno de país, (*Aplausos.*) e ese é un dos principais problemas que temos, señor Martínez. (*Aplausos.*) Porque vos-



tedes, máis alá de vir aquí botar a chorada, non fan nada, é que non fan nada, non fixo unha soa proposta de medida para responder con contundencia a esta discriminación que non sexa pedir en abstracto o apoio. ¿Quere o apoio do BNG? ¡Xa sabe que o ten! Sentémonos, discutamos se son 660 millóns ou se son máis ou se son menos. Discutámolo e fagamos unha fronte para defender iso. Pero a cuestión é que logo vostedes, vai o señor Feijóo reunirse co señor Sánchez e é un aspecto que nin recollen na nota de prensa, esa é a importancia á política que lle dan. Debe de ser que máis alá do Padornelo non lles deixan reivindicar esta cuestión. A nós, desde logo, non nos parece que vaian en serio, (*Aplausos.*) e non nolo parece a nós, pero é que logo o Goberno de Sánchez non nos toma en serio. É que non nos toma en serio, ese é o problema que temos despois.

En todo caso, nós estaremos aí, pero tamén eu quero unha vez máis pedirlle algo a cambio; porque, claro, esa falta de transparencia, escurantismo, diálogo e negociación que ten o Goberno de Sánchez nos fondos europeos —que eu estou de acordo— é a mesma que teñen vostedes aquí en Galiza cos sectores económicos, sociais e con esta oposición; é exactamente a mesma. E igual que é de república bananeira que hoxe o Goberno do Estado vaia aprobar a orientación de reformas fiscais, laborais e económicas, e que o Parlamento do Estado nin ninguén saiba nada e que sexa clandestino, igual que iso é propio dunha república bananeira, é propio dunha república bananeira o que vostedes pretenden facer en Galiza. Polo tanto, prediquen co exemplo e, se rectifican, estaremos aí.

En todo caso, unha última cuestión respecto das contas que nos botou aquí vostede e que a min me gustaría que desglosara, porque é francamente misterioso saber de onde sacan eses números. Vendo os datos orzamentarios, é evidente que hai algo máis do que falar que de 629 millóns. Por poñer algún exemplo, os créditos iniciais cando se aprobaron os orzamentos do 2020 eran 11.000 e pico millóns de euros, os vixentes a 31 de decembro teñen un incremento de case 3.000 millóns de euros; é evidente que temos que analizar máis de 620 millóns de euros.

Pero eu quero poñer un par de exemplos, moi brevemente, de que as contas non dan e incluso en aspectos tan importantes como o sanitario. Insisto, unha vez máis anualmente o Consello de Contas sempre nos di que hai máis gasto do que a Xunta de Galiza prevé; é inaudito que pretendan convencernos de que incluso, habendo xa unha modificación de máis de 400 millóns de euros, que nesta pandemia con 270 millóns de euros chegou para Sanidade. Porque entón, unha de dúas, ou ben vostedes non gastaron todo o necesario ou ben conxelarón cuestións importantísimas da sanidade que non estaban estritamente vinculadas coa pandemia —desde a atención primaria ata outras cuestións de especialidade— para así de traer de aí recursos e facer este relato autocompracente. Porque, efectivamente, están máis pendentes do cumprimento das regras do déficit, incluso nun contexto tan extraordinario como este, que de dotar os servizos públicos.

Pero a pregunta é: ¿cal é ese custo para os galegos e galegas? É tremendo en termos de saúde pública e é tremendo en termos de dereitos sociais. Polo tanto, negamos a maior, nós pensamos que podían ter cumprido doutra maneira coas prioridades sanitarias, económicas e sociais desta crise; as que decidiu o Partido Popular non son, desde logo, as que defendemos desde o Bloque Nacionalista Galego. E a conclusión que sacamos un pouco desta com-



parecencia, se nos preguntamos cal é a conclusión que tiramos desta pandemia, das rectificacións que habería que facer, é evidente que son totalmente diferentes. Nós entendemos que certificou a debilidade que tiñamos nos servizos públicos, moitas debilidades tamén no sistema produtivo, e que certificou tamén que, aínda que este limitado autogoberno ten moitas costuras, vainos mellor cando exercemos e, polo tanto, a saída ten que ser máis servizos públicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...reorientación do modelo económico e máis exercicio do autogoberno.

Na seguinte quenda ten vostede unha oportunidade para darnos algunha proposta no lugar de seguir navegando na autocomprancia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, moitas grazas, señor presidente.

Eu empezo agradecéndolle ao conselleiro a súa comparecencia. É unha comparecencia pedida polo Goberno, que comparece a petición propia para dar unha explicación do peche do exercicio nun ano efectivamente extraordinario, para dar conta das decisións financeiras adoptadas, do gasto executado e tamén avanzar as perspectivas do futuro. E certamente a mera comparecencia é un exercicio de transparencia e hoxe outra vez escoitamos aquí as críticas á falta de transparencia do Goberno da Xunta, especialmente en materia financeira, e creo que elixiron un mal día.

Por primeira vez a AIReF —o órgano independente da autoridade fiscal— elaborou un informe sobre a transparencia nas contas públicas, entre o que se valora, por certo, bastante a actuación e as normas de tramitación dos orzamentos que hai nesta Cámara. O resumo que fai a AIReF é que o *ranking* de transparencia o lideran Andalucía, Galicia e Navarra; curiosamente os dous últimos no *ranking* son dúas comunidades socialistas, Asturias e Castela-A Mancha. Pero é difícil con informes de autoridades independentes que avalían positivamente a transparencia do Goberno en materia financeira hoxe volver ao discurso da falla de transparencia.

Ben, efectivamente, o ano 2020 foi un ano de pandemia e tamén foi un ano electoral. E hoxe sentía certa nostalxia de cando tiñamos debates de execución do gasto posteriores a eleccións autonómicas de que se nos dixera que fixeramos un esforzo extraordinario unicamente por motivos electorais. Disto hoxe non escoitamos falar, mesmo case escoitamos falar do con-



trario, de que non só pola pandemia e nin sequera polas eleccións o Goberno foi capaz de gastar cando os datos que hoxe deu o conselleiro desmenten xa de entrada esa afirmación.

O feito é que a pandemia paralizou totalmente a actividade ou, máis concretamente, as medidas adoptadas polo Goberno, fundamentalmente o confinamento, paralizaron completamente a actividade económica, e era necesario, e, polo tanto —salvo o esencial—, houbo un parón total descoñecido nas economías modernas na súa historia completamente. E esa parada total da economía xerou, como xa sabemos, unha caída do PIB de todos os países occidentais, pero especialmente tamén de Galicia, nada menos que do 8,9 %, unha recesión en toda regra; e, en termos interanuais, unha caída do 8,9 %.

Ben, a pandemia certamente interrompeu unha etapa importante de crecemento de Galicia; ata ese momento o tecido empresarial galego consolidaba cifras de negocio nunca antes alcanzadas polas empresas galegas, aí está o Informe Ardán, tamén independente, que pon de manifesto isto. E esa etapa de crecemento viuse interrompida por unha pandemia que, pese a todo, demostrou que a economía galega resistiu mellor ou aguantou menos mal que a media da economía española. O PIB caeu un punto menos, o índice de produción industrial —e falo dos datos agregados do ano 20— caeu 4,2 puntos menos, as vendas do comercio retalista caeron 2,9 puntos menos. Somos a cuarta comunidade autónoma con maior descenso no paro e na que as afiliacións á Seguridade Social se incrementaron máis despois da pandemia. E os fogares con todos os seus activos ocupados o número é 6 puntos superior á media española.

Pois ben, todos estes resultados —que son dramáticos como consecuencia da pandemia, pero que son mellores que os da media de España— teñen algunhas explicacións. ¿Por que unhas economías caen e outras caen menos cando a pandemia nos afectou a todos practicamente por igual?

Bueno, en primeiro lugar, pola estrutura produtiva do país, porque é certo que Galicia non ten a dependencia do turismo que teñen outras comunidades —Baleares e Canarias—, pero tamén é certo que o resto dos sectores produtivos foron ao longo da recuperación reequilibrados cun maior peso do sector primario, cun aguante bastante significativo superior á media do conxunto de España do que é o sector industrial; cun redimensionamento a unhas cifras máis razoables do sector da construción; e un incremento do sector servizos que, pese a crises como a que padeceu na pandemia o turismo e mesmo están padecendo con carácter xa estrutural algúns servizos importantes, como o da banca, pois aguantaron mellor entre outras cousas por esa estrutura.

En segundo lugar, evidentemente, porque as medidas sanitarias e os niveis de restrición impostos polas autoridades autonómicas en boa parte do ano condicionaron o crecemento económico. É certo que as comunidades que defenderon mellor sanitariamente as súas poboacións tiveron a oportunidade de liberar dalgunhas das restricións sanitarias impostas pola pandemia, de movementos, de actividades e que, polo tanto, tiveron unha mellor capacidade de reaccionar.

Evidentemente, iso ten que ver co feito de que Galicia superou a pandemia sanitaria *strito sensu* mellor que o resto das comunidades autónomas, mellor que a media, o que permitiu



tamén que a economía fose mellor. E, en terceiro lugar, as medidas estritamente económicas, e aquí axuízamos os gobernos.

Ben, en primeiro lugar, o que quedou claro coa crise é que a situación previa das contas influía moito na capacidade dos gobernos de reaccionar. Polo tanto, economías como a alemá, que estaban nunha situación de equilibrio, mesmo con superávit, tiñan moita máis capacidade de reacción para apoiar os sectores produtivos que as economías que non tiñan esa marxe; entre elas, por exemplo, a española. Por iso tamén *ceteris paribus* estaba en mellor condicións Galicia para reaccionar que por exemplo outras comunidades autónomas que arrastran unha débeda pesada, como poden ser Cataluña ou Valencia.

En segundo lugar, a capacidade de reacción, cando non dependía do propio Estado, dependeu da Unión Europea. A señora Rodríguez Rumbo recordaba que, efectivamente, o Estado facilitou fondos ás comunidades autónomas e dicía que se practicaba unha especie de memoria selectiva. Ela tamén se esqueceu de algo, que todo ese financiamento adicional vén de Europa. Por exemplo, todos os fondos REACT foron empregados para manter os ERTE, aquela cousa que estaba na reforma laboral que introducira o PP e que de tanto serviu para paliar a crise nestes momentos. E, polo tanto, houbo unha reacción europea importante; primeiro, coa suspensión das regras orzamentarias; segundo, cunha política monetaria que permite ás autoridades españolas endebedarse a baixísimo custo, cousa que non poderían facer de non ser pola intervención do Banco Central Europeo; e, finalmente, coa aportación de fondos que o Estado recibe con base nun principio de cohesión e que distribúe daquela maneira entre as comunidades autónomas, como tamén dixo o conselleiro.

En segundo lugar, tamén a reacción do Goberno de España; eu non vou criticar algunhas das cousas que fixo o Goberno de España. Eu creo que foi moi intelixente, igual que o dos ERTE, foi moi intelixente suplir a caída de ingresos das comunidades autónomas a curto prazo cun fondo covid, pero tamén cun fondo que compensaba polas caídas de tributos propios das comunidades autónomas. Esa foi unha decisión positiva para o conxunto, o que pasa é que temos tamén que ver como se traducen esas decisións que afectan ao conxunto en cada unha das comunidades autónomas.

E, en terceiro lugar, porque, efectivamente, a propia Xunta tiña marxe de manobra porque tiña capacidade para facer un esforzo orzamentario interno, capacidade de manobra económica e tamén política, porque era un Goberno cohesionado no que unha emerxencia sanitaria non impide que consellerías que tiñan outras actividades reduzan gasto e fagan unha transferencia de crédito a aquelas que necesitan facer o gasto máis perentorio.

Pois ben, nós cremos que a Xunta actuou moi correctamente, modificou cretos, incrementou o gasto covid, aportou 100 millóns de euros de recursos propios. O conselleiro aportou liquidez cun plan de tesouraría de 1.800 millóns de euros. O pago aos provedores mantivo a liquidez das empresas provedoras da Xunta. Estamos falando dunha diferenza de 18,7 días de media a 35,5 días de media no conxunto das comunidades autónomas.

Suspendéronse prazos de autoliquidación. Dise que se aprazaron. Home, estamos falando de impostos como o de sucesións. O imposto de sucesións pode haber un problema de liqui-



dez para pagalo e está ben adialo, pero iso non quere dicir que non haxa un incremento importante da capacidade económica dos suxeitos a pagar un imposto de sucesións que, como saben, en Galicia ten descontos do 99% de exencións para as transmisións de pais a fillos. Polo tanto, parece razoable adialo e non suprimilo, que foi o que parece que dixo a portavoz do Bloque Nacionalista Galego. E, finalmente, investiu 1.400 millóns de euros.

O resultado é que, efectivamente, a Xunta recibe, de acordo coas contas que se fixeron públicas, arredor de 734 millóns por todos os conceptos do Goberno de transferencias pola covid, pero o certo é que, se sumamos os 195 de ingresos tributarios, que en parte se compensan con estes ingresos que a Xunta deixou de ter, máis os 629 recibidos, o que gastou de máis en sanidade, educación, política social e outras cuestións que seguro que o conselleiro agora lle explica, o resultado é que recibimos 90 millóns de euros menos do que a Xunta gastou exclusivamente por razón da covid.

E dicir e volver hoxe aquí con este argumento, a min gustaríame que o Partido Socialista reflexionase sobre esta cuestión. Todas as cifras de todas as transferencias que se están facendo a Galicia están moi significativamente por debaixo do que lle corresponde a Galicia por calquera fondo co que lle corresponde polo sistema de financiamento autonómico. Non chegamos nin de cerca. De aí saen os 660 millóns que dixo o conselleiro. E aínda por riba o argumento do Partido Socialista é que aproveitamos a crise para diminuír gastos doutros lados e aforrar por outras vías porque nós o que non queremos é gastar, cando esta Administración incorreu nun déficit do 0,1 e houbo oito comunidades autónomas que tiveron superávit, tamén hai que recordalo.

Ben, este argumento non é de recibo e menos para un partido galego, sobre todo cando é certo, é indubidable porque é unha cuestión de porcentaxes, ver que a Galicia lle correspondería moito máis aplicando o sistema de financiamento autonómico, e o conselleiro deu algunhas cifras bastante significativas, como o saneamento das rías ou de transporte, como en Galicia non hai transporte, pois o 3% tócanos no fondo de transporte, e así sucesivamente.

Que un partido nesta Cámara asuma un discurso que non só nos di que non recibimos de menos, senón que encima non gastamos o que recibimos, a min paréceme de entrada perigoso e contraproducente para a comunidade autónoma...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...desde logo agora que se van repartir os fondos europeos a gran escala.

Eu creo que o Partido Socialista debía rectificar, non debe facer seguidismo sempre do que di o Partido Socialista en Madrid, que atende a outros intereses e todos pensamos e sabemos que son máis ben de índole política para garantir a estabilidade do Goberno de España. Pero iso non é a guerra de Galicia, a guerra de Galicia é obter o que en xustiza lle corresponde.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Con maior intensidade a representante do Partido Socialista que coa representante... —noutros momentos si que tamén me teñen tildado do mesmo e nos teñen tildado—, como é o tema, señora Rodríguez Rumbo, da publicidade e da propaganda, ¿non? Permítame que me deteña un momento nisto porque eu creo que é totalmente ao contrario, nin das miñas formas nin de tal. Por certo, estráñame que coa máscara que tiña sexa vostede capaz de saber se estou rindo ou chorando, pero, bueno, vai a beneficio de inventario porque verdadeiramente quere dicir que teño uns ollos moi expresivos, ¿non? Deduzo da súa consideración.

Creo que non, creo que o resultado nese ano tan extraordinario que foi o ano 2020, creo que é un peche, como lles dicía —sempre o repito—, pero creo que é un peche serio, solvente e rigoroso. Pasarei das palabras ás argumentacións e ata certo punto ás métricas.

Creo que o que comentei eu aquí no día de hoxe, como vén sendo normal e habitual, é utilizar fontes de datos contrastadas. Se falamos de débeda, falamos do Banco de España; se falamos de peche de exercicio, de datos de execución que, no seu caso, xa pasaron polo tamiz tamén da Intervención Xeral do Estado. Cando falamos de período e medio de pago é a mesma metodoloxía en todas as comunidades autónomas, tamén para a Administración central, tamén para as corporacións locais. A iso me refiro. Estou utilizando datos oficiais, como é normal.

Ben, ¿que esteamos á cabeza do período medio de pago é malo? Eu creo que non é malo. Nun ano de tantas dificultades sempre é bo pagar canto antes mellor, pero para o conxunto, como lles dicía, dos miles de autónomos que interaccionan coa Xunta de Galicia, das pequenas e medianas empresas, das UTE, das grandes compañías, das oficinas de farmacia a través dos seus colexios, ¿para todo ese conxunto é malo que paguemos por debaixo dos 15 días no período que vai desde marzo ata final de ano? Creo que non, creo que é algo moi saudable para calquera negocio e para o negocio público que nos representa, sobre todo polo que trasládamos ao ámbito civil, é moi importante.

É moi importante que cando se nos tilda de pouco transparente por un ou por outro grupo, con máis intensidade no día de hoxe pola súa parte, e logo veña o contraste da AIReF, primeira vez que se fai este estudo en España para as comunidades autónomas, e soamente aproban tres comunidades autónomas: Andalucía, Galicia e Navarra.

Para, por certo, non hai ningún tipo de asignación ao que é a Administración do Estado, pero seguro que se houbera un número, vostede que hoxe actuou aquí, señora Rumbo, de enlace sindical tamén do Goberno aquí —debe de ser a nova subdelegada do Goberno en Galicia—, permítame que lle diga que o Estado estaría suspenso.



Cando un analiza pormenorizadamente o informe da AIREF, en 8 dos 36 ítems a Comunidade Autónoma de Galicia presenta mellor resultado que a Administración do Estado. *A sensu contrario*, en catro a Administración central do Estado presenta mellor resultado que a comunidade autónoma. Non hai que ser tampouco nin saber moitas matemáticas que nós, se sacamos un 1,58 sobre 3 e quedanos moito por mellorar, pero aprobamos, pero aprobamos, outros gobernos tan queridos por vostedes non chegan nin tan sequera ao aprobado.

Pensa tamén vostede que é propaganda os datos que publica o Ministerio de Hacienda sobre a execución orzamentaria e manter e ser líderes no esforzo investidor. Agora me referirei tamén a algunha cuestión que foi adiantada tamén pola señora Presas en relación cos capítulos VI e VII, para o que é bo contextualizar e poñelo en situación do que significa para a nosa economía e do que significa respecto a cal é o comportamento dos nosos iguais e similares.

Ou pensa que tamén son propaganda os datos que ofrece o Banco de España, que nos din que, medrando a nosa débeda, en sentido moi inferior a calquera outra comunidade autónoma, dende o ano 2008 e neste último ano o diferencial esteamos xa nun 7,2% do PIB e, sobre todo, tamén o que significa iso para os nosos cidadáns, galegas e galegos.

A iso referireime tamén dentro dun momento, ao tema da débeda. Creo que é bo que todos estes organismos que, permítame que lles diga, non creo que teñamos nós unha excesiva influencia nin sobre o Ministerio de Facenda nin sobre o Banco de España, nin sobre a Intervención Xeral, nin sobre a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos outorguen os catro ou cinco ítems con que se mira as institucións complexas no ámbito público. Existen algúns outros criterios, ofrézome voluntariamente a compararme con calquera outro; tráiaos aquí e comparémoslos. Creo que non é malo que Galicia estea de primeira en todos e cada un destes ítems. Como creo que tampouco non é malo que nun ano tan difícil como foi o ano pasado o conxunto de actuacións desenvoltas pola Xunta ao final presente un lixeiro déficit do 0,1%, non así como outras comunidades autónomas que presentaron un superávit. Imaxine o que estaríamos oíndo neste Parlamento se a Xunta de Galicia nun ano tan difícil para familias, para empresas, en xeral para todos, presentase un superávit sobre o que foi o ano pasado.

Polo tanto, creo que son boas cifras as que presenta a Comunidade Autónoma de Galicia, pero o máis importante é non estar o primeiro nun *ranking*, ou segundo, o máis importante é o que significa todo e cada un deses ítems. Cando falamos de débeda estabamos, como lles dicía, non tapando con solucións artificiosas, que é o que está sucedendo no Reino de España no ano 2020 e no ano 2021. E agora referireime tamén á súa intervención, porque estamos tapando e dando solucións no presente que serán problemas para o futuro, todo é un problema non tanto da magnitude, senón da intensidade coa que estamos utilizando determinadas políticas.

Tema número 1, polo tanto, o tema da publicidade e da propaganda, que creo que en modo algún é algo que nos debemos de felicitar entre todos. Xa o vimos facendo dende hai moito tempo e creo que nolo están recoñecendo.

Hai outra cuestión á que vostede se refería hai un momento que é bo que nos deteñamos un pouco, que é a orixe dos fondos. A orixe dos fondos, aquí teño unha sabana moi grande,



pouco a pouco ímola completando, ímola completando porque un non deixa de recibir sustos, pero tamén os tortazos que non te tiran —e digo comunidade autónoma— creo que nos están facendo máis fortes.

Cando un analiza todos e cada un dos fondos extraordinarios que a partir de marzo do ano 20 foron repartidos, comproba que, ata chegar as axudas sectoriais —e despois tamén me referirei un pouquiño a elas se teño tempo, creo que si, que é libre hoxe—, resulta que tivemos 39 ítems distintos, e estamos falando de política social, estamos falando de servizos sociais no fondo extraordinario, estamos falando da primeira achega extraordinaria en materia de sanidade, do Plan estatal de vivenda que foi despois, do fondo covid nos seus distintos catro subtramos, do que queira. Ao final o que estamos é falando de competencias autonómicas. Iso chámase en termos financeiros sistema de financiamento autonómico, que ten as súas regras vixentes, na parte que nos toca como comunidade de réxime común e que, mentres non se altere, o Goberno central está alterando discrecionalmente a ordinalidade que se deduce do vixente sistema de financiamento autonómico.

Con ese criterio, todas as reparticións feitas ata o día... de hoxe non, pero ata hai un mes aproximadamente outorgan a esta comunidade un desfase de 666,35 millóns de euros, nin tan sequera os 660 que tiñamos ata hai un momento, ata non hai moito. ¿É algo tan difícil de entender que as regras que nos demos entre todos non é ningunha dádiva do Goberno ou do Reino de España? Teña presente tamén que a maioría destes fondos extraordinarios teñen unha orixe europea. É o resto o que non é orixe europea, é débeda, soamente hai que mirar o resultado que presentou a Administración central do Estado *stricto sensu* no ano 2020. Pero é que a débeda é a débeda de todos e cada un das españolas e españois. E aí si que estamos mutualizando a débeda. A nós, comunidade autónoma, está chegando menos que o que nos corresponde e, sen embargo, temos unha débeda igual que o cidadán de calquera outro territorio. Polo tanto, permítame que lle diga que dádivas do Goberno central nin a primeira, nin a primeira.

Pero é que ademais, cando nos centramos no famoso fondo covid nos catro subtramos, nos catro subtramos que estamos a falar, dígase en sanidade, houbo dous, e voume centrar en sanidade, porque coas mesmas variables que utilizou o Estado, coas mesmas variables que utilizou o Ministerio de Hacienda cando se reparteu o primeiro tramo e o segundo tramo covid estritamente sanitario, con datos, cos mesmos datos que empregaron eles, non os propios do sistema de financiamento, cos propios datos que utilizaba daquela o Ministerio de Hacienda, que non eran outros que poboación protexida, curiosamente no segundo tramo déronse conta de que se lles foi a man no primeiro e corrixiron algo, pero non tiveron... ía dicir narices, pero para que non quede, quero dicir que non tiveron redacións a corrixir esa situación. Tema número un, porque aquí o que se atende son persoas protexidas, o que significa que a estrutura etaria ten un condicionante moi importante.

Por outra parte, fóiselles a man no tema das UCI, porque o que era un aldabonazo en principio cando se mira en termos anuais, todas as comunidades autónomas fixemos un esforzo adicional para ter as UCI tanto no recurso humano, que é o máis importante, como no recurso do equipamento sanitario, que daquela moitos tivemos que completar, pero en todas as partes foi igual. Como tamén o que se medía, á parte das UCI, as persoas que estiveron en



camas de hospitalización; en todos os lados as camas de hospitalización foron utilizadas segundo a magnitude que tiñan e completadas nalgún caso, en todas as comunidades autónomas.

Pois, con eses mesmos criterios, con datos en 31 de decembro do ano 20, resulta que a Comunidade Autónoma de Galicia, cos criterios que utilizou a Administración, Ministerio de Hacienda, resulta que tería que ter recibido 62 millóns de euros máis. Permítame que lle diga que non podo estar de acordo. Pero, é que este proceder está sucedendo con todos e cadaquén. Xa me escoitaron a min cando era tamén, e discutiamos do orzamento para este ano, do fondo covid para este ano, e o que coñecemos as comunidades autónomas, a día de hoxe, e que a transferencia que vai vir da Administración central do Estado, esa Administración tan progresista, resulta que vai vir en función do PIB per cápita das persoas; é dicir, os que temos un PIB por debaixo da media imos recibir menos para atender a nosa sanidade, a nosa educación, os nosos servizos sociais que outras partes que teñen un PIB por riba da media. Comprenderán vostedes que esa é a teoría inversa de Robin Hood.

E hai outro exemplo máis recente, á parte dos sangrantes que lle comentaba hai un momento noutros temas. O último exemplo que dá o Real decreto lei 5 deste ano, o famoso decreto de axudas a empresas. Si, está predeterminado quen pode recibir e quen non, con base nunha caída de ingresos. Si, está predeterminado o período no que se pode pagar, e como hai que xustificar, e como hai que manter o emprego ata determinados anos. Si, temos os CNAE, que non deberían estar, porque, se ti tes unha caída de ingresos e é obxectiva, a que vén isto dos CNAE e tal. Este é un invento sacado da man por determinados intelixentes no Ministerio de Economía e no Ministerio de Hacienda para facer este tipo de cafradas cunha repartición territorial. Porque, o que lle digo, se está predeterminado cales son os criterios polos que se outorgan, a quen se lle outorgan, que é o que tes que aboar con isto, hai unha secuencia lóxica, que ten que ver iso coa territorialización, que ten que ver con que un negocio ou un autónomo estea na Comunidade de Murcia ou na Comunidade de Galicia, na Comunidade de La Rioja ou na Comunidade de Andalucía. Temos exemplos e vai suceder o mesmo que sucedeu co fondo covid do ano pasado, onde uns territorios van saír en positivo e outros territorios en negativo. Así de claro.

E isto non fai ningún favor á cohesión persoal nin á cohesión territorial, e sempre estamos perdendo os mesmos. A isto me referirei tamén, señora Presas, dentro dun momento. Pero é que chegamos ao límite *limitorum* cando incluso repartindo fondos cuantitativamente non moi grandes, como está sucedendo nestes momentos, para determinados concellos, que ten que ver coa Conferencia Sectorial de Enerxía, onde o que se pretende é a rehabilitación enerxética en edificios, determinados proxectos singulares e iniciativas públicas de desenvolvemento local sostible, para concellos de menos de 5.000 habitantes, o criterio sexa o número de corporacións locais con menos de 5.000 habitantes, ¡increíble!, ¡increíble! Eu creo que estamos chegando a límites que xa rozan o absurdo, por ser medianamente educado, o absurdo. Non será a variable poboación que vive neses concellos de menos de 5.000 habitantes a variable que tería sentido. Non son as persoas que ao mesmo tempo teñen negocios as que poden facer unha política de adecentar as súas vivendas, os seus edificios, os seus negocios. ¿Tan difícil é de entendela? Así llo propuxemos á Conferencia Sectorial; por un lado entrou, por outro saíu. A conclusión é que Galicia, representando máis do 10 % da poboación que



vive en concellos de menos de 5.000 habitantes, como a nosa planta municipal é de determinados concellos, non a que teñen en Aragón ou en Castela-León resulta que nos toca non chega ao tres coma algo por cento.

Iso para todo é o que está pasando. Para todo non, estoume pasando tamén eu; hai conferencias sectoriais que non o están facendo tamén de todo mal, pero ao final sempre saímos trasquilados os mesmos. Polo tanto, non pode estar.

A orixe, polo tanto, señora Rumbo, de fondos que teñen unha orixe europea en boa parte e os que non teñen orixe europea son débeda, débeda que está mutualizada, e da cal está recibindo esta comunidade autónoma fóra da ordinalidade que se deseña no sistema de financiamento autonómico.

Non sei que medo lle teñen no Goberno central a convocar dunha maneira un pouco máis fluída o Consello de Política Financeira e Fiscal, pero xa me explico por que. A el tamén vou facer referencia dentro dun momento, a algúns detalles que están sucedendo. Hai días que é bo levantarse da cama, hoxe non é malo, por certo, non para min, senón para a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que avanza, polo que avanza. Esperemos que sexa polo que avanza.

Fixo unha referencia tamén vostede á temporalidade no Sergas. É que vamos, eu non me explico que cadaquén fala para a súa parroquia e comprendo que hai determinadas organizacións que están moi interesadas en embarrar o campo. Isto ten unha fácil solución. Xa llo propuxemos dende hai anos, a última hai menos de dous meses no ámbito do Ministerio de Política Territorial que ten que ver co Estatuto básico do empregado público. Eliminen a taxa de reposición e non haberá un problema de temporalidade; se non, é practicamente imposible recuperar en todo o emprego público, sinaladamente en sanidade, taxas de temporalidade por debaixo do 7 % que é a que nos tratamos de dar todos.

No día de hoxe sae unha noticia moi concreta onde tamén pide o mesmo o presidente da Comunidade Valenciana, fágase. Vou un paso máis alá e tamén o dixen en sede parlamentaria, se se elimina a taxa de reposición, teremos un problema solucionado nun horizonte temporal de dous ou tres anos respecto á temporalidade en xeral. E de futuro hai unha forma de arreglar, e así llo propuxemos, por escrito, como debe ser, que é: a calquera se lle ocorre que para o ano que vén aproximadamente, aproximadamente, haberá un volume de xente que se xubile, algunha por desgraza que nos teña que deixar de empregado público en xeral e iso pódese facer como se fai en Europa, dunha maneira anticipada. Para ser prudentes, en vez de sacar o cen por cento do estimado sacamos o 80 % e iso o que quere dicir é que, cando facemos os procesos selectivos, temos as persoas cunha prelación en cada unha das categorías que pode acceder cando haxa unha vacante, e as vacantes hai durante todos e cada un dos días dos anos, para que se poidan, obviamente, incorporar como persoal xa fixo, co cal estaremos solucionando de futuro esta situación.

Polo tanto, elimínese a taxa de reposición e váiase a modelos comparados como os que en Europa existen, nese caso está practicamente todo inventado.



Señora Presas, este Goberno creo que fomos áxiles a hora de responder no nivel sectorial. Houbo unha interlocución, e segue habendo unha interlocución, con todos os representantes que podemos en todos e cada un. Creo que o noso exemplo do primeiro plan de rescate a autónomos, micropemes e hostalaría é un exemplo no nivel nacional, un exemplo de axilidade e un exemplo de achega ao sector, como exemplo tamén está sendo o segundo plan. En global, xunto con outro tipo de axudas, estamos falando de máis de 160 millóns de euros no día de hoxe. Non coñezo ningunha Administración local nin autonómica que con carácter tan xeral como está sucedendo neste caso, onde, cando aínda nin rematara a posibilidade de que a xente fixera a súa solicitude, xa estaban recibindo as achegas correspondentes e coas facilidades que está recibindo. Polo tanto, exemplo de execución, pero a anos luz de calquera outro.

Falaba vostede tamén do capítulo VI e VII, é que é o mundo ao revés, porque falar do capítulo VI e VII a esta comunidade, que, como lles dicía, ten nos últimos anos, nos últimos dez ou doce anos sempre estamos de primeiros no que é o esforzo investidor. Pero é que o esforzo investidor ás veces como é unha porcentaxe pois enmascara un pouquitiño o que é a cuestión. A cuestión é que a Comunidade Autónoma de Galicia, capítulo VI e VII, ano 2020, presenta unhas obrigas de 1.402 millóns de euros. Iso é o que hai que mirar, 1.402. Pero vostedes, que son tan nacionalistas, voulles dar outro dato, que creo que é bo que o coñezan. É bo que coñezan que Cataluña, co seu tamaño, gastou 1.383, ¡co seu tamaño! É bo que coñezan vostedes que o País Vasco gastou 905 millóns de euros, é bo que coñezan que Navarra ata certo punto gastou 311, pero é que é a doceava en importe absoluto e queda igual que a media de España, un 7,3.

É bo poñer en valor o que como comunidade autónoma estamos facendo. Pero estámolo facendo polo que significa de ir gañando o futuro das nosas empresas e da nosa sociedade civil en xeral. É bo.

Como é bo, cando un vén dar determinados datos, como é o que foi a liquidación do ano pasado, e o dato máis destacado son os 629 millóns de euros de gasto asociado á covid. Pero é que, en resumidas contas, o orzamento, o que tivo foron 856,6 millóns de euros máis en gasto non financeiro; é dicir, non todo foi o gasto asociado á covid. Xa había un orzamento aprobado neste Parlamento, e ese orzamento aprobado foi o que permitiu, a maiores da covid, ter maiores gastos, maiores servizos, maiores investimentos engadidos sobre os anteriores dos 629, de 245,7 millóns de euros, no ano máis difícil en décadas que tivo a nivel financeiro esta comunidade autónoma.

Por certo, cando na primeira intervención estaba dando os datos do que foi o gasto covid, obviamente o que din foron os catro principais ítems, os catro principais ítems, que eran: sanidade, 270,3 directamente, pero é que en Sanidade tamén se fixeron moitísimas máis cousas, moitísimas máis cousas á parte do tema que está relacionado coa covid; 115,8 na Consellería de Cultura, Educación e Universidade; 70,2 en Política Social; 53,7 millóns de euros en Emprego e Igualdade; 36 millóns de euros en Infraestruturas e Mobilidade; 31,7 millóns de euros na Vicepresidencia segunda, ligada sobre todo á actuación do IGAPE; 18,6 millóns de euros na Vicepresidencia primeira, Xustiza; e en Turismo sobre todo, 18,6. E así sucesivamente. Tamén houbo 11,4 millóns de euros na Consellería de Medio Rural, ligados aos sectores produtivos.



Isto é o que sucede, e todo isto suma 614,8, que, se lle engadimos á conta 409, que son gastos computables que hai no Sergas que non teñen o reflexo aquí e que cada vez é menor, dános un total de 629 millóns de euros, dos cales gastamos 169,3 millóns de euros en persoal; benvidos, porque permitiron atender a quen había que atender e acompañar a quen había que acompañar. 231,8 millóns en gastos de bens correntes e servizos porque a calquera se lle ocorre que isto sobre todo no nivel sanitario era outra cousa. 40,4 directamente no que significou en investimentos reais, que permitiron sobre todo completar o equipamento nos nosos hospitais, tamén na primaria en parte. Ata incluso os 3,8 que se gastou no capítulo VIII de activos financeiros.

Todo ten unha explicación, todo tamén se pode mellorar seguro, pero creo que cando miramos ao redor é moi distinto.

Galicia penalizada nos fondos europeos. Esa foi a súa argumentación, se ben é certo que o ton que empregou a señora Presas foi un pouco máis comedido que o que no día de onte polo menos saíu publicado nos medios da señora Pontón, cando falaba que incluso estabamos recibindo menos porque era responsabilidade directa do presidente o señor Feijóo. ¡É increíble o que hai que oír a estas alturas! Porque todos temos un pouquiño de historia e todos sabemos máis ou menos, todos non, é verdade, a inmensa maioría, polo menos en Galicia, intuíamos o que faría o Goberno do señor Pedro Sánchez, menos o BNG. Claro, porque nós cando mirabamos un pouquiño e digo, é que isto é branco e en botella, porque cando miramos o comportamento e as decisións que estaba tendo para con Galicia, démonos conta de que se negaba a pagar os 170 millóns de euros que tiñamos por incentivos do noso cumprimento fiscal. Miraban para outro lado, o Goberno do señor Pedro Sánchez.

Cando tamén empezou o tema do IVE, xa hai tempo, e os galegos no 2017 si que aboaron o seu IVE, e por un cambio de sistema resulta que nos deben á comunidade autónoma 204. Benvida no día de hoxe ao coñecemento que tivemos da primeira sentenza de Castela e León. Hai dúas semanas, o martes 13 —non sei para quen será martes 13, para nós ou para a Administración do Estado—, foi visto tamén no Tribunal Supremo o contencioso-administrativo que, despois de esgotar todas as vías, fora presentado en agosto do ano 2020 por este Goberno, curiosamente tamén en setembro do ano 2020 foi cando fora presentado o contencioso por parte da Comunidade de Castela e León. O importante é que entrou non fondo do asunto, o importante é que, entrando no fondo do asunto, este debate dura pouco, dura pouco como o acaba de demostrar o Tribunal Supremo. Oxalá siga por ese camiño, creo que si, pero teñamos a suficiente prudencia para esperar á sentenza. En todo caso respectarémola, sexa cal sexa o pronunciamento, obviamente. Pero todo indica que os 204 millóns de euros que tanto falamos neste Parlamento igual, e houbo aquí pronunciamentos expresos, terán que vir á comunidade autónoma porque son de todas as galegas e de todos os galegos.

Pero, claro, con todos estes antecedentes, incluso aquel non-nato proxecto de orzamentos do Estado, de presupuestos generales del Estado, onde xa se metía un baixón histórico ao que eran os investimentos na nosa comunidade autónoma por parte da Administración central, e resulta que con eses todos os avisos que temos enriba da mesa, resulta que agora o Bloque, versión oficial, di que estamos a recibir menos dos fondos europeos por culpa de Feijóo. Digo ¿non sería máis fácil darse conta de que é o Goberno do señor Sánchez, que vos-



tedes fixeron presidente do Goberno? É tan simple coma iso, non veñan xogar co tipo de argumentación tan propia de vostedes e ás veces cun ton rebaixado pero sempre *guante de seda en mano de hierro*.

Eu creo que sería moito máis fácil ser coherentes, porque cando chegou o momento o que fixo o señor Sánchez, un deputado no Congreso dos Deputados, foi dicirlle: «moito obrigado». Baixamos ao nivel máis baixo en 15 anos do que son os investimentos da Administración de Galicia e, como lles dicía, a día de hoxe temos 666 millóns de euros menos do que nos corresponde. A partir de aí, o que temos é que poñernos todos de acordo en que isto ten que parar. Non é cuestión de se a Feijóo lle fan caso ou non lle fan caso, aos que non nos están facendo casos é aos galegos. Iso é o que temos que tratar de corrixir.

E, señora Presas, a mesma vara de medir, por suposto que si, muller. O mesmo que lle pedimos nós ao Estado é o mesmo que tratamos de facer aquí en Galicia; para mostra un botón, levamos catro meses nesta Cámara co fondo de consenso con 115 millóns de euros nunha comisión que temos entre todos, tamén ten que dar a súa opinión o diálogo social, tamén temos que escoitar o que din os expertos, pero en primeiro lugar e sobre todo os grupos parlamentarios que conformamos esta Cámara, e resulta que non nos poñemos de acordo en 115 millóns de euros. Pero ¿a que xogamos? ¿Por que non nos poñemos de acordo en a que se poden destinar eses 115 millóns de euros? É moito máis fácil, tendo tamén a suficiente prudencia de que o 30 % deles son fondos REACT que teñen unha execución a tres anos que permiten unhas políticas e non outras, e os outros son fondo propio que teñen unha vixencia en principio neste exercicio. Eu creo que o deberíamos facer.

Como é bo exemplo outros que se trouxeron nesta Cámara, que xa pasou tres veces por comisión o vicepresidente segundo dando a suficiente explicación, e aínda así dálle que che pego coa falta de transparencia. Se cada vez que alguén mira, e nos mira un pouquiño máis alonxando da Canda e do Padornelo, ou de Pedrafita, resulta que nós somos *escontra o branco, casi transparentes del todo*, en calquera ítem que miremos este Goberno é un verdadeiro exemplo.

Non lle entendín algunha cousa e ofrézome, porque non sei ao que se refería tamén cando dicía que non daban as contas, e que seica faltaban 119. É que eu, de verdade, se me presentan, por favor, por escrito, prométole honradamente que ata *de mi puño y letra* llo contesto en menos de vinte e catro horas, pero tampouco me quero aquí pasar de listo, porque —volvo repetir— todo e ben non o fai ninguén, pero *escontra o ben...* vaia por adiantado.

Si que dan as contas, tanto en Sanidade como en Servizos Sociais. Eu non sei se seremos o máis transparentes de todos, os mellores que fan as cousas, os que..., pero cando miro para arredor, e termino esta primeira intervención, si que me dou conta dunha cousa, polo menos somos os que menos dicimos mentiras (*Risos.*) (*Aplausos.*) Somos os que menos dicimos mentiras dos que están aí, dos que están alí ou doutros que nos miran e tal.

Moitas grazas, e ata moi pronto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu invítooo a que en calquera momento me discuta cando lle conto mentiras. Invítooo, por favor.

Mire, señor Puy, e señor conselleiro, eu cando queira nesta Cámara, podemos facer o debate unicamente sobre o financiamento autonómico. ¡Cando queiran! E nese momento debateremos e veremos cal é a postura deste Grupo Parlamentario Socialista.

E na miña intervención en ningún caso asumín nin dixen que os recursos eran moitos, poucos ou regulares. Simplemente me referín aos recursos que hai e que viñeron, e que tampouco que veñan de Europa, efectivamente, evidentemente de onde veñan. Nós o que queremos é que se apliquen para mellorar Galicia e para mellorar a calidade de vida dos homes e das mulleres do noso país. Nós non estamos en contra diso, nin moito menos.

E, mire, tamén lles vou dicir, tanto a un como ao outro, que os socialistas sempre empregamos datos oficiais, sempre. E neste caso os datos que eu empreguei aquí e os que vou seguir empregando na parte da miña exposición —que evidentemente vai quedar moi constrinxida, porque o señor conselleiro fala de moitas cousas das que, evidentemente, el ten un tempo ilimitado e do que nós carecemos— pero neste caso son datos de execución orzamentaria que presenta o Goberno galego e é a que nos entrega. E, polo tanto, entendo que eses son datos oficiais e a eses datos me remito.

E, mire, señor conselleiro, eu pídolle por favor, contésteme: ¿é unha mostra de transparencia que nós veñamos hoxe aquí sen ter ese informe pantasma do que nós soamente coñecemos unha nota de prensa? Dígamo, por favor.

E contésteme tamén: ¿é unha mostra de transparencia que o informe de actividades da Atriga correspondente ao ano 2020 ao que vostede fai referencia e dos datos dos que vostede fale non estean colgados na páxina web e que os grupos da oposición non os teñamos? (Aplausos.) ¡Dígame, por favor! ¡Contésteme! (Aplausos.) Dáme igual o que diga a AIReF, está falando da elaboración dos orzamentos. Iso non quere dicir que vostede sexa transparente en todo o demais.

E o que lle pedimos é que cando veñan aquí fagamos un debate rigoroso e serio. E xa lle dixen antes, isto non é unha comunidade de propietarios, é unha comunidade autónoma e, polo tanto, teñen a obriga de entregarnos os documentos e os informes sobre os que se vai falar nun debate neste Pleno deste Parlamento de Galicia.

Ben, pois seguindo nos datos que lle estaba amosando antes e que, polo tanto, contradín —salvo que esa execución orzamentaria que nos presenta o Goberno galego estea mal feita ou



sexa errónea, e eu non discuto que estea mal feita e que, evidentemente, poida haber algún erro, non o discuto — pois contradí bastante as afirmacións que vostede fixo aquí e as notas de prensa dese, insisto, informe pantasma sobre o que nós coñecemos.

E, mire, voulle falar na educación, pois voulle debullar tamén os orzamentos en educación. As obrigas recoñecidas superaron os créditos consignados inicialmente en 108,5 millóns de euros, polo que en todo caso o esforzo da Xunta de Galicia estaríamos falando de 15 millóns de euros, posto que 93 millóns de euros xa foron achegados polo Goberno do Estado. E se sumamos esa diferenza dos 4 millóns en Sanidade máis os 15 millóns en Educación, pois dáanos 19 millóns de euros de esforzo adicional da Xunta de Galicia. E, polo tanto, ¿onde están os 71 millóns restantes ata chegar a eses 90 millóns de euros, señor conselleiro? E é a súa execución orzamentaria, a execución que vostedes presentan; e, polo tanto, ¿onde están? Dígamo.

Pero, mire, a fundación Political Watch fixo público un informe no que afirma que a Comunidade Autónoma de Galicia foi a que menos fondos covid destinou á contratación de docentes, unha das eivas máis importantes na educación na nosa comunidade autónoma. Expoñendo literalmente que Galicia foi a máis baixa de todas as comunidades autónomas, en concreto, un 29,79 % do fondo covid, menos da metade da media estatal.

Vostede tamén, señor conselleiro, apunta nesa nota do informe propaganda deses 629 millóns de euros que destinaron 53,7 millóns de euros ao emprego. Pero a verdade é que eu penso que vostede volve facer mal as contas porque, mire, do Estado transferíronlle para políticas de emprego 167 millóns de euros. E se imos ver as obrigas recoñecidas respecto aos créditos inicialmente consignados, pois resulta que vostedes nin sequera executaron a totalidade, posto que executaron 2,5 millóns de euros menos, 2,5 millóns de euros menos. E do total de créditos vixentes, que acadaron a cifra de 407 millóns de euros, vostedes deixaron sen executar 135 millóns de euros para políticas de emprego en 2020, 135 millóns de euros; polo tanto, non nos falen de que as contas que vostedes fixeron un gran esforzo.

E ademais, mire, señor conselleiro, o número de ocupados no noso país non xustifica que vostedes deixen 135 millóns de euros sen executar. Porque, se comparamos os datos do cuarto trimestre do 2019 con respecto ao 2009 —e falo de 2019— estamos a falar de que en Galicia había 46.200 ocupados menos, ¡menos! E se falamos do cuarto trimestre de 2020, pois hai 61.300 ocupados menos, ¡menos! Polo tanto, non ten ningunha xustificación que deixe sen executar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...135 millóns de euros.

E, mire, por moito que lles guste ou lles desguste, e eu creo que é unha gran noticia que o Goberno de Pedro Sánchez, o Goberno do Estado en 2020 puxera recursos para que ninguén quedara atrás. E tamén en Galicia, 7.095 millóns de euros para traballadores autónomos e empresas afectadas pola crise económica derivada da pandemia. Máis de 207.000 galegos e galegas estiveron nalgún momento en 2020 baixo a protección dun ERTE, e estamos a falar



de 570 millóns de euros; 286,5 millóns de euros en prestacións para autónomos e 95.938 persoas beneficiadas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

E 23.775 prestacións do ingreso mínimo vital ata decembro de 2020, 13.403 adultos e 10.372 menores.

Eu vólvolle preguntar, señor conselleiro, ¿pode seguir dicindo que a Xunta de Galicia gastou todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿En canto axudaron aos concellos, aos que si lles puxeron obrigas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para previr a crise?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿En canto axudaron aos autónomos e ás empresas que peor o están pasando?

O señor PRESIDENTE: Grazas, Rodríguez Rumbo. Imos moi sobrados de tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sobrados quero dicir que imos mal de tempo, non que nos sobre o tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, digo eu que imos mal de tempo. *(Murmurios.)* Non dixen nada... Despois veremos ao final como vai o día.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, eu quixera comezar, para que non digan que non agradecemos cando o Goberno contesta, agradecéndolle ao señor Valeriano Martínez que resolvera o misterio da súa nota de prensa. Eu aos datos a que me refería que non daban a conta era ese detalle que aparecía na



súa nota de prensa e que vostede ademais citou literalmente aquí. Porque é un exemplo, é un síntoma do problema maior, entenda vostede que no que queremos poñer o acento é que non é serio vir dar un debate destas características tendo como única referencia eses catro datos dunha nota de prensa que nin sequera sumando dan. Agora resolvemos o misterio.

Pero, aínda así, nós entendemos que isto debe ter un debate máis profundo, porque concor- dará comigo en que, se imos á diferenza entre os créditos iniciais dos orzamentos e os vi- xentes, hai unha diferenza substancial. Unha diferenza que nós entendemos, estamos nun contexto extraordinario e nun contexto como este si é o momento onde un Goberno debe tirar de gastos extraordinarios e de débeda. Pero a cuestión é que nos parece que a formu- lación que fan vostedes dos 629 millóns e que tampouco explican exactamente como chegan a esta conclusión é bastante simplista. De feito, logo pasa o que pasa, que vén aquí o Partido Socialista dicir coma quen que incluso lle sobrou o que o Estado transferiu. Entón, nós agra- deceríamos que o debate fose un pouco máis profundo e que nos remitisen ese informe para poder facer o labor de control porque, efectivamente, se di que que computan para a Vice- presidencia Económica, por exemplo, 11 millóns e pico, e despois os plans de rescate teñen xa máis de 100 millóns, pois desde logo aí hai unha disonancia que nós entendemos que hai cuestións que deberíamos estar atribuíndo como gasto covid.

En todo caso, agradecida pola resposta. E a min o que me parecía o mundo ao revés é pre- cisamente que a información non se dea máis detallada xa por unha cuestión de respecto por este Parlamento.

En todo caso, indo ás cuestións concretas. Dános vostede a benvinda, señor Martínez, non sei exactamente a que. O Partido Popular de Galiza desde que goberna Pedro Sánchez descubriu que esta era unha comunidade autónoma histórica que podía sacar peito do autogoberno, e agora non sei moi ben a que obedece este tirapuxa que non ten demasiado sentido. Pon vos- tede o exemplo do IVE. Señor Martínez, é que foi o BNG quen lle estivo insistindo por activa e por pasiva á Xunta que a vía da negociación co Estado non ía a ningún lado, que foran aos tribunais. ¡Houbo que convencelos de que foran aos tribunais! Pois, efectivamente, a min paréceme unha noticia positiva que en novembro —tal e como constaba na información que nos remitiron do artigo 9— presentaran por fin esa demanda, e oxalá veña a favor de Galiza. Pero aprendan vostedes a lección, é que aí quen se estaba fiando do señor Sánchez eran vos- tedes, ¿ou era que o señor Casado non lles deixaba? Non sabemos moi ben cal das dúas era a explicación; pero, en todo caso, nós entendemos que ese era un paso que había que ter dado hai moito tempo. Se non tiveran enredado con notificacións artificiosas ao Estado, xa podían telo presentado antes do estado de alarma e seguramente pois igual xa estaba resolto. Así que cadaquén, señor Martínez, que aguante da súa vela.

Eu pregaríalle tamén que atenda un pouco máis cando escoita a señora Pontón, que se mo- leste un pouco en poñer a orela. Eu xa sei que non interiorizan, que a vostedes lles pasa coa oposición o que dicía aquí de que entra por un oído e sae polo outro. Pero atenda un pouco porque verá que o que fai o Bloque Nacionalista Galego é perfectamente coherente, defender os intereses de Galiza diante do Estado e criticar o peso pluma do presidente da Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) que se está verificando cada vez máis. (*Aplausos.*) Habíao cando vostedes gobernaban no Estado pero, claro, a cuestión de fondo é que vostedes se poñen moi bravu-



cóns co señor Sánchez, e nós dámoslle a benvida en canto nos ver o Goberno galego erixido en urogallo na defensa dos intereses deste país. Pero é que se estivesen gobernando vostedes farían o mesmo ou peor, esa é a cuestión de fondo porque cando lle vai mal a Galiza é cando dependemos das forzas estatais.

Logo vén vostede sacar peito aquí outra vez, porque hai que reencher, dese fondo consenso que nin é consenso nin son 115 millóns para a Comisión, porque sabe vostede que ese fondo consenso ten máis axentes polo medio. En todo caso, se aí non hai consenso é porque vostedes non queren, son vostedes os que non queren consensuar cuestións tan importantes como un novo modelo de residencias. Polo tanto, está a pelota no seu tellado. Señor Martínez, eu sei que lles gusta crear un arquetipo de oposición pouco propositiva e pouco dialo-gante, pero a pelota está no seu tellado.

Tamén, por engadir algunha das cuestións que vostede puña enriba da mesa, a min non me deu tempo de falar da débeda na anterior quenda. Mire, a cuestión é que vostedes desde que gobernan triplicaron a débeda deste país, pero a cambio a cuestión é que chegamos a esta pandemia con moitísimas debilidades nos servizos públicos e iso é o que criticamos nós respecto da débeda. Porque a cuestión é que nun momento extraordinario como este pois seguramente haxa que subscribir máis débeda. Pero a cuestión é ¿para que se empregou a débeda anteriormente subscrita e que xa ten hipotecadas as nosas finanzas? Polo tanto, aí temos o debate de fondo nesta cuestión.

E xa, finalmente, porque o tempo esgótase, xa nos reprimiu un pouco preventivamente o señor Santalices, a modo de conclusión, eu sinceramente, señor Martínez, agradecemoslle sempre que veña a comparecer. Parécenos que esta é unha parte importante do Goberno, que ás veces polo día a día pasa desapercibida, pero, sinceramente, temos a impresión de que non hai vontade ningunha por aprender ningunha lección na pandemia da covid por parte do Goberno galego. Nós insistimos, hai que ir a unha reorientación de como se empregan os recursos públicos neste país, hai que reordenar os servizos públicos e blindalos, hai que apostar nesa liña para superar os doce anos de Goberno do señor Feijóo e do impacto da anterior crise que se está notando e moito nesta. Hai que ir a un novo modelo económico respecto dos sistemas produtivos e tamén hai que dar un paso adiante no autogoberno e na soberanía financeira deste país. E iso non vai vir de declaracións artificiosas que faga nesta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...senón de que tomen en serio esas negociacións dun novo sistema de financiamento, que teñan unha posición respecto das modificacións fiscais e que fagan tamén un novo marco fiscal dentro das cuestións que si son da súa competencia. Así será...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...como poderemos ter máis recursos para afrontar uns retos que —niso coincidimos— non acaban nin en 2020 nin no 2021.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que o debate basicamente está concluído. Eu creo que quedou patente, sobre todo non tanto pola intervención do conselleiro, senón polas dúas outras intervencións dos grupos da oposición que queda claro que é difícil cuestionar unha execución do gasto onde Galicia é a comunidade máis investidora, onde Galicia é a comunidade que máis rápido pagou aos provedores, onde Galicia cumpriu o déficit pero non fixo superávit cun 0,1, e ademais que fixo unha boa execución do gasto. E, por certo, eu quero porque ninguén o dixó, eu quero pedirlle ao conselleiro que felicite os funcionarios públicos. É que nos estamos esquecendo de que a execución do gasto e todos os procedementos administrativos do gasto se fixeron nunha situación de confinamento e con teletraballo e nunhas circunstancias moi difíciles. E, polo tanto, foi un traballo exemplar non só da dirección política da consellería, senón dos funcionarios da consellería. *(Aplausos.)*

O que sería importante a modo de conclusión é intentar chegar a algunha conclusión de futuro, de futuro porque, en primeiro lugar, eu creo que o que depende de Galicia despois da intervención do conselleiro nos permite ser máis optimistas. Por exemplo, é moi importante o tema da débeda. Non é menor que Galicia teña unha situación de débeda que só é superada polas comunidades do País Vasco en relación ao PIB, do País Vasco, de Madrid, de Canarias e de Navarra, que practicamente está igual que nós, que son as dúas comunidades forais, a que ten un réxime especial, e Madrid que ten evidentemente unhas rendas xerais que lle permiten ter unha situación distinta. Pero somos a comunidade autónoma que temos, polo tanto, máis capacidade de reacción de cara ao futuro. Fixémolo ademais sen presión fiscal engadida, ninguén falou da presión fiscal. Eu quero felicitar tamén o conselleiro non só polos adiamentos, senón tamén por ter unha presión fiscal que permite á sociedade recuperarse mellor facilitando as sucesións, as transmisións patrimoniais, os investimentos no rural. E para o futuro, en cambio, onde hai máis riscos é o que non depende estritamente de nós.

Eu creo que o conselleiro argumenta, xa o argumentou máis veces, que a repartición dos fondos está sendo regresiva. É dicir, que beneficia máis as comunidades que teñen máis renda per cápita e prexudica as comunidades que teñen unha renda per cápita máis baixa. E que iso xera a cifra de 660 millóns de euros en relación coa Galicia dos fondos que xa coñecemos no 2020 e no 2021. Eu eloxiei os ERTE, eloxiei Europa porque permitiu o seu financiamento, eloxiei que o Goberno de España tomara decisións como manter o gasto das comunidades autónomas. Pero eu creo, señora Rumbo, Martínez Rumbo, que, se vostede vira que os ERTE en Galicia se pagan un 30 % menos que o resto do país, simplemente porque



son ERTE de traballadores galegos, ¿vostede diría algo? Non, os ERTE repártense con carácter xeral en función da situación das empresas. Sen embargo, cos fondos está pasando iso. Está pasando que con algunha excepción, como dixo o conselleiro, a maioría acaban prexudicando Galicia e acaban prexudicando Galicia ademais por ter unha renda per cápita máis baixa que a media; é dicir, porque están funcionando de maneira regresiva.

A segunda cuestión, que non se falou e que eu creo que tamén xera incerteza para o futuro, é das liquidacións negativas que virán dentro de dous anos. A señora Presas dicía por que agora cambiamos de actitude. Bueno, é que para empezar, por exemplo, coas liquidacións negativas o que nos deixou o PSOE era devolvelas en 5 anos. Grazas ao Goberno do PP; non, eran menos de 5, incluso, que despois o prorrogou a 5, a 10 e a 20 anos, ¿non? Houbo un bo comportamento do Goberno de Mariano Rajoy desde o punto de vista financeiro coas liquidacións negativas. Agora van vir liquidacións negativas enormes. Eu confío en que aí haxa sensibilidade como a que tivo o Partido Popular. Pero é que o Partido Popular nin nos quitou unha mensualidade do IVE, nin nos deixou de pagar as compensacións por ter cumpridas as regras de gasto, nin en ningún momento fixo algo para prexudicar a Galicia, cousa que aquí si pasou.

O problema é, polo tanto, que nós estamos defendendo Galicia e eu teño que recoñecer que en ocasións nos atopamos co Bloque aí, non así co Partido Socialista.

O conselleiro posiblemente non se acorda, pero no ano 2019 tivemos un último Debate do Estado da Autonomía. E o Grupo Parlamentario Popular trouxo á Cámara para o seu debate e votación unha proposta de devolución do IVE, xunto coas outras cifras que nos debe o Goberno de España. O resultado da votación foi que votou a favor o Partido Popular, que votou a favor o Bloque Nacionalista Galego, que votou a favor o que fora escisión de Podemos e das Mareas no Grupo Mixto, e que se abstiveron o Grupo de Podemos e o Grupo Socialista.

Bueno, pois esta é a actitude que nós non entendemos que é de recibo, porque ao final tivemos que ir á xustiza para que nos dean a razón, porque probablemente nos darán a razón.

Vostedes non se poden abster nestas cuestións, vostedes teñen unha responsabilidade enorme porque é seu o Goberno que hai en Madrid. E certamente nós imos practicar o diálogo, non imos ir aos tribunais de primeiras, como dixo a señora do Bloque, esa é a lealdade institucional. Pedilo, facer un requirimento por escrito e, cando ese requirimento se denega, presentar o recurso. Pero pensen que, cando fallan as canles de comunicación e de diálogo que están previstas nas normas, cando falla a lealdade institucional, ao final o discurso que vai acabar prendendo é ese que hai pouco un deputado do seu grupo chamaba delirios independentistas.

Eu creo que paga a pena que vostedes cambien de actitude e asuman que o noso principal deber é defender Galicia, e a defensa de Galicia no ámbito financeiro pasa pola defensa de que se lle dea a Galicia o que lle corresponde nos fondos europeos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Turno de peche desta comparecencia, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, de novo, señor presidente.

Xa tamén tratando de ser áxiles, aínda que é bo que lle dediquemos tamén na Cámara tempo ás cuestións fiscais e financeiras, polo que significan non tanto por estar primeiro, segundo, terceiro nun *ranking*.

Señora Rodríguez Rumbo, creo que este Goberno, como lles dicía, *escontra o branco* sempre en materia de transparencia.

Tema número 2: cando fala vostede de determinados informes da contratación de docentes en Galicia é de menos, ¿non será que foi a que menos medrou porque resulta que é a que estaba menos mal antes? Durante moitísimos anos a nosa dotación de persoal docente en xeral no que está é nos primeiros lugares de Galicia. O mesmo pasa coa sanidade cando se critica dun lado e doutro. Durante doce anos foi moito o que fixo este Goberno nos servizos públicos a pesar das mensaxes catastrofistas que, en moitas fases, tanto un grupo como outro teñen feito nesta Cámara e nos medios de comunicación e que, sen embargo, non chegaron aos galegos e galegas. Porque si que eles foron conscientes da calidade dos servizos públicos que temos que se asentán, en primeiro lugar e sobre todo, nos recursos humanos que temos, recurso humano; persoas que traballan, empregados públicos con distintos estatutos, ben funcionarios, estatutarios, laborais, pero que traballan nas competencias propias da comunidade autónoma, que son o verdadeiro sostén dunha sociedade avanzada en servizos públicos, temos, e que sempre é posible mellorar. Por iso algúns ratios din que somos os que menos medramos porque xa o fixemos antes.

O mesmo pasou no gasto sanitario, por exemplo, covid e social no ano pasado cando o comparas e miras para o lado doutras comunidades autónomas en que o gastar.

En materia de emprego. En materia de emprego era un clásico e faltábame, porque teño aquí que repasar e cando, mire que se critica a execución do orzamento de emprego. Voulle dar soamente tres pinceladas. Mire, a comparativa co resto de comunidades autónomas. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en número de axudas publicadas, 82, seguida de Castela-León, 60, e Madrid, 54.

En termos de orzamento aplicado en 2020 as axudas ao emprego en Galicia foron as de terceiro lugar, cun 2,05 %, só por detrás de Extremadura 3,14 e País Vasco 2,09. E a Xunta acadou o terceiro lugar por investimento por poboación parada media entre xaneiro e outubro, cun investimento por persoa parada de 1.346,47 euros, só por detrás de Euskadi, 1.822, e Extremadura, 1.554. A partir de aí pónalle segundo apelido, terceiro ou cuarto.

Soamente unha cuestión, señora Presas, que estivo moi construtiva e se tal, como ás veces está o Bloque, o malo é que despois olvídanse dunha semana para outra, nese aspecto son



moi constantes nas súas orixes pero nalgúnhas cuestións despois fraquean un pouco. O que si me estraña é na súa boca, porque se a chego a utilizar eu xa sería, bueno, ¡uf! Chamarlle ao presidente Feijóo «peso pluma». Non estou facendo un xuízo de valor, digo eu o criterio este boxístico, porque se Feijóo é un peso pluma, o Bloque, vamos, nin mosca. (*Risos.*) Nin mosca, nin mosca. (*Aplausos.*) Tampouco hai que ser un lince en cuestión tal. Se Feijóo é un peso pluma, o Bloque nin mosca, nin mosca, nin mosca.

Por certo, en cuestión de fondos europeos sería bo que nos puxeramos de acordo en tratar de achegar á comunidade autónoma, que boa falta lle fai, porque van ser quizais o principal condicionante do que sociedade poidamos ser na próxima década, como mínimo na próxima década, sería bo. Pero en esencia sería bo tamén que determinadas orixes e veleidades que ata o día de hoxe teñen no seu grupo parlamentario foran deixadas á parte. Porque a máxima do seu grupo ata onde eu sei é que Europa que, vamos, que de Europa nada. Pois se de Europa nada, xa me virán vostedes dicir determinadas cuestións.

E bo recordar o que significou o Bloque nestes 40 ou 50 anos sobre ese punto, como outros, como o do cupo tamén, cando se fala de sistema de financiamento e todo o demais, pero, bueno, seguiremos falando todo o que queira.

Acabamos de debater sobre o peche do exercicio máis complicado —créanme— da historia da autonomía. Xa que a poucos meses de comezar o ano, en marzo, vímonos obrigados a reorientalo para, por un lado, combater a pandemia e, por outro —de maneira paralela—, habilitar e axilizar mecanismos orzamentarios para axudar tanto a familias como a empresas.

E con todas as dificultades eu creo que o peche constata dous puntos moi importantes. En primeiro lugar, o Goberno galego gastou todo o necesario para atender unhas necesidades extraordinarias, 629 millóns de euros cun esforzo adicional da comunidade autónoma, mírese por onde se mire, de 90 millóns de euros. E fíxoo mantendo as súas fortalezas habituais, liderando en España o esforzo investidor, pagando antes que ninguén para garantir a liquidez dos nosos provedores, controlando o déficit e a débeda de maneira responsable e aprazando o pago de obrigas tributarias autonómicas.

Unha vez pechado o ano 2020, o reto inmediato é acabar de controlar a pandemia, pero xa cunha economía cada vez máis aberta para achegarnos canto antes á maior normalidade posible. E con apoios nos eidos económicos e sociais para recuperar o tecido produtivo e para atender as necesidades que, como dicía, tanto merecen as nosas familias e empresas.

Para iso creo que temos unha ferramenta fundamental, que é o orzamento en vigor, deseñado de maneira prioritaria para estes retos. Non obstante, reitero que para garantir unha saída cohesionada desta crise debe mudar a actitude do Goberno central. En primeiro lugar, porque as súas reparticións están tendo criterios discrecionais e cambiantes e cada vez máis alonxados do sistema de financiamento autonómico. Que están prexudicando gravemente Galicia, pois recibiu 666 millóns de euros menos do que lle correspondería polo criterio pactado no Consello de Política Fiscal e Financeira. E, en segundo lugar, porque tememos que o Goberno de España pensa repetir esta mesma discrecionalidade coa repartición dos fondos



do Plan nacional de recuperación, transición e resiliencia, que é o que leva facendo desde o principio da pandemia.

Señorías, agardo que co apoio de todos os grupos parlamentarios poidamos facer ver ao Goberno central que debe mudar a súa posición, para ter unha cogobernanza real. Non somos un medio propio da Administración central do Estado. Hai que evitar discriminacións entre comunidades autónomas e, como comunidade autónoma, débese nos permitir acceder a todos os recursos postos á disposición por parte da Unión Europea en igualdade de condicións. Non pedimos máis, tras xa saír penalizados neses 666 millóns de euros.

Sexamos prácticos e útiles, poñámonos de acordo no que poidamos poñernos de acordo, empezando pola comisión que temos constituída neste Parlamento e fagámonos fortes porque, se non, veñen épocas difíciles para a próxima década e non polo que estamos facendo nós de seu. Teñamos coidado o ano que vén con esa liquidación que falta, a liquidación do 2020, que será efectiva no 2022, dentro dun ano, pero tamén o que pode ser a liquidación no 23.

Saibamos poñer en común o que temos en común, porque nolo agradecerán quen nolo ten que agradecer, que son os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto.

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 4 da parte resolutiva da iniciativa.

<<14. Priorizar a elaboración e posta en marcha dos PORF (Plans de Ordenación dos Recursos Forestais) de todos os distritos forestais nesta lexislatura, cos seguintes criterios:

a) Unha verdadeira xestión forestal sostible, que estableza modelos de xestión forestal para todo o territorio. Así mesmo, a elaboración de instrumentos de xestión forestal para cada propietario ou xestor na que se combinen criterios de produción, sociais e ambientais, de xeito que tódolos propietarios leven a cabo unha verdadeira xestión forestal sostible.



b) *Integración da actividade forestal co resto de actividades do rural, eliminando confrontacións entre sectores e no que o forestal sexa a base para o desenvolvemento da gandaría e agricultura.*

c) *Reequilibrio territorial, para establecer as plantacións de especies por todo o territorio galego, rompendo o monocultivo de certas especies nalgúns distritos e a imposibilidade de plantar estas mesmas especies noutros.»)*

Para formular a moción, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

Eu hoxe quería falar dun home, dun psiquiatra, o psiquiatra e neurólogo austríaco Viktor Frankl. Este home que sobreviviu aos campos de concentración nazis desenvolveu, ou máis ben definiu, unha técnica, a técnica condutista chamada psicoloxía inversa. ¿E en que consiste esta técnica?, pois en modificar a conduta dunha persoa para que mude a súa posición facéndolle crer que cre algo que en realidade non precisa. É dicir, e reducíndoo moi ao básico, se queremos que alguén realice a acción A, ímoslle dicir que realice a B para que finalmente faga a A, que ademais sempre estará moito mellor xustificada que a B.

A base desta cuestión é o uso da reactancia, ese principio psicolóxico motivacional que fai que de maneira natural busquemos defender a nosa liberdade e, polo tanto, nos revelemos contra as normas que nos reprimen. E isto, traído ao caso que nos ocupa, é tan sinxelo, tan sinxelo como que o conselleiro do Medio Rural faga unhas declaracións públicas anunciando e reiterando durante dous meses que vai prohibir as novas plantacións de eucalipto para lograr que todos os propietarios do monte se lancen irremediabile e urxentemente a plantar esta especie. Como digo, psicoloxía inversa e, ademais, vinculada ao principio de prohibición.

Así, desde que da boca do señor conselleiro saíu a palabra moratoria, comezou neste país unha carreira, unha carreira de fondo pola plantación de eucalipto en cada metro cadrado de superficie apto para iso, e fíxense que digo apto, que non legal. E aquí vale todo, talar piñeiros que non cumprían o turno de corta, continuar a plantar como xa se estaba a facer en zonas eminentemente agrícolas, en zonas que ata día de hoxe tiñan monte raso, en zonas de Rede Natura, en todas as partes.

Todo vale, digo, ante a promesa da rendibilidade económica do eucalipto e o augurio de que calquera outro tipo de aproveitamento da terra está condenado á perda económica e ao es-caso retorno.

E desta carreira sen freos polas novas plantacións de eucalipto deste efecto chamada levamos alertando no BNG desde hai máis dun mes, pero non só no BNG, como dixen o outro día: medios de comunicación, sindicatos, agrupacións madeireiras, asociacións ecoloxistas, técnicos forestais, viveiristas e incluso, agora véñense de sumar as grandes multinacionais do sector que teñen alertado e constatado este *boom* eucaliptizador que é tan enorme que ata a



propia Televisión de Galicia se viu obrigada a facerse eco, iso si, nun telexornal, non fora ser que houbera algunha chamada de reprimenda.

E ¿que fai mentres a consellería? A consellería segue a negar a maior e mira para outro lado. En palabras do señor conselleiro, o outro día «non se dan evidencias tanxibles dun efecto chamada». Eu non sei que máis falar por parte do Partido Popular, non sei se van saír con esta liña argumentativa, que para nós é absolutamente indecente, ou se van respectar un pouquiño a intelixencia das galegas e dos galegos.

No BNG non dicimos que o eucalipto sexa malo *per se*, non hai especies forestais boas ou malas, e esta especie, está claro, ten un papel importante no desenvolvemento forestal do noso país. O que hai é unha xestión forestal boa ou mala, e aquí o que hai, o que hai neste país é unha xestión forestal nefasta que consiste basicamente na ausencia total de xestión. (*Aplausos.*) E o deixar facer de toda a vida, o ti vai facendo, que tan bos réditos políticos lle ten dado neste país ao Partido Popular e que tan demoedor ten sido para as esperanzas de futuro de Galiza. O problema é que a xestión forestal non pode ser unha cuestión curtropacista, as decisións que se toman no mundo forestal, como vostedes saben, son decisións de futuro que teñen efectos a longo prazo. Nós estamos hoxe aquí a falar dunha moratoria, levamos xa varios meses facéndoo, cando todas e todos sabemos que esta moratoria non existe na realidade.

Minusvaloran vostedes de novo este país e desprezan a súa capacidade de interpretar a realidade. Pensan que cun titular de prensa a xente vai pechar os ollos ante unha situación de descontrol que coa conivencia e coa guía, como dixen o outro día, da propia Xunta de Galiza, se está a vivir.

Pero imos falar un pouquiño da súa campaña publicitaria, esta moratoria de eucalipto, esa moratoria que anunciaron en prensa e que, din, está previsto alongar ata decembro de 2025. Esa moratoria que o conselleiro o outro día tivo aquí a ousadía de afirmar que o BNG votou en contra cando se debateu o Plan forestal, cando nin sequera foi obxecto de votación; de novo xerando confusión no país.

E eu invítoos a calquera de vostedes, de todos os grupos, a que revisen a autoemenda que se fai o Partido Popular á Lei de recuperación de terra agraria e que atopen aí a palabra moratoria. Eu avánzolle que non a van localizar, porque ¿que di realmente esta achega do Partido Popular? Pois di basicamente tres cousas:

Primeiro, que as repoboacións con especies de eucalipto que estean contempladas nos planos de ordenación, tanto se están en vigor como se se están a tramitar, se poden seguir facendo; é dicir, o que fai esta mal chamada moratoria é legalizar na práctica todas aquelas plantacións de eucaliptos que ata día de hoxe se fixeron de xeito ilegal, ou cando menos irregular, en terras agrarias, en terras gandeiras, en figuras de protección ambiental, etc.

Segundo, que naquelas partes do monte onde a especie dominante sexa o eucalipto, os titulares poden plantar outras especies forestais e trasladar esa mesma superficie de eucaliptal a outro lugar do monte; é dicir, esta mal chama moratoria, como digo, non reduce tampouco



aquí a superficie de plantación no monte galego, senón que o que fai é cambiar de lugar as plantacións de eucalipto.

E, terceiro, que naqueles montes onde a superficie de eucalipto supera o 50 % se poden eliminar as restantes especies forestais e reforestar toda a superficie completa con eucaliptos. Polo tanto, tamén esta mal chamada moratoria non é que elimine ou reduza a superficie de eucalipto, senón que o que fai é eliminar ou reducir a superficie doutras especies forestais a favor desta última.

A ocupación actual do monte galego pola especie de eucalipto, segundo planificaron no primeiro Plan forestal de Galiza, ese que veñen de substituír agora por esta primeira revisión, supera a día de hoxe unhas 400.000 hectáreas o que estaba previsto segundo as estimacións máis conservadoras, e o que están a facer vostedes con esta proposta e co conxunto da Lei de recuperación de terra agraria é darlle a esta cantidade a carta de natureza.

O conselleiro dixo aquí o outro día unha cousa que a min pareceume tremenda, pareceume unha *boutade*, despezou a cifra aproximada de 600.000 hectáreas que demos nós e dixo, vou citar: «que podíamos falar de 400.000 como falar de 600.000, 700.000 ou un millón porque xa postos daba igual». Unha cousa que a min persoalmente me parece unha frivolidade, que é absolutamente impropia do máximo responsable da política forestal deste país e da que, ademais, con toda certeza se terá que desdicir cando se publique finalmente o inventario continuo galego.

Ao final para nós, ¿que é o importante aquí?, ¿que é o que estamos a debater nesta moción? Pois debatemos se o monte galego tende a ser un espazo adicado case en exclusiva á produción forestal de baixa calidade ou se consideramos que hai outros usos que achegan máis valor engadido e máis riqueza social. O que non é de recibo para nós é que a posición oficial da Xunta de Galiza sexa a que relatou aquí o conselleiro do Medio Rural no último pleno. E cito de novo: «que a diagnose do monte está consensuada co sector forestal no Consello Forestal de Galicia». E probablemente nesta afirmación resida boa parte dos males do noso monte, porque desde o BNG non cansaremos de remarcar que a política de montes neste país ten que ir moito máis alá da política forestal. A política forestal é unha parte, unha parte importante, si, pero non pode ser a única faciana da política de montes. Os intereses do sector forestal, importantes, repito, non son os únicos que deben primar, máis cando enchen a boca falando de multifuncionalidade, biodiversidade, sustentabilidade; e preguntamos de novo ¿como conxugan estes tres substantivos co monocultivo do eucalipto? (*Aplausos.*) Non poden.

Precísase en todo caso dunha planificación a longo prazo e que estea participada pola sociedade, dixémolo tamén no debate do Plan forestal. No monte non hai só usos forestais; hai usos agrícolas, hai usos gandeiros, hai espazos que requiren dunha protección ambiental, hai importantes valores culturais e patrimoniais a preservar, hai aproveitamentos micolóxicos, hai usos sociais, deportivos, actividades educativas, poderíamos seguir así *ad infinitum*. Todos estes intereses deben estar postos enriba da mesa e valorados en pé de igualdade para que o noso territorio recupere riqueza e gañe en resiliencia, outro palabra do que gustan moitos todos, pero que despois nunca pretenden poñer na práctica.



Nós hai quince días falabamos de que xa podíamos certificar o aumento de plantacións legais e tamén ilegais en zonas nas que xa non se podía plantar eucalipto a día de hoxe, como en parcelas de frondosas, en espazos naturais protexidos, e incluso en terras agrarias, producido desde o anuncio do conselleiro. Falabamos tamén de que no sentido contrario non tiñamos detectado de xeito paralelo unha intensificación das tarefas de control e seguimento destas plantacións ilegais por parte da Xunta, nin sequera un reforzo de recursos para tal fin, co gallo de facer cumprir a legalidade e reclamar unha reposición da mesma nas parcelas que se viran forestadas irregularmente, que sería o lóxico. E, se iso o dicíamos hai dúas semanas, poden imaxinar que neste momento a situación só fixo que empeorar.

En todo caso, xa o comprobamos o outro día na nosa interpelación ao conselleiro, e que a Xunta de Galiza vai facer ouvidos xordos a calquera tipo de argumentación vencellada ao conservacionismo, á protección ambiental, á biodiversidade, multifuncionalidade ou directamente á legalidade. Así que vou intentar probar con outro argumento que vostedes normalmente parecen entender mellor, que é o da rendibilidade económica.

Porque eu quería preguntar por que se resignan a unha produción forestal de baixa calidade, por que se conforman con non xerar aquí valor engadido, ¿non cren vostedes que hai que mudar de rumbo para que haxa unha correspondencia entre os millóns de toneladas que cortamos cada ano no noso país e o volume de negocio que ten o sector no noso produto interior bruto? ¿Non teñen ningún reparo ante a posibilidade dun crac no sector? ¿Ante esta crónica dunha morte anunciada que nos están a alertar desde distintos ámbitos?

E non vou incidir no que dixen o outro día, porque é de sobras coñecido. Non hai plantas nos viveiros; Finsa incluso ten recoñecido un aumento exponencial da entrada de madeira de piñeiros dun calibre menor; asociacións ambientais continúan a recibir ducias de denuncias; o clúster da madeira certifica a tendencia, as asociacións forestais falan dunha tala indiscriminada de piñeiros e ata hai quen o outro día, *El Progreso* de Lugo, marquei este titular porque dicía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ... —vou rematando— «Estannos arrasando». Era unha frase literal dun viveirista de Mondoñedo.

Nós nesta moción propomos catro puntos de acordo: poñer en marcha mecanismos extraordinarios de control precisos neste momento de efecto chamada; tomar medidas precisas para protexer as superficies que non teñen que ser forestadas; establecer tamén as medidas precisas para paralizar as plantacións ilegais e repoñer a legalidade; e elaborar unha lei de ordenación de masas de eucalipto que, entre outras cousas e como punto de partida, integre a retirada de masas de eucalipto en zonas agropecuarias, de protección ambiental e bosques de ribeira; retirada de eucaliptos de superficies forestais mixtas e ordenación e xestión, ordenación e xestión das fincas de eucaliptal garantindo unha xestión sustentable...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González.



A señora GONZÁLEZ ALBERT: Esta proposta —remato xa— establece cuestións básicas que para nós, repito, deben ser un punto de partida para poñer fin a este absoluto descontrol e sentar as bases dunha auténtica regulación do eucalipto neste país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Quería comezar cunha reflexión. O venres pasado nun debate electoral da radio vimos a cara máis dura da extrema dereita deste país, incapaz de condenar as ameazas de morte recibidas polo ministro do Interior, a directora da Garda Civil e o candidato de Unidas Podemos á Presidencia da Comunidade madrileña, poñendo en dúbida a veracidade das ditas ameazas e invitando o dito candidato a marcharse non só do debate, senón tamén a marcharse da política e de Madrid. Eu pensaba que era unha sorte que a extrema dereita non tivese representación no Parlamento de Galicia, o que non sabía é que aínda estaba dentro das filas do Partido Popular, que pide que o candidato máis votado á alcaldía de Ourense abandone a política cuns tics propios do máis propio [fascismo] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), señora Nóvoa. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor SECO GARCÍA: Todo o meu apoio a Rafa Villarino...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión. ¡Silencio, por favor!

O señor SECO GARCÍA: ...que ten o único pecado de ser un político honesto e decente...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Á cuestión, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Señor presidente, pido o mesmo trato que lle dou vostede no pleno anterior aos membros do Partido Popular que viñeron aquí a falar doutra cuestión que non era a que estaba en debate. Pídlle o mesmo trato.

O señor PRESIDENTE: E eu xa lle dei un minuto con respecto a un tema que non ten nada que ver co que se está debatendo. Agora prégolle que vaia á cuestión.

O señor SECO GARCÍA: Espero que o faga tamén co Partido Popular cando fai o mesmo que estou facendo eu.

O señor PRESIDENTE: Suelo ser niso bastante... Grazas. *(Murmurios.)*



O señor SECO GARCÍA: ...só lle pido que fronte á chantaxe do señor Feijóo e do señor Baltar, democracia. Rectifiquen xa, señores do Partido Popular (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor SECO GARCÍA: Entrando de cheo na moción que presenta o grupo nacionalista sobre a moratoria do eucalipto e os problemas que está a causar o irresponsable anuncio que fixo o propio conselleiro dende este mesmo estrado, ¿como é posible que se presente unha iniciativa de tanta importancia e incidencia que contradiga de tal xeito o Plan forestal que están presentando? ¿Por que tratan con tanto desprezo o sector forestal, señores do Partido Popular? Vostedes que alardeaban que tiñan consensuado o Plan forestal co sector, que tiveran en conta a participación de todos os implicados, resulta que era tan bo, tan bo o Plan forestal que o primeiro que fan tras a aprobación é tiralo nun cubo do lixo. ¿Por que? ¿Cal é o motivo de facelo? Unha nova ocorrencia da Consellería de Medio Rural coa que presentarse agora como defensores do medio ambiente e a biodiversidade ao mesmo tempo que son os grandes defensores dos propietarios forestais e da grande industria forestal. Vamos, que o Partido Popular é como o bálsamo de Fierabrás, o remedio para todos os males. Pero unha vez máis as súas ocorrencias traen consecuencias graves para o noso forestal.

Vaiamos a cal foi a mensaxe do Goberno do Partido Popular, especialmente a do señor Feijóo, despois do Consello da Xunta. Dinos: «anunciamos a suspensión temporal das plantacións de eucalipto en Galicia, unha decisión pensada, meditada e contrastada co sector. Unha decisión que adoptamos con distintas variables e distintas previsións». *¡Toma ya!* Se foi consensuada co sector, díganme, señores do Partido Popular, ¿por que non aparecía no Plan forestal de Galicia?, porque prevían un aumento do 3% no primeiro quinquenio. ¿En que quedamos? ¿Que foi consensuado, o Plan forestal ou foi consensuada a moratoria ou están tomando o pelo absolutamente a todo o mundo? (*Aplausos.*)

Di Feijóo que é unha decisión pensada e meditada con distintas variables e previsións. ¿Pero onde están? ¿Que esperaban? A mensaxe que deu o presidente da Xunta foi clara e nítida. Dinlle á cidadanía: o que teña plantado eucalipto vai poder seguir plantando eucalipto, e o que non, ¿que alternativas se lles ofrece, señores do Partido Popular? Nada, absolutamente nada. O auténtico abandono.

Entón, ¿que esperaba o Partido Popular?, que non houbera reacción ao anuncio. Se o presidente lle manda unha mensaxe á cidadanía dicindo agora ou nunca, transmitindo que se vaia prohibir a plantación de eucalipto pero non din cando nin de que xeito, ¿que pensaban que sucedería? Planificado, pensado e meditado, dicía Feijóo. Teñen toda a razón os alcaldes dos concellos de Castroverde e Friol, de diferente signo político pero preocupados polo noso rural, que non saben que tipo de asesores teñen vostedes no Goberno.

Os resultados aí están, todo un éxito o efecto chamada. Gran poder de convocatoria do señor Feijóo, hai que recoñecelo. O presidente da Xunta entrando nos fogares de todos os galegos en *prime time* nos medios de comunicación, sen interrupcións nin interpretacións dicindo: «apurade e plantade xa todo o eucalipto que desexedes, antes de que o prohibamos para aqueles que non andaron avispados e o fixeron a tempo».



Señores do Partido Popular, aí teñen os resultados que vostedes tratan de ocultar, pero que só hai que saír a dar unha volta polos nosos montes, visitar un viveiro ou falar cun madeirista; o seu anuncio en diferido, fixo que nun mes se esgotaran as existencias de eucalipto nos viveiros galegos, e que os madeiristas sexan incapaces de cortar todo o piñeiro que lles ofertan os propietarios coa única condición de cortalo no menor prazo posible e consecuentemente cunha importante depreciación.

As empresas de reforestación están desbordadas, traballando día e noite e non sendo capaces de atender a demanda de solicitudes dos propietarios para plantar, e con problemas para poder conseguir planta nos viveiros galegos, tendo que recorrer a traelos doutras rexións sen as garantías axeitadas. ¿Como é posible que fagan este tipo de intervención nun sector tan importante como o da madeira, nun duro momento de crise, ocasionando unha forte depreciación do piñeiro cando aos propietarios lles fan máis falta que nunca os recursos procedentes do monte?

¿Quen se está beneficiando destas actuacións, señores do Partido Popular? ¿A que prezo está pagando a industria o piñeiro? Deberían dar resposta a isto. Non vale con dicir que segundo os seus datos non pasa nada, como dixeron o outro día. Teñen que dar conta da súa irresponsabilidade e descontrol a moita xente que está a perder moito polas súas ocorrencias.

Dende o Partido Socialista estamos de acordo coas tres primeiras partes da moción do BNG, pedindo que se poña freo a este descontrol da plantación sen control, pero entendemos que a solución do monte galego non está nunha lei sobre as masas de eucalipto, que xa está lexislado. Nós propoñemos actuar en catro eixes.

En primeiro lugar, cumprimento da lei e planificación. Hai actuacións que están dentro da lei que se teñen que apoiar e potenciar e outras que están fóra da lei que se teñen que vixiar e castigar. Se o Partido Popular cumprira e fixese cumprir a lei, ao longo dos anos que levan no Goberno, non teríamos chegado a esta situación: un monocultivo de eucalipto, que supón o 97% da superficie do monte en moitos concellos de Galicia, debido á súa actuación negligente por non poñer medidas para evitalo.

Cando presentaron o Plan forestal de Galicia, dende o Partido Socialista dixémoslles por que non estaba ben realizado, votedes xa o sabían pero deulles exactamente igual. Por iso o mandan ao lixo ao día seguinte. Hai que elaborar un Plan forestal realista, asentado no sector, no territorio e na sociedade. Para isto hai que poñerse a traballar, contando con todo o mundo, pensando en todos e non só nuns poucos, presentando un verdadeiro plan que técnica, económica, social e ambientalmente sexa sostible, e pensado para o futuro, non unha folla de repartición de fondos públicos entre uns poucos privilexiados.

Dende o ano 2003, coa Lei estatal de montes existe unha figura normativa que se chama PORE, ¿non sei se lle soa? ¿Saben o que é, señores do Partido Popular? Semella que non, son os plans de ordenación de recursos forestais, voullo explicar moi sinxelo para aqueles que non o saiban.

Do mesmo xeito que existen os PXOM, os plans xerais de ordenación urbana, son o instrumento que teñen os concellos para regular o que se pode facer ou non se pode facer en cada



parcela do seu concello; pois os PORF son o mesmo pero no ámbito forestal. Coa elaboración e aprobación dos PORF en cada un dos distritos de Galicia poderían corrixir a desfeita que temos hoxe e que seguirá a incrementarse se seguen polo mesmo camiño.

O segundo eixe que presentamos é a xestión forestal sostible, non como unha expresión para aparecer nos títulos dos documentos nin nas presentacións. Isto supón unha acción política decidida que plantexe un modelo asentado na realidade, pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas. Non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal, mentres noutra ampla zona se lles someta á obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica, para ter como resultado unha media, e así non funciona.

¿Que propoñemos? De xeito paralelo á elaboración destes PORF que dicía anteriormente, poñer en marcha modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal. Estes son os verdadeiros instrumentos nos que se asenta o sector forestal. Trátase dun plan que regula o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas. A unidade de xestión non pode ser a parcela, senón que ten que ser o propio xestor; e, sendo así, este terá que adicar parcelas á produción e parcelas á conservación.

Isto non é nin máis nin menos que seguir no ámbito forestal galego os mesmos criterios que se teñen que aplicar na agricultura e na gandaría no que establece a PAC. Facer isto si que nos poñería á cabeza forestal de Europea e como verdadeira potencia forestal, non o volume de eucalipto que producimos cada ano, que máis ben fala de nós como se foramos unha colonia do século XIX.

O terceiro eixe é o que o monte e o agro teñen que mirarse e complementarse, non estar de costas e enfrontados, que é o que o Partido Popular conseguiu nestes anos. O monte debe servir de base para o desenvolvemento da gandaría de carne ou de determinadas actividades vinculadas á agricultura.

E, por último, o cuarto eixe, o reequilibrio territorial. Hai que romper o das tres Galicia forestais, cunha franxa costeira cun monocultivo ao servizo dun oligopolio industrial, outra gran zona en toda a zona do monte oriental e suroriental de abandono, e a gran diagonal central de Galicia, onde o monte está sometido a unha enorme conflitividade e inseguridade, para establecer as plantacións de especies por todo o territorio galego, rompendo o monocultivo de certas especies nalgúns distritos e a imposibilidade de plantar estas mesmas especies noutros.

Creo que a solución a ten o Partido Popular simplemente aplicando a lei e facendo que se faga unha xestión forestal sostible e uns plans de ordenación forestal que son necesarios en Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Estou mandando revisar, porque ás veces no debate un non entende as cousas como din os deputados. Estou mandando revisar se vostede se dirixiu a este grupo tildando este grupo de fascistas, porque iso..., estouno mandando revisar, e se iso é así atenta contra a dignidade deste grupo e tería que llo mandar retirar, e, se non, provocaría unha chamada á orde. Vamos ser respectuosos con isto, pero primeiro vouno comprobar, porque non estou seguro, e cando un non está seguro o mellor que pode facer é comprobalo. En todo caso, neste debate seguiremos con esa cuestión, pero iso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, perdón, vouno comprobar, de momento non lle dei a palabra. Non ten vostede a palabra. Agora estou..., sei ben o que dixo o señor Arangüena, agora estou noutro momento. Ese debate está pechado xa. Perfecto, agora estou noutra cuestión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E non lle dei a palabra a vostede, non a ten.

Continuamos co debate.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Non podo empezar doutro xeito a miña intervención, recoñecendo a importancia do sector forestal para a nosa comunidade autónoma, e nomeadamente tamén para a provincia que eu represento. Non podo empezar doutro xeito sen recordar que representa case un 2% do PIB, que crea máis de 24.000 postos de traballo, pero tamén quero dirixirme ás máis de 80.000 familias que cada ano ven como o eucalipto xera máis de 200 millóns de euros, un complemento ás súas pensións, un complemento ás súas economías familiares.

A todos eles debémoslles o importante respecto. Eu quero preguntarme que pensarían hoxe cando escoitaron algunhas das intervencións que me precederon na palabra. Nunha mañá na que coñeciamos que saltaba á escena electoral o presidente da Deputación da Coruña para liderar o Partido Socialista, e, sinceramente señor Seco, que sempre lle digo que nos debates non o recoñezo, non me estraña, non me estraña (*Aplausos.*) porque a verdade é que nunha iniciativa na que se ía analizar unha emenda que regula a plantación de eucaliptos, probablemente a provincia que menos lle preocupe é Ourense. E probablemente tamén se se cita Ourense na súa intervención é porque a vostedes, en definitiva, ao Partido Socialista cando empeza a súa actuación, o que menos lle preocupa son os eucaliptos, o que menos lle preocupa é a economía dos nosos galegos e galegas, o que lle preocupa é o teatro. E vou intentar non desviarme disto para ir falando do importante. (*Aplausos.*)

Miren, con tranquilidade e con moito respecto que nos merecen os nosos galegos, e coa sensibilidade —e xa lle dixen noutra ocasión cando falamos do Plan forestal— de quen sabe o que custa un ferrado, non esa que nos queren asociar coas grandes multinacionais, coa realidade do noso rural, e coñecendo e vivindo no noso rural analizo esa iniciativa.

Señora González Albert, eu pídolle con total humildade que, se cre nesta institución, se cre realmente nos instrumentos que o Parlamento —que eu, como vostede sabe, estou aínda ate-



rando e coñecéndoo, pero dende logo dende o principio sempre respectando—, debería ter a lealdade de retirada. Estamos neste momento en pleno proceso de negociación, nunha ponencia onde precisamente este é un dos temas a analizar, un dos temas a consensuar para mellorar; por certo, mans tendidas que eu mesma ofrecín en repetidas ocasións, e tamén a consellería.

Non retirada só me permite facer dúas reflexións. Primeiro, ou non confía no compañeiro que os representa na ponencia, que seguramente esa non sexa certa; é unha emenda ao traballo de todos os compañeiros que estamos na ponencia; ou simplemente se suma a ese escenario teatralizado que hoxe vimos, por suposto moito máis sobreescenificado no Partido Socialista.

Pero no fondo tamén lle fago dúas reflexións, porque son moi perigosas as dúas mensaxes que vostedes están dando nesta proposición non de lei. En primeiro lugar, e permítame que da lectura, eu non lle vou a falar de psicoloxía inversiva, eu voulle falar do que temos que falar, que é a decisión que temos que tomar para regular o noso monte, e falar tamén con claridade e coa mensaxe para esas 80.000 familias que con moito esforzo intentan sacar a maior rendibilidade dos seus ferrados de monte.

Mire, vostede está atacando os galegos de ser uns auténticos incumpridores, e eu non llo podo consentir. Os galegos son xente absolutamente intelixente, son xente que coidou o seu monte, son xente que coidou o seu medio rural. Vostedes, instalados no de «*cuanto peor le vaya al Partido Popular mejor*» moitas veces confúndense. E estes ataques tan bárbaros que nos dedicaron na primeira intervención, señora González Albert, non é contra o Partido Popular, é contra os galegos.

Pero mandan tamén outra mensaxe que tamén me parece moi perigosa, piden que se establezan mecanismos de control e afirman dunha maneira asombrosa, con esa lixeireza, que aquí ninguén controla nada. Entón a min, se mo permiten, é moito máis perigosa a mensaxe que están dando vostedes que todo o que din que impacta a moratoria. Se vostedes din que esta é unha república bananeira e que todo o mundo fai o que lle dá a gana, unha de dúas, eu non llo creo e, ademais, rectifico que están vostedes equivocados e pídolles que o recoñezan. Os galegos non son xente ilegal, os galegos cumpren as normas, maioritariamente cumpren as normas. E constantemente entran en contradicións: primeiro din que se está poboando Galicia de eucaliptos a raíz desta moratoria; e, por outro lado, din que non hai plantas nos viveiros. Entón, ¿pódenme dicir como se está poboando Galicia dos eucaliptos? (Aplausos.) (Murmurios.)

Miren, aquí neste momento nesta iniciativa non se está debatendo o futuro do noso monte, ese debate xa se tivo, tívose no Plan forestal. No debate do Plan forestal foron as dúas forzas da oposición convidadas a tomar decisións sobre a regulación da plantación dos eucaliptos. Mire, xa llo recordou o conselleiro na súa intervención no pasado Pleno, o Bloque Nacionalista Galego ten pedido moratorias na plantación de eucalipto e incluso lle citou a propia proposición non de lei cando o fixo no ano 2020.

Todos estamos de acordo con que hai que protexer o monte dun monocultivo, todos estamos de acordo en que temos que intentar vender unha madeira certificada —cada vez



máis—, todos estamos de acordo con que temos que buscar a biodiversidade. Realmente son reflexións coas que todos coincidimos, pero despois á hora da verdade vostedes, en vez de arrimar o ombro —que o escoito aquí moitas veces e nunca tan pouca lealdade atopei nas negociacións—, realmente cando lles toca chegar a acordos, porque unhas negociacións son iso. É indubidable que partimos de proxectos políticos distintos, é indubidable que ata temos distintos principios e distintos valores. Pero aquí estamos para chegar a acordos que beneficien os galegos, e calquera acordo que pase por erradicar todas as plantacións de eucalipto en Galicia é un acordo malo para os galegos, é malo para as nosas economías, e vostedes sábeno.

Por iso o ideal e o intelixente sería chegar a un acordo para que os galegos e as galegas fosen motivados, incentivados para que ese uso do monte acadara eses principios que eu citei.

E, miren, sempre nos din que nosoutros imos contra todos, que nosoutros non pactamos con ninguén, dubidan de todas as negociacións que lles dicimos que facemos. Eu atopei moitos artigos, porque é indubidable que esta decisión ía ter transcendencia e é indubidable que ía ter contestación, pero é unha decisión valente. Dixémolo aquí moitas veces, creo que o noso campo necesita decisións valentes; e creo, oe, con acertos e con erros, que non digo que todo o fagamos perfecto, pero imos na boa liña. Temos un instrumento que vostedes definiron como unha caixa de ferramentas, que é a futura Lei de recuperación, que nos vai permitir colocar cada cousa no seu sitio. Todos coincidimos que en Galicia hai sitio para todos, pois axúdenos a construír esta Galicia.

E como tampouco teño máis tempo e gústame ser moi respectuosa con iso, citan vostedes de maneira constante que estamos sós. Eu ás veces cando os escoito parece que imos nunha autopista en sentido contrario; vostedes son os que coñecen Galicia, vostedes son os que falan cos galegos, vostedes son os que coñecen todos os sectores... Están por encima do ben e do mal. Len na prensa o que lles interesa, porque a min si que me gustaría que leran a moratoria das plantacións de eucalipto asinada por Ramón Reimunde —os que somos da Mariña sabemos que precisamente nunca foi unha persoa que militou no Partido Popular, estamos encantados de que se sumase, se fose o caso—, pero falaba como representante e presidente de Promagal —dígoo para defender a súa independencia—. E el dicía claramente que acepta ese regulamento da repoboación co xénero do eucalipto, consecuencia do Plan forestal, que se aprobou e no que colaboramos —punto primeiro—, coa conseguinte moratoria posterior para prohibir as plantacións da variedade desa especie onde non estivera xa plantado antes, mais con algunhas contrapartidas, facendo unha relación de aportacións en positivo —como os invito a que o fagan vostedes— pero que reconece dous temas moi importantes que vostedes constantemente cuestionan: unha, que non falamos con ninguén, que todo o aprobamos en solitario, e que todo o mundo está en contra desta moratoria. Creo que con este documento queda perfectamente claro que vostedes faltan á verdade. *(Aplausos.)*

E, resumindo, preocúpanos o futuro do monte, preocúpanos o seu desenvolvemento sostible, preocúpanos construír unha Galicia mellor entre todos, onde o sector forestal ten que ter unha parte importantísima. E a min persoalmente preocúpame que sexan capaces de sumarse a algún dos acordos da lei, porque creo que marcará un antes e un despois.



Sigo tendendo a man sen ningunha acritude. Creo que máis que percepción real hoxe no debate foi un pouco un teatro, ou quizá buscar unha cortina de fume para xustificar que vos baixades do que creo que sería bo para Galicia, o tren do entendemento, neste caso no sector primario, do que todos dicimos que somos moi amigos, pero despois demostrámolo os que o demostramos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción. Señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente, outra vez.

Señora Candia, ¿sabe o que dixo o señor Ramón Reimunde no programa *Bos días* da Televisión de Galiza o pasado día 16? —voulle dicir o momento exacto: ás 10.51 horas da mañá—: «Todos os madeiristas están cortando piñeiro no interior de Lugo para poñer eucalipto». Isto é o que dixo o señor Ramón Reimunde na Televisión de Galiza o pasado día 16. *(Aplausos.)* Porque é unha realidade, é que a min o que me alucina é que teñan esta capacidade de negar a realidade. Nós estamos falando dun efecto chamada que é evidente, todo o mundo o di, todo o sector o di; hai quen o di do punto de vista favorable e hai quen o di do punto de vista desfavorable. Pero negar unha evidencia, que é que se está a producir un efecto chamada a min tenme louca.

E eu creo que é interesante... claro, eu empecei falando de psicoloxía inversa e igual había que falar de matemáticas básicas. Porque, claro, se todo o mundo planta eucalipto, non queda eucalipto nos viveiros, porque se hai moito e a xente pide máis do que hai pois entón, claro, quedamos sen el, é unha cousa evidente e básica.

E eu pediríalles, de verdade, que deixen de escudarse nas familias de forma continua, nas 80.000 familias que teñen eucalipto plantado, nos complementos das pensións para defender o que defenden en realidade, que son os intereses de Ence. *(Aplausos.)* Porque ¿a quen vai beneficiar a baixada de prezo que se vai producir na madeira de eucalipto de aquí a 10 anos? O crac evidente que vai acontecer no prezo da madeira, ¿a quen vai beneficiar? ¿A eses 80.000 produtores?, ¿a esas 80.000 familias? É evidente que non.

Vostede díxonos que tiñamos que retirar esta moción porque a estamos a negociar na ponencia. Mire, isto que propoñemos aquí —que eu interpreto de forma que creo que non me equivoco e que vostedes van votar á contra— só di que se cumpra a legalidade. Di que se controle se se fan plantacións ilegais onde non se poden facer, que se expediente e que se repoña a legalidade —iso é o que pide esta moción—; e, en último termo, que se faga unha regulación do eucalipto para que non aconteza o que está a acontecer. Esta é a mesma



emenda que pretendemos transaccionar na ponencia da lei, non cambiamos de opinión; nós defendemos o mesmo hoxe aquí que alí. E o que me está a demostrar o Partido Popular é que ten interese cero de chegar a acordos co BNG neste punto, como temo que en moitos outros da lei.

E falaron de que respectásemos estas familias; a quen hai que respectar é a todo o país, porque os intereses particulares son moi importantes, pero por riba sempre —e sempre o dicimos— teñen que estar os intereses colectivos do país, e é o que estamos a defender a día de hoxe aquí. E non se confunda, quen incumpre, a quen nós acusamos de incumprir non é a xente produtora de madeira, acusamos de incumprir a Xunta de Galiza, que está a incumprir o seu labor de control de xestión e de goberno. *(Aplausos.)* Non a xente que planta ou deixa de plantar, a Xunta de Galiza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¿perdón?, non escoitei—...

O señor PRESIDENTE: Non, silencio, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Non, é que non escoitei. Se me quería dicir algo eu escóitoo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Vale.

Quen fai ilegalidades —repito— é a Xunta de Galiza incumprindo a súa función, non a xente produtora deste país.

Claro, vostede falou de historia. É verdade que nós presentamos unha iniciativa pedindo unha moratoria, que ía nesta mesma liña desta moción de ordenar o territorio, non vendelo todo ao monocultivo do eucalipto. E cando falamos de historia tamén hai que falar da iniciativa lexislativa popular que se presentou neste Parlamento por unha serie de entidades, como eran a Adegas, como era Fruga, como era a CIG, como era a Organización Galega de Montes en Común, e que foi rexeitada —quero lembrar— cos votos en contra do Partido Popular e coa abstención do Partido Socialista, e que no que se refire ás plantacións de eucalipto pedía isto mesmo: a eliminación paulatina das plantacións de eucaliptos en terras agrarias, agrícolas, figuras de protección medioambiental e masas mixtas.

Pero, en todo caso, ¿que proceso seguiu o Goberno galego nesta cuestión? Primeiro anunciaron unha actuación lexislativa que non existe —aínda non existe a día de hoxe— e que ademais contradí —como dixo o portavoz do PSOE— as propostas reguladas que acababan de presentar neste caso no Plan forestal. Despois, o que supón isto na realidade é un recoñecemento implícito do grave problema xerado pola súa acción, pola acción ou inacción da Xunta de Galiza, a acción do Goberno durante moitísimos anos. Vostedes non ofertan absolutamente ningunha alternativa de futuro e a única que propuñan, que era esa miniredución do 3 % no Plan forestal, foi desacreditada por vostedes mesmos, unha cuestión absolutamente demencial. E ao final para a Xunta parece que a política de feitos consumados é o único criterio de legalidade. O que non pode ser é que quen teña xa plantado eucalipto sexa o único criterio para poder volver a plantar, en tanto que de non telo feito a día de hoxe non



se poderá facer no futuro independentemente das características da finca, do Plan de ordenación e de todo. Iso non pode ser.

Aplican a lexislación ademais con efecto diferido, como o despedimento do señor Bárcenas. E isto supuxo, claro, este feito sen precedentes; que é aquilo da psicoloxía inversa que lles dicía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —é que eu, de verdade, eu non sei—...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...que lles dicía ao comezo, que os propietarios o que entenderon é que esta era a súa última oportunidade. A última oportunidade para poñer en produción parcelas e que así se esgotou a planta dos viveiros —como dixen antes— e que provocou que os madeiristas non dean atendido as peticións, e que levou xa a día de hoxe á conseguinte depreciación da madeira.

Eu vou rematar. En resumo, o que conseguiron con este anuncio desta forma; de feito, preguntáballe o outro día ao conselleiro se consideraba que a forma na que se fixo o anuncio fora boa, se notaba algún problema na forma en que se anunciara esta medida e se podían telo doutra forma que evitara este problema. E el dixo que lle parecía perfecto. E o único que xeraron vostedes foi descontrol, desconcerto, caos e un dano irreparable ao sector forestal a curto, medio e longo prazo. Iso é o que provocaron desde a Xunta de Galiza con este anuncio.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Non, non imos aceptala porque hai cuestións que compartimos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...sobre todo no que ten a ver cos PORF. Pero pensamos que incide bastante no forestalismo como forma principal de desenvolvemento do territorio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...e non é o noso modelo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grazas.

Señor Martín Seco, imos resolver a cuestión que tiñamos pendente antes. Eu teño aquí a transcripción literal, hai unha alusión directa a este grupo na que vostede o compara cun grupo propio do fascismo. Eu pídolle que esta expresión poida ser retirada. En todo caso, entendo que vostede non lle quere chamar a este grupo un grupo fascista porque iso non o poderíamos consentir. Entón, eu o que lle pido é que retire unha expresión que está recollida



aquí que si que fai unha alusión a este grupo tildándoo de que é un grupo máis propio do fascismo. (*Murmurios.*)

(*O señor Seco García pide o uso da palabra.*)

Si, si, pode. Ten vostede a palabra.

O señor SECO GARCÍA: Señor presidente, eu non me quixen referir ao Partido Popular como un partido fascista, nin moito menos; o que dixen é que estaban actuando con tics máis propios do puro fascismo, non chamei fascista a ninguén.

O señor PRESIDENTE: Eu pídlle que retire a expresión de «fascismo».

Queda retirada esa expresión.

Grazas.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar.

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Ovidio Rodeiro Tato, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción:*

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Implicar ao conxunto da sociedade galega para avanzar na tolerancia cero ante calquera situación de acoso escolar no ensino galego, propiciando o diálogo, a concienciación e a formación entre institucións e axentes educativos.

2.- Revisar a Estratexia Galega de Convivencia Escolar para actualizala no período 2021-2025, que abordará a actualización de protocolos e medidas cunha visión integral da convivencia nas aulas e, ademais, incluírá un plan específico de loita contra o abandono escolar no ensino galego.

3.- Recompilar información cualitativa e cuantitativa a partir dunha nova macroequinsa de convivencia, do traballo do Consello Galego da Convivencia e da implicación doutros axentes sociais, edu-



cativos e de especialistas co obxecto de que permita a definición e concreción das medidas e recursos a incluír na nova Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2021-2025.

4.- Propiciar que todos os recursos dos sistema educativo galego estean enfocados a favorecer a mellora da convivencia nas aulas galegas e loitar contra o acoso escolar; con especial atención á difusión de boas prácticas e á formación do alumando, profesorado e familias.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta mocion:

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débense modificar os puntos 1, 4 e 5, que quedarán redactados co seguinte contido:

«1.- Elaborar unha nova estratexia galega de prevención do acoso escolar sobre a análise rigorosa da información dispoñible nos departamentos de orientación dos centros e nos servizos provinciais de inspección educativa relativos á aplicación do Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

4.- Reforzar os equipos de orientación específicos con persoal suficiente e debidamente formado en tratamento do acoso escolar, establecendo mecanismos de actuación inmediata de ditos equipos nos centros que demanden a súa intervención nese ámbito.

5.- Crear unha plataforma de intercambio de información e experiencias sobre actuacións fronte ao acoso escolar levadas a cabo nos centros.»)

Para formular a moción ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

A moción que presentamos nace da interpelación sobre unha proposta que nós consideramos, e así o transmitimos, moi concreta. Unha proposta que, por unha banda, viña de ser socializada con diferentes axentes implicados na loita contra o acoso escolar e que, pola outra banda, xurdía tamén dun exercicio de concreción e de sistematización de propostas cun espírito absolutamente construtivo, en positivo e abertas ao debate e, por que non, ao acordo.

Polo tanto, a intención primeira non era outra que a de poñer o foco nun problema central, fundamental e gravísimo para a comunidade educativa con visións, con propostas e con achegas que nin sequera constituían unha visión, digamos, unha perspectiva subxectiva ou exclusiva do BNG. Eran, digamos, achegas e propostas que estaban contempladas por organismos tan subversivos ou tan antisistema como poden ser a UNESCO, como pode ser o informe e facer a vista gorda de Amnistía Internacional, como son as federacións de ANPAS, psicólogos, familias, educadores sociais e o que xa cremos que é máis definitorio da situación



que tiñamos enriba da mesa. Dos datos que se poden extraer de maneira, que se poden incidir de maneira evidente do propio informe da Xunta de Galiza sobre a Estratexia galega de convivencia escolar.

E, polo tanto, insistiamos en que con estes vimbios queriamos construír un cesto de acordos, porque entendemos que é unha demanda obxectiva e necesaria como poucas da comunidade educativa. O problema: que co que nos atopamos —teño que dicilo porque así ademais nolo trasladaban as familias cando rematou o debate— foi cun exercicio novamente de autobombo, de autocompracencia e de propaganda baleira. Fixémonos que dunha interpelación, *ergo* tamén dalgún xeito esta moción, que viña falar de cuestións como a creación dunha mesa de traballo, entre todos os que aquí estamos e moitos outros axentes, para abordar, para consensuar, para chegar a acordos a respecto do acoso escolar, propostas como reforzo de persoal e recursos nos centros para abordar o acoso escolar, propostas como a actualización da rede de equipos de orientación, por certo, unha demanda que leva 20 anos enriba da mesa, a creación dunha unidade especializada na Consellería de Educación, plans de formación, sensibilización, é dicir, cuestións que están trasladando todos e cada un dos días os axentes que abordan estes temas de acoso escolar.

Pois ben, fixémonos que da transcripción literal do conselleiro de Educación ante unha realidade coma esta, ante o sufrimento que están a provocar estas cuestións en tantos centos de familias, literalmente *sic* directamente da transcripción, di o conselleiro de Educación, inicia a súa intervención: «Agradezo a oportunidade que me dá esta interpelación para poñer en valor o feito polo Goberno galego en relación ao acoso escolar». Propaganda, propaganda e propaganda. (*Aplausos.*) Ante o drama que están a vivir as familias, lonxe de buscar consensos, acordos, de poñer a dispoñibilidade para traballarmos xuntos, o conselleiro de Educación di que agradece a posibilidade de poñer en valor o feito pola Xunta de Galiza. Nin unha soa proposta, nin un só dato, nin unha soa palabra relativa aos datos da UNESCO que presentamos. Nin unha soa mención ao Informe de Amnistía Internacional. E o que nos saca da chisteira é, seica, un novo protocolo contra o acoso escolar —ollo co subconsciente, se hai que facer un novo igual é porque implicitamente se recoñece que o anterior non funcionaba— (*Aplausos.*) do que nin sequera hai unha liña publicada, do que non coñecemos ninguén absolutamente nada dese protocolo. Cando temos datos da UNESCO, 1 de cada 3 nenos, é certo que a nivel internacional, que recoñecen sufrir acoso escolar. Informe de Amnistía Internacional, os datos detectados son simplemente a punta do iceberg. E a Xunta —e digo a Xunta porque boa parte dese traballo de campo se fixo en Galiza— non está a implementar as medidas necesarias.

Pero é que, ollo, son datos que xa trouxemos aquí tamén. O propio Informe da Estratexia galega para a convivencia escolar sinala que o 6 %, hai unha oscilación entre un 5,8 % e un 6,2 % en función de se é ensino obrigatorio ou postobrigatorio, pero cunha media dun 6 % recoñecen ter percibido acoso escolar algunha vez. E que sobre unha comunidade educativa de 250.000 alumnos estamos a falar de 15.000. E, claro, se no canto de analizar datos da propia Xunta para motivar unha reflexión sobre unha realidade que está a provocar tantísimo sufrimento, o que dicimos é que imos poñer en valor o papel da Xunta, facer propaganda dun plan de acoso escolar do que non se coñece ata o de agora nin unha soa liña e do que non hai nin un só consenso e unha negativa a nos sentar e aportar todos, que é o que está a



demandar a comunidade educativa, pois eu creo que é e unha declaración de intencións absolutamente desesperanzadora.

Pero é que é moito máis, eu creo que hai unha cuestión que me parece xa especialmente grave, que é cando falaba de esaxeración. Son conscientes os representantes do Partido Popular de como poden acoller as familias que, ante casos de acoso escolar, cos dramas que hai detrás, se lles estea dicindo que se está esaxerando. ¿Está esaxerando a UNESCO? ¿Están esaxerando as ANPAS? ¿Está esaxerando o Informe de Amnistía Internacional? ¿Están esaxerando os psicólogos? ¿Están esaxerando as familias? (*Aplausos.*) ¿Iso é o que lles está dicindo o Partido Popular aos axentes implicados?

E, polo tanto, nós cremos que, ante cuestións deste tipo, o que traemos con esta moción, e de verdade que non perdemos a esperanza de seguir traballando en termos construtivos, porque cremos que un aspecto como este ben o merece, que non aforremos nin un só dos esforzos. A proposta parte de cal é a situación que temos na actualidade, por que están fallando os protocolos e por que así o están a demandar tantos axentes implicados.

Primeiro. Porque o primeiro paso que falla son as cuestións de detección. Non temos habilitados mecanismos de sensibilización que permitan que o alumnado e que as familias teñan mecanismos para comunicar estes casos de acoso dunha maneira eficiente e efectiva.

A seguinte cuestión, a identificación. Dificultades no profesorado, nas ANPAS, en todos os axentes da comunidade educativa precisamente porque hai tamén unha carestía nos procesos de formación. Procesos de formación imprescindíbeis en moitísimos casos para mesmo discernir o que é acoso, como dicíamos o outro día, daquilo que non o é, unha cuestión central e fulcral.

Pero despois outro dos problemas que temos enriba da mesa é a dunha burocratización absolutamente paralizante. Unha burocratización..., pero, para que nos fagamos unha idea, no protocolo de acoso escolar estamos a falar de 23 anexos. Para que se empecen a activar medidas reais e concretas, temos que, por unha banda, identificar o caso, reunión coa vítima, reunión coas familias, reunión cos espectadores, establecer medidas cautelares, demandar primeiro un profesor adscrito, en moitos casos alumnado adscrito; cubrir 23 informes, trasladar eses informes a Inspección e que Inspección definitivamente tome medidas. Pasan semanas e ten un efecto disuasorio absolutamente alarmante no alumnado que, ante circunstancias e coñecedores desta situación que non lle resolven os problemas, loxicamente non atopan unha actitude de confianza na Administración e por iso sistematicamente demandan que lles estamos a fallar.

E os problemas que isto motiva, nenos que sofren en silencio, que aguantan en ocasións moito máis tempo do que sería desexábel e do que é aturábel sequera en situacións de violencia e de acoso que se senten desprotexidos, e que é algo que, ademais, e así o están recoñecendo, falaba o outro día con psicólogos especializados, que é un tema absolutamente transversal, é algo que lle pode pasar a calquera dos nosos fillos, que non entende de clases nin de diferenzas sociais. E, polo tanto, o que cómpre e ao que chamamos este Parlamento, nomeadamente o grupo que sostén o Goberno, é a que implementemos medidas. Eu o que



lle pido simplemente é que nos digan con cales das medidas que temos na nosa proposta non concordan. Non concordan coas campañas de sensibilización, non cren que merece un esforzo nese eido. Non concordan ao elaborar plans de formación con especial atencións ás familias, aos centros, para que esas condutas sexan recoñecidas. Non concordan con reforzar o persoal e os recursos na loita contra o acoso escolar, con partidas específicas, coa implementación de figuras, como poden ser educadores sociais, psicólogos e demais, coa actualización dos equipos de orientación, coa creación dunha liña de telefonía de atención ao acoso escolar. Non concordan tampouco coa creación dunha unidade especializada para abordar estes temas e que teña un mecanismo garantista calquera neno que estea sufrindo unha situación de acoso.

Todas e cada unha destas propostas que, insistimos, son susceptibles de debate, son susceptibles de matizar, de modificar, de chegar a acordos. ¿En cal delas non concordan para que o grupo que sostén o Goberno non queira sentarse a falar de como abordar cuestións que están na realidade dos centros?

Todos os que aquí estamos e somos varios os que coñecemos o que é estar nunha aula sabemos que isto é algo que acontece con moita máis frecuencia da que podemos permitir. E que como di o propio Informe de Amnistía Internacional, o acoso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...o acoso —remato, presidente—, o acoso de baixa intensidade nin sequera se está a detectar.

Chamo a unha reflexión ao grupo que sostén o Goberno porque temos dúas opcións: unha, a primeira das opcións, manter a actitude do conselleiro e dicir que isto é unha esaxeración e utilizar estas cuestións para facer propaganda; a outra, atender a demanda da comunidade educativa, da UNESCO, de Amnistía Internacional e, sobre todo, atender a demanda de tantos nenos e nenas que non merecen ir ao colexio cada día con medo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Quero comezar a miña intervención manifestando o noso total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do Partido Popular, que quere expulsar da vida política o candidato que gañou as eleccións municipais en Ourense, Rafael Villarino. Fronte á chantaxe do señor Feijóo e do señor Baltar, democracia. Rectifiquen xa, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*



E vamos falar dun tema extraordinariamente relevante e preocupante como é o fenómeno do acoso escolar.

Efectivamente, en xaneiro do ano 2019 a UNESCO publica un novo informe sobre a violencia e o acoso escolar e recoñece que son problemas moi importantes en todo o mundo. E a publicación deste informe no ano 2019 presenta os datos máis actualizados e completos existentes ata o momento sobre a violencia e o acoso escolar, e analiza a prevalencia e as tendencias mundiais e rexionais, a natureza e o impacto da cuestión e as respostas nacionais que foron satisfactorias. E reúne, ademais, isto é particularmente importante, datos cuantitativos e cualitativos de enquisas a nivel mundial en 144 países e territorios.

E, efectivamente, ese informe indica que 1 de cada 3 estudantes foi intimidado polos seus compañeiros na escola polo menos unha vez no último mes con respecto á enquisa, pero non debemos obviar que ese é un dato global, como así o acaba de recoñecer o señor Lourenzo. É un dato global como recoñece o informe na súa páxina 17, onde tamén se afirma que hai diferenzas moi significativas na prevalencia e frecuencia de acoso escolar entre rexións, e que no caso de España esa prevalencia descendeu entre o ano 2002 e 2014, como figura na páxina 23 dese informe. E tamén que a prevalencia de casos de *bullying* no Estado español é do 15,4 %, moi lonxe dese 32 % global afortunadamente.

¿Que é tamén relevante nese informe? Pois que en case a metade dos países e territorios estudados, en 71 deles, a intimidación diminuíu como consecuencia dunha serie de factores de éxito comúns na aplicación, en particular o compromiso de promover un clima escolar e unha contorna de aulas seguros e positivos, sistemas eficaces de denuncia e seguimento da violencia cos escolares, programas e intervencións baseados en datos empíricos, e isto é creo que moi importante, formación e apoio aos docentes, respaldo e orientación aos alumnos afectados e empoderamento e participación dos estudantes.

No ano 2019, efectivamente, Amnistía Internacional publica outro novo informe onde dá outros datos substancialmente distintos dos que publica a UNESCO nese informe que sitúa arredor do 7,5 % de nenos e un 4,3 % de nenas o fenómeno do acoso escolar en España, con respecto, iso si, ao ano 2014. É dicir, estamos a falar permanentemente de informes que fan referencia a datos de hai bastantes anos en xeral.

E, por último, temos a Estratexia galega de convivencia escolar, o informe da diagnose entre 2015 e 2020. E aí, efectivamente, como o señor Lourenzo acaba de dicir, os alumnos perciben no caso das ensinanzas obrigatorias un 5,2 % de fenómenos de acoso e un 6,2 % en ensinanzas postobrigatorias.

E aquí vou determe e vou facerlle unha especie de emenda ás afirmacións do señor Lourenzo porque francamente creo que se fai un escaso favor ao uso rigoroso dos datos e á percepción que sobre este gravísimo problema podemos ter cando vostedes fan unha extrapolación absolutamente lineal, e din que como hai un 5 % de alumnos que perciben acoso escolar, e hai 300.000 alumnos entón temos 15.000 alumnos, e iso non é así. As estatísticas non se poden manexar desa maneira porque conduciría, evidentemente, a unha realidade absolutamente insostible nos centros escolares que sabemos que non é certa.



Polo tanto, señor Lourenzo, desde o respecto parlamentario e desde o respecto persoal que sabe que lle teño, as estatísticas non se poden manexar desa maneira. Porque os datos que hai publicados para Galicia e para o Estado falan doutras cifras moi distintas, cifras evidentemente, preocupantes, pero resulta que os datos que manexa o Ministerio de Educación e Formación Profesional sitúan no ano 2017, volvo dicir, hai catro anos, último do que temos datos, en 71 as vítimas de acoso escolar en Galicia e 1.054 en todo o Estado.

E hai un incremento dos casos que coincide felizmente co feito de que se publiquen protocolos e se actúe por parte das administracións educativas en xeral con respecto a este problema. Hai un incremento no ano 2017 con respecto ao ano 2016 do 18 % en Galicia e do 11 % en España. E tampouco vou entrar en se hai máis ou menos, o que si afirmo é que o feito de poñer en funcionamento políticas activas para afrontar ese problema, coñecendo a súa verdadeira dimensión e magnitude sen alarmismos, sen sobredimensionalo pero con datos, situará calquera Administración pública nunha senda, perdón, axeitada para resolver o problema.

E, finalmente, e sobre iso vai a súa moción, temos o protocolo educativo para a prevención e detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Máis alá dunha lei publicada no ano 2011 de participación, de convivencia e participación na comunidade educativa e dun decreto que tardou tres anos e medio en ser publicado que regula e desenvolve esa lei, o certo é que todas as comunidades autónomas de España teñen protocolos practicamente idénticos ou, polo menos, moi similares ao que ten a Comunidade Autónoma de Galicia. E non estou a facer unha defensa dese protocolo, pero tampouco creo que se deba facer unha crítica descarnada do que establece, porque precisamente marcou un punto de inflexión, non só en Galicia, insisto, senón en todo o Estado, con respecto ao tratamento deste gravísimo problema que temos nos centros. Porque o feito de que haxa 71 casos no ano 2017 non converte o problema en estatisticamente insignificante e moito menos socialmente irrelevante. É un problema serio ao que hai que facer fronte, sexan 71 ou sexan 7 ou sexa 1. Tolerancia con este problema cero, e creo que é algo no que estamos absolutamente todos de acordo.

Pero a vantaxe do protocolo, con independencia de que efectivamente é un protocolo extenso, cunha cantidade posiblemente desmesurada de informes e de actuacións que hai que facer, o que o converte de feito nun instrumento pouco eficaz e, polo tanto, que debe ser modificado, repito, a bonanza dese protocolo é que establece unhas pautas comúns para todos os centros, como todos os protocolos, sexan do ámbito que sexan.

E o primeiro é que establece cales son os elementos para identificar cando se dá un caso de acoso escolar, con tres datos relevantes e que se deben dar simultaneamente: a existencia de intención de facer dano; a repetición das condutas agresivas, e xa sei que hai un determinado colectivo que establece que son tres o número de veces que se debe dar ese tipo de situación, eu non sei se son tres, se son catro, se hai que establecer un número, particularmente creo que non, pero é unha opinión persoal; e adicionalmente, e por último, a duración no tempo deste tipo de actitudes.



E identifica tamén de acordo co Defensor do Pobo e con UNICEF unha serie de tipos de acoso: exclusiva marxinação social, agresión verbal, agresión física, o maltrato etc., con todas as súas modalidades.

Pero, debemos poñer tamén o acento en que o problema do acoso escolar é un problema que afecta a toda a sociedade, porque afecta a toda a comunidade educativa. Evidentemente, o maior damnificado é a vítima, porque o feito de ser obxecto dun fenómeno de acoso escolar pode traducirse en fracaso escolar, en trauma psicolóxico, en risco físico, insatisfacción, etc., etc. Pero tamén dana a percepción que a persoa agresora pode ter sobre o feito de dar por boas determinadas condutas que entendemos que son socialmente inasumibles e, ademais, para os compañeiros e compañeiras que interveñen como observadores neste fenómeno.

Insisto, é un problema que afecta a todos, con maior intensidade, por suposto que si, ás persoas que son as vítimas directas dese fenómeno de acoso.

Por tanto, tendo en conta todo isto que acabo de dicir, o noso grupo parlamentario con respecto á súa moción presentou unha serie de emendas de modificación, primeiro porque vostedes pretenden ou piden crear unha mesa de traballo con representación do profesorado, ANPAS, etc., para abordar unha nova estratexia galega contra o acoso escolar. E nós dicimos: si, hai que elaborar unha nova estratexia galega fronte ao acoso escolar tendo en conta as aprendizaxes que se obtiveron da aplicación tanto do protocolo como da estratexia, é dicir, baseado, como dicía antes, en datos empíricos.

Piden vostedes que se cree unha nova rede de equipos de orientación, e nós o que pretendemos coa nosa emenda é que se reforcen os xa existente. É dicir, creo que non se trata de crear novas estruturas, estruturas paralelas, porque toda a rede de orientación incide sobre os mesmos asuntos e en concreto sobre este de acoso escolar.

En definitiva, entendemos que a nosa proposta de emenda mellora a súa proposta na moción; insisto, estamos absolutamente de acordo no fondo da cuestión, hai que modificar posiblemente ese protocolo, hai que facelo dunha forma consensuada, para que resulte áxil.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señor presidente.

E por último unha reflexión, e non quero desvirtuar nin moitísimo menos este debate que, repito, é extraordinariamente relevante. Se este fenómeno de existencia dunha vítima de reiteración na conduta, etc., etc., que acabo de revelar o levamos ao ámbito político, seguramente estaríamos falando no caso do señor Rafael Vieiro dun episodio de acoso político.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rodeiro Tato.



O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Moi bo día a todos.

Dá a impresión de que o BNG nega que a Xunta estea a traballar para eliminar o acoso escolar e que o único que fai é propaganda. Pero calquera que nos escoite, señor Lourenzo, poderá acreditar que quen esaxera nas súas palabras é vostede e non o conselleiro. E a este grupo preocúpanos o acoso escolar, e, efectivamente, é un tema, como dicía o portavoz do Grupo Socialista, en que hai que seguir traballando, e haberá que seguir traballando moito, evidentemente, pero tamén hai que ter en conta o traballo feito, e dende logo que Galicia é unha comunidade pioneira no conxunto do Estado na aposta pola convivencia e a participación da comunidade educativa. Xa en 2011 se aprobou unha Lei de convivencia e participación da comunidade educativa e se desenvolveu un decreto no ano 15. Anticipámonos deste xeito ao Goberno do Estado poñendo en marcha iniciativas como a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 Educonvives, na que se desenvolve o protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso e tamén se crea un órgano importante, como é o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia. O 85 % das familias e profesorado expresan que nos centros non existen conflitos, pero mentres haxa un hai que traballar. E fronte a esta realidade, señor Lourenzo, o nacionalismo galego xa en 2011 estivo en contra da Lei de convivencia e participación e o nacionalismo galego tampouco quixo apoiar esta estratexia 2015-2020. Felicitamos o cambio de actitude e a nova vontade de consenso que vostede hoxe nos trae aquí, pero vostede empeza a casa polo tellado ignorando os traballos de cimentación feitos da estratexia Educonvives e plantexando, como llo acaba de emendar o portavoz do Partido Socialista, unha gran parte das medidas que vostede plantexa porque incumpren a normativa educativa. Por iso nós propoñemos unha emenda de substitución, unha emenda de substitución que ben pode ser votada por todos os grupos desta Cámara.

Miren, a Xunta reforzará a loita contra o acoso escolar cun novo plan, como anunciou aquí o conselleiro, creando grupos de traballo interdisciplinarios e facilitando a visibilización das condutas a prol da convivencia positiva, co obxectivo de afondar na tolerancia cero ante o acoso escolar.

E, efectivamente, para acertar no traballo futuro, efectivamente, convén recordar e repasar o traballo feito ata o momento, e o traballo feito ata o momento é que se puxo en marcha unha estratexia de convivencia, que por primeira vez, grazas a esta estratexia Educonvives, permitiu ao ensino galego por primeira vez dispoñer de plans de convivencia escolar en cada centro, adaptada á singularidade de cada centro e adaptada a cada territorio. Por iso que Educonvives puxo en marcha accións de formación, como vostede plantexa na súa moción, para a prevención de conflitos e formación para o alumnado, para as familias, para o profesorado e para os equipos directivos. ¿Que lle parece pouco, que haberá que facer máis? Estamos de acordo. Puxo en marcha difusión de experiencias de éxito e boas prácticas, homoxeneizou os documentos e o establecemento de modelos normalizados para axilizar a xestión dos conflitos, porque vostede presenta algún punto que aínda burocratiza máis a



xestión deste tema. Accións de potenciación do procedemento conciliado e de mediación como vía de resolución do conflito, e tamén coordinación con outras entidades e institucións que traballan a prol da mellora da convivencia.

Mire, ademais, esta estratexia serviu para impulsar a primeira enquisa xeral que se fixo en España, que foi no ano 15 cando se lanzou o primeiro macrocuestionario censual para testar a convivencia dos centros escolares adaptándoo ao territorio, e que foi actualizado no segundo cuestionario, onde o 60 % dos enquisados consideran que a convivencia mellorou en 2019 con respecto ao 2015. E iso acredita que a estratexia pode funcionar mellor, pero deu bos resultados. O 60 % considera que mellorou a convivencia; polo tanto, vostede a isto chámalle propaganda, entón pois efectivamente, pois partimos dun mal sitio.

Pero vostede vén aquí dicindo que vén coa man tendida e a Xunta ten unha folla de ruta moi clara, e ademais no último Debate do Estado da Autonomía, cos votos a favor do Partido Popular e coa abstención do Partido Socialista, pero vostedes votaron de novo en contra de poñer en marcha un plan contra o acoso escolar, vostedes votaron de novo, señor Lourenzo, outra vez no ano 19 no último Debate do Estado da Autonomía.

Neste momento, os centros educativos están lembrando a toda a comunidade educativa que cubran as enquisas de convivencia e diagnose que se están nestes momentos desenvolvendo, enquisas dirixidas ao profesorado, aos alumnos, ás familias, ao persoal docente e non docente. Por un lado trátase dunha enquisa totalmente privada e anónima, canta máis participación, canta máis opinión, canta máis información, canta máis xente poidamos escoitar a través desa enquisa, mellor se poderá acertar nas solucións. Porque efectivamente vostede citou moitos informes, pero carecemos de estudos comparativos estatais aos que poder acollernos. E, sobre todo, o importante é coñecer a visión de cada aula e de cada centro educativo, e, para que a enquisa sexa fiable, pois efectivamente mantéñense boa parte das preguntas das edicións anteriores. Polo tanto, unha vez concluído este traballo, remitiráselles aos centros educativos esa información, será utilizada a información polo Consello de Convivencia e por todos os órganos que traballen para orientar a toma de decisións que vai permitir poñer en marcha novas medidas adaptadas á realidade das aulas.

En definitiva, hai un protocolo que estivo funcionando, que puxo en marcha varias medidas, que está dando resultados, e efectivamente estamos ante un asunto que require da implicación de todos, de toda a sociedade, de toda a comunidade educativa e mesmo tamén dos grupos parlamentarios. E todos debemos defender a tolerancia cero ante calquera situación de acoso escolar e tamén ante calquera violencia ou discriminación.

Polo tanto, eu confío no traballo feito por todos os profesionais neste ámbito, e ademais o conselleiro anunciou que se estaba traballando nun plan de loita contra o acoso co obxectivo de converter os centros educativos en espazos de confianza, de convivencia, reforzando os protocolos de convivencia e as ferramentas de detección de acoso e seguimento individualizado do alumno. Un novo plan que se vai asentar na información recadada e, sobre todo, nos datos e no traballo do Consello Galego da Convivencia. Unha estratexia, como anunciou o conselleiro, que poñerá o foco na formación, na actualización de protocolos, na elaboración de novos protocolos, na mellora dos protocolos xa existentes, programas específicos sobre



realidades sociais e mediación escolar, poñer o foco nas prácticas exemplarizantes, e dende logo poñer o fincapé, facer fincapé nunha visión integral da convivencia, e tendo en conta tamén outros axentes sociais expertos na materia. E incluso o conselleiro anunciaba a posibilidade de establecer grupos de traballo a nivel provincial onde foran transversais con profesionais do ámbito social e sanitario.

Vostede di que formulan esta moción en termos construtivos, pero a verdade é que xa llo dixen antes, ignorando as medidas que xa están en marcha e neste sentido presentamos unha emenda que efectivamente a nosa emenda está inspirada no Informe de Amnistía Internacional, o que vostede citou para criticar, pero ao que non lle fixo ningún caso para poñer unha soa medida das que propón o Informe de Amnistía Internacional. Para as críticas si, pero para poñer as medidas non.

Vostede presentou aquí emendas, os puntos 4 e 7, que pretenden usar a loita contra o acoso escolar para abrir a porta a colectivos profesionais alleos ao sistema educativo, que entren a formar parte do sistema educativo persoas que non está normativizado, que non o permite a normativa. Os psicólogos, os avogados e os educadores sociais poden participar en proxectos educativos, por suposto, e xa o están facendo, pero non poden entenderse como persoal educativo pertencente ao ensino tal e como pide vostede no punto 4 e no punto 7, e tamén llo recordou o portavoz do Grupo Socialista.

E na medida 5 quere ignorar o traballo feito en Galicia cos departamentos de orientación e os equipos de orientación específicos. Por certo, somos das únicas comunidades autónomas de España que contan con orientadores en primaria, e vostede di que non hai reforzo, vostede di que estamos en contra do reforzo dos profesionais.

Pero a verdade é que, de verdade, vostede presenta unha serie de puntos que efectivamente non poden ser votados por este grupo. Ademais, a consellería mantén diversas colaboracións con entidades e asociacións e organizacións con atribucións na titoría, orientación educativa, profesional establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

A verdade é que non sei, eu non sei se vostede aquí nos di que vén coa man tendida, verémolo agora na súa segunda intervención, pero desde logo vostedes estiveron en contra no 2011, estiveron no 2015, volven estar en contra no 2019, e plantexa cuestións que efectivamente son difíciles de aprobar, como lle trasladou tamén o portavoz do Grupo Socialista.

Polo tanto, a emenda que nós presentamos chegoulles a todos os grupos desta Cámara e ao final consta de catro puntos, que ben pode ser apoiada por todos os grupos porque son emendas serias, que buscan implicar o conxunto da sociedade, revisar a Estratexia de convivencia, e aí gustaríame corrixir *in voce*, señor presidente, onde di no punto 2 «loita contra o abandono escolar é loita contra o acoso escolar». Pero tamén recompilar toda a información e propiciar que todos os recursos do sistema educativo se adiquen a buscar a tolerancia cero no ensino.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor RODEIRO TATO: Pola miña parte, moitas grazas señor presidente e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Unha cuestión, señor Álvarez, cando se refire á estatística, loxicamente a referencia que eu facía é ao 5,8 % de media entre a obrigatoria e postobrigatoria do que se percibe. Pero, claro, é que se imos alá, loxicamente non sería dramático abordarmos 15.000 casos ou máis probablemente que daría a estatística no sistema educativo, pero é que fíxese que, se nos imos a que están disgregados os datos, porque na propia Estratexia de convivencia escolar se fala tamén dun 16 % que sen sufrir acoso din que sofren, que perciben ou sofren —así é a pregunta— violencia nas aulas. Un 15 % que perciben discriminación e humillación nas redes sociais. Pero hai un dato que vai moito máis alá, que, fronte a este 5,8 % —o matemático é vostede— de media, hai un 1,33 % das familias que perciben estas situacións. Estamos a falar de que, no que ás cuestións de percepción, estamos a falar de que hai arredor dunha diferenza de 12.000 persoas extrapolando estas cuestións.

Loxicamente, iso lévanos a unha reflexión, pero é que cando vostede fala dos 71 casos do ano 2017, é que iso é precisamente o que establece o Informe de Amnistía Internacional; é dicir, que son simplemente a punta do iceberg, porque vostede sabe perfectamente que son os casos nos que se activa o protocolo de acoso escolar, ¿pero cantos casos non quedan polo camiño e que se abordan con mecanismos de mediación, *(Aplausos.)* cantos casos non quedan polo camiño, que simplemente non se perciben e que constitúen precisamente a punta do iceberg, que é o que se sinalaba no informe de Amnistía Internacional?

A respecto do protocolo único, si, documentalmente. Cal é o problema, e seguramente aí hai boa parte da discrepancia que dicía o señor Rodeiro sobre o noso posicionamento no seu entón. Que un protocolo se non está dotado de recursos e de ferramenta para ser aplicado, podemos poñer no papel negro sobre branco ou o que queiramos, pero loxicamente vai haber centros que non teñan capacidade de persoal e de recursos para levalo adiante.

En todo caso, agradecemos a súa emenda, ímoslle propoñer unha transacción, porque entendo que moitas das cuestións son susceptíbeis de acadar acordos.

Señor Rodeiro, di que da lexislación e da posta en valor do traballo que se leva facendo, máis alá de posicionamentos que tivemos polas razóns que veño de explicar, porque non se poden implementar medidas con carácter litúrxico. Non se pode encher un centro dun protocolo coa carga burocrática que ten sen dotalo do persoal e dos recursos necesarios para poder levalo adiante e poder resolver as situacións de acoso que se dan. Ese foi o cerne do noso posicionamento en contra. Se vostedes queren implementar medidas contra o acoso escolar, o



primeiro que temos que facer é dar aos centros e á Administración ferramentas e persoal, porque en tanto en canto esteamos cubertos poderemos levalo adiante.

O mesmo acontecía coa estratexia de Educonvives, pero é que, de verdade, a confusión que se dá, que xa tivo aquí o outro día o conselleiro de Educación, entendo que é consciente, é unha cuestión retórica se se quere, entre o que é convivencia e o que é acoso é que de verdade que é verdadeiramente alarmante.

Vostedes falan de que se están enviando certamente as enquisas ás casas para abordar as cuestións do acoso cando na enquisa que se lles envía ás familias non aparece a palabra acoso por ningures, señor Rodeiro. Na enquisa que vostedes envían establecen con certa vaguidade preguntas sobre se sofre violencia, agresión, vítima. Non, é que ese é o problema, señor Rodeiro, que non distinguen o que é violencia puntual do que é acoso e por iso fracasan os seus plans. (*Aplausos.*) Por iso fracasan os seus protocolos. Se non somos capaces de distinguir o que é unha rifa desafortunada nun centro ou un episodio puntual de violencia do que é acoso escolar, malamente poderemos implementar solucións para todos estes casos.

E de verdade, xa teño que dicilo, que non vou entrar na presentación dos datos en positivo, porque de verdade creo que diso se percata todo o mundo, ¿non?

Pero é que a cuestión, digamos, de manipulación, cando se fala do Debate do Estado de Autonomía. Nós onte, hoxe e sempre temos a man tendida para sentármonos e para falar desta cuestión, é o noso primeiro punto, o que propoñemos á hora de habilitar figuras que son necesarias para abordar o acoso e que, por exemplo, a respecto do acoso escolar, simplemente medidas como se implementan e se chegou a acordos felizmente neste Parlamento respecto da violencia machista. Unha muller que sofre violencia machista si ten dereito, mediante ferramentas e mecanismos, para ter atención psicolóxica. Un neno que sofre acoso escolar e que non ten recursos ten que paparse toda esa violencia e todo ese acoso en soidade na súa casa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...esas son as medidas que queremos implementar. Son medidas que ademais están consensuadas, e que si, señor Rodeiro, si están contempladas no informe de Amnistía Internacional. Si que o están.

Remato. Polo tanto, loxicamente polo posicionamento da emenda, se me permite presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si ou non das dúas, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: Con respecto á emenda do Partido Popular, simplemente desvirtúa e trata de quitar contido á nosa emenda e non podemos aceptala. Presentaremos unha proposta de transacción coa do Partido Socialista, que lle faremos chegar por se teñen que valorala.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lourenzo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que se deben levar cabo en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas, e para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Xa que hoxe é un día de autovitimizacións e autoflaxelacións na Presidencia, eu quero lembrar que aquí nesta tribuna a semana pasada un membro deste Parlamento, falando, un deputado do Partido Popular dixo doutro deputado desta Cámara, compañeiro meu, que tiña preparada unha caixa de pino. Para cando se autovitimiza alguén e fai estas cousas de revisar as cámaras e tal, eu creo que hai que ter un pouquiño máis de dignidade e que esta institución non estea presidida dende [a covardía e a submisión] *(Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)*. *(Aplausos.)*

E, por tanto, e ao fío disto, eu quero sumarme moi convencidamente, e segundo vai pasando a mañá máis convencidamente, ao noso total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do Partido Popular, que quere expulsar da política ourensá o señor Rafael Villarino, que gañou as eleccións, e quere quedarse con Jácome, que está ben... Fronte a esa chantaxe de Feijóo e de Baltar, nós defendemos, coma sempre, democracia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe. Señor Torrado, ¿que dixo, é que non lle entendín ben?

O señor TORRADO QUINTELA: Pois pode revisar a máquina, como fai o señor Santalices.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, pero, ¿que dixo?, que estaba presidido esta casa dende a covardía...

O señor TORRADO QUINTELA: ...se non lle importa, como xa revisaron anteriormente, se non lle importa eu quero falar da Lei de saúde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Agradézolle que fale diso, pero pídolle que retire esa...

O señor TORRADO QUINTELA: Se non sabe o que dixer, ¿como quere que o retire?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, era a confirmación. Eu...

O señor TORRADO QUINTELA: ...estame pedindo que lle explique o que dixer, pero dime que o retire.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado...

O señor TORRADO QUINTELA: Señor presidente, déixenos falar das cousas, intenten non interromper.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, home, se vostedes...

O señor TORRADO QUINTELA: ...porque é o terceiro Pleno seguido que me interrompen nas miñas intervencións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, non se preocupe que lle desconto o tempo.

Eu díxenlle, que se...

O señor TORRADO QUINTELA: Non, non, non ten que descontar, ten que deixarme falar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, pídlle que retire o de que esta casa está presidida pola covardía e a submisión.

O señor TORRADO QUINTELA: Non dixeran iso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si dixo iso.

O señor TORRADO QUINTELA: Non dixeran iso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bueno, pois en todo caso, se non dixo iso, eu retirareino da acta e chámoo á orde se é así.

O señor TORRADO QUINTELA: Non dixeran iso. Moi ben.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, pois eu entendín iso, e como a quen lle toca dirimir iso...

O señor TORRADO QUINTELA: Lamento que o entendera.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...pois é o que me toca.

Pode vostede continuar co asunto que o traía.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

Nunca é nada desagradable que lle confirmen a un as súas predicións.

¿Que pasou coa Lei de saúde? Coa Lei de saúde pasou que oito meses de pandemia, despois de empezar a pandemia tivemos un debate ou iniciouse un debate neste Parlamento sobre a



reforma da Lei de saúde. ¿Para que? Teoricamente para axudar a clarificar competencias. No entanto, iso que se podería ter resolto a través dun regulamento, a través de medidas como fixeron outras comunidades autónomas, en Galicia tratouse a través dunha lei. Pero, en realidade, non era un debate sobre competencias ou sobre como sancionar ou habilitar as posibilidades de sancionar. Non, era unha lei delirante, de ton certamente absolutista nalgúns puntos, que dende este Pleno e dende as comisións e as ponencias —os cinco minutos que duraron as ponencias— de debate puidemos referendar dende o noso punto de vista que considerabamos de dubidosa constitucionalidade —esas foron as palabras literais que utilizamos—. Non resolve ou non resolvía ese plantexamento de lei ningún problema sanitario, non traballaba ningunha cuestión plenamente do sistema sanitario, de persoal, de recursos, de mecanismos, de estruturas, nada. Eran medidas incompletas porque aínda nestas últimas semanas os concellos demandan que aínda esa lei nin sequera recolle competencias para ter capacidade de sancionar ou de advertir ou de vixiar, por exemplo, en espazos abertos ou en espazos públicos. Era unha lei plantexada dende unha certa, incluso, soberbia e algún autoritarismo, porque non se considerou nada do que dixo a oposición.

Considerábase que estaba todo perfecto, todo moi ben. Nós advertimos de que esa lei podería ter dubidoso encaixe no marco legal; acusóusenos de ser alarmistas, acusóusenos de estar torpedeando. Nós pretendiamos e defendemos aquí que un regulamento tería sido unha boa medida, que nós estaríamos encantados de poder apoiar e, se acaso, colaborar, pero que esa lei non tería sentido e que estaba feita unicamente para confrontar.

¿Que pasou? Que o Partido Popular consideraba todo perfecto, e non. O Consello de Estado dixo e avalou que se presentara un recurso de constitucionalidade. O Tribunal Constitucional decidirá, pero hai sentenzas previas que parece que indican que hai bastantes fundamentos para poder entender que esta lei ten bastantes problemas de constitucionalidade. Así o asume implicitamente o Goberno da Xunta cando quere negociar sobre ela; se estivera tan convencido, non negociaría.

Pero ¿cal é o resultado? O resultado é que 13 meses despois estamos sen nin sequera un regulamento que aclare competencias, sen aclarar normativamente como debemos xestionar no caso doutros problemas de saúde pública. Non temos a capacidade de debater sobre unha lei que mellore e que reforce o sistema sanitario e temos 13 meses despois a nada. Temos unha cousa, iso si, que era o que buscaba o Partido Popular con esta lei; temos confrontación, barro, iso é o que temos. Porque, ao final, ao PP o que lle gusta é isto. Así pasou na interpección de hai 15 días, onde nós trouxemos este tema e, preguntado o Goberno sobre este tema, dedicouse —como case sempre que intervéñ o señor vicepresidente— a atacar persoalmente a quen fai as propostas; e interviñeron tres portavoces do PP naquel debate por motivos distintos, e ao final falouse de todo, e incluso alguén contou unha historia de amigos de hai tempo, e outro falou da súa capacidade de dirixir ou de decidir de que se fala e de que non, falouse de todo menos da Lei de saúde e de como nós cremos, propoñemos —podemos estar equivocados, nós cremos que neste caso acertamos— que hai que resolvelo pola vía do acordo. E isto é o que propoñemos hoxe na moción, que o Goberno da Xunta se sente co Goberno do Estado con lealdade, que trate de acordar unha resolución, que rectifiquen os asuntos que están no foco e que parece ser obvio que poden provocar problemas de constitucionalidade. E, a partir de aí, resolvan unha medida, traian a este Parlamento coa



maior brevidade posible para que poidamos axilizar o trámite e poidamos aprobar que se teñan en conta incluso —fíxense que cousa tan revolucionaria— as propostas que fai a oposición, probablemente algunhas erradas e probablemente algunhas acertadas, ¿quen sabe? Igual ás veces ata hai xente que pode ter razón máis alá do Partido Popular, non ten por que ser sempre, algunha vez só. Nós isto é o que propoñemos.

Pero seguimos neste punto. Parece que, ante unha situación coma esta, o Partido Popular non só asume que podía terse equivocado, o Goberno da Xunta asúmeo implicitamente ao habilitar ou ao falar de negociación; o Partido Popular celebra o problema, porque o Partido Popular celebra os problemas, sobre todo se pode confrontar con alguén e, se pode confrontar co Partido Socialista, moito mellor. O barro, enfangar, isto é o que parece que están buscando con esta lei dende o principio, porque a realidade é que non temos nada, 13 meses despois non temos nada, non hai nada que cambiara na normativa. Pero vostedes están encantadísimos, ¿por que?, porque enfronta. Porque ademais vostedes son moi de confrontar e, se acaso non teñen que, invéntano, invéntano; se total ¿para que?, se o problema é confrontar, se non hai problema ningún.

E nós plantexamos unha solución de acordo e de diálogo entre os gobernos e que os parlamentos dean saída lexislativa. Se isto é o que plantexamos, acordar unha solución para poder resolvelo canto antes. ¿Que temos en fronte? Temos en fronte un Goberno e un Partido Popular que queren estar na guerra permanente e é bastante cansino, bastante inútil por outra parte. E, por tanto, nós defendemos que ten que haber unha solución mellor.

Pero vostedes é certo que están na guerra, estiveron en practicamente todos os temas, practicamente todos. Fíxese, incluso teñen aquí neste Parlamento unha oposición —que plantexará algúns temas que poden ser acordados, que non— pero que non está introducindo nin sequera temas por lealdade que o Goberno e o Partido Popular si está introducindo para confrontar. Para resolver non; para confrontar, por suposto.

Vostedes discutiron sobre as vacinas que entraran por Portugal. Discutiron que non chegaban polos grupos diana, que chegaban; agora creo que ninguén xa pode discutir iso, pero, claro... Discuten agora que se hai un problema porque non se están vacinando os mariñeiros que están embarcados moito tempo e dinllo ao Goberno do Estado, cando é unha decisión autonómica, porque hai outras comunidades que xa o están facendo, como Euskadi.

Vostedes incluso tiveron que aplaudir o que fixo o outro día o señor Feijóo dando datos manipulados, sabendo que estaban sendo manipulados, o que pasa é que o costume fai que non se desbote nada. Unha vergoña dende un punto de vista estatístico e unha aberración dende un punto de vista político, dar datos cambiados sobre quen tiña dúas doses, quen tiña unha... Eu ás veces penso como se pode manipular máis, pero o señor Feijóo sempre gaña, sempre atopa modos que os demais non somos capaces de imaxinar. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, na cuestión legal de como organizar, nós defendémolo sempre, porque nós..., trasládolles cuestións de vacinación pero, como verán, nós non plantexamos este debate. Vostedes abriron esta porta, agora pódese pedir calquera cousa. Por exemplo, nós empezamos a pedir: ¿que pasa cos mutualistas aos que non queren vacinar? Xa podemos



empezar a debater diso. Pero vostedes sobre a normativa para afrontar a pandemia e a maneira de regulalo, vostedes é que non foron leais nin por casualidade. Miren, empezamos co estado de alarma neste país, ao pouco vostedes abandonaron o estado de alarma e dicían que era malo. Cando o estado de alarma terminou na primeira parte, vostedes entón querían recollelo de novo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —bueno, era posible prolongalo e entón estaban en contra—. Cando se plantexou a posibilidade de que os estados de alarma foran plantexados noutro formato legal a través das comunidades, chamábanlles, o señor Feijóo dixo: «estadiños de alarma». Cando foi chegando un momento máis grave e houbo que recompoñer o estado de alarma, vostedes dixeron que era demoledor para a economía. Agora está a punto de terminar o estado de alarma e vostedes dicían que non se podía terminar porque era un mecanismo fantástico, agora xa non era demoledor era fantástico e tiña as ferramentas. Plantexouse a posibilidade de que se prorrogara e ¿que dixo o PP?, que votaría en contra.

Vostedes teñen unha única posición: en contra. Dá igual de que, en contra. Que é fácil, porque só hai que ver o que fan os outros e poñerse en contra, pero isto non soluciona nada. Vamos ver se somos capaces de ser útiles, que isto é importante para un Parlamento.

E nós traemos unha moción que plantexa que este Goberno da Xunta, que ten as competencias para facelo e que nos representa a todos, porque é o Goberno de todos, negocie co Goberno do Estado —porque é quen ten as competencias para facelo— para que aqueles artigos, aquelas partes desa lei que promoveu, que todos lle dixemos que non tería encaixe legal, e que asumir a negociación é implicitamente asumir que ten un problema esa lei. Por tanto, que o acorden, que se senten, que deixen de estar falando todo o rato nos medios de comunicación —como dicía aquel: falar moito axuda pouco e falar pouco axuda moito—. Séntense, acorden e rectifiquen esas partes; tráiana a este Parlamento, acordemos unha medida —vostedes teñen unha maioría—, traten de propoñer algo sensato, intenten escoitar o que lles podemos propoñer —por se vale de algo— e aprobemos algo. Porque 13 meses despois non temos nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, case tarde, a todos e a todas.

Atopámonos hoxe, dous meses máis tarde, debatendo novamente sobre a reforma da Lei de saúde de Galiza. Dous meses nos que poucos cambios se produciron desde a súa aprobación e nos cales a posición do BNG a respecto da mesma tampouco variou.



Desde o comezo da pandemia vimos demandando máis recursos, máis profesionais e máis investimento na sanidade pública sen que o Goberno da Xunta de Galiza prestase nin a máis mínima atención. Non hai peor xordo que quen non quere oír e aí está instalado o Goberno do Partido Popular, no pedestal de quen non se trabuca nunca e de quen non precisa consellos, e desde esa atalaia pon e dispón.

Opuxémonos a esta reforma porque consideramos que nunha crise sanitaria de tal calado son necesarias máis que nunca medidas e reformas sanitarias. Medidas sanitarias que xa eran precisas de antes porque a situación da sanidade xa viña tocada de tempo atrás. E, en cambio, desde o Goberno da Xunta, coma quen oe chover, fixeron caso omiso; pasaron meses anunciando unha reforma da Lei de saúde de Galiza que finalmente dun xeito covarde non foron quen de traer a este Parlamento e que presentaron a través do grupo parlamentario e soporte do Goberno galego.

Presentaron esta reforma lexislativa anunciándoa como a lei que nos salvaría da pandemia, mentres que, despois de algo máis dun ano inmersas nunha dela, continuamos igual coas mesmas ferramentas na sanidade pública. ¿Con que reforzo contamos a día de hoxe na sanidade? Coa trampa da consulta telefónica e coa contratación de 200 enfermeiras para suplir as que voluntariamente se ofreceron a desenvolver a campaña de vacinación. E chámolle trampa á consulta telefónica porque é iso, unha mera trampa, un facer coma quen que fago sen facer nada. Porque a accesibilidade para as pacientes é moito máis complexa, porque a carga laboral para as profesionais, se non é a mesma, nos menos casos, é moito maior, e, en consecuencia, a calidade asistencial foi a menos. Porque un ano máis tarde as pacientes continúan tendo trabas para poderen ser vistas pola súa médica de atención primaria. Porque hai listas de agarda en atención primaria dunha semana ou incluso de máis. Porque as profesionais están exhaustas e non obteñen outra cousa máis que palabras bonitas a cambio; prometéronlles ás profesionais que traballaran durante o estado de alarma tres días de permiso adicional retribuído, e ¿onde van eses días?, porque moitas solicitáronos, pero non se concederon. Tampouco —todo hai que dicilo— non se denegaron oficialmente, porque a ninguén lle gusta quedar mal, simplemente quedaron aí no limbo dos xustos coa etiqueta de «pendente», esperando a que pasase o día solicitado. Como moito, algunha afortunada unha chamada para dicir que non contasen con eses días.

¿Así é como se coida do persoal? (*Aplausos.*) ¿Do persoal que puxo o lombo e as mans para que todo isto saíse adiante? (*Aplausos.*) Porque, se hai algo no que non nos cabe a menor dúbida —nin me cabe a min, nin lle cabe ao meu grupo, nin lle cabe á maior parte da sociedade galega—, é que temos unhas grandísimas profesionais traballando no Sergas, desde a última das médicas intensivistas ata a primeira das limpadoras. (*Aplausos.*) Porque o sistema sanitario é moito máis daquelas que visten bata. (*Aplausos.*) Profesionais que deron o mellor de si, que continúan a dar o mellor de si para manter ao máximo posible a calidade na atención. E que alí a onde non chegan as xerencias, a onde non chegan as planificacións de recursos humanos ou as ordes da consellería elas estiran un pouco máis a man para que non decaia. Porque, se hai algo que deixou claro esta pandemia, é que o Sergas é o que é por quen traballa nel, (*Aplausos.*) polas profesionais que o sosteñen. (*Aplausos.*)

Levamos un ano de pandemia e levamos un ano dicindo que é necesario cambiar o enfoque, pero aquí erre que erre. É precisa unha atención primaria reforzada, con capacidade, con re-



cursos. Cando falamos da atención primaria falamos de todas as categorías, falamos de medicina e enfermaría, pero tamén de traballo social, de pediatria, de matronas, de odontoloxía, de saúde mental; ou tamén deses grandes descoñecidos nesta nosa sanidade pública galega como son a fisioterapia, a dietética ou a terapia ocupacional, porque é imprescindible que a atención primaria funcione dun xeito áxil e solvente para que o resto do sistema sanitario poida seguir funcionando.

É preciso o reforzamento dos servizos de saúde pública e de medicina preventiva con estruturas propias, con recursos humanos e materiais. Un sistema público de rastrexo que funcione debidamente para detectar gromos de enfermidades infecciosas, para cortar a cadea de transmisión. Un sistema de rastrexo que quizais sexa unha das maiores incógnitas da xestión desta pandemia, porque nunca estivo moi claro nin canto persoal estivo contratado nin cal era o seu xeito de traballar. Rastrexadoras que agora sabemos que moitas delas estiveron contratadas nunhas condicións extremadamente precarias, aproveitándose de períodos de probas e de contratos eventuais. E non foi ata agora, ata mediados do mes pasado, de marzo do 2021, cando a Xunta de Galiza anunciou a licitación dun gran contrato para o rastrexo do virus. A verdade é que nunca é tarde, pero a puntualidade tampouco foi o seu forte. *(Aplausos.)*

É necesario un sistema público de investigación, real, con orzamento, que aposte verdadeiramente polo desenvolvemento científico, pola xeración de coñecemento e pola busca de novas terapias. Ninguén cuestiona a estas alturas a importancia da investigación, por exemplo, no desenvolvemento das vacinas, que son a nosa principal arma para poñerlle freo a esta pandemia. Mágoa que si tivéssemos o infortunio de escoitar voces de dúbida acerca de se esa investigación debera ser pública, a pesar de que a maior parte do financiamento das farmacéuticas privadas tamén fose público, e, pola contra, os rendementos fosen totalmente capitalizados e privatizados para o beneficio destas empresas.

E de aí é de onde vén a nosa oposición á reforma da Lei de saúde. Unha reforma da Lei de saúde ten que traer medidas sanitarias, non o que se fixo por parte do Goberno do Partido Popular. Apelouse durante este ano á súa necesidade para supostamente ter ferramentas axeitadas coas que facer fronte á pandemia. Era unha reforma imprescindible, dixo incluso hoxe o señor Pazos. E curiosamente o que se veu poñer enriba da mesa non foron máis que unha serie de medidas de carácter puramente restritivo, porque medidas sanitarias ningunha. E para unha pandemia precisamos leis sanitarias, leis de saúde, non leis de orde pública. *(Aplausos.)*

Por iso nos opuxemos a esta reforma. Porque, por unha banda, é un recorte de dereitos e de liberdades públicas dunha grandísima envergadura e, pola outra, porque non fala de saúde, non fala do persoal do sistema sanitario, non fala do control de infeccións, de epidemias nin de pandemias. Só enumera sancións que van parellas a este recorte de dereitos. Non se trata de buscarlle encaixes legais, trátase de que esta norma non responde ás necesidades que evidenciou a pandemia. As leis teñen que responder ás demandas, ás necesidades reais que ten o pobo e non ao simple capricho de quen está gobernando. *(Aplausos.)*

É triste, a verdade que é moi triste que en tempos coma estes as reformas lexislativas se impulsen coa pretensión de desatar a resposta dun suposto rival buscando a confrontación ou



incluso o victimismo. É triste que o que teña para dicir o presidente da Xunta ante este recurso do Tribunal Constitucional nunha entrevista sexa que, se esta lei estivese escrita en catalán en vez de en galego, o Tribunal Constitucional non a tería suspendido.

É moi triste reducir as institucións, reducir incluso esta Cámara a un campo, a un partido de tenis que se xoga entre a Moncloa e San Caetano, lanzándose acusacións de que un non fai e outro fai menos, ou de que quen nos dera a nós facer se non fose polos outros. Estamos ás portas dun nova crise, onde vemos que a pandemia ten consecuencias sanitarias, moitísimas, pero tamén as ten sociais, onde é preciso tomar medidas para evitar que unha vez máis sexan as que menos teñen as que pagan as consecuencias desta crise. Este país merece moito máis que esta imitación barateira do Roland Garros. E por iso volvo reiterar que para o BNG é imprescindible o reforzamento da sanidade pública galega con máis persoal, con máis recursos e con máis orzamento. Frear a tendencia externalizadora e privatizadora e poñer todas as ferramentas, todas as ferramentas a traballar para superar unha das maiores crises sanitarias que viviu este país. E estas ferramentas pasan necesariamente polo Sergas, non por tribunais de orde pública.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Se me permite —creo que recollo o sentir de toda a Cámara— e creo que debemos expresar a dor e dar o pésame ás familias de dous xornalistas españois que foron asasinados, todo apunta que por un grupo yihadista en Burkina Faso. Un deles, ademais, o xornalista Daniel Beriain, que traballou na *Voz* moitos anos como corresponsal de guerra, e acompañábo un fotógrafo, Roberto Fraile. E queremos darlle o pésame ás súas familias *(Aplausos.)* e ao conxunto da profesión xornalística, que sofre moitas veces este tipo de persecucións.

Xa entrando noutras cousas menos serias, señor Torrado, eu algún día alguén do PSOE me ten que explicar por que, se nun pacto de coalición o Grupo do Bloque Nacionalista Galego pide a cabeza dun alcalde, por exemplo do señor Orozco, iso é normal cando se fai unha coalición, en cambio se o PP pide algo semellante somos pouco menos que fascistas. En fin, cousas veredes, vostedes sigan ao seu e nós, como dicía vostede, falemos da Lei de saúde.

O pasado 20 de maio dixo o señor Pedro Sánchez —e cito literalmente o *Diario de Sesións do Congreso*— o seguinte: «*Lo que sí haremos, señorías, es empezar a analizar y a debatir con todos ustedes y negociar la modificación de distintas leyes para garantizar la correcta gobernanza, una vez hayamos levantado el estado de alarma. Esas leyes que analizaremos serán básicamente las sanitarias*». Pouco antes dixera o mesmo a vicepresidenta primeira do Goberno no Senado e na Comisión de Reconstrución Social e Económica pactamos o Partido Popular e o Partido So-



cialista na parte sanitaria «*actualizar la legislación sanitaria de ámbito nacional y autonómico adaptándola a las propuestas de la Comisión para la Reconstrucción Social e y Económica*».

Un ano despois seguimos baixo un estado de alarma decretado en toda España, que ten unha vixencia ata o próximo 9 de maio, e despois del non hai nada feito. Así o ten manifestado ese mesmo Goberno que hai un ano dicía que estaba traballando na modificación da lexislación sanitaria. Certamente en paralelo o Goberno tramitou un Real decreto lei, o 21/20, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, o que se chamaba o decreto da nova normalidade. E o PP apoiouno coa finalidade de incluír este marco normativo nel. Pasado o tempo, isto nin foi urxente, porque se acaba de aprobar en marzo do 2021, nin valorou positivamente as ampliacións ás que en principio se mostrara receptivo o Partido Socialista, porque rexeitaron todas as emendas que presentou o Partido Popular e non conseguiu un marco para facer fronte aos brotes nin dotar o país de instrumentos necesarios para manter o virus baixo control. De feito, para o único que serviu foi para montar un lío coas mascarillas que despois levou a que no Consejo Interterritorial houbera que adoptar un acordo interpretativo para saber se nas praias, por exemplo, había ou non que usar mascarillas.

É dicir, en resumo, propúxose a reforma das leis sanitarias e non se fixeron, un mandato da Comisión Parlamentaria de Reconstrución mandou elaborar un calendario para efectuar esas reformas que se ignorou, tramitouse un real decreto lei que tiña que servir para dar seguridade xurídica e que non o fixo, e ademais estamos diante do final do último estado de alarma.

¿Que fixemos en Galicia? Primeiro, o presidente en distintas conferencias de presidentes, xa en maio e en xuño, solicitou e demandou do Goberno de España a reforma da Lei orgánica que regula os estados de pandemia e de epidemias no noso país. Iso foi inicialmente ben recibido polo Goberno de España, como acabo de dicir. Sen embargo, non se lle fixo caso, ata o punto de que o Goberno de Galicia, a Xunta de Galicia remitiulle o 25, cando se declara o novo estado de alarma, lle remite en outubro unha proposta de reforma da Lei orgánica do Goberno de España. As Cortes rexéitano, o Goberno de España rexéitao e o que decide o grupo parlamentario, en contacto co Goberno, é abrir a posibilidade de que, dado que non hai unha lei estatal, aproveitemos as posibilidades que a lei orgánica fai de que as comunidades autónomas o poidan desenvolver.

E foi así como desenvolvemos a Lei orgánica 3/1986, que di exactamente, en relación coas pandemias di: «*Con el fin de controlar las enfermedades transmisibles, la autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o hayan estado en contacto con los mismos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo de carácter transmisible*».

Esta é a lexislación orgánica básica coa que os xuíces e as comunidades autónomas teñen que facer fronte á pandemia da covid-19. Poden adoptar medidas oportunas e poden adoptar as que se consideren necesarias.

E o que fixemos en Galicia coa Lei de saúde foi concretar cales son esas medidas oportunas, cales son as necesarias, como se teñen que facer, definir que dereitos teñen os cidadáns



diante da adopción destas medidas, definir as obrigas que teñen as administracións que adoptan estas medidas. En definitiva, poñer garantías.

Finalmente a lei foi aprobada o 26 de febreiro deste ano e nada menos que o 16 de marzo, nin sequera un mes despois, o Consello de Ministros acorda solicitar do Consejo de Estado un ditame preceptivo con carácter de urxencia para interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra a lei. E unha vez que recibe o ditame, o 30 de marzo, acorda interpoñer ese recurso.

É moi salientable ler o que di o ditame do Consejo de Estado sobre esa urxencia coa que se lle solicita o ditame. Di: *«No constan en el oficio de remisión ni en el acuerdo adoptado las razones de esta urgencia en relación con un recurso que, de conformidad con el artículo 33 de la Ley orgánica del Tribunal Constitucional, vence en el plazo de 3 meses a partir de la publicación de la ley impugnada. A esta labor tampoco ayuda el modo en que en el presente caso se ha formado el expediente. No consta que se haya solicitado la opinión de otros departamentos ministeriales y, en particular, del ministerio competente por razón de la materia, que es el de sanidad»*.

Non piden informe ao Ministerio de Sanidade, non abren a Comisión Bilateral, primeira falacia. Se a Comisión Bilateral está aberta e xa están negociando os xuristas das dúas administracións este tema é porque o pediu a Xunta de Galicia, non porque o Goberno quixera, primeira falacia. Porque vostede na súa iniciativa di estritamente que foi o Goberno de España o que solicitou o diálogo; non é certo, foi a Xunta de Galicia.

E, ademais de non abrir a Comisión Bilateral, nin sequera lle dan o tempo necesario ao Consello de Estado como o propio Consello de Estado manifesta. E resulta que quen confronta é a Xunta de Galicia.

Pero, se imos ao fondo do que di o Consejo de Estado sobre a lei, o que di é que dos seis apartados da lei galega que o Goberno de España quería impugnar, o Consello de Estado desbota por completo a presunta inconstitucionalidade de cinco deses seis apartados. As medidas preventivas do 38.ter *no contravienen el orden constitucional*, todo o réxime sancionador relacionado e todo o relacionado con el *no ofrece razones convincentes de su inconstitucionalidad*. Deixa claro que a Lei non pretende ser substitutiva do estado de alarma, como dixo vostede precisamente no debate de admisión. E o que di o Consejo de Estado é que a reforma cuestionada *tiene como único objeto el desarrollo de la legislación sanitaria estatal atribuyendo a las autoridades autonómicas los mecanismos adecuados para hacer frente a situaciones de grave riesgo para la salud pública y que en absoluto condicionan ou é incompatible co estado de alarma*. E deixa claro que non contravén a estratexia sobre a vacinación.

E mesmo dalgunhas medidas específicas como, por exemplo, pode ser o uso da mascarilla obrigatorio, o límite de dereitos como o peche de actividades, horarios, ou medidas especiais como a limitación da circulación e reunión, di explicitamente o Consejo de Estado que é constitucional. E, por suposto, os criterios de aplicación, proporcionalidade, dereito de audiencia e incluso que as medidas preventivas, que algún xurista desta casa nos dixo que eran unha aberración xurídica, di o Consejo de Estado que son perfectamente legais e constitucionais aínda que non haxa recurso, porque iso é propio das medidas provisionais e non das medidas preventivas.



O Consejo de Estado non pon en ningún caso en dúbida que Galicia poida tomar estas medidas, dio explicitamente: *No parece que las medidas contempladas en el artículo 38.2 de la ley sean diferentes de las que ya se han adoptado, tanto por las estatales como por otras autonómicas.* O problema que ve o Consello de Estado é que a insuficiencia da lexislación orgánica deixa demasiado campo aberto para as comunidades autónomas. E é nesos termos nos que entende, non porque sexa inconstitucional, senón por un problema de delimitación, que se podería presentar recurso de inconstitucionalidade.

E ademais preséntase o recurso e non se frea a segunda falacia que están vostedes repetindo porque o Tribunal Constitucional frea o recurso. É que é obrigatorio polo artigo 161.2 da Constitución. Se o Goberno o pide, inmediatamente suspéndese a aplicación da lei.

E o Goberno elixiu, efectivamente, o máis agresivo: non quixo dialogar pola Comisión Bilateral, pediu un máximo prazo de urxencia ao Consejo de Estado, pediu a suspensión da lei e ademais só negocia unha vez que se presenta o recurso e cando o pide a Xunta de Galicia.

Ademais o Consejo de Estado deixou moi claro que Galicia tiña razón e suxírelle ao Goberno de España *que modifique el contenido de la Ley orgánica 3/1986, porque está necesitado de una adecuación legislativa que le aporte mayor detalle y concreción.*

¿Cal é o problema? O problema é que o Goberno de España nin desenvolve a lei nin quere que a desenvolvan os distintos poderes autonómicos.

As cousas están mudando, no Congreso no debate do 14 de abril o señor Sánchez defendeu a alternativa ao estado de alarma, a única é un plan de vacinación intensificado e non o respaldaron moitos dos que si levaban respaldando o Goberno nisto; nin ERC, nin Compromís, nin o PDeCAT, nin Más País, todos eles, incluso o do Bloque, demandaron normativa para o futuro posterior ao estado de alarma. O PNV como xa saben levou unha proposición igual que nós, cos socialistas, e o seu portavoz dixo que a capacidade de regular estas cuestións non pode depender do capricho do presidente do Goberno.

E hai un clamor autonómico. Andalucía, Galicia e Castilla y León, pero tamén a Comunidade Valenciana, a Comunidade de Castilla-La Mancha e Cantabria denunciaron a falla de instrumentos xurídicos. E posiblemente sexa ese clamor o que leva o campión do diálogo e a cogobernanza a negar a conferencia de presidentes que estamos pedindo desde Galicia.

¿E que fixo a oposición galega ante este recurso tan agresivo? Neste Pleno están insistindo moito na cuestión do autogoberno. Teñen moito interese en incrementar a nosa capacidade competencial, pero sobre as competencias xa asumidas, nomeadamente en materia sanitaria ou en materia de desenvolvemento lexislativo da lexislación orgánica, que é unha competencia que ten a Xunta, que ten Galicia, aí a oposición esquecese da defensa do autogoberno.

O BNG dixo que era crónica anunciada, pero non defende para nada a vontade maioritaria da Cámara. ¿Para que queremos soberanía se despois cando hai unha vontade maioritaria vostedes non a defenden? Vostedes o que están é confundindo claramente o que é o contido da lei, do que é lexítimo discrepar, da competencia desta Cámara para aprobar leis dentro do



marco constitucional. Eu a verdade é que nacionalistas que só defenden a soberanía cando a soberanía lles dá a razón e non cando a soberanía decide outra cousa non os poden entender.

E o Partido Socialista, apoio incondicional a Sánchez. Nesta PNL pídennos que deamos por suposto que é inconstitucional a lei, sen que o propio Consejo de Estado o avaliara, e ademais dan por suposto que esa comisión vai saír que hai que reformar a lei, pode haber un acordo interpretativo. Están negociando xa e xa veremos que é o que sae.

Nós, certamente, imos defender a Lei de saúde e o autogoberno, e ímolo facer porque é a mellor forma de protexer a vida e a saúde dos galegos e das galegas. Imos seguir actuando desde a lealdade institucional, negociando en termos xurídicos na bilateral, acatando a eventual sentenza do Tribunal Constitucional pero, desde logo, sen deixar de suplir os baleiros incomprendibles da lexislación estatal.

Señorías, todos temos que ser conscientes de que no fondo aquí quen non ten un problema non é nin a Xunta nin o Parlamento de Galicia por aprobar unha lei, quen ten un problema é a poboación galega pola inacción do Goberno de España que se nega sistematicamente a levar a cabo a reforma da lexislación orgánica que eles mesmos prometeron, que lle solicitou a comisión de reconstrución do Congreso, que lle solicitaron as comunidades autónomas e que agora tamén lle solicita o Consejo de Estado a propósito do ditame sobre a nosa lei. Unha lei que trata, precisamente, de protexer os galegos e as galegas fronte a esa inacción do Goberno de España.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o ton do debate, que sempre é moi construtivo nos dous planos e é de agradecer. Quero expresarlle ao BNG, eu comparto bastante da argumentación, non sabemos o que vai votar, pero independentemente diso, creo que hai algunhas recomendacións que se plantexaron aquí que son bastante sensatas; algunhas cuestións podemos non compartilas en matiz pero si en xeral e, polo tanto, creo que contribúe ao debate.

Sobre a intervención do señor Puy, discrepamos nalgunhas cuestións, é natural, pero vaime permitir que lle dea a miña interpretación do que vostede plantexou agora aquí. Vostede veu aquí facer de oposición do Goberno do Estado, está ben. Lémbrolle que hai un Congreso dos Deputados. Este debate que en realidade está confundindo as competencias autonómicas e estatais parece que tamén están confundindo os parlamentos; vostedes veñen aquí facer oposición do Goberno do Estado, que é lexítimo, pero lémbrolle que o Goberno do Estado é un Goberno que sae dunhas eleccións e que vostedes xa fixeron esa oposición e perderon. Por tanto, hai que respectar tamén esas decisións, independentemente, de que poden, evidentemente, estar en contra. Pero nese debate da oposición ao Goberno do Estado vostedes



perden. Ultimamente perden sempre, por certo. E confunde ademais vostede facer caso con dar a razón, porque é un concepto bastante peculiar de facer caso. Vostedes transmiten: non nos fixeron caso. Non, caso pódese facer, pero iso non implica que lles dean a razón. Vostedes ás veces fannos caso do que opinamos, pero non nos dan a razón, ás veces. Ás veces fannos caso, normalmente non nos dan a razón.

Polo tanto, non é o mesmo. Vostedes presentaron unha lei ante o Congreso e quedaron sos, e votaron vostedes sos, é lexítimo, pero vostede ten que respectar a vontade maioritaria dos electores que cando demandan para cuestións galegas, con toda a lóxica que vostedes a demandan porque son maioría, tamén teñen que respectar que no Estado vostedes perden as eleccións, e non están respectando nunca, nunca, a vontade maioritaria do Estado español cando decide no Congreso, nunca. Por tanto, hai que ser un pouco coherente con esa posición.

En segundo lugar, hai unha cuestión bastante interesante, que é que vostedes presumen do ditame da resolución do Consello de Estado. É curioso, o Consello de Estado acaba por recomendar que o Goberno de España presente un recurso de inconstitucionalidade contra a lei, pero iso é un motivo de celebración. É a primeira vez que vexo un goberno, un partido político que celebra que lle recomenden presentar un recurso de inconstitucionalidade contra unha lei propia. Se iso reafirma o que nós vimos dicindo, se vostedes querían isto. Se vostedes fixeron esta lei para isto, para confrontar. Porque é o que lles gustou, vostedes están nisto para confrontar. A xestión da pandemia xa é outra cousa, están nisto para confrontar, non teñen outra obsesión. Porque veu aquí celebrar que o Consello de Estado di, vostede leu unha das partes, vostede di moitas veces con moita razón que non se poden ler algunhas cousas por partes, pero o Consello de Estado recomenda presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a lei, e a vostedes parécelle ben, consideran iso un logro.

Home, pois felicidades, eu, se quixera ir pola vida de constitucionalista, non celebraría que recomenden presentar un recurso de inconstitucionalidade contra min. Claro que vostedes o concepto de constitucionalistas xa sabemos o que é, que lles dean a razón e a Constitución diga ás veces o que din vostedes e ás veces non.

Incluso dende un punto de vista sinxelo, xa sei que non é tan complexo, non teño unha formación xurídica para ir tan a fondo, pero o debate dende o inicio vén sendo, ¿ten Galicia as competencias para xestionar basicamente dereitos fundamentais e liberdades públicas? O Tribunal Constitucional di habitualmente en todas as súas sentenzas que non, e ese é o debate. ¿Cal é o problema? O problema é que vostedes están aquí porque queren, vostedes están aquí porque o señor Feijóo quería montar un problema para poder confrontar con alguén, porque, se non confronta con alguén, non lle debe de gustar o día, e esta é a cuestión. Resolver a pandemia, ter un regulamento para aclarar competencias, iso non; hai que confrontar, e entón buscaron este problema. Por iso non aceptaron ningunha negociación, por iso non aceptaron nas ponencias ningunha conversación, ningunha.

Vostedes pretendían chegar ata aquí. O problema é que vostedes se saen coa súa en cuestións como chegar ata aquí, e este é o problema, porque temos un problema agora con esta situación. Nós non temos prioridade para que os concellos teñan as súas competencias, non temos



unha lei que aclare se queremos unha Axencia Galega de Saúde Pública, non temos claro como imos reorganizar, se é que hai que facelo, organicamente a consellería para funcionar, non poñemos medios para que teñamos unha axencia que investigue en saúde pública de maneira estable, ou que comprometamos un mínimo de investimento público en investigación sobre saúde pública. Non temos todo iso, non temos unha lei que regule as ratios, non temos unha lei que regule canto debemos ampliar o sistema e como debemos formulalo. Nada diso; xa non estaba na proposta inicial. Vostedes querían chegar ata aquí, ata o enfrontamento porque vostedes disfrutaban con iso, regodéanse nisto, e este é o problema, que non merecemos un Goberno que estea unicamente para buscar inimigos. Necesitamos un Goberno que plantexe solucións e as solucións non están en estar celebrando que o Consello de Estado lles diga que hai que presentar un recurso de constitucionalidade contra a súa lei, porque 13 meses despois disto, nada. Porque a vostedes ao final isto de consensuar e de ser leais nin por equivocación, nin cando se equivocan son leais, son desleais sempre e cando se equivocan son máis desleais aínda. E isto non vai de que o señor Feijóo crea que é mellor por discutir coa xente, non é así. Trece meses despois non temos lei. Se vostedes eran tan bos para dicir que necesitabamos algo, fixeran algo, e podían propoñer neste Parlamento algunha cousa que fora minimamente aprobable. Vostedes plantéxannos aquí que ... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Continúe, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...aprobemos ou que os apoiemos nunha lei que lles dixemos que era de dubidosa constitucionalidade, que o Consello de Estado di que é de dubidosa constitucionalidade e que vostedes o celebran. E eu non entendo como un Goberno pode celebrar que un Consello de Estado lle diga que a súa lei ten que ir a constitucionalidade, salvo que vostedes o que queiran é iso, estar na guerra, e na guerra non nos van atopar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Votación das mocións

Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D^a María González Albert.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Si, señor Martín Seco? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Acepta vostede a votación por puntos? Si. ¿Que puntos quere separar?

O señor SECO GARCÍA: Os tres primeiros por un lado e o último por outro.

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón!



O señor SECO GARCÍA: Os tres primeiro por un lado e o último por outro.

O señor PRESIDENTE: Vale. ¿Acéptalle vostedes así?

Votamos os tres primeiros puntos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes tres puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos da moción.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert, menos os puntos 1, 2 e 3, xa votados, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas novas plantacións de eucalipto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular e hai unha transacción que coñecen todos os grupos. Sometemos a votación esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D. Julio Torrado.



Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que se deben levar cabo en relación co encaixe no marco legal do Estado da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e seis minutos e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, punto 4º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo respecto do aumento dos recursos pesqueiros no mar.

Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa unha emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo e a DG Mare para que reconsideren o contido da Resolución sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable (RMS), en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas, naqueles aspectos que poidan ser prexudiciais para os intereses da frota pesqueira galega e da cadea mar-industria.>>

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Ben, imos cos antecedentes. En decembro de 2020 apróbase na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo o informe sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas



para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sustentable, e a adopción en particular de zonas de recuperación de poboacións de peixe e zonas mariñas protexidas.

A poñente deste informe foi Caroline Roose, do Grupo dos Verdes/Alianza Libre Europea, onde está integrado o Bloque Nacionalista Galego, aínda que moitas veces diga nesta Cámara que non, e o informe foi aprobado por 16 votos a favor, 8 en contra e 9 abstencións. Votaron a favor o Grupo dos Verdes e dos Socialistas, incluído o voto a favor da eurodeputada socialista andaluza Clara Aguilera —e fago referencia a ela porque despois falarei doutro informe no que ela, curiosamente, non votou—, e votaron en contra o Grupo Popular, incluído o eurodeputado galego Francisco Millán Mon.

Esta resolución contén numerosos aspectos que son moi negativos para os intereses da cadea mar-industria, posto que non se recoñecen os esforzos e logros do sector pesqueiro cara á sustentabilidade; os peches de áreas mariñas descríbense como a panacea, sen dar demasiados detalles; apóstase por substituír o criterio de rendemento máximo sustentable polo de rendemento máximo económico; e, en definitiva, colócase unha excesiva presión medioambiental nos traballadores e traballadoras do sector, que xa teñen que afrontar retos complicados, como os efectos da obriga de desembarque, como o Brexit, a pandemia da Covid-19, a reforma do regulamento de control, etc.

Creemos importante volver destacar que esta resolución foi redactada por Caroline Roose, do Grupo de los Verdes/Alianza Libre Europea. É moi importante tamén saber quen propón as cousas e despois como se votan.

Informar que esta resolución foi coñecida pola Consellería do Mar de forma directa e despois se recibiu información por parte do eurodeputado galego Francisco Millán Mon, xunto coas súas emendas, concretamente 49 emendas presentadas a esta resolución.

Así xa a Consellería do Mar no Pleno do Consello Galego de Pesca, celebrado o 20 de febreiro de 2021, xa incluía como un dos puntos da orde do día da dita xuntanza a análise dese estudo e esa resolución.

Na xuntanza que tivo o Consello Galego de Pesca acordouse que se elaborará un ditame sobre esa resolución, esperando que a súa postura sexa respectada pola Comisión de Pesca e o Parlamento Europeo; sabemos que se está redactando e que se está traballando niso, e esperamos un pronunciamento sobre esta.

En todo caso, ese texto vai na liña desgraciadamente dunha crecente visión medioambientalista no Parlamento Europeo, unha visión que non contempla a necesaria vertente socioeconómica da política pesqueira común, que sempre defendemos neste Parlamento.

A ese informe súmase outro proxecto de ditame, que se chama “Os entes locais e rexionais na protección do medio mariño”, do Comité Europeo das Rexións, que se debatera no seu pleno do vindeiro mes de maio, e cuxa ponente na comisión competente, que é a Comisión de Medio Ambiente, Cambio Climático e Enerxía, é Emma Norén, vicealcaldesa de Lysekil, que é unha localidade sueca, e tamén pertencente ao Grupo dos Verdes.



A este proxecto o representante da comunidade autónoma galega no Comité Europeo das Rexións, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, presentou 14 emendas, moi centradas en que a protección do medio mariño, ademais de medidas medioambientais, ten que levar consigo medidas sociais e económicas, sempre respectando e considerando o aspecto socioeconómico da actividade pesqueira.

Algúns exemplos que chaman poderosamente a atención do proxecto de ditame, os entes locais e rexionais na protección do medio mariño do Comité Europeo das Rexións, son que no proxecto se recollen puntos de acordo semellantes ao do informe anterior do Parlamento Europeo, e que entendemos tamén negativos e equivocados, como considerar a posibilidade de aumentar o nivel dos recursos só sobre o esforzo da pesca. Mostra unha falta de respecto ao traballo de sustentabilidade do sector marítimo-pesqueiro nestes anos, cando ademais está demostrada a súa recuperación e mantemento no nivel de rendemento máximo sustentable.

Vincular despois a subvencións a un exceso de capacidade pesqueira e á sobrepesca, cando o FEMP impide tal aumento, a nós parécenos que é unha mostra de descoñecemento, porque é insultante, creo, tamén atribuír o cambio climático só á pesca, así como pedir a súa eliminación de exencións aos combustibles desta actividade e non a outro tipo de combustibles.

Despois, centrar o cumprimento dos límites de xofre na auga de vertedura nas depuradoras portadas polos buques e non nos múltiples factores que poden provocar este proceso. Iso é culpar unha parte ínfima tamén deste proceso, polo que debe ser analizado antes da súa prohibición e posto en relación con outras actividades tamén que poden estar noutras causas de orixe terrestre, non só nas causas orixinadas polos barcos ou na pesca.

Tamén di, fala de protexer as zonas costeiras, soamente, sen especificar, e creemos que non debe ser un obstáculo para o desenvolvemento de actividades tradicionais e necesariamente costeiras, como a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou a transformación de produtos do mar, que demostraron o seu carácter sustentable e a súa capacidade para xerar riqueza e emprego. Pero tampouco especifica como vai ser esa protección, e tememos que poida tamén afectar directamente a esas actividades.

É necesario establecer unha protección das áreas mariñas susceptibles de conter alto valor ecolóxico, pero a articulación desta protección débese xustificar e argumentar, repetimos unha vez máis, tendo en conta a necesaria integración de moitas actividades respectuosas co medio ambiente, e o nivel económico e social tan importante que ten a pesca.

Ben, por todo isto está claro que Galicia é neste caso, e neste ditame, o alicerce doutras comunidades autónomas, de distintas cores políticas que están a secundar as nosas emendas.

Son varias as comunidades autónomas españolas que despois presentaron tamén despois de Galicia emendas no mesmo senso que referendan as emanadas desde aquí, as que fixeron, como dixen, o deputado en Europa Francisco Millán Mon e o representante tamén do Goberno galego Jesús Gamallo; polo tanto, Galicia está servindo de exemplo para outras comunidades autónomas. E non o fan nin por compadreo, nin por igualdade de partido, nin



por amiguismo, senón pola coherencia e polo sentido común da defensa do sector marítimo-pesqueiro e das súas xentes, un piar básico e fundamental para o noso país.

Polo tanto, nós consideramos fundamental atopar o equilibrio necesario na balanza entre as medidas medioambientais e a socioeconómicas, os dous brazos dunha balanza que non poden ir en contra do noso sector pesqueiro, nin facelo culpable dos males medioambientais dos nosos mares, e polo tanto nós entendemos que, aínda que non sendo vinculante, e volvo a repetir, este documento non é positivo, xa que recolle cuestións, como dixen antes, negativas, e ademais creemos que é unha liña e unha tendencia que hai que frear.

E en cuestións como o rendemento máximo sostible pretende dar un paso adiante moi difícil de asumir, ir máis alá dese rendemento e dispor as cifras por riba del, co que se debería axustar máis aínda o nivel de establecemento dos TAC. Pretende acadar o rendemento máximo sostible para todas as especies explotadas, e entendemos polo tanto que tamén para as que hoxe non están sometidas a TAC. Pretende cambiar o rendemento máximo sostible polo rendemento máximo económico, sen que se coñezan os efectos reais e prácticos de cambiar os niveis e sen referendo da súa inclusión nunha política común de pesca reformulada e dialogada.

Aposta ademais de forma clara e reforzada polas zonas mariñas protexidas, como dixen antes, propugnando acadar unha protección dun 30 % das zonas marítimas no 2030, sen especificar os elementos naturais a protexer, se son os fondos, se é a fauna..., non especifica. E despois di que se eleva a protección dentro desas zonas para que o 10 % teñan prohibidas todas as actividades económicas, sen estimar se a porcentaxe será sobre zonas concretas ou sobre o total das zonas protexidas da Unión Europea. Polo tanto, isto pode prexudicar de verdade en alto nivel a pesca e o sector pesqueiro en Galicia.

Dáse, ademais, unha ausencia das cuestións sociais da actividade, cando son as máis perentorias e máis importantes para nós, e que non se citan explicitamente en ningún momento.

Finalmente, este informe votouse no Pleno do Parlamento Europeo e obtivo un resultado final da votación en Pleno que acadou 362 votos a favor, 248 votos en contra e 71 abstencións. Votaron a favor disto que estou a resumir —téñeno todos vostedes á súa disposición— o Grupo dos Verdes e dos Socialistas, e votou en contra o Grupo Popular. Pero Clara Aguilera, a deputada socialista, cunha coñecida traxectoria en Europa, non estivo e non votou este informe. Eu creo que con esas medidas que ten non me estraña nada que non quixera votalo.

Nós queremos amosar o noso rexeitamento a todas estas medidas, a estes informes, a estes ditames, que creemos que son moi prexudiciais para a cadea mar-industria, para a nosa pesca e, polo tanto, nós pedimos que se apoie por parte de todos os grupos políticos este rexeitamento, que a Xunta se poida dirixir a través do Goberno ao Parlamento europeo, a DG MARE.

E, con respecto á emenda do Partido Socialista, bueno, esperarei á súa intervención e despois posicionaremos, pero de verdade que creo que a postura e a tendencia do radicalismo medioambiental pode danar moito o noso sistema económico e o noso sector pesqueiro, e polo tanto é importante que dende aquí fagamos forza e isto poida chegar ata Europa.



Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Quero comezar a miña intervención manifestando o noso total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do Partido Popular, que quere expulsar da política o candidato que gañou as eleccións municipais en Ourense, Rafael Villarino. Fronte á chantaxe do señor Feijóo e Baltar, democracia. ¡Rectifique xa, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

A verdade é que xa estamos acostumadas a que agora o Partido Popular empregue esta Cámara, o Parlamento galego, para rexeitar e emendar decisións do Parlamento Europeo e do resto das institucións comunitarias. Dende xuño de 2018 empregaban esta casa e esta Cámara para criticar e poñerlle deberes ao Goberno central, para pedirlle ao Goberno de Pedro Sánchez todo aquilo que non foron capaces de pedirlle durante máis de sete anos e medio de Goberno do señor Rajoy.

Pois ben, como dicía, agora dedican as súas iniciativas a cuestionar, a rexeitar e a emendar as decisións e resolucións das institucións comunitarias, dando a entender que ou ben non teñen representantes políticos nesas institucións, ou ben que non teñen interlocución cos mesmos, ou ben que tampouco se senten representados por eles.

Estano a facer co Regulamento de control, a pesar de que os representantes do Partido Popular Europeo votaron a favor deste, e sen embargo o Goberno galego e o Grupo Parlamentario Popular están a terxiversar a realidade e dando a entender que se opuxeron a el, que se opuxeron a ese Regulamento de control, en vez —como xa lle dixen en máis ocasións— de traballar todos e todas xuntas, cada un dende as súas responsabilidades, centrándonos na realidade dos feitos, en que non se distorsione a imaxe do sector, en que se recoñezan desde logo os esforzos feitos polo mesmo, máxime nesta época de pandemia, e dende logo que se traballe dende todas as administracións para lograr o mellor acordo posible sobre o Regulamento de control para impulsar a sustentabilidade ambiental, pero tamén como tamén sempre defendemos dende o PSdeG, a económica e a social.

E niso é no que debemos centrar os nosos esforzos, xa que a este regulamento aínda lle queda moito percorrido por diante antes de ser aprobado, podemos falar aínda dun ano vista, pois aínda ten que negociarse co Consello.

Tamén o Goberno da Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular levan moito tempo metendo medo ao sector coa Lei de cambio climático, botando pestes desta lei, e sen em-



bargo, cando chega a hora da verdade, cando chega a hora de emitir o voto, non son quen de votar en contra desta Lei de cambio climático. *(Aplausos.)*

Eu pídolles, por favor, que deixen a demagogia, señores do Partido Popular, e que sexan máis coherentes entre o que din e o que fan.

E agora traen unha iniciativa para rexeitar a Resolución do Parlamento Europeo do 21 de xaneiro de 2021, sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, medidas para promover a recuperación das poboacións de peixe por riba do rendemento máximo sostible; en particular, zonas de recuperación de poboacións de peixes e zonas mariñas protexidas. Quero incidir aquí —porque a señora Egerique falaba das zonas mariñas protexidas— que dentro do Proxecto LIFE INTEMARES, no que participa a propia Xunta de Galicia, se están a tratar esas zonas mariñas protexidas. Polo tanto, o que vostede dixo aquí non concorda coa realidade, e a Xunta de Galicia participa nese proxecto xunto co Ministerio de Pesca.

Trátase, esta resolución do Parlamento Europeo, dunha resolución moi ambiciosa na que se chama a concienciar todos os colectivos que interveñen no mundo mariño, non só a pesca, con vistas a un futuro máis sostible que verse sobre a mellora da ordenación de pesca para acabar coa sobrepesca; que ten recomendacións sobre a ampliación da rede de zonas protexidas e mellora da súa ordenación —recomendacións e resolucións non vinculantes, señora Egerique—; así como a necesidade de abordar outros factores medioambientais que ameazan a recuperación da poboación dos peixes. E a señora Egerique dixo en palabras textuais que se lle atribuíu —segundo esta resolución— o cambio climático só á pesca; non, señora Egerique, non é verdade, e unha parte do articulado desta resolución vai analizar outros factores medioambientais.

Ante a magnitude do desafío dos novos perigos que plantexa o cambio climático —xa sei que non son moi dados a falar sobre o cambio climático—, é necesario adoptar unha estratexia de recuperación e de recuperación do medio mariño; que, dende logo, repercutirá en que os nosos mariñeiros sigan a ter un futuro, que poidan seguir vivindo do mar. Estou segura de que eles, o noso sector do mar, son os máis interesados en protexer este medio, que é o seu medio de vida. Os nosos pescadores non son delincuentes, dende o PSdG sempre nos opuxemos e rexeitamos determinados pronunciamentos das institucións europeas que facían ser sospeitosos os nosos mariñeiros polo simple feito de ser mariñeiros. Pero o conxunto destas medidas contempladas nesta resolución permitirán non só acadar os obxectivos ambientais da Unión Europea, senón tamén mellorar a saúde da poboación de peixes e beneficiar a longo prazo o noso sector pesqueiro.

Vaia por diante —como sempre digo— que o PSdG defendemos e defendemos que ten que haber un equilibrio entre o factor medioambiental e tamén os sociais e o económico. E tamén en algo relativo, ou que se toca nesta resolución, como son as zonas mariñas protexidas.

Pero, agora ben, como toda resolución parlamentaria, froito de transacción entre os grupos, o texto non é compartido ao cen por cen por ningún grupo parlamentario. Durante as negociacións os grupos políticos acadaron 14 compromisos, formando o Grupo do Partido Popular europeo parte desas 9 emendas transaccionais. Por exemplo, o Partido Popular europeo



formou parte dos compromisos dos parágrafos a), h), 7, 9, 31, 33, 34, 35 ou 38, por poñer algúns exemplos. ¿Vostedes están en contra diso?, porque é hoxe o que están a pedir a través desta iniciativa pedindo o rexeitamento desta resolución.

Miren, a verdade é que custa entender como o Partido Popular se opuxo ao parágrafo 21, que leo textualmente: «*pídeselle á Comisión que acompañe toda proposta lexislativa de avaliacións de impacto baseadas nos mellores ditames científicos posibles e en estreita coordinación coas comunidades e as autoridades locais*». E aí o Partido Popular vota en contra, aí o Partido Popular oponse a isto.

Pero, señora Egerique, o que aínda chama moitísimo máis a atención é que rexeiten o punto 10, e despois écheselle a boca de defender a pesca artesanal galega. Punto 10, que di: «*Considera que debe prestarse especial atención e apoio á pesca artesanal, potencialmente menos intensiva en recursos e máis sostible, non só dende o punto de vista da xestión biolóxica dos recursos, senón tamén dende un punto de vista socioeconómico*». A señora Egerique dicía que esta resolución non falaba en ningún lado do punto de vista socioeconómico, e fala precisamente cando fala da pesca artesanal. ¿Están vostedes en contra de protexer a nosa pesca artesanal? ¿Opóñense vostedes a darlle unha especial protección, a que se lle preste unha atención especial á nosa pesca artesanal? ¿A nosa pesca artesanal a pequena escala que emprega dende hai moito tempo técnicas menos daniñas? Esa pesca local, creadora de moitos empregos e que ofrece produtos de calidade, de gran calidade e máis respectuosos co medio ambiente, esa é a que representa o futuro da pesca europea. E esta pesca debe estar protexida pola normativa e recibir unha proporción xusta de TAC e cotas que se lle asignan a cada Estado. E vostedes opóñense a isto, opóñense a protexer a nosa pesca artesanal. Despois din que son os grandes defensores da pesca artesanal.

Polo tanto, nós presentamos unha emenda que entendemos que é máis acaída que a parte resolutiva que vostedes hoxe presentan. Porque a parte resolutiva que vostedes hoxe presentan o que é é rexeitar toda a resolución do Parlamento Europeo, cando hai moitísimas cousas que son beneficiosas para a nosa pesca e para o noso sector. Co cal, sería moito máis acaído que intentáramos rexeitar aqueles aspectos que son prexudiciais para a nosa frota, nomeadamente para a nosa pesca artesanal. E, claro, non rexeitar todo porque hai medidas que son moi boas para o noso sector e sobre todo para o futuro do noso sector, para que os nosos mariñeiros poidan seguir vivindo do mar. Polo tanto, a nosa emenda vai nese sentido de dicir: o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo, a DG MARE, para que reconsideren o contido da resolución sobre un aumento de recursos pesqueiros no mar. Medidas para promover a recuperación das poboacións de peixe por riba do rendemento máximo sustentable, en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas, naqueles aspectos que poidan ser prexudiciais para os intereses da frota pesqueira galega e da cadea mar-industria. Non é bo rexeitar toda a resolución porque hai partes que si que son beneficiosas para a nosa frota.

Vemos como agora o Partido Popular está nesa ansia de emendar todo o que non fan eles directamente, todo o que vén das institucións comunitarias, como anteriormente nos tiñan acostumados co Goberno central. Polo tanto, entendemos que a nosa emenda defende moito mellor os intereses da nosa frota.



Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora Egerique, teño que confesarlle que cando vin a documentación do Pleno e lin a súa PNL xa me saltaron todas as alarmas. Pero, efectivamente, en canto comecei a indagar sobre o tema e a enterarme ben de en que consistía esta resolución, realmente confirmáronse as miñas peores sospeitas e a súa intervención de hai un pouquiño xa o puxo absolutamente de manifesto.

Vostede trae aquí a debate unha resolución, é dicir, non é un texto lexislativo, nin unha decisión... Non, non, unha resolución do Parlamento Europeo coa que non concordan para poñela en cuestión só polo simple feito de quen a promoveu, de que grupo a promoveu —que efectivamente foron Os Verdes/ALE, e ademais para o lucimento propio de vostedes, dos seus dous eurodeputados —que ademais os nomeou vostede varias veces na súa intervención—, cando —como acaban de dicirle desde o Partido Socialista— eses mesmos eurodeputados votaron en contra de cuestións que nesta resolución —tamén nesta resolución— nós consideramos fundamentais.

En fin, é lexítimo que vostedes presenten a iniciativa que queiran para rexeitar tamén o que queiran. Pero recoñecerán vostedes, señora Egerique, que dedicarnos no Parlamento galego a examinar, a contrastar e a debater sobre resolucións que non son vinculantes do Parlamento Europeo, bueno, se nos poñemos a examinar todas, ¿verdade?, pois seguramente nos menoscabe do traballo que poidamos dedicar e de centrarnos nas decisións dese Parlamento Europeo que si nos afectan de verdade e que vostedes nunca teñen tempo de traer a esta Cámara. (*Aplausos.*) E que son moitas, por certo. Vostedes —xa llas citaron aquí pero eu voulle citar algunha máis—, o propio Regulamento de control de pesca, o Brexit, as cotas que nos minan cada ano —que minan cada ano o noso sector pesqueiro— e tantas outras decisións que se toman no Parlamento Europeo. Decisións que se votan, non resolucións; ou sexa, decisións vinculantes, pois vostedes non as traen aquí para que as debatamos porque efectivamente a postura dos seus eurodeputados deixa moito que desexar —ao noso xuízo, dende logo— e entón non teñen nada de que se lucir. E, polo tanto, veñen aquí con estas cousas a tratar de enganar a frota pesqueira e incluso nalgúns casos sobre o que votan alá e realmente aquí defenden outras cuestións. Ben, en todo caso, como dicía é lexítimo e, bueno, nós temos posición sobre este tema, evidentemente e, polo tanto, tamén lla imos expoñer.

Eu quero resumirle —e ademais é que é moi sinxelo— cal é a nosa posición sobre este tema, que se recolle nesta resolución. O BNG, dígoos pola tentación de Os Verdes, ALE, etc., que se-



guramente vostede vai volver sacar e que eu négome a entrar nese tema; claro, négome a entrar nese tema porque en todo caso podemos entrar xa non só no que votan os eurodeputados do Partido Popular no Parlamento Europeo, podemos entrar no que votan os deputados galegos do Partido Popular en Madrid cando aquí os deputados do Partido Popular votan unha cousa e en Madrid votan outra. Entón, xa non vou entrar nesa cuestión.

Pero, mire, a nosa posición é a seguinte. O BNG vai apoiar sempre o estudo e as medidas que vaian nas tres dimensións que ten o sector pesqueiro en Galiza; isto é: a sustentabilidade ambiental pero, dende logo, tamén a social e a económica. ¿A partir de aí? Bueno, nesta resolución hai cuestións positivas e, efectivamente, hai outras realmente negativas; non son todas negativas, señora Egerique, por moito que vostede propoña o rexeitamento íntegro da resolución. Por exemplo, nós valoramos positivamente a parte desta resolución que fala da pesca artesanal, de todo o apoio que necesita —especial apoio que necesita, ¿verdade?, di a resolución—, e das artes e procedementos sustentábeis no que se basea precisamente a pesca artesanal e da importancia socioeconómica que ten. Claro, vostedes no da pesca artesanal nesta resolución en concreto, non apoiaron estes puntos en concreto. Entón, non sei moi ben que vén vostede defender aquí, ou non sei se é que agora queren desdicirse e queren que se rexeite absolutamente toda a resolución para poder volverse a atrás no que votaron.

Pero, bueno, a importancia da pesca artesanal realmente nós facémolo sempre, neste debate e en calquera, independentemente de que falemos dunha resolución ou de que nos teñamos que posicionar diante dun regulamento como é o de control ou como é o da reserva de axuste do Brexit. É máis, nós seguimos insistindo —e creo que somos os únicos da Cámara— en que a Unión Europea ten que abordar definitivamente, e dunha vez sen agardar ao debate dunha nova reforma da política pesqueira, a diferenciación entre pesca artesanal e pesca industrial; moito máis alá do criterio da eslora do buque, porque a definición actual prexudica gravemente Galiza e o seu sector pesqueiro. Vostedes, por exemplo, non están polo labor; claro, e entón ¿quen defende a pesca artesanal? ¿Deféndena vostedes traendo esta resolución aquí a debate e querendo rexeitala ou defendémola os demais que imos ao fondo da cuestión?

Nós, por exemplo, a respecto desta resolución vemos positivo que fale de incrementar a porcentaxe das cotas asignadas á pesca costeira artesanal. É máis, nós defendemos que a pesca artesanal non debe estar suxeita a cotas, e vostedes non teñen ningún problema con iso. Entón, poñamos outra vez na balanza. ¿Quen está aquí con feitos e con votos a favor demostrando que lle interesa a pesca artesanal?

Nós compartimos, señora Egerique, que as zonas mariñas protexidas teñen que estar efectivamente protexidas. Claro, e que deben quedar fóra —e iso tamén o defendemos— das técnicas de pesca ou doutras actividades económicas que deterioren precisamente esas propias zonas.

Agora ben, o valor ecolóxico dunha zona ten que salvagardarse tendo en conta, por exemplo, outras actividades que non o prexudiquen, que sexan respectuosas co medio ambiente e compatíbeis coa protección que se pretende, non unicamente coa actividade pesqueira.

En todo caso, o que se establece na resolución sobre o 30 % de aquí a 2030, así en xeral, efectivamente, xenericamente, entendemos que require de máis consideracións, sobre todo cando



a resolución parece referirse unicamente á redución de actividades pesqueiras, habendo como hai outras actividades non pesqueiras que poden ser, e de feito son, tan ou máis prexudiciais.

E tamén nesta resolución atopamos aspectos que non son tan positivos en canto á afectación do noso sector pesqueiro e para o noso país no seu conxunto. Por exemplo, nalgúns puntos centrados na sobrepesca, onde as propostas que falan de manter as poboacións de peixes por enriba dos niveis do rendemento máximo sostíbel, a nós non nos parecen acaídas. E é máis, non coñecemos argumentos e estudos precisamente que avalen esa proposta. En definitiva, ampliar o abano e analizar todos os factores que inflúen na actividade pesqueira, todos, todos, non só poñer o foco nas posibilidades pesqueiras.

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos que se reconsiderere, efectivamente, o contido desta resolución. Que se reconsideren sobre todo aqueles aspectos, algúns deles acábollos de nomear, nos que cremos que se pode mellorar bastante ese texto a favor sobre todo da pesca artesanal.

Agora vostedes mesmos recoñecen na súa exposición de motivos —e leo textual— «o sector xa ten suficiente presión ambiental». Chámanlle vostedes presión ambiental á hiperregulación da Unión Europea. E di: «Xa ten que afrontar retos —chámanlles vostedes retos ás decisións políticas que se toman deliberadamente en contra da nosa pesca e, en concreto, da nosa pesca artesanal—, xa ten que afrontar retos como os dos efectos da obriga de desembarque, o Brexit, a pandemia, etc.». Bueno, pois o que lle digo, o que vostedes chaman retos nós cualificámolas de decisións políticas que se toman a conciencia para prexudicar sectores concretos como é o noso sector pesqueiro. Son acordos que uniformizan o conxunto da frota da Unión Europea, ou que queren uniformizalo, sen ter en conta as singularidades do noso país e as singularidades da nosa frota pesqueira.

En fin, señoría, nós non temos problema en debater esta resolución e todo o que vostedes traian aquí. Agora ben, gustaríanos que trouxeran aquí os temas que realmente están sometidos á decisión política, tamén no Parlamento Europeo, e que en todo caso tamén tiveran posición do Partido Popular en contra do noso propio sector pesqueiro. E aí veríamos de quen sería, de que grupo, de que deputado ou deputada sería o lucimento; dende logo, dos seus non, señora Egerique.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas, presidente.

Que importantes son as persoas, que importantes os eurodeputados galegos que traballan, que emendan, que ven dende Europa como afecta directamente esa lexislación aquí. Non é



cuestión de lucimento de ninguén, é que hai deputados que gañan os seus escanos cos votos e hai persoas que están asesorando outros grupos, como Bildu, como ERC, como os Verdes e agora chegan aquí e negan que pertencen aos Verdes. Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Mire, señora Otero, tanto a señora Otero como a señora Pérez bótannos en cara falta de previsión, sempre están improvisando, non fan nada vostedes, ¿como traen aquí algo que aínda non se vai aplicar, que non é vinculante? Mire, son tendencias. Falei eu na miña primeira intervención dunha tendencia, estamos traballando, isto fálanlo o sector, o sector sabe o que vai vir con esta lexislación, con este tipo de regulamentos, con este tipo de ditames de persoas de Suecia, de persoas dos Verdes que non coñecen a realidade das nosas rías galegas. Entón, nós estámonos adiantando e queremos dicir aquí claramente que esa é a maior, a máxima defensa que podemos facer da nosa frota artesanal. Que por moito que digan vostedes e que agora digan, que nos acusen de todos os males, como fixeron co artigo 18. Logo ao final acaban levando as mans á cabeza e sumándose sempre ás nosas peticións, porque tamén dicían que estabamos a meter medo, que iso non ía afectar en absoluto. Cando estean pechadas esas depuradoras, cando estean pechadas as conserveiras, vostedes virán aquí e seguirán acusando o Partido Popular, cando nun primeiro momento quixo facer forza dende Galicia, non para eliminar unha Lei de cambio climático, non para eliminar unha Lei de cambio climático, para eliminar un artigo. (*Murmurios.*) O que a vostedes lles molesta, señora Otero, moitísimo, moitísimo, moitísimo é que nosoutros saibamos como compaxinar o cambio climático e a protección do medio ambiente coa defensa do sector pesqueiro. E vostedes non son capaces de entendelo, non son capaces de entendelo, non hai dicotomía, non son incompatibles. Hai que poñer todas as verdades enriba da mesa.

E si que digo que o señor Millán Mon está facendo unha defensa da pesca en Galicia con esas emendas que presenta. Vostedes non redactaron nin unha soa emenda e aínda por riba votaron a favor deste ditame, votaron a favor alí en Europa. O señor Jesús Gamallo vai representar Galicia tamén no Comité das Rexións e vai defender coas súas 14 emendas aspectos dos que falei aquí que vostedes algúns tamén comparten con nós, recoñézano tamén. É importante, é moi importante falar e adiantarse e dende Galicia poñer a voz en Europa para que saiban e coñezan realmente como é o noso sector pesqueiro.

Mire, como dixen, xa lle dixen antes, señora Otero, nós non botamos pestes, como di vostede, da Lei de cambio climático; nós botamos pestes —se vostede quere que diga iso— do artigo 18 da Lei de cambio climático, que é unha modificación do Regulamento da Lei de costas pola porta de atrás para prexudicar directamente a cadea mar-industria. E xa non o podemos explicar máis veces, porque queda máis que explicado, que votado, reivindicado por parte do sector, por parte deste Grupo Parlamentario e por vostedes tamén, nun primeiro momento non, pero despois si, de perfil, que si, que non. Votamos a favor da Lei de cambio climático e emendamos ese artigo. Non queremos ese artigo 18.

Así que vostedes, se non saben ou non queren legislar conxuntamente e compaxinar a protección do medio ambiente, a Lei de cambio climático co sector pesqueiro, iso é compatible tamén e pode facerse, é compatible e pode facerse. E ademais falando, negociando e advertindo en Europa os Verdes, advertindo Os Verdes e o radicalismo medioambiental de que Galicia somos os primeiros que coidamos as nosas rías e os nosos espazos e as zonas pro-



texidas, porque vou ler aquí o 43, o punto 43: «Coincide con el objetivo de que el 10 % de los mares de la Unión Europea deben beneficiarse de un nivel elevado de protección, con zonas en las que se prohíba cualquier captura y cualquier actividad económica». Isto é que chega unha persoa dende Europa e pecha a ría de Arousa e non deixa mariscar máis. Iso pode pasar. Entón isto é adiantarse, isto é adiantarse e ver como poden vir as cousas.

Polo tanto, nós nun primeiro momento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* De Pontevedra, de Arousa e, señora Otero, por favor, eu dígolle que con respecto á súa emenda, temos unha proposta de transacción, nós cremos que a nosa é sensiblemente máis dura con esta iniciativa, cremos que temos que ser duros coa iniciativa, de entrada; polo tanto, eu propóñoille, non vou ler aquí, repetir unha posible transacción, pasareille o texto. Se o acepta, votaremos e, se non, manteremos a iniciativa tal e como a presentamos.

Eu quero rematar dicindo que a pesca ten o traxe verde posto todos os días, pero parece que é transparente aos ollos dalgúns, que en ocasións sinala como sospeitosa e cando non abertamente responsable de todos os males que afectan aos océanos. De verdade, recoméndolles que lean estes informes, todos os puntos tranquilamente, un día sen présa na casa para que vexan como isto pode atacar directamente o noso sector pesqueiro.

Polo tanto, a pesca non é problema respecto ao cambio climático, só unha parte da solución a este. A pesca necesita océanos limpos e saudables para cumprir a súa misión, que non é outra que seguir fornecendo proteína animal de alta calidade, que ademais é a de menor impacto ambiental.

Continuaremos traballando en favor do xusto equilibrio entre a sustentabilidade medioambiental e as dimensións económica, social e de emprego da actividade pesqueira. Se ben o futuro do planeta debe ser verde e azul, debemos tamén asegurar que o futuro do sector pesqueiro sexa de todos os homes e mulleres que nel viven e traballan, e que depositan a súa confianza nos representantes políticos, primeiramente aquí en Galicia, pero tamén en Bruxelas, por iso teñen nomes e apelidos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dunha carreira investigadora

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deseñar unha carreira investigadora, en diálogo cos axentes implicados, desde o máximo respecto á autonomía do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e de acordo coa normativa básica da Lei Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, na que se inclúan os seguintes aspectos:

- 1.- Sexa abordada de maneira integral e, polo tanto, implique o conxunto das áreas do goberno con competencias en materia de I+D+i.*
- 2.- Contemple todas as etapas, desde a formativa á profesional, para todo o persoal científico-técnico que desenvolve a súa actividade tanto no SUG como nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos do país.*
- 3.- Inclúa de maneira transversal a perspectiva de xénero para impedir que se produzan e reproduzan situacións de discriminación favorecendo a incorporación e desenvolvemento da carreira investigadora das mulleres.»*

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe volvemos falar de ciencia e de investigación aquí na Cámara. Saben que para o BNG é un sector estratéxico, non só na conxuntura económica que se xerou por mor da pandemia provocada pola Covid-19, senón como un elemento central para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza. Pero o noso país está moi lonxe a día de hoxe de apostar na ciencia e na investigación como tal, como sector estratéxico. As cifras de investimento público e privado no noso país así o evidencian, continuamos por baixo do 1 % de investimento en materia de I+D+i en relación ao produto interior bruto, estamos lonxe da media estatal que cos últimos datos publicados polo INE no 2019 se situaba no 1,24 %, e moi, moi lonxe da media europea, que se sitúa entre un 2 % e un 2,5 %.

Pero hoxe desde o Grupo Parlamentario do BNG queriamos centrarnos con esta iniciativa non tanto no investimento, non tanto nos recursos orzamentarios que destinamos á política de I+D+i no noso país, que tamén seguimos insistindo en que é necesario incrementar o esforzo orzamentario nesta materia e, sobre todo, garantir estabilidade e constancia ao investimento tanto público como privado, pero hoxe o que queriamos é poñer o foco desta volta no elemento central, no motor da política de I+D+i, que son as persoas.



Sen ciencia non hai futuro, iso creo que esta pandemia o deixou máis claro se cabe ca nunca, pero sen condicións laborais e salariais dignas do persoal investigador non hai ciencia posible.

¿Cal é a situación que temos a día de hoxe no noso país? Pois, ademais do pírrico investimento en materia de I+D+i —insisto— por baixo do 1 % do PIB, lonxe do que se investía neste país hai máis dunha década, a falta dunha carreira investigadora clara e ben definida en todas as súas etapas, desde a formativa á profesional, fai que o esforzo económico que se realiza, ademais de ser pequeno, sexa ineficiente.

E imos contextualizar por que dicimos isto, por que a situación que temos hoxe en canto ás distintas posibilidades na carreira investigadora e tecnóloga no noso país non sempre foi a que temos hoxe.

Desde o ano 2011 o Partido Popular foi desmantelando os pasos adiante que se deran no deseño dunha carreira investigadora e tecnolóxica a través —lembrarán— do Plan Incite. Había definidas tres etapas no desenvolvemento desa carreira investigadora, unha fase de formación, de incorporación e de consolidación da carreira tanto para o persoal investigador como, sobre todo, para o persoal tecnólogo e de apoio nos grupos de investigación. Lembrarán seguramente as súas señorías nomes como o programa María Barbeito, que eran as predoutorais, o programa Ángeles Alvariño ou Isidro Parga Pondal, ou o programa de consolidación da carreira investigadora Manuel Colmeiro. No que ten a ver coa carreira tecnolóxica, existían tamén tres etapas claramente definidas, con tres programas de formación, incorporación e consolidación: o Lucas Labrada, o Isabel Barreto e o Eloy Luis André. Todo iso foi liquidado e fulminado progresivamente entre os anos 2011 e 2016, e substituíndoo por programas distintos que realmente incorporan menos prazas, peores condicións salariais, menos duración dos contratos e, sobre todo, deixa o noso país nunha fase esencial na carreira investigadora, que é a de consolidación.

E este é un tema central, un tema central. Galiza carece hoxe dun programa de consolidación propio, o que fai que o persoal investigador do noso país dependa de convocatorias fundamentalmente estatais e tamén comunitarias ou europeas. Hoxe temos, para explicar ou brevemente describir os programas que existen, que están actualmente en vigor, hai unhas convocatorias predoutorais. A convocatoria deste ano 2021 prevé 102 contratos predoutorais para desenvolver ese traballo inicial de investigación; o María Barbeito, por lembrar, tiña 161 contratos predoutorais, hoxe temos 102. Ou esa convocatoria posdoutoral que era absolutamente rocambolesca, séguese sendo, e que veu substituír ao programa Parga Pondal. Hoxe, saben, esa convocatoria posdoutoral da Xunta de Galiza ten unha duración de tres anos e convócanse este ano 2021 49 axudas. O programa Parga Pondal —lembrarán— eran cinco anos, tres máis dous de prórroga e convocábanse 138 prazas.

No caso da carreira tecnolóxica para o persoal tecnólogo, que é esencial para desenvolver o traballo de investigación nos grupos e nos laboratorios, que ademais está enfocado non só ao persoal que ten unha carreira universitaria, senón que incorpora a formación profesional tamén na xeración do coñecemento, isto é esencial, porque a Formación Profesional superior ten moitísimo que achegar ao desenvolvemento social e económico deste país, tamén su-



primiron —como lles dicía antes— todo o que había para substituílo por un único programa, que é o programa Principia, que saben que son contratos dirixidos ao persoal tecnólogo, dirixido ao sector privado e tamén aos centros de investigación públicos non universitarios e que ten unha duración mínima dun ano para incorporar persoal técnico entre 18 e 35.

Existe tamén o Talento Sénior, que é un programa que se presenta, polo menos na súa convocatoria, nas súas bases, como de atracción e retorno do talento, pero que realmente non é un contrato, senón un incentivo á contratación, onde a Xunta de Galiza o que fai é aportar un 40 ou un 60 % do custo laboral do contrato, por un período de tres anos. Pídese, para que se fagan unha idea, máis experiencia laboral para concorrer á convocatoria do tempo que é probable dure o propio contrato.

¿En que situación nos deixa isto? Hai unha enorme inestabilidade, mesmo na propia frecuencia das convocatorias. Lembremos que os contratos posdoutorais en 2020 non se convocaron, igual que en 2015 quedaron outra vez como ano en branco. E eses períodos precisamente en branco para o persoal investigador ao que aboca é a que as persoas teñan que seguir producindo, teñan que seguir dando continuidade ás súas investigacións para non perder competitividade, pero sen ningún tipo de contrato nin remuneración salarial por ese traballo.

As consecuencias de que Galiza, polo tanto, careza dun programa integral de recursos humanos en materia de investigación, que é o que hoxe defende aquí o BNG, ademais desa enorme precariedade e inestabilidade que acompaña as investigadoras e investigadores no noso país, fai que Galiza perda un enorme capital humano, formado ademais cun grande esforzo económico por parte do conxunto da sociedade deste país, e con el perdemos tamén coñecemento e retorno económico que reportaría a Galiza a mobilización de recursos de investigación e desenvolvemento se esas persoas puidesen desenvolver a súa carreira investigadora aquí. Perdemos cartos con iso que se coñece comunmente como a fuga de talentos ou a fuga de cerebros.

Por poñerlle cifras a esa contía, ¿canto perde Galiza con todas as persoas que, por non poder desenvolver a súa carreira investigadora aquí, teñen que coller a maleta e marchar como tantas outras profesións e traballadoras no noso país? Segundo as estimacións feitas pola Rede Galega pola Investigación —coñécena sobradamente— Investigal, o investimento que facemos o conxunto da sociedade deste país para formar unha persoa doutora podemos cifralo en 78.800 euros e unha posgraduada en máis de 200.000.

Isto, dito doutra maneira, Galiza e o conxunto das galegas e galegos estamos formando talento cun importante investimento público para exportalo a outros países e que xere riqueza e coñecemento fóra de aquí; algo así como regalarlle traballadores moi ben formados a Alemaña ou Reino Unido para despois importar o seu coñecemento. E a mellor mostra disto témola precisamente nas vacinas coas que estamos a combater a pandemia da Covid.

Pero non só perdemos o diñeiro que se inviste na formación dese persoal doutor, posdoutor ou noutras etapas da carreira investigadora, senón que perdemos tamén o retorno económico que reporta a ciencia e a investigación a calquera país que aposte nel como un sector estra-



téxico. Por poñer tres exemplos: o vasco, o Ikerbasque, por cada millón de euros que inviste, ten un retorno de dous millóns; o caso do ICREA, por cada millón que invisten, teñen entre dous e medio e tres millóns de retorno; e o CiQUS, por poñer un exemplo aquí galego tamén do enorme potencial que temos como país se facemos as cousas ben, capta, mobiliza cada ano seis millóns de euros a través dos seus proxectos e grupos de investigación.

Isto o que demostra é a enorme potencialidade que ten Galiza porque, se con esta situación, con este investimento pírrico e a falta dunha carreira investigadora somos quen de que o CiQUS se sitúe entre os mellores centros de investigación do Estado español, se facemos as cousas ben e empezamos a facelas como deberíamos ter feito na última década, podemos sacar adiante este país e lanzalo ao futuro. *(Aplausos.)*

Falamos de cifras, pero detrás das cifras hai persoas, persoas como Adrián Cordido, que é traballador predoutoral no grupo de investigación do IDIS, está a piques de rematar a tese, leva meses en conversas con grupos de investigación dos Estados Unidos e o outro día dicía a un medio de comunicación de aquí de Santiago, dicía: «O problema non é marchar, o problema é volver. Se houberse posibilidades, falaríamos de mobilidade internacional pero isto é emigración».

Andrés Pérez ten 43 anos, leva 15 enlazando contratos temporais dirixindo grupos de investigación, sen viso ningún de poder estabilizarse. Ou Manuel Collado, que dirixe o Laboratorio de Células Nai, Cancro e Envellecemento no IDIS, ao que lle acaban de renovar o contrato por un ano, por un ano, e é xefe de grupo. Se o investigador principal está nestas condicións, ¿como traballará, en que condicións, o persoal técnico do seu laboratorio?

O que nós propoñemos hoxe —e con isto remato, presidente— desde o BNG, é empezar a cambiar as cousas. E para empezar a cambiar as cousas hai que deseñar unha carreira investigadora que sexa completa, que faga unha definición clara das distintas etapas da carreira investigadora, desde a formativa sobre todo, á fase de consolidación, que é unha das grandes tarefas pendentes aquí en Galiza, que dea certeza e estabilidade, que oriente tamén a carreira profesional das persoas que queiran investigar no noso país, que permita reter o enorme talento que ten Galiza e captar tamén talento fóra das nosas fronteiras.

E remato cunha cuestión que para nós é fundamental, porque ademais do investimento —dicíao ao principio— é tan importante como facer un investimento constante no tempo e suficiente garantir que eses recursos económicos vaian parar aí onde se necesitan e que sexan xestionados de maneira eficiente garantindo boas condicións de traballo e salarios dignos para o persoal investigador.

Máis nada de momento. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Moi boa tarde, señorías.

A investigación, como ben comentaba a propoñente desta proposición non de lei, é un elemento fundamental, un elemento clave e estratéxico para a reactivación, para o progreso e para o crecemento de Galicia, e aí coincidimos absolutamente todos.

Antes de debullar polo miúdo os tres puntos da proposición non de lei do grupo propoñente, do Bloque Nacionalista Galego, convén pór de manifesto de onde partimos. Señorías, partimos dun marco normativo estatal, que é a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación. Recentemente, a finais do mes de marzo, o ministro competente desta área, o señor Duque, elevaba ao Consello de Ministros o anteproxecto de lei que modifica a Lei 14/2011, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación. O ministro do ramo, no dito anteproxecto, entre outras cuestións, propón crear un modelo de contratación que consiste fundamentalmente nunha contratación fixa, suxeita a avaliación externa. Co que non contaba o ministro é co veto e a oposición frontal tanto do seu socio de Goberno, de Unidas Podemos, como dos sindicatos e dos seus propios investigadores.

Señorías, con este contexto de incerteza, mentres non se acade un novo marco estatal, Galicia non pode legislar pola súa conta, debe rexerse por ese novo marco estatal, como así o fixo cando elaborou a Lei 5/2013 de fomento, da investigación e da innovación de Galicia. Obvian e ignoran unha vez máis as comunidades autónomas, que ante unha reforma desta envergadura debería abordarse dende o ámbito do diálogo e o consenso cos axentes implicados.

Pero non remata aí, señorías, porque no mes de febreiro o ministro de Universidades, o señor Castells, anunciaba a bombo e platillo unha nova Lei de universidades que afectará de novo a entes importantes do eido da I+D+i.

Señorías, a nivel estatal contamos con dous ministerios: por unha banda, Ciencia e Innovación, e, por outra, Universidades; é dicir, dous ministros, o señor Duque e o señor Castells. ¿Que ocasionan? Fácil: moita descoordinación e pouca implicación.

Mentres o Goberno estatal de coalición decide que vai facer, en Galicia estase a facer un importante esforzo orzamentario no apoio á investigación nas universidades do Sistema Universitario Galego, cun apoio que se mantivo incluso durante a crise económica. Dende o ano 2009 mobilizáronse arredor de 500 millóns de euros para manter e desenvolver as estruturas investigadoras das tres universidades galegas. Por pór un dato enriba da mesa, a última enquisa do Instituto Nacional de Estatística sobre actividades relacionadas coa I+D, poñen de manifesto que a pasada lexislatura entre os anos 2016 e 2019, Galicia incrementou un 24,5 % o investimento en I+D, sete puntos máis que a media de España.

Señora Rodil, creo que obvia un aspecto realmente importante. Vostede pide diálogo, pero só cunha parte, omite que no proceso tamén existen outros axentes, outras institucións, como poden ser as universidades. Fala de dialogar coas organizacións representativas do persoal investigador galego. ¿Por que prescinde dunha institución tan importante como son as universidades? Nin sequera as nomeou. No diálogo está o éxito, non é aceptable que se



deixe de lado unha institución tan importante como é a universitaria e se desprece a autonomía desta.

O modelo galego de investigación xa consolidado sitúa Galicia entre as cinco primeiras comunidades do Estado en apoio á investigación. A carreira investigadora debe deseñarse en diálogo cos axentes implicados dende o máximo respecto á autonomía do sistema universitario galego e de acordo coa normativa básica da Lei de ciencia, tecnoloxía e innovación. Analizando a iniciativa, a parte resolutiva, señora Rodil, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos darlle a benvinda e darlle o agradecemento que propoña algo en que coincidimos, e dígollo en total solemnidade. Mire se coincidimos que xa se leva posta en marcha unha comisión interdepartamental para potenciar, coordinar a investigación e a innovación da nosa comunidade; en definitiva, ordenar a xestión da I+D+i da Xunta de Galicia nun único órgano. A dita comisión perfecciona a coordinación dos distintos departamentos da Xunta co obxectivo de planificar obxectivos e levando a cabo proxectos a executar os fondos dispoñibles nesta materia, unha maior eficacia e fortalecemento do ecosistema innovador de Galicia.

Abordando o segundo punto da súa iniciativa que se contempla en todas as etapas dende a formativa á profesional. Miren, o modelo galego está moi centrado na cooperación coas universidades, a través da especialización dos campus, dos centros singulares de investigación e do financiamento autonómico, a contratación polas universidades dos investigadores, así como o mantemento dos grupos de investigación, a carreira científica e investigadora e o proceso que se desenvolve dende o inicio da etapa de formación predoutoral ata que o investigador se asenta de xeito estable nunha universidade do sistema universitario galego ou tamén noutro posto de investigación.

A nova convocatoria á que vostede facía referencia conxunta por parte da Secretaría Xeral de Universidades e da GAIN para as axudas á formación predoutoral e posdoutoral é a de maior envergadura realizada ata agora en Galicia: 175 contratos e sobrepasan os 17 millóns de euros, señora Rodil, para facilitar o traballo dos investigadores e, dado o actual contexto sanitario, flexibilizáronse os períodos de estadía no estranxeiro, no que se poden desenvolver en calquera outro momento ao longo dos tres anos de contrato.

Na actualidade, señorías, Galicia é a única comunidade autónoma cun programa completo de formación investigadora. Isto é un importante feito diferencial, que sitúa os investigadores galegos nunha situación favorable respecto ao resto de España.

Convén pór de manifesto que foi trasladado, por parte dos axentes implicados, que a actuación do Goberno galego de prorrogar os contratos e financiar —non se olviden de financiar— ata decembro do ano 2020, dando cobertura aos investigadores durante seis meses máis para que non se viran prexudicados polo confinamento da pandemia a causa da covid-19. Prorrogar e financiar.

E, por terceiro punto da súa iniciativa, inclúe de maneira transversal a perspectiva de xénero para impedir que se produzan e reproduzan situacións de discriminación.



Señorías, os tres grupos parlamentarios representativos nesta Cámara parlamentaria traballamos para evitar a discriminación de xénero. No Pleno do 9 e 10 de marzo, o meu Grupo Parlamentario presentaba unha proposición non de lei, que foi aprobada por unanimidade, co fin de introducir as accións necesarias para garantir a incorporación e participación da Unidade de Muller e Ciencia das entidades e colectivos representativos do ámbito investigador galego, e da que xa houbo a primeira xuntanza.

A maiores, no Pleno do 23 de marzo, aprobouse a toma en consideración da proposición de lei que modifica o Decreto legislativo 2/2015 para incluír eses mecanismos correctores das convocatorias públicas da I+D+i, para evitar a dita discriminación, aprobada tamén por unanimidade.

Convén recordar as melloras nas convocatorias para evitar a discriminación de xénero. Nas convocatorias do ano 2021 introducíronse unha serie de melloras con respecto ás convocatorias anteriores dirixidas, precisamente, a evitar a discriminación de xénero.

En definitiva, señorías, o Goberno galego afronta de forma prioritaria a aposta da I+D+i. Francamente, señora Rodil, debullei un por un cada un dos seus puntos da parte resolutiva, e o Goberno galego está implicado de forma permanente en cada un dos seus tres aspectos: a posta en marcha dunha comisión interdepartamental; o traballo intenso de cada unha das etapas de pre, post e consolidación; e, terceiro, garantir a incorporación e a participación da Unidade de Muller e Ciencia nas entidades e colectivos representativos do ámbito investigador galego.

Presentamos unha emenda de substitución totalmente aceptable, co máximo respecto á autonomía do Sistema Universitario Galego e de acordo coa normativa estatal, contando coa súa aceptación, porque non debemos esquecer o papel fundamental que teñen as universidades.

Remato, presidente.

A I+D+i é un ámbito de actuación prioritario para o Goberno galego. Como iniciaba a miña intervención, así a quero rematar, amosando o firme compromiso coa transformación do modelo económico cara a unha economía competitiva e sustentable, baseada no coñecemento e no talento, que acelere o crecemento económico e impulse o emprego e o benestar social.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.



Quería comezar a miña intervención manifestando o noso, o meu total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do Partido Popular de Galicia, que quere expulsar da política o candidato que gañou as eleccións municipais en Ourense, Rafael Villarino, a quen dende aquí ademais lle traslado todo o meu apoio. Fronte á chantaxe dos señores Feijóo e Baltar, democracia. (*Aplausos.*)

Hai poucos días un dirixente popular e tamén deputado nesta Cámara, nunha moi ilustrativa conversa telefónica, abría comigo un debate sobre as distintas maneiras de entender e facer política. Eu pregúntome se esta de Ourense é a maneira de facer política, de entendela de todo o Partido Popular. (*Aplausos.*) A política, a política —e así mo aprenderon na miña casa— ten sempre que ir da man da ética, ¡sempre! sobre todo e sempre da ética. (*Aplausos.*)

E agora si, e agora si xa imos ao debate desta proposición non de lei.

Efectivamente na sesión plenaria do 9 de marzo, o conselleiro comparecía e anunciaba o deseño dunha nova carreira científica do Sistema Universitario Galego e falaba de potenciar esa rede CIGUS, formada por oito centros de investigación das universidades galegas. A verdade é que nada máis sabemos ata o de agora, salvo o que acaba de contarnos a voceira do Partido Popular, que existe unha comisión, celebrámola, pero a realidade é que publicamente nada máis sabemos ata o de agora; e moito menos tampouco sabemos dos centros onde se realiza a investigación que non pertencen a ningunha universidade galega. Certo que a investigación no noso país está centralizada na súa meirande parte nos SUG, e é algo que aplaudimos, ben, pero existen outros organismos onde tamén se fai investigación e aos que tamén hai que lles dar resposta.

Nós non imos dar cifras aquí nin falar do pasado porque xa o explicou moi ben a voceira do BNG, a señora Rodil. Si queremos dende o PSdeG dalgunha maneira mostrar certa desconfianza sobre esa vontade da Xunta de Galicia anunciada polo conselleiro, toda vez que no noso país o persoal investigador nin o está a pasar ben, nin o Goberno galego llo está a poñer fácil. Non hai máis que ver, xa se dixo aquí o que aconteceu o pasado ano cos contratos posdoc, que por tres veces trouxemos a este Parlamento, por tres veces nesta lexislatura. E que, a pesar dos pasos dados, tibios, non está resolto ese conflito nin moito menos.

Tampouco a cuestión da igualdade, tampouco está resolta esa cuestión. Si o estaría, ou pensamos nós si o estaría, co impulso ou co establecemento desa carreira investigadora que hoxe trae aquí o Bloque Nacionalista Galego, pero, claro, niso hai que crer, porque o Goberno fala de carreira investigadora pero a realidade é que trunca as que xa existen, como xa estamos vendo.

Esa falla da carreira investigadora no noso país, que tamén adoce da ausencia de política de I+D+i e de figuras contractuais que consoliden o noso persoal investigador e técnico, provocan situacións tales de incerteza que derivan na tan indeseada fuga de cerebros. Persoal investigador cualificado, efectivamente, formado con cartos públicos, formado cos nosos cartos, que aceptan ofertas noutros países porque lle outorgan alí maior estabilidade. Elas e eles queren volver, eles queren volver e contribuír ademais ao progreso do noso país, porque estamos falando de ciencia, pero é o seu propio Goberno neste caso quen lle está cortando as alas para facelo.



Esa ausencia de estabilidade penaliza non só as carreiras profesionais e as súas liñas de investigación, senón tamén dalgunha maneira penalizan as institucións, porque ven, resignadas, como todo o persoal que estiveron formando durante anos ao final marcha a traballar a outros países e a outros centros de investigación de prestixio. E aquí, como tamén se dixo, tamén temos centros de investigación de prestixio.

Non podemos permitir, non nos podemos permitir que todos os esforzos nesa formación de grao, posgrao, e predoc e posdoc, finalmente sexa aproveitada por outros países que si son conscientes da importancia do investimento en recursos investigadores. Así que comecemos tomando en serio a preocupación por ese tecido investigador, invistamos neles e nelas, pero de verdade, non con discursos ou anuncios sen máis contido. Incrementemos notablemente os fondos en investigación. Nós tampouco queremos entrar hoxe, non creo que sexa o debate, pero si que é importante dicir que para o ano 2020-2021, para o presente exercicio, o capítulo II de fomento de I+D+i se incrementou en dous millóns, pero saben que no fondo é case unha trampa, porque esa partida subiu tres millóns de fondos covid, co cal podemos falar dun millón menos.

Miren, a carreira investigadora, se todo vai ben, se todo vai ben, a carreira investigadora comeza cunha etapa predoutoral que culmina sempre cunha tese de doutoramento, unha etapa que pode durar máis ou menos tres ou catro anos. Despois pasamos á etapa posdoutoral, que pode abranguer máis ou menos entre tres e seis anos. É certo que os tempos aquí son laxos e diferentes en función de cada caso. Despois xa hai unha última etapa, a de consolidación, que esa xa é a panacea, quen chegue, pero hai unha última etapa que é esa ansiada da consolidación, que pode durar entre seis e nove anos máis ou menos.

Facendo unha media, e isto non o dicimos nós, dino as asociacións de persoal investigador, facendo unha media estamos falando case nos mellor dos casos de 14 anos. Unha carreira investigadora pode durar ata 14 anos, para converterse unha persoa en profesional, profesional de investigación e ter unha estabilidade profesional.

Eu non sei se calquera de nós aquí pode pensar que tardemos 14 anos, ¡14 anos!, en estabilizarnos profesionalmente naquilo que sexa o noso ámbito de traballo.

14 anos, si, pero, claro, aínda por riba deses 14 anos tampouco son continuos, hai moitísimos, moitísimos momentos mortos neses 14 anos, tantos que podemos dicir que quen remata a súa carreira investigadora ou ben afortunadamente tivo moita sorte, esa xente ben, ou ben son uns e unhas valentes que demostran tal vocación coa súa perseveranza que ao final o que podemos ter os demais é absoluta admiración por esas persoas. Porque, en efecto, moitos destes investigadores e investigadoras acaban por desistir. Por certo, xa dixemos aquí noutros momentos deste Pleno, a maioría mulleres, nese concepto coñecido como «a tubaxe que pinga», xa falamos moitas veces desta cuestión. De aí que tamén nos pareza importante o punto terceiro da proposición que hoxe se trae aquí a esta Cámara.

Para dar esa viraxe necesaria a esta situación inxusta e prexudicial para Galicia, tamén para estes investigadores e investigadoras, pero tamén para Galicia, debemos incrementar orzamentariamente o capítulo dedicado á investigación e asegurar unha auténtica carreira in-



vestigadora. Non podemos prescindir deses recursos humanos cruciais para garantir o futuro do noso país.

Os reitores xa advertían hai meses na comisión parlamentaria de reactivación: é necesario pór en marcha a carreira investigadora nas universidades e centros de investigación, e regularizar as fórmulas de dedicación á actividade investigadora. Porque, ¿ata que punto o sistema é capaz de manter e captar todo o talento que hai en Galicia?, ¿e ata que punto os programas de financiamento que existen permiten incorporar novo talento?

A min, se me permiten, no tempo que me queda quería falar agora da universidade. Coincidimos con esta proposición en que non só debe ser da universidade do que debamos falar, senón que esta carreira investigadora debe implicar todas as áreas con competencias en I+D+i, pero si o faremos, unha, pola actualidade que está a cuestión da universidade pública e tamén porque a voceira do Partido Popular falou de universidade.

Os tres reitores, os tres reitores nesa comisión advertían de que é preciso mudar ese financiamento universitario; pedían eles unha fórmula estrutural que faga que non todos os contratos de investigación teñan que vir pola vía de obra e servizos, senón que poida haber contratos estruturais que non sexan simplemente conxunturais dun proxecto. Porque o que non poden asegurar, por exemplo, por exemplo, as universidades é contratar unha persoa para facer carreira investigadora cando o aval que hai detrás é unicamente un proxecto que pode durar un ano, dous anos, tres anos.

Por certo, outra cuestión fundamental é a que está ademais intimamente relacionada con eses fondos estruturais e que dende logo para o PSdeG é moi importante. Para que o noso persoal investigador se establezca, é preciso tamén ter estruturas estables de investigación. Polo tanto, e continúo facéndome eco do que dicía os reitores, do que reclamaban os tres reitores das universidades públicas galegas, falamos de dous binomios que van xuntos, e desculpen a redundancia, pero creo que así tamén se entenderá mellor. Falamos de desenvolvemento e estabilización do cadro de persoal estrutural e fondos estruturais para asegurar estruturas.

En definitiva, é precisa e urxente unha carreira profesional digna, porque será a base dun sistema científico estable e de calidade, imprescindible, imprescindible para o progreso do noso país. Por certo, nós tamén aquí queremos facer un inciso, falamos dunha carreira profesional para o persoal investigador, pero tamén para o persoal de apoio especializado á investigación, tanto técnico como de xestión.

Nós sabemos que este non é o primeiro anuncio, o primeiro intento do Goberno galego en establecer a carreira profesional, levan anos co tema, pero sempre se paralizou polo que xa é habitual neste Goberno, a falla de diálogo. Non hai diálogo neste Goberno, non hai diálogo. Así que senten, e desculpenme que fale aquí tamén da emenda, que sei que non me compete a min, pero senten e dialoguen coas organizacións representativas do persoal investigador galego e tamén cos axentes implicados, pero eu entendo e non o sei, que eu non escribín esta proposición, pero entendo que a vontade era os axentes implicados, evidentemente, sempre van estar nun proceso de negociación. Pero o que pretendemos é que senten con



quen nunca sentaron, que é co tecido investigador galego. A capacidade innovadora do noso país depende disto, depende do que fagan vostedes; é urxente e estamos, como digo, nun momento crucial para darlle un impulso á ciencia galega.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, agradecerlle tamén á deputada e portavoz do Partido Socialista, á señora Díaz, o seu apoio e a súa intervención, que coincidimos plenamente coas cuestións que sinalaba. Efectivamente, necesitamos constancia e sobre todo que os investimentos se manteñan no tempo.

E a respecto diso, porque eu cando vin a emenda, señora Vázquez, e vostede introducía —e despois falarei dela— o elemento da normativa estatal básica, da Lei de ciencia, tecnoloxía e innovación, que de momento a que hai é de 2011 e non sabemos en que quedará esa proposta de reforma que se coñecía estes días. Pero a min o que me parece, eu xa imaxinaba por onde ía ir a súa intervención, aquí calquera oportunidade é boa para zurrarlle ao Goberno de España, eles teñen un Duque, nós temos un Conde. Porque falar de fragmentación entre ministerios... *(Aplausos.)* aquí, como todo o mundo sabe *(Aplausos.)* non está duplicado, está triplicado; aquí hai competencias na Consellería de Educación e Universidade, hai competencias na GAIN e na Consellería de Vicepresidencia e Innovación; e hai competencias, e moi importantes, na Consellería de Sanidade e sobre todo na ACIS. Dividir dividen vostedes tamén e fragmentan o que debe ser unha política integral, de aí a parte primeira da nosa proposta de hoxe, que vai con que non sexa só Educación quen pilote o deseño desa carreira investigadora, senón que debe abranguer e implicar o conxunto das áreas do Goberno que teñen competencias en materia de investigación e de innovación.

E facía vostede referencia, ademais usaba un termo que era que había un contexto de incerteza que imposibilitaba trazar, deseñar esa carreira investigadora, porque non se sabe que é o que vai pasar. E eu preguntábame, e estes últimos 12 anos ¿cal era a escusa-argumento para desmantelar o que había... *(Aplausos.)*, para empeorar as condicións laborais e para ir suprimindo —como explicaba na miña primeira intervención— os programas que se puxeran en marcha ao abeiro do Plan Incite e que foron quitando, restando oportunidades dentro desa carreira investigadora ao persoal investigador do noso país?

E que tamén hai que insistir, porque vostedes fan moita énfase sempre en que Galiza é unha das que máis incrementou o seu investimento. Claro, bueno, iso é un pouco tramposo, porque é que o que fixeron previamente foi recortar. Nós temos un investimento en relación ao PIB que é inferior ao que había no ano 2008; pasamos dun 1 % —un pouquiño máis dese



1 %— de investimento en I+D+i en relación ao PIB a estarmos hoxe nun 0,94 %. Entón é tramposo, porque previamente se recortou. O que intentan agora é remontar postos para volver poñer ese investimento moi lonxe do que debería ser, pero recuperar o que había previamente, que é dese 1 %.

E despois, claro, eu cada vez que oio o do modelo galego férveme por dentro, porque o modelo deste país non é este, non o é. E vostede falaba de que hai unha carreira investigadora completa, e eu preguntolle ¿cal é a fase de consolidación?, ¿cal é o programa? Porque as persoas que consolidan a súa carreira investigadora de maneira moi precaria, porque as convocatorias estatais non dan estabilidade tampouco, é ao abeiro precisamente desa Ramón y Cajal, desas Miguel Servet ou doutras como Juan de la Cierva ou outras que teñen ou veñen do ámbito comunitario, do Consello Europeo de Investigación. Non hai programa de consolidación da carreira investigadora propio de Galiza, e non fai falta ningunha lei estatal para facelo. E temos exemplos de como se pode facer e ben próximos a nós. O caso portugués é moi interesante, pero sobre todo aínda os temos máis próximos, porque de momento pertencemos todos ao Estado español, que é o caso vasco ou o caso catalán. E eu, claro, a pouco que alguén que nos escoite desde fóra coñeza un pouco cal é a política de I+D+i en Euskadi, en Cataluña ou en Navarra ¡flipa! Porque falar aquí de que hai todas as etapas e que hai unha fase de consolidación da carreira investigadora en Galiza, ¿saben o que é consolidar de verdade? Vaian á páxina do Ikerbasque, creo que é a segunda convocatoria que aparece na páxina web, que se chama convocatoria de setembro de 2020, *permanent positions*, que son 10 contratos permanentes; non de tres anos, que é o que ofrece a Xunta de Galiza con ese Talento Sénior, falamos de contratos permanentes. (Aplausos.) Mentres queiras, desenvolves o teu proxecto de investigación, en Euskadi neste caso. (Aplausos.)

Porque hai unha... —que era o que eu intentaba sinalar e subliñar, quizais con menos acerto do que debera—, aquí hai Tucum Investimento, é dicir, contratando un xefe de grupo, un investigador principal, esa persoa vai conseguir recursos en convocatorias internacionais —algunhas do Estado español, outras comunitarias, outras doutros ámbitos que transcenden á propia Unión Europea— e vai ser capaz de captar e mobilizar unha cantidade de recursos que vai permitir que dun contrato saquemos posiblemente cinco ou dez. E aí é onde temos que poñernos, en contratos estables que permitan con garantías e con certezas desenvolver esa carreira de investigación no noso país. E iso non é só un contrato de tres anos que che exige cinco para poder con experiencia profesional concorrer a el.

Efectivamente, a autonomía universitaria é sagrada, pero xa está na lei, non fai falta repetila constantemente. Porque se volveu para vostedes un parapeto, outra escusa-argumento para non facer absolutamente nada; o que vulnera a autonomía universitaria é o Plan de financiamento do SUGA da propia Xunta de Galiza. (Aplausos.) ¡Iso si que condiciona a política das universidades do noso país! (Aplausos.) E, efectivamente, o 70 % da xeración de coñecemento no noso país está vinculado coa universidade, coa universidade pública; porque a ese proxecto de universidade privada de Abanca permíteselle e pónselle a alfombra vermella para que non vincule o seu proxecto de universidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...con iso que esixe a lei, que é tamén ter un programa de investigación.

Se o compromiso do que vostede falaba, señora Vázquez, é real eu estou segura de que van votar a favor da iniciativa tal e como a presentou o Bloque Nacionalista Galego. Non imos aceptarlle a emenda porque entendemos non engade nada novo nin engade nada —e con todo o meu respecto polo seu traballo, enténdame ben— á iniciativa orixinal. E cremos ademais que é unha PNL de mínimos minimísimos; insisto, se ese compromiso do que falan é real, votarán a favor.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor.

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engadir ao final da parte resolutiva un novo punto número 3 co seguinte texto:

«3. En tanto non se aplique o previsto no punto 1, aprobar para a AG 55 e a AG 57 cando menos as mesmas bonificacións que se apliquen na AP 9, acumulábeis ás que xa están en vigor actualmente.»)

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Nos anos 90 a Xunta de Galicia construía dúas estradas de especial interese para o desenvolvemento económico e social dos contornos urbanos das cidades da Coruña e de Vigo, como son a AG-55 e a AG-57 respectivamente. Ambas foron construídas cos obxectivos de desconxestionar os viarios existentes, aumentar a seguridade viaria dos cidadáns e das cidadás que circulaban por elas e incrementar a competitividade das empresas que desenrolan a súa actividade económica nesas contornas. A primeira delas, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, naceu sendo



un vial público e gratuíto e, como tal, foi inaugurado no ano 1993 o tramo entre A Coruña e A Laracha. Ata que no ano 1997, no momento da inauguración do segundo tramo entre A Laracha e Carballo privatizouse e pasou a ser unha autopista de peaxe nun proceso de verdadeiro espolio a aquelas persoas ás que lles foron expropiados os seus terreos para a construción do que ía ser unha autovía pública.

Dende o primeiro momento contou cunha forte oposición social, algo que continúa presente ao día de hoxe debido ao lastre económico que supón para as comarcas da Coruña, Bergantiños e da Costa da Morte; e tamén o lastre que supón para o asentamento de poboación nas zonas rurais das comarcas antes mencionadas. Porque apostar polo rural, señorías do Partido Popular, é máis que denominar nunha campaña publicitaria unha lexislatura como a lexislatura do rural. E xa vemos como rematou esa lexislatura do rural, sen feitos, sen ningún feito porque non se apostou por unha educación pública de calidade, non se apostou por unha sanidade pública de calidade no noso rural e tampouco se apostou por unhas infraestructuras que tamén son necesarias para asentar poboación no noso rural.

Como dicía, dende que a Xunta anunciara en xullo de 1990 o proxecto desta autovía, que despois se convertería en autopista de peaxe entre A Coruña e Carballo, xerouse unha forte oposición social que levou consigo unha das maiores protestas cidadáns da nosa comunidade con varias manifestacións e peches.

O primeiro tramo —inaugurado, como dixen, o 26 de setembro de 1993 entre A Coruña e A Laracha— foi toda unha festa. Nembargantes, o conto mudou, porque en decembro do ano 1997, cando se abriu o segundo tramo entre A Laracha e Carballo, este tramo foi inaugurado ás agochadas, en segredo, de noite e cun grupo de antidisturbios e cordón policial para impedir o acercamento dunhas 200 persoas integrantes da Plataforma pola Autovía Gratuíta.

A primeira autopista galega —como así anunciara a Xunta de Galicia no seu día— foi tamén a primeira de pago para sorpresa e indignación das comarcas coruñesas e bergantiñá. Expropiáronselles terreos a veciños e veciñas desta comarca para facer unha autopista de peaxe. Foron enganados, e enganados dicíáselles que se lles expropiaba para facer unha autovía libre e gratuíta; e, ao final, a Xunta de Galicia fixo unha autopista de peaxe. Esta autopista, que se facía en teoría para revitalizar zonas deprimidas, ao final o que fixo foi todo o contrario, penalizalas. A algún veciño chegaronlle a expropiar 8.000 metros cadrados dun terreo que xa contaba con todas as licenzas para construír unha casa, e, despois de enganalo, de expropiarlo dicíndolle que ía ser unha autovía libre de peaxe, cando emprega esta autopista, ten que pagar por iso. Primeiro anunciaron a bombo e a platillo dende a Xunta de Galicia —como lles gusta tanto facer— que sería unha autovía libre de peaxe e ao final convertérona nunha autopista de peaxe.

O trazado elixido, o importe das expropiacións fixadas, a sorpresiva imposición de peaxes, os danos a causa das voaduras xeraron a contestación veciñal, tamén entre os alcaldes do propio Partido Popular. Incluso o propio Partido Popular chegou a aprobar unha proposición non de lei na que lle reclamaba á Xunta de Galicia que executase unha autovía e non unha autopista, e que fora libre de peaxe. Pero a Xunta de Galicia do Partido Popular, facendo oídos xordos, fixo unha autopista de peaxe cuxa concesión foi prorrogada ata o ano 2045; e



o prezo destas peaxes é excesivo, e a subida do prezo das mesmas rolda o 70 %. Os veciños e veciñas destas comarcas, así como os representantes políticos de todas as cores e a propia Deputación Provincial da Coruña seguen a reclamar a eliminación destas peaxes que castigan a Costa da Morte e Bergantiños. E a Xunta segue a facer oídos xordos.

Por outro lado, no ano 1999, cunha Xunta de Galicia tamén gobernada polo Partido Popular —que destas xa quitara a máscara e xa facía unha aposta decidida pola construción da autopista de peaxe— inaugurou a AG-57 entre Puxeiros e O Val Miñor. E dende aquela os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, moi afectados polas peaxes abusivas que ten a dita autopista, piden a súa eliminación para non lastrar a economía das súas empresas e poder conectar os concellos da comarca co Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares, de xeito gratuíto.

Os concellos do Val Miñor, así como os seus representantes políticos, incluídos os do Partido Popular, xa que as mocións presentadas nestes concellos se aprobaron por unanimidade, veñen reclamando dende anos liberar a peaxe desta autopista ao constituír unha infraestrutura vital para a súa veciñanza, coas vantaxes sociais e económicas que derivarían desta acción, tales como a seguridade e o tráfico ou o desconxestionamento da propia autovía, así como o aumento da competitividade empresarial.

Ambas as autoestradas, a AG-55 e a AG-57, teñen fortes similitudes e nos seus ámbitos levan anos pedindo a súa liberalización polos motivos antes enumerados, e para contribuír a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando dende hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe ningunha á cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor e da Costa da Morte e de Bergantiños se vexan agraviados fronte ao resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da comunidade autónoma son gratuítas: AG-56, Santiago-Brión; AG-53, Ourense-Dozón; AG-54, que conecta núcleos do Carballiño coa AG-53, por poñer algúns exemplos. E, sen embargo, na AG-55 e na AG-57 peaxes abusivas prorrogadas polo Partido Popular ata o ano 2045.

Na propia Lei 8/2013, de estradas de Galicia, xa se contiña esta posibilidade que traemos nesta iniciativa, xa que no seu artigo 30.2 dise que: «*Nos treitos das estradas onde se establece un pagamento de peaxes ou taxa polo seu uso, a Administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou anular o pagamento directo pola persoa usuaria*».

Polo tanto, hai unha vella reivindicación, hai unha constatación dos feitos de que é necesario liberalizar estas peaxes e hai soporte legal para facelo. Só fai falla que a Xunta de Galicia decida e queira facelo.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu a tarifa das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno. E anunciou que o faría tamén para familias numerosas. ¿Medidas positivas? Si. ¿Ás que se opón o Partido Socialista? Non. Pero son medidas insuficientes para a cidadanía galega afectada, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista pedimos que a Xunta de



Galicia, por un lado, presente no prazo de seis meses os estudos precisos para proceder á liberalización das peaxes das autoestradas de competencia da comunidade autónoma, a AG-55 e a AG-57; e, por outro lado, a establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das citadas autoestradas autonómicas superando o marco establecido no Decreto 183/2015.

A Xunta de Galicia non pode seguir con esta política de brazos caídos coas autoestradas da súa competencia, mentres o Goberno central, presidido por Pedro Sánchez, bonifica as peaxes da AP-9, bonificación histórica das peaxes da AP-9 que se vai materializar grazas á aprobación dos orzamentos xerais do Estado.

Polo tanto, é o momento de que a Xunta sitúe estas comarcas en condicións de igualdade con respecto a outros territorios de Galicia. É o momento de facerlles a vida máis doada e cómoda aos seus veciños e ás súas veciñas, fomentando así tamén o turismo de proximidade e a recuperación económica destes, tan necesaria nestes momentos que estamos a vivir. E é o momento de avanzar cara a un modelo no que cada galego e cada galega poida moverse por todas as vías galegas independentemente do seu nivel de renda. E o Goberno galego conta con fondos e competencias para rebaixar unhas peaxes que son un agravio e un grave que dificulta o transporte e a mobilidade da cidadanía galega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, cremos que é unha reivindicación vella, é unha reivindicación histórica e que a Xunta de Galicia ten que apostar xa por liberalizar estas peaxes e non dedicarse só a botar balóns fóra e a pedirles a outras administracións que fagan o que ela non fai.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Esta proposta podemos dicir que se divide en dúas partes. Unha que fai referencia á supresión das peaxes nestas dúas autovías: a AG-55, que comunica A Coruña con Carballo, e a AG-57, que comunica Vigo con Baiona, co Val Miñor. E outra, unha segunda parte, que é a rebaixa das peaxes abusivas que se cobran actualmente.

O BNG, desde logo, comparte estas dúas propostas, primeiro porque xa presentamos tamén iniciativas no mesmo sentido en numerosas ocasións, porque existe unha demanda unánime, un clamor nestas comarcas, en todos os concellos con acordos plenarios, tamén nas deputacións, e de concellos de todas as cores políticas a favor da eliminación destas peaxes, a eliminación deste agravio e porque, a fin de contas, é unha discriminación, é unha inxustiza para estas dúas comarcas, para as áreas metropolitanas da Coruña e de Vigo, para os



concellos afectados de Bergantiños, da Costa da Morte e tamén do Val Miñor. Son zonas, ademais, cunha alta densidade de poboación, cun alto dinamismo económico.

E, xa que se fala de autovías, gustaríame facer unha referencia a unha especie de globo sonda que se vén repetindo constantemente nos últimos meses e é esa pretensión do Goberno central de establecer peaxes nas autovías que agora son gratuítas, autovías estatais que agora son gratuítas. E o que lle temos que dicir é que, desde logo, que nos van ter en fronte, que non o imos permitir, que o BNG queremos eliminar as peaxes abusivas, non poñer máis peaxes, xa pagamos abondo peaxes. E tamén quixera facer unha referencia ás autoestradas estatais AP-9 e AP-53, na que supoño que pediremos tamén o mesmo que pedimos para estas autovías autonómicas. Non só a rebaixa, non só a bonificación, senón como un obxectivo de máximos, de futuro, a eliminación tamén das peaxes abusivas. E evitar este filón inesgotable que están aproveitando as concesionarias ou, mellor dito, a concesionaria, porque realmente é a mesma concesionaria; é o Grupo Itínere a que ten a concesión das autovías autonómicas, co nome de Autoestradas de Galicia, e tamén a que ten a concesión da AP-53, a que comunica Santiago con Dozón, e da AP-9. É o Grupo Itínere, que xa sabemos a quen pertence. Son grupos de investimento, algúns fondos voire tamén, que teñen a súa sede en paraísos fiscais.

Pois ben, estas peaxes das autovías da Xunta, a AG-55 e a AG-57, constitúen un agravio, unha discriminación e unha inxustiza para as comarcas do Val Miñor e de Bergantiños, Costa da Morte. Constitúen unha discriminación escandalosa a respecto doutras comarcas que teñen as autovías libres de peaxes —xa se citaron aquí algunhas—. Podemos falar da do Morrazo, podemos falar da do Barbanza, Santiago-Brión, en fin, todas esas autovías, a non ser estas dúas, están libres de peaxes.

Tamén unha discriminación, porque estas peaxes son barreiras para a mobilidade, para a conectividade, para a competitividade destas comarcas, porque son un atranco, porque penalizan, sobre todo as persoas traballadoras, as persoas con menos recursos, pero tamén as empresas. Como dixen antes, son unha zona de alto dinamismo onde hai moitos parques empresariais e hai moitas empresas que teñen necesidade de sacar os seus produtos e teñen esta pexa, este pago, esta peaxe que impide a súa conectividade e, sobre todo, a súa competitividade.

E ademais porque teñen un efecto moi prexudicial e moi negativo tamén para a seguridade viaria, para a calidade de vida das poboacións polas que atravesan as estradas convencionais, que están sobrecargadas de tráfico. Tanto a AC-552, que atravesa por núcleos da Coruña, da Laracha, de Arteixo, de Carballo, cun tráfico moitas veces pesado de paso; igual que pasa no caso das estradas convencionais que van desde Vigo ata Baiona, que atravesan tamén núcleos de poboación, zonas densamente habitadas. E que é un elemento prexudicial, un elemento que causa moitos problemas de seguridade viaria, moitos riscos para a poboación e moitos problemas para a saúde e para a calidade de vida. E, polo tanto, o feito de liberar estas peaxes e reducilas sensiblemente axudaría a reducir sensiblemente este tráfico de paso e a mellorar moito a calidade de vida destas poboacións.

E a Xunta de Galiza ten as competencias, ten todas as competencias, aquí non hai ningunha excusa. Ten todas as competencias nesta materia. Entón, debe exercelas, pode exercelas, pode



eliminar estas peaxes. Debería facer un estudo para valorar os custos e as fórmulas para eliminar estas peaxes e tamén transitoriamente aprobar bonificacións significativas, non as que hai agora en vigor, que son claramente insuficientes: do 25 % para a viaxe de volta e tamén do 50 % en horario nocturno, que xa me dirán vostedes quen utiliza a autovía das 00.00 horas ás 6.00 da mañá. Realmente esta é unha medida para a galería, que beneficia unha porcentaxe moi pequena das persoas usuarias, que é un brinde ao sol e é unha maneira de facer que fan.

E mentres non se supriman as peaxes, que é o obxectivo de máximos que debemos conseguir, xa digo para a AG-55, a AG-57 e tamén para a AP-9, podemos aplicar bonificacións moito máis significativas, e nós neste sentido pensamos que se debe beneficiar aquelas persoas que fan desprazamentos habituais, que fan desprazamentos por motivos de traballo, de estudos, de asistencia a servizos públicos, tamén para as empresas que teñen que utilizar estas vías necesariamente para a súa comunicación co exterior, para o transporte de mercadorías, tamén para a conexión deses polígonos, parques empresariais e do propio porto exterior da Coruña.

E nós traemos aquí unha idea en forma de emenda, que é que se apliquen neste caso as mesmas bonificacións que se van aplicar —as noticias que temos son esas— no verán para a AP-9 e que se van aplicar como consecuencia da negociación que fixo o BNG na investidura do Goberno do Estado. Sería un paso adiante importante poder aplicar esas bonificacións, por exemplo, da gratuidade da viaxe de volta e outras previstas no caso destas dúas autovías.

E, polo tanto, a conclusión é que se trata de facer xustiza para a veciñanza dunhas comarcas que están sendo penalizadas dobremente, porque teñen que pagar cos seus impostos as peaxes na sombra das demais autoestradas e ademais teñen que pagar dos seus petos as peaxes cada vez que teñen que utilizar estas dúas autovías. Xa levan tempo moito pagando, é polo tanto de xustiza que se eliminen estas peaxes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUZO: Boas tardes, presidente, señorías.

A verdade é que un non se deixa de sorprender coa acción política do Grupo Parlamentario do Partido Socialista. Sorprende cada vez que presenta unha unha iniciativa, e esa sorpresa, dende o meu punto de vista, o que amosa é un descoñecemento da realidade, un descoñecemento do seu partido, creo que amosa un descoñecemento de estar fóra de todo o que está a falar o resto da xente.

Se houbese sentido común, supoño que esta iniciativa que foi rexistrada no seu momento, sería retirada máis tarde cando o propio Partido Socialista da Moncloa lle fai un auténtico



Gabilondo ao señor Caballero. E explícome, facer este exercicio —si, si, agora, seguro que me entenden e ademais o comparten—. Facer este exercicio de demagogia é impropio creo que de calquera grupo político, porque traer a este Parlamento unha iniciativa na que se pide non a rebaixa das peaxes que, por certo, o Partido Socialista non fai onde goberna, pero non a rebaixa das peaxes, senón a eliminación das peaxes, a mesma semana que a Moncloa filtra a posibilidade de poñer peaxes en todas as autovías, en todas as autovías do Estado, isto sinceramente é facer un auténtico Gabilondo. *(Aplausos.)* Un di unha cousa e o Partido Socialista de Ferraz, o Partido Socialista na Moncloa fai absolutamente outra.

Por iso lles digo que están fóra da realidade, ou polo menos fóra da realidade do seu partido. E, coñecendo como imos coñecendo o señor Sánchez, isto non augura un final feliz. Hoxe ademais viamos nun dixital que o presidente da Deputación da Coruña xa se presentaba como candidato ao próximo congreso. Eu simplemente o deixo aí, o deixo aí. Pero, bueno, alá cada un co seu.

Pero mire vostede, é así, que lle imos facer. ¿Cal é a situación das autovías en Galicia? Vostedes presentan isto —escoite que ao mellor aprende— *(Interrupcións.) (Murmurios.)*, vostedes presentan isto...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor CALVO POUSO: ...cando a situación das autovías en Galicia, das autoestradas titulares da Xunta, é unha das máis baratas que hai en España. Vostedes presentan isto cando en Galicia se veñen aplicando descontos dende hai bastante tempo. E na AG-55 e na AG-57 o importe desas bonificacións van con cargo ao orzamento da Xunta.

Ademais presentan isto cando, dicíao a señora Otero, recoñecía e eu agradézollo, cando as últimas actuacións en materia de estradas por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos son todas libres de peaxe. Dicía que iso era inxusto, non sei se se refería a que quere poñer peaxes nesas ou que é o que quere facer.

Pero, mire, a autovía do Morrazo, a conversión autovía Nadela-Sarria, a vía Ártabra, a VAC Tui-A Guarda, a autovía Santiago-A Estrada e a vía de altas prestacións da Costa da Morte. Todas sen peaxes. Fronte a esa actuación da Xunta de Galicia nas autoestradas que son titularidade autonómica, temos a actuación do Goberno de España do Partido Socialista nas autoestradas que son de titularidade do Estado. ¿E que é o que fixo o Goberno do Estado na autopista AP-9? Pois, o 1 de xaneiro deste ano incrementar a peaxe, o 1 de xaneiro deste ano incrementar a peaxe. Agora di, e comprométese a que a partir de xullo se van reducir, xa o veremos, oxalá que así sexa. Pero iso é o que fixo.

Por tanto, é un pouco incongruente vir pedir que faga a Xunta de Galicia o levantamento das peaxes cando o Goberno do Estado non é que faga un levantamento, senón que o que fai é cobrar máis polas peaxes que ten en Galicia.

A Xunta de Galicia traballou durante estes anos nas peaxes destas dúas autovías. Dicían que era pouco, ¡oe!, pois pode ser, pode ser que todas as rebaixas que se fixeron non sexan do



gusto de todos os deputados, non o dubido. Seguramente se pode facer un esforzo e intentarémolo, pero mire vostede, na AG-57, Vigo-Baiona, mantívose a peaxe para vehículos lixeiros, agás no treito A Ramallosa-Baiona, que baixou; os vehículos pesados tipo 1 tamén baixou nos treitos Vigo-A Ramallosa e Vigo-Baiona; e os vehículos pesados tipo 2 pagan menos en sete dos once centros da autoestrada. Na AG-55 non houbo variacións de prezos para os vehículos lixeiros e tampouco para os vehículos pesados tipo 1, agás en Paiosaco-A Laracha, que pagan menos. E reducíronse tamén os prezos en cinco dos once treitos de autoestrada para vehículos pesados tipo 2.

Houbo outras bonificacións dende o ano 2010 para usuarios frecuentes: 25 % en viaxes de volta no mesmo día; 50 % na viaxe de volta e posterior, sempre que se fagan tamén no mesmo día; e dende o 2019 a todos os vehículos que empreguen a telepeaxe, a rebaixa do 50 % en horario nocturno. É adicional, non é o único, señor Bará. E tamén familias numerosas, que foi a última incorporación.

Vostede ao mesmo tempo que isto se estaba a facer aquí, pois fagamos un pouco de memoria para saber que é o que ocorreu, que é o que dicía o Partido Socialista durante estes meses.

Porque, mire, a Xunta e o Goberno central acordaron no ano 2006 — gobernaban os dous no ano 2006— a eliminación das peaxes da AP-9 nos treitos Vigo-O Morrazo e A Coruña-A Barcala, pagándoos a Xunta de Galicia, é dicir, pagándoos os galegos. En 2017, cun Goberno do Partido Popular, ambas as partes acordaron que esa bonificación correra a cargo exclusivamente do Estado, porque era unha autoestrada titularidade do Estado. Pero houbo un cambio de goberno e a partir do ano 20 o Goberno empeza a pedir que esas peaxes que foran levantadas as pague a Xunta de Galicia. E a partir do ano 21 a empresa tamén pide que as pague a Xunta de Galicia. ¿E que fixo o Partido Socialista entón? Pois pedir que a Xunta pague as peaxes dunha autoestrada nacional que lle corresponde pagar ao Goberno do Estado. Ese é o Partido Socialista de Galicia.

E agora din vostedes que incluso cando falabamos da redución das peaxes da AP-9 trouxeron a este Parlamento algunha iniciativa pedindo que a Xunta se sumara ao esforzo do Goberno central nas autovías que son titularidade do Goberno para saber canto ía poñer a Xunta de Galicia para levantar esas peaxes.

Pero, como lles dicía, esta semana, a Moncloa sondea por todos os lados que se poidan establecer peaxes nas autovías. En catro meses, señoría, Galicia será a comunidade autónoma con máis quilómetros de autoestrada con peaxe de toda España, cando se acaben de levantar dentro de catro meses unhas peaxes en Cataluña.

En Galicia, de levar a cabo a proposta que está intentando sondear a Moncloa, suporá que haberá máis de mil quilómetros de autovías con peaxe, e isto é a mesma semana na que vostedes veñen pedir que se levante a peaxe da AG-55 e AG-57, onde se leva traballando nas peaxes e reducindo as peaxes dende hai anos e son das peaxes máis baratas de España.

O que esta vostede a propoñer é cobrar polas autovías, ademais de ter pendente o seu compromiso en rematar algunhas autovías, como son a autovía Santiago-Lugo, A-54; a autovía



Lugo-Ourense, A-56; a autovía Vigo-O Porriño, A-52; circunvalación de Pontevedra, A-57; autorizar a conexión da Vía Ártabra coa AP-9, que tamén quere poñer unha peaxe —supoño que o señor Seco o saberá—; e a autovía da Mariña e tamén a autovía de Ourense-Monforte.

Isto é o que está pendente por parte do Goberno Socialista en Galicia. Ten por rematar as súas autovías e quere cobrar polas autovías que non teñen peaxe. Iso si, hai que poñerlle deberes á Xunta de Galicia. Isto vén moi ao momento, porque pola mañá escoitabamos que o Partido Popular era o partido que intentaba traer iniciativas para entrar en enfrontamento co Goberno do Estado. Ben, aquí hai un claro exemplo desa pericia coa que traballa o Partido Socialista, buscando sempre puntos de encontro entre a Xunta de Galicia e o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Pero, miren, nós cremos que o que ten que facer é dicirlle ao Partido Socialista que aplique, ao seu Goberno, que aplique dunha vez as bonificacións ás peaxes comprometidas na AP-9; que deixe sen efecto as subas extraordinarias da peaxe que vén autorizando cada ano, que vertebra o 60 % da poboación de Galicia; e que materialice a supresión da peaxe de Redondela, que levan esperando dende o ano 18.

E dicía o señor Bará, un pouco coa boca pequena, que isto está moi ben que se faga igual, que se sumen, presentaba unha emenda, que se sumen tamén esas rebaixas mentres non se fai igual as da AP-9.

Vostedes ségueno tendo moi fácil, señor Bará. O que vostedes non son cribles, porque veñen pedir aquí unha cousa ao Partido Socialista, cando teñen a mínima oportunidade de gobernar co Partido Socialista, non o dubidan, porque para vostedes un sillón nun concello ou nunha deputación vale moito máis que rebaixar as peaxes da autoestrada de Galicia. *(Aplausos.)* E é máis, fíxese que Sánchez xa pasou a súa investidura, pero —Deus queira que non, porque se non España vai estar mal— pero, se teñen a posibilidade de investir a Sánchez de novo, farano, porque para vostedes o máis importante, dicíao o outro día a portavoz súa, era que o Partido Popular non governe. Menos mal que para os galegos o máis importante é que o Partido Popular siga gobernando e vostedes sigan na oposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego e dicir que si que imos aceptar a emenda presentada polo BNG, porque entendemos que tamén amplía e mellora a nosa proposta.

Dicía o señor Calvo que estou fóra da realidade, pero vaimo dicir vostede, señor Calvo ¿non será vostede o que está fóra da realidade? Ou vaime dicir que non é verdade o clamor social



e a reivindicación histórica nas comarcas do Val Miñor, Bergantiños e Costa da Morte. É un clamor dende o ano 1990, pero é que aínda máis os dirixentes do Partido Popular nesas comarcas tamén así o estiveron a reivindicar. ¿Ou vanme dicir que foron mentiras as manifestacións, eses peches e esas concentracións? Por iso, que é un clamor social e a día de hoxe é unha clara situación de inxustiza con outras comarcas e é o momento de acabar con esta inxustiza.

Fóra da realidade está o señor Calvo, que ata me dicía que quería poñer unha peaxe á autovía da Mariña. ¿Que autovía da Mariña? Incluso me chegou a falar de que quería poñer unha peaxe á autovía Sarria-Nadela. De momento é un corredor e a idea orixinaria era Nadela-Monforte. Non nos olvidemos que vostedes están a limitar a Sarria-Nadela.

Por iso, vostede segue a mentir co tema da AP-9, vostede sabe que ese diñeiro que se lle reclamou dende o Goberno central á Xunta de Galicia foi consecuencia dun fallo xudicial. O que fixo o Goberno central foi acatar unha resolución xudicial. Vostedes están a terxiversar a realidade, porque vostedes saben que a empresa concesionaria recorreu unha decisión dun ministro do Partido Popular, de Íñigo de la Serna, e o fallo xudicial por esa decisión mal tomada por parte dun dirixente do Partido Popular tivo que acatala un Goberno presidido por Pedro Sánchez. *(Aplausos.)* Pero a decisión recorrida foi dun ministro do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Do Partido Popular.

Pero vanme falar da AP-9. Só quero recordar: ¿quen privatizou a AP-9?, ¿quen prorrogou a concesión da AP-9 ata o ano 2048? *(Aplausos.)*, ¿quen impediu o debate da toma en consideración ata en dúas ocasións da transferencia da AP-9? ¿Quen foi? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Foi o Partido Socialista? Non, foi o Partido Popular. Vou máis aló, ¿quen repercutiu a subida das peaxes durante estes anos? Pois foi unha ministra galega do Partido Popular. É que vostedes non, vostedes, vostedes... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Señor Pazos, silencio, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...terxiversan a realidade, veñen aquí contando como que o que temos é unha verdade absoluta e non é así.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Non está no debate vostede.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, privatizar a AP-9, prorrogar a concesión ata o ano 2048 e quen impediu o debate e a toma en consideración desta transferencia foi o Partido Popular. En cambio, un Goberno socialista é o que vai facer esa bonificación histórica das peaxes da AP-9 grazas a eses orzamentos xerais do Estado, que vostedes votaron en contra, *(Aplausos.)* que contemplan 63 millóns neste ano 2021 para bonificar as peaxes, para a gratuidade de viaxes de volta, que se fagan as viaxes nas 24 horas; bonificación do 50 % entre Vigo e Tui; bonificación para usuarios recorrentes; eliminación da peaxe de Redondela e bonificación para vehículos pesados.



¿Quen o fixo? O Partido Socialista (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O PP votou en contra deses orzamentos, que son os que van facer realidade estas bonificacións.

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, toca aguantar agora, ¡eh! ¡Toca aguantar! (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Toca aguantar! ¡Toca aguantar! Amarrémonos aos asentos.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...grazas, presidente.

Eu entendo, entendo que lles moleste que algo que non solucionaron nin gobernando en Madrid, nin gobernando en Galicia, veña o Partido Socialista a poñer solución a unha reivindicación histórica da cidadanía galega, como era tamén esa bonificación das peaxes da AP-9.

Pero vostedes, vostedes sigan os pasos do Goberno central, porque vostedes en Galicia teñen competencias na AG-55 e na AG-57. ¿Por que non fan ese estudo para ver se é posible liberalizar esas peaxes? E, mentres non liberalicen esas peaxes, fagan bonificacións nesas peaxes que beneficien todos e todas as usuarias, non só as familias numerosas e non só as empresas de transporte en horario nocturno. Téñeno na súa man, díganlle á Xunta de Galicia que faga ese estudo, que liberalice as peaxes e que, por outro lado, faga xa unha bonificación para rematar con esa inxustiza que están a sufrir dende hai moitos anos estas comarcas, porque si, porque é un clamor histórico.

E remato, o Goberno galego conta con fondos, conta con competencias para rebaixar unhas peaxes que son un agravio e un gravame que dificulta o transporte e a mobilidade da cidadanía galega. É o momento de avanzar cara un modelo no que cada galego e cada galega poida moverse por todas as vías galegas, independentemente do seu nivel de renda. E teñen competencias. Paréceme moi ben que lle esixan cousas ao Goberno central, pero, cando teñen competencias para facelas, móllense, falen coa Xunta de Galicia e dunha vez por todas contesten a este clamor social desta liberación destas peaxes.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto dos proxectos pendentes coa cidade de Vigo, así como sobre os textos legais e as medidas que a prexudican.

O señor PRESIDENTE: Formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

« O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza, a solicitar ao Goberno de España que sitúe de novo os proxectos de Vigo entre as súas accións urxentes e poñer así solución a todas as carencias estruturais da cidade no que a competencias estatais se refire e rectificar aqueles textos legais e medidas que prexudican directamente á cidade, en concreto:

1. Reactivar todos os proxectos pendentes coa cidade de Vigo sobre infraestruturas viarias e ferroviarias e abastecemento de auga:

a) Actuacións complementarias á ampliación da AP-9 en Chapela.

b) Integración urbana da AP-9 en Vigo mediante:

-A conversión do ramal de acceso á cidade en travesía urbana

-A mellora dos pasos elevados.

-A instalación de barreiras acústicas ao seu paso por entornos de urbanización residencial.

c) Conexión da AP-9 co Ifevi.

d) Remodelación da Avenida de Madrid.

e) Soterramento da VG-20 en Navia.

f) Sinatura dun convenio entre Concello-Xunta-Estado para o cofinanciamento dunha nova estación potabilizadora en Vigo.

g) Instalación de apantallamento vexetal na EDAR Lagares.

h) Compromisos reais co Corredor Atlántico mediante a presentación do Plan Director do Corredor Ferroviario Atlántico, a dotación de partidas orzamentarias e a solicitude de fondos europeos.

i) Desenvolvemento da conexión saída sur da cidade e a mellora do tramo ferroviario Vigo-Porto, de forma que permitan reducir o tempo de duración do traxecto en menos dunha hora.

j) Impulso dunha rede ferroviaria de proximidade que mellore as conexión de Vigo coas principais cidades galegas, así como coa súa área metropolitana e o seu hinterland.



k) *Garantir a transferencia da AP-9 a Galicia, aplicar bonificacións e suprimir a peaxe de Redondela, en aplicación dos acordos asinados.*

2. *Impulsar e protexer o tecido económico da cidade, con especial atención a aqueles proxectos vinculados a sectores estratéxicos e innovadores:*

a) *Compromiso efectivo e o impulso de todas aquelas medidas que garantan a continuidade da actividade e do emprego do sector naval, nomeadamente en Barreras e Vulcano.*

b) *Plan de reactivación económica e industrial da comarca que permita encarar as transformacións do modelo produtivo ante a crise ambiental.*

c) *Conexión de Vigo á rede de transporte 220kv, incluíndoo na planificación de Rede Eléctrica de España para o período 2021- 2026.*

d) *Aposta por unha planta de baterías en Vigo.*

e) *Apoio aos proxectos de innovación das industria aeronáutica e das telecomunicacións.*

f) *Rectificar a Lei de Cambio Climático e a Lei de Pesca Sostible naqueles artigos que prexudican directamente a Vigo e a súa área.*

3. *Apoiar e ampliar a rede cultural da cidade:*

a) *Garantir e concretar os apoios ao Xacobeo na cidade de Vigo.*

b) *Aumentar as achegas orzamentarias para o MARCO.*

c) *Executar o proxecto dunha biblioteca pública nacional respectando as dimensións iniciais.*

4. *Aumentar a protección ambiental da Ría Vigo:*

a) *Estudo da calidade das augas da Ría de Vigo.*

b) *Restauración e protección ecosistémica das Illas Cíes*

Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes de novo.

Grazas, presidente.

Vémonos obrigados a traer esta iniciativa ao Parlamento de Galicia debido á perda de peso que está a ter Vigo ante o Goberno central. Cada vez é máis evidente que as necesidades da primeira cidade de Galicia e centro da Eurorrexión co norte de Portugal deixaron de ser prioritarias.



En consecuencia, as actuacións pendentes acumúlanse afectando gravemente ao seu futuro. Vigo a comezos do século estaba chamada a ser unha gran cidade, o foco de referencia da zona do noroeste peninsular, e os vigueses reivindicamos ese papel co noso traballo, co noso esforzo, con proxectos, solicitando o apoio de diferentes administracións.

Vigo estaba chamada a ser unha cidade puxante, que en 20 anos tiña que acadar unha gran transformación, abocada a ser o que vemos agora na cidade do Porto, unha cidade aberta, cordial e con oportunidades.

Pero houbo persoas que decidiron cambiar ese rumbo, outras seguimos traballando para conseguilo aínda e temos esperanzas, pero outras decidiron cambiar ese rumbo. Persoas que decidiron pechar as portas, poñerse de costas a todo, erixirse no vitimismo, facer políticas personalistas e políticas cativas. Porque, se é importante facer cousas e sacar adiante proxectos, máis importante é recoñecer no día de hoxe todo o que se deixou de facer e intentar recuperar o tempo perdido.

E por iso hoxe traemos esta iniciativa, porque queremos recuperar o tempo perdido e é preciso reivindicar a reactivación de todos os proxectos urxentes, que en parte xa foran comprometidos polo Goberno anterior, ou que ben permanecen agora durmidos nun caixón, ou viron reducida a súa dotación orzamentaria ou mesmo desapareceron directamente dos plans do Goberno. Ben, a esta situación hoxe politicamente podíamos poñerlle un título, podíamos chamarlle «A deixadez dos Caballeros», por un lado Abel e por outro Gonzalo. Cadaquén coas súas responsabilidades como significantes e destacados militantes socialistas de Vigo. Gonzalo mira para outro lado, cando se trata de reivindicarlle ao Goberno de España investimentos para Galicia, e vémolos, por exemplo, nos orzamentos do Goberno de España con outras comunidades autónomas en diferenza con Galicia. Abel, o alcalde de Vigo permanece ausente, permanece impasible ante os desprezos de Sánchez a Vigo. ¿E saben vostedes por que?, ¿saben vostedes por que? Porque Abel traballa para el e non traballa para a cidade, e faino moi ben. Faino moi ben, porque consegue case, case que non se note.

Mire, nos 14 anos de Abel Caballero como alcalde, Vigo foi perdendo peso e riqueza na súa área de influencia. A cidade é bonita, moi bonita, moi bonita, pero perdeu peso na súa área de influencia. Por dar un dato, de 2007 a 2018 a comarca da Coruña medra 25 puntos en riqueza xerada, mentres que Vigo baixa 12 puntos. Gustaríanos que tamén Vigo tivera esa subida, como tivo a comarca da Coruña. É dicir, 14 anos gloriosos para Abel Caballero, 14 anos desastrosos para a cidade de Vigo.

E por iso hoxe estamos aquí, por iso hoxe estamos aquí, fagamos memoria, vexamos, comprobamos as accións, as promesas, os resultados, os cumprimentos duns e doutros, e, como os resultados de diferentes cousas, como dicía, antes se ven co paso do tempo, imos a ir xa ao último Goberno de Fraga e aos alcaldes anteriores, porque Vigo existía xa antes de Caballero je vaia se existía!

Cando a principios de século Vigo estaba chamada a ser esa gran cidade, como dixeran, ese gran Vigo que tiña que ser hoxe, entón tomáronse decisións importantes. Constituír a área metropolitana de Vigo, un territorio de case medio millón de habitantes para medrar da man,



como dicía antes como fixo O Porto. Estiveron Príncipe, Lois Pérez Castrillo, Corina Porro, estivo Ventura Pérez Mariño, Touriño, o propio Feijóo, todos traballaron nesa liña. Aprobouse neste Parlamento unha lei por unanimidade, chegou a Vigo con Abel Caballero e pechou a área metropolitana. Dixo que non, enfrontouse cos concellos limítrofes.

Outra cousa foi crear o Consorcio do Casco Vello, para que dunha vez a zona histórica vella de Vigo fose un foco de oportunidades. Creouse o Consorcio, asinouse, Feijóo era conselleiro daquela, era Corina Porro alcaldesa, e o casco vello hoxe vibra, hoxe ten rehabilitadas as vivendas, hoxe ten zonas de hostalaría, hoxe a xente nova ten alí oportunidades, e todos remamos nesa dirección, dígoo claramente.

Ampliar a zona de Navia, cun PAU no que a xente xove e xente nova puidera vivir, baixar das parroquias e do rural de Vigo para ter unha zona onde poder acceder á vivenda, con acceso, con servizos, con escola, centro de saúde. É unha realidade tamén. Tamén a firmou Feijóo cando era conselleiro de Infraestruturas.

Apostar por un aeroporto internacional e darlle pulo e vida a unha serie de eventos culturais, deportivos, sociais, que atraían visitantes ao longo de todo o ano.

Miren, falo aquí dende Soto, dende Soto, Príncipe, Manolo Pérez, Lois Pérez Castrillo, outra vez repito, Ventura Pérez Mariño, Corina Porro... Mire, a World Fishing, a Volvo Ocean Race, a Cutty Sark, o rally Rías Baixas, o Festival Aéreo, o Vigo Transforma, o Are More, Puro Arte, Imaxina Sons, Festival ALT de teatro... ¡Non hai nada xa! Non existen estes eventos en Vigo. E o aeroporto baixou 400.000 visitantes dende que Abel Caballero é alcalde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non conto o ano do Covid, non conto o ano da pandemia.

Outros alcaldes, outros conselleiros, outros deputados, teño que falar que están presentes, Isaura Abelairas, Corina Porro, teño que falar de Abel Losada, de Manel Gallego, do propio Enrique Vieites, persoas que dende o principio de século apostaban por esa cidade. É unha cidade que era unha cidade xenerosa, con altura de miras, na que reinaba o diálogo.

Ben, o maior exemplo foi o Plan xeral de ordenación municipal no 2006, un plan que custou tanto facelo, que se consensuou con todos os colectivos da cidade, un plan que sería o salvavidas no ano 2006, o salvavidas de Vigo, pero que Abel Caballero mandou parar para intentar gañar unhas eleccións municipais. Non gañou, pero conseguiu o seu obxectivo, que era ser alcalde. Polo tanto, en 2007 Abel Caballero perdeu as eleccións e con nove concelleiros é alcalde, cun bipartito co Bloque Nacionalista Galego, no que empeza xa coas súas fantasías e ofrece unha imaxe penosa na cidade, con carteis de alcaldía e tenencia de alcaldía, e comeza esa bicefalia. E ademais el comeza xa coas fantasías de todo tipo, como digo. Porque el no 2007 dicía: «A Biblioteca do Estado ocupará 18 parcelas próximas á Praza do Rei». Aínda non hai biblioteca. «Concello e Goberno iniciarán en 2009 o derribo do muro de Samil». O muro de Samil segue aí. «Un funicular dunha soa vía unirá en 2010 o Berbés e a Praza do Rei». Aínda non hai funicular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, son cousas que dixo el para ser alcalde.

Coincidindo non tempo con esa lexislatura municipal, o PPdeG, paralelamente, Alberto Núñez Feijóo gaña as eleccións autonómicas con maioría absoluta, gañou, volverá a facelo



tres veces máis en Vigo, e comeza a poñer en marcha as súas promesas, os seus anuncios tamén en campaña. Comeza a poñer en marcha e vai cumprindo, ¡vai cumprindo! E no 2011 Abel Caballero volve perder as eleccións, pasa de nove a 11, o PP conseguira 13 na anterior e volve conseguir 13, pero desta volta xa o Bloque Nacionalista Galego xa non vai en bipartito con el, pero fai apoios puntuais. E tómallo o pelo ao Bloque e tómallo o pelo ao Partido Popular. Fago autocrítica. Tómanos o pelo absolutamente á oposición e, polo tanto, tómallo o pelo absolutamente a todos os vigueses, e comeza e pon en marcha a súa estratexia persoal de vitimismo, de ataque de todo, que a Xunta fai todo mal en Vigo, e a política de confrontación permanente, co porto, coa Xunta, coa zona franca, co Goberno, coa deputación, cos concellos limítrofes. Todos, todos van en contra de Vigo, o único que defende Vigo é el.

Pero, miren, a partir de entón, esa xenerosidade, esa altura de miras, ese diálogo dos alcaldes do que eu falei, dos alcaldes e de todos os políticos de Vigo —con todas as confrontacións que houbo, ¡eh!— pasan a ser egoísmo, pasan a ser falta de ambición, e pasan a ser unha mordaza, porque realmente Vigo pasou de ser unha cidade libre a ser unha cidade sometida, por vontade propia por suposto. Nós defendemos, defendemos non, respectamos totalmente a lexitimidade de Abel Caballero nas urnas absolutamente, cousa que el non fai con outras maiorías. Nós respectamos a maioría de Abel Caballero, pero é que el erixiuse en defensor de Vigo e convenceu cando en realidade se estaba erixindo en defensor de si mesmo. Iso é o que fixo, e hoxe comprobamos que a súa estratexia funcionou. Conseguiu dúas maiorías absolutas, non só por méritos seus, senón por deméritos dos demais. Nós tamén facemos autocrítica. O propio Bloque Nacionalista Galego tamén sufriu nas súas propias carnes. E 14 anos despois podemos afirmar claramente que os 14 anos de Abel Caballero foron de gloria para el, pero de miseria para Vigo e para o seu futuro. E repito, 14 anos gloriosos para Abel Caballero, 14 anos desastrosos para Vigo. E Vigo perdeu oportunidades e, cando estaba gobernando o Partido Popular en Madrid houbo unha serie de compromisos, e Abel Caballero de vez en cando reclamaba eses compromisos. Pero é que hoxe está calado, non di nada, e nós temos a obrigaón de pedir desde aquí que se reactiven todas esas accións e todas esas infraestruturas tan necesarias e fundamentais para Vigo.

Miren, mentres pasaba todo isto, a Xunta investiu 1.200 millóns de euros en Vigo nos últimos 10 anos, e poden velo ademais. Apostouse pola depuradora, polo novo hospital público, pola Cidade da Xustiza, pola estación intermodal, polo propio PAU de Navia, polo casco vello. Tema comprometido, tema cumprido. Nós queremos que agora o Goberno de España tema comprometido, tema cumprido. Pero tamén que o propio alcalde pida esas necesidades e reivindicacións, porque son fundamentais para Vigo; igual non son importantes para el, pero son moi importantes para Vigo. Polo tanto, nós non queremos que se deixen escapar máis.

Miren, Caballero, dende a maioría absoluta creo que lle cortou un pouco as ás á cidade, está el e só el, xa non existen os concelleiros. Só existe el consigo mesmo, porque creo que non lle deixa traballar a ninguén. Xa que o presidente da FEMP non defende a cidade que el Goberna, pois nós instaremos a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado, coa maioría ademais que temos neste Parlamento, para que Vigo por fin consiga e poida contar con esas accións e esas infraestruturas e investimentos que xa quedaron comprometidos cun Goberno do Partido Popular. E ademais teñen vostedes a listaxe na propia PNL.



E o Bloque presenta unha emenda, que nos parece que máis ou menos vén a dicir o mesmo e engade algúns temas a maiores. Pero é que nós hoxe queremos que isto soe con seriedade e que sexa rigoroso. É dicir, son accións que xa estaban comprometidas. Todos queremos máis e máis e máis, e por suposto que seguiremos pedindo máis. Pero, miren, para que vexamos que nós imos manter a liña, o que estaba comprometido co Goberno anterior son as reivindicacións que Sánchez ten que poñer en marcha para que Vigo sexa a cidade que merece ser.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Ben, teño que dicirlle, señora Egerique, que hai unha disociación tremenda entre o que presenta vostede na iniciativa, que vai sobre as demandas deste Parlamento ao Estado en relación cos temas pendentes en Vigo, e vostede veu aquí presentarse e postularse como a próxima candidata á alcaldesa de Vigo. *(Aplausos.)* Eu tratarei de centrarme no que é o tema de debate, que son as reclamacións que ten Vigo que facer ao Goberno do Estado, que é o que supostamente iamos discutir.

Se vemos o fondo da cuestión, a proposta que plantexan vostedes sobre todos eses proxectos que necesita Vigo, ese relatorio, pois parece máis ben que a motivación que está detrás desta iniciativa ten máis que ver coa necesidade do Partido Popular de expiar as súas culpas do que cunha proposta estratéxica. Que vostede quixo facer aquí un relatorio da historia de Vigo, pero hai moi pouco de estratexia nas iniciativas concretas desta proposta súa.

Pero o máis curioso seguramente desta iniciativa que traen hoxe é que consiste nun comendio de demandas e de proxectos dos cales vostedes son directamente responsables ou corresponsables de todos os problemas que se recollen. *(Aplausos.)*

Piden actuacións complementarias á ampliación da AP-9 en Chapela, cando foron vostedes os responsables de facer unha ampliación chapuza e ás présas, porque vostedes tiñan moita présa en inaugurar as obras para poder aplicar a suba das peaxes en beneficio de Audasa. E tiñan tanta présa, que deixaron sen resolver os problemas da contorna, os problemas de ruídos, os problemas nas marxes das autoestradas, porque vostedes tiñan outras prioridades, foron vostedes os responsables.

Falan vostedes, piden a integración urbana da AP-9 en Vigo, cando nos sete anos de Goberno do Partido Popular en Madrid non fixeron nada, nada para avanzar sobre isto. É máis, foi debatido no Congreso isto e vostedes evitaron posicionarse a favor, e o único que fixeron en todo ese tempo foi excusas e atrancos para non avanzar nada. Piden o soterramento da VG-



20; máis do mesmo, nos sete anos nos que o Partido Popular ocupou a carteira de Fomento, por haber, non houbo nin respostas aos veciños para unha mísera reunión. Piden executar o proxecto para a biblioteca pública estatal. Se vostedes negáronse ano tras ano a avanzar neste proxecto. E así podería seguir con todo. É dicir, que non estamos a falar de proxectos que se paralizasen coa chegada do novo Goberno, nin proxectos que xurdiran nos dous últimos anos. Estamos falando de proxectos paralizados durante anos e anos, ante os que vostedes non moveron nin un mísero dedo.

E quizais o caso máis paradigmático de toda esta iniciativa ten que ver coa súa petición para garantir a transferencia da AP-9, aplicar bonificacións e suprimir a peaxe a Redondela. Cando foron vostedes responsables, xa non só de non facer nada ao respecto nos sete anos de goberno nos que estiveron na Moncloa, senón incluso de vetar que se puidese debater sobre isto. Tan en contra, tan en contra estaban vostedes disto que vostedes agora recollen na súa iniciativa, que quixeron rebentar as regras de xogo democráticas e impedir o debate. (Aplausos.)

E toda esta iniciativa constrúese con este fío condutor de aglutinar aquelas accións, proxectos e medidas que puido facer o Partido Popular mentres estivo no Goberno central e que non fixo. E é unha estratexia —con todo respecto— bastante penosa, porque vostedes querían vir aquí e borrar as súas culpas, as súas responsabilidades, e o que fixeron foi poñer no centro todos os seus pecados. E só había que escoitar a señora Porro presentando esta iniciativa en Vigo preguntándose: «¿Dónde están las voces que tendrían que estar al frente de estas reivindicaciones? ¿Por qué están callados?». Eu preguntolles, señores do Partido Popular: ¿onde estiveron as voces que terían que ter estado á fronte destas reivindicacións cando gobernaba o Partido Popular en Madrid? (Aplausos.) ¿Por que estiveron calados? (Aplausos.) Porque estas preguntas valen para o Goberno central cando gobernaba o Partido Popular e cando goberna o Partido Socialista con Unidas Podemos. E valen tamén para preguntarse polo papel dun presidente da Xunta incapaz, incapaz de defender con honestidade os asuntos deste país e defender a axenda de reclamacións dunha cidade que está atravesando un momento crítico, no que os vigueses se preguntan sobre cuestións tan fundamentais como cal vai ser o futuro da cidade, sobre cal vai ser o rol que imos xogar no contexto galego e no contexto peninsular. E este debera ser o debate hoxe, o dos grandes retos de futuro para a cidade de Vigo. Pero, para responder a isto, precísase de estratexia e mirada longa, algo que cremos que esta iniciativa non dá resposta, porque o fío condutor responde exclusivamente a criterios de oportunidade política partidaria. O único que fixeron é aglutinar nunha especie de iniciativa Frankenstein todo aquilo que vostedes non fixeron e que agora poden criticar con razón —con razón pero sen ningunha credibilidade— aquilo que agora o Partido Socialista agora tampouco fai.

Por iso presentamos unha emenda para superar este marco que vaia máis alá, que dea respostas ao reto das grandes transformacións que estamos a vivir como consecuencia da crise ambiental, da revolución dixital, que vai transformar, que xa está transformando as formas de produción e de consumo tal e como as coñecemos hoxe. E, se pensáramos así, se pensáramos en termos de cambio de ciclo e non de oportunidade partidaria, hai tres aspectos fundamentais nos que a cidade de Vigo ten moito, moito que esixirlle ao Estado, do que vostede non falou absolutamente nada: no plano económico, no plano xeopolítico e no plano da crise



ambiental que estamos vivindo. Vigo está atravesando unha preocupante situación pola perda de peso e de impulso —xa se falou aquí— e estamos sendo cada vez máis incapaces de competir no contexto global. E isto tradúcese nunha deslocalización industrial, nunha maior precariedade laboral, temos eivas estruturais que se están acelerando ademais con esta crise. E este é o reto económico que temos por diante.

E as respostas sobre como afrontar este descomunal reto tamén as temos na propia historia da nosa cidade. Se analizamos a evolución da cidade, podemos comprobar que, naqueles momentos nos que houbo unha aposta por investir na economía real e non na especulativa, avanzamos; que, cando apostamos pola diversificación económica, fixémonos fortes; e, cando apostamos pola innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, puidemos competir no contexto mundial. Estas deberían ser as chaves, os piares fundamentais sólidos e iso, levado á realidade que temos hoxe, significa, por unha banda, renovar e fomentar sectores produtivos que xa son tractores, como é o sector naval. É incomprendible que, na situación ao bordo do colapso que se vive no sector naval na cidade de Vigo, vostedes non digan nada, nada sobre isto na súa iniciativa. «¿Dónde están las voces que tendrían que estar al frente de estas reivindicaciones? ¿Por qué están callados?» Porque son corresponsables dende a Xunta e prefiren calar. E nós esiximos tanto á Xunta como ao Goberno do Estado que deben implicarse cun sector que resulta estratéxico para a cidade e para o país, que o sector naval en Vigo está na UCI e necesita compromisos e medidas especialmente para garantir a actividade e o emprego en Barreras e en Vulcano. E, por outra banda, para dar paso cara a esa necesaria diversificación económica, a apertura cara a novos sectores e a aposta pola innovación, necesitamos investimento en sectores como o das telecomunicacións e o sector aeronáutico, nos que nós temos un enorme potencial e nos que o Estado pode e debe implicarse.

E este é o encadramento xeral no que se enmarcan as achegas da nosa emenda no plano económico, que agardamos que sexan aceptadas, porque a súa iniciativa, con todo o respecto, neste aspecto é realmente pobre, o cal tamén non deixa de revelar a falta de modelo do Partido Popular para a cidade de Vigo, máis alá de todo este relato que vostede fixo. No que son as propostas concretas, vostedes carecen bastante de modelo. No plano económico a súa iniciativa límitase a solicitar a aposta por unha planta de baterías en Vigo. Claro, nós podemos compartir isto, pero vostedes tamén son corresponsables de que hoxe outros enclaves como Barcelona estean moito mellor interconectados e que poidan competir nunha posición de vantaxe fronte a unha cidade que segue desconectada dos grandes corredores ferroviarios de mercadorías. Vostedes despois solicitan a conexión de Vigo á rede de transporte de alta tensión; que si, que está ben, pero tamén se esquecen de que Vigo xa estivo incluída no anterior plan quinquenal cando vostedes gobernaban na Moncloa e que se traduciú na nada.

E para o sector cultural eu creo que vostedes non sei se realmente non coñecen o sector cultural de Vigo. Vostedes reclaman apoios para o Xacobeo —creo que é para un programa de sinalización do Xacobeo—, pero isto non basta, porque Vigo é moito máis que Xacobeo. Estamos falando dun dos principais motores culturais do país. Vigo desborda os estreitos marcos da súa concepción da cultura e do turismo reducida ao Camiño de Santiago. Vigo necesita orzamento para a súa rede de museos, que vostedes teñen desatendida, e na que cremos que a respecto do Estado si é esixible que achegue fondos á Fundación Marco.



E xa entrando no plano xeopolítico, xa temos debatido recentemente sobre a importancia e o espazo de oportunidade que supón o sistema urbano litoral atlántico Ferrol-Lisboa, no que Vigo xoga un papel central, e, pola contra, o risco que supón o modelo radial que reforza a nosa posición periférica. E é certo que aquí vostedes mudaron de posición, que vostedes dende que están na oposición en Madrid, agora defenden con máis forza esta visión atlántica. Aquí creo que temos máis puntos de coincidencia, pero tamén é certo que vostedes seguen conservando a pulsión por un modelo radial que os leva a formular, primeiro, as conexións ferroviarias con Madrid antes que conectar ou vertebrar internamente o país. E deberían ter xa claro que a posición de forza dunha cidade media, como é Vigo no contexto peninsular, non vai vir da man de chegar 15 minutos antes ou despois a Madrid, cando en calquera caso se chega antes en avión. Vai vir fundamentalmente da man de cohesionar o Eixo Atlántico, en primeiro lugar; de mellorar a cohesión e a integración do sistema urbano policéntrico galego; e de cohesionar e liderar a área metropolitana e o *hinterland* de Vigo. Un proxecto que compete á Xunta en canto a ordenación territorial. Porque vostede falou do ente da área metropolitana, pero a vostedes correspóndelles o papel de sacar a planificación territorial da área metropolitana. E, respecto do Estado, debemos esixir o investimento nun sistema de conexión ferroviaria de proximidade e de cercanía, algo que vostedes esquecen na súa iniciativa.

E remato xa poñendo de relevo tamén que abordar a crise ambiental —algo que vostedes tamén ignoran na súa iniciativa— non é só vestir de verde os investimentos. É tomar en serio que os ecosistemas están en perigo e que hai que protexelos; é tomar en serio proxectos como o estudo da calidade das augas da ría de Vigo, a restauración e protección ecosistémica de contornos tan fráxiles como as illas Cíes. Porque si, porque todo isto é economía, pero antes de nada é vida.

E son todos estes aspectos económicos, xeopolíticos e ambientais retos fundamentais aos que esta iniciativa non responde. E por iso fixemos esta emenda, esta aportación para converter unha iniciativa de regate curto e partidario —quedou ben explicitado na súa intervención que isto non ía de proxectos estratéxicos, senón de regate curto e partidario co Grupo Socialista—, converter isto realmente nun debate en profundidade. E en plantexar cales deben ser as guías estratéxicas sobre as que deberíamos buscar todas as forzas o consenso, porque falamos do futuro de Vigo, que é tamén falar do futuro do noso país.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Abelairas.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Presidente, señorías, boa tarde.

Quero comezar a miña intervención manifestando o total apoio ao rexeitamento, o total rexeitamento ao comportamento antidemocrático do PP, que quere expulsar da política o candidato que gañou as eleccións municipais en Ourense, Rafael Villarino. Fronte á chantaxe de Feijóo e Baltar, democracia. Rectifiquen xa, señores do PP. *(Aplausos.)* A democracia demóstrase exercéndoa. *(Aplausos.)* Non se pode utilizar esa palabra en van.



Señora Egerique, empezan ben. Xa na exposición de motivos intenta descualificar a Abel Caballero, levan 14 anos intentándoo e non cansan. Ademais de ser o presidente da FEMP, é o alcalde máis votado polos seus veciños e veciñas. ¿Foi capaz de sometelos a todos así ou sometémolos voluntariamente? (*Aplausos.*) Non coñece Vigo, señora Egerique, e vostede naceu en Vigo. Non coñece a súa idiosincrasia, non coñece os vigueses nin as viguesas. ¿Non se dan conta de que levan moitos anos boicoteando a cidadanía de Vigo e a cidadanía de Vigo responde apoiando o seu alcalde? ¿Por que será?

Mire, a cidadanía non está cega, non está xorda e non está muda e, sobre, todo ten memoria. Unha cidadanía da que formo parte, que cada vez está máis orgullosa de algo tan intanxible pero fundamental para unha boa calidade de Vigo como é a autoestima. Algo que nos fixo sentir defendendo a cidadanía viguesa por enriba de todo e de todas. Este sentimento de pertenza comezou coas políticas de Abel Caballero, froito dunha forma de gobernar da man dos veciños e das veciñas. Créanme que este é o rasgo que alimenta fundamentalmente a nosa autoestima. E foi grazas a esas políticas de don Abel Caballero, que dialoga con todos e con todas, que goberna da man da veciñanza, coas persoas e para as persoas.

Mire, eu sinto ter que ensinarlle isto, pero a autoestima demóstrase aquí. Hoxe fomos portada nos telexornais españois, onde aparece Vigo como a cidade española máis valorada polos seus veciños e polas súas veciñas, coa mellor calidade de vida. (*Aplausos.*) Por enriba de Zaragoza, Bilbao, Valladolid, Córdoba, Las Palmas, Murcia, Palma e a última vén sendo Madrid. E o que medía esta enquisa da OCU, o que medía esta enquisa da OCU era precisamente a calidade de vida, baseándose no medio ambiente, baseándose na limpeza, baseándose na cultura, baseándose na educación, baseándose na mobilidade, baseándose na sanidade, etc., aquelas cousas que forman unha sociedade máis xusta.

Miren, traten de ocultar os oito nefastos anos de boicot, que lle agradezo á señora Alexandra que o lembrara. Anos de absoluto boicot aos proxectos que [...] desde Madrid, e que daquela o seu presidente era Rajoy e a súa ministra, Ana Pastor. Metérono nun caixón, non nos tomen por parvos que, repítolle, temos memoria.

Hai que ter pouca vergoña política para reivindicar hoxe como moi urxente para Vigo o que vostedes paralizaron con Rajoy e Ana Pastor. Durante oito anos do Goberno do PP na Moncloa paralizáronse todos os proxectos que estaban deseñados para Vigo. O que vostedes hoxe formulan como algo moi urxente tivo que ser rescatado do caixón onde o presidente Rajoy e a ministra Ana Pastor o tiñan escondido. Non insulten máis a intelixencia das viguesas e dos vigueses. Saben vostedes perfectamente, e vostede sábeo perfectamente, que a coñezo ben, señora Egerique, o que supón deixar o proxecto nun caixón, porque despois poñelo en marcha administrativamente custa moito, pásanse prazos, elévanse os prezos, etc.

Bueno, vou intentar tocar un pouquiño todo. O AVE por Cerdedo, dáme a risa. ¡Pero se foi paralizado por vostedes, pero se foi paralizado por Rajoy e Ana Pastor!

Falan do centro Vialia, a estación intermodal, ¿pero quen a puxo en marcha? ¿Pero quen estaba pelexando pola saída sur do tren? Tamén paralizado e rescatado polo Concello de Vigo.



Os investimentos que se levan feito, as addendas que se levan feito ao centro Vialia a cargo de Adif, pagando o Goberno máis do 70 %, a Xunta de Galicia colaborando tamén como Administración que lle corresponde, pero con moito menos nesa addenda que está apoiando, que pon o Concello de Vigo, e fálannos agora dos atrancos; fálannos agora de que poñamos en marcha todo iso. Poñer en marcha todo iso custou moito, señora Egerique. Vostede sabeo. Eu cheguei... —voulle contar unha anécdota— cheguei a Vigo con Abel Caballero —perdón— cheguei ao Concello con Lois Castrillo. E a señora Porro seguro que se acorda ben. E cheguei con Abel Caballero. Coñezo Vigo, aínda que non nacín alí, coñezo Vigo como se nacera alí.

Cando foi o Goberno de don Manuel Fraga Iribarne, que podían... Mire o que vou dicir eu, que me coñece ben: os colexios de Vigo e de Galicia eran atendidos, as infraestruturas; o meu cole foi remodelado completamente. Era presidente da Xunta de Galicia don Manuel Fraga Iribarne e delegado da Xunta don Manuel Fraga Boullosa. Esa é unha forma distinta de facer política, pero bueno...

¿A solución da depuradora? Poderíaslles falar horas, porque eu estaba alí con algúns dos que estaban aquí tamén. Teño memoria. Invítoos a que recorran a nosa maravillosa ría de Vigo e vexan agora como está. Iso si, collan con coidado os compañeiros de navegación.

Que lástima que non estea aquí o señor Rueda. ¿Lembra o señor Rueda o xulgado do mercantil requirido polo alcalde don Abel Caballero e que vostede se opuxo explicitamente? Os vigueses e viguesas non perdemos a memoria.

Para a Cidade de Xustiza e a Biblioteca do Estado poderíamos facer unha tese de como impedir que unha cidade se desenrole por unha teima do presidente da Xunta de Galicia en contra do seu alcalde, lexitimamente elixido. Os vigueses —repítolle— temos memoria. Lembre que nos esixiron expropiar os terreos, pagalos e, unha vez feito, poñelos á súa disposición. E así se fixo. Tras isto deciden unilateralmente que trasladan os xulgados ao Hospital Xeral. Entón o alcalde de Vigo proponlles utilizar eses edificios e esas terras expropiadas para a Biblioteca do Estado, previa recualificación de usos. E nese momento outra ocorrencia da Xunta. Non, aí vai o IES de Navia.

A ver, señora Egerique, vostede debe coñecer Vigo. A ver, ¿que traxecto hai das Travesas a Navia? Nas Travesas hai polo menos, que eu lembre, 4 institutos, 3 públicos —ou 5— e 2... Bueno, igual me queda algún por aí; pero coñece perfectamente a zona. A zona escolar a nivel de secundaria está perfectamente atendida. Recorde que eu estiven alí 35 anos nesa mesma zona. ¿Pero sabe onde están As Travesas? A zona escolar das Travesas está perfectamente atendida, pero non, en Navia cunha poboación xove con preto de 20.000 habitantes non ten instituto, reivindicado polas veciñas e polos veciños. Un instituto no que os rapaces teñen que desprazarse a Beade, a Bembrive, a Coruxo, a Coia, a onde teñan praza. Bueno, realmente non se pode ser tan incompetente nunha actuación.

¿Danse conta de que é unha teima persoal do presidente contra o alcalde de Vigo? ¿Que é un sinsentido? ¿Que é unha sinrazón? ¿Que é difícil de explicar e máis de entender que un presidente que fala da súa maioría absoluta —créanme que eu algunhas veces estou aí sentada e oio reivindicar tanto a maioría absoluta que penso: e non o cren sequera eles—. Demostren



o demócratas e respecten a votación das persoas que apoian outras opcións. Repítolles que temos memoria.

Ademais diso, seguen sen permitirnos utilizar os terreos expropiados por nós e cedidos a vostedes para a Biblioteca do Estado.

Por último, neste asunto nun dos últimos consellos da Xunta do mes de marzo sacan vostedes da chisteira un plan de nova arquitectura pedagóxica. No mesmo sitio que xa veremos que é. Mentres tanto a necesidade do IES en Navia é imperiosa e inaprazable. Falaralles mañá a miña compañeira Leticia Gallego na comisión.

Pero ¿por que non contestan ao convenio que lles presentou o alcalde de Vigo para a construción dese instituto? Se non lles gusta, fagan propostas, modifíqueno, cambien, pero polo menos sexan educados e contesten.

¿Falamos tamén do aeroporto? Trataron de afogalo sen recursos, priorizando o de Alvedro. Eu sei que o presidente da Xunta vota en Vigo ou votaba en Vigo, pero vive na Coruña. Pero iso non significa que non sexa presidente tamén dos vigueses e das viguesas e exerza como tal.

Que aparque as súas teimas persoais e que se dedique ao seu traballo, que é ser presidente de todos os galegos e galegas. Aínda non tivo nin sequera tempo de mandar ou ir el ou o vicepresidente económico a visitar Barreras. Tamén aquí temos memoria, ¡eh! Lembramos a venta a Pemex anunciada *urbi et orbi* como unha operación que ía salvar a Vigo absolutamente de todo, e que nos levou á situación trágica que hoxe estamos vivindo: o traslado das auxiliares a Santander, cos seus equipos que xa nunca máis volverán a Vigo. A propietaria da compañía xa informou que sería Astander quen a remataría e o cruceiro nas súas instalacións e por ese motivo invitou —ríanse un pouco tamén— o presidente de Cantabria, Miguel Ángel Revilla, a visitar as instalacións, ao cal viña encantado. Vergonzoso, señores do PP. Menos mal que o covid impidiu que viñera.

O maior pedido de España, anunciado, como dixen, *urbi et orbi*, vendido a Pemex e agora completamente desmantelado, vai deixar miles de familias en Vigo sen traballo, na miseria absoluta, vaise rematar en Astander. ¿Non teñen nada que dicir a isto? ¿Non pensan exercer tampouco as súas competencias apoiando o alcalde de Vigo, don Abel Caballero, na reinvindicación da fábrica de baterías?

Eu consideraría, señor presidente, se mo permite con toda humildade, que dea grazas, porque ten en fronte un líder ao que moitas veces tratan vostedes de ningunear, como acaba de facer agora o señor Calvo, digno aprendiz do señor Pazos con esa luz de gas, que xa está pasando a *baiting* directamente, que sabe facer. (*Murmurios.*)

Aconséllolle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: ...que teña en conta o diálogo que lle vén ofertando desde que empezou a lexislatura. Mostra vostede unha actitude tan orgullosa que é incapaz de re-



coñecer que ten en fronte un político serio que cre nas persoas, que cre nos pactos, que é capaz de aparcas as diferenzas en beneficio delas.

E vou ir rematando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Abelairas.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Pois ben, pois vou rematando, pero voulle dicir que queda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: ...na nosa memoria quedan as manifestacións feitas en Vigo para defender a sanidade pública, as manifestacións feitas en Vigo con miles de cidadáns que non foron sometidos, que foron voluntariamente, defendendo a súa caixa de aforros, que tamén foi unha teima e unha cabezonaría do señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Aconséllolles e pídolles, señor presidente, —que non está aquí, pero déanlle o recado— que deixe o orgullo, que deixe a cabezonaría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Abelairas,...

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: ...e que governe para todos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...xa nos pasamos un minuto e medio.

A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Señora Abelairas, eu recomendaría en calquera enquisa que me fixeran que viñeran vivir a Vigo porque é a mellor cidade do mundo e, como di o seu alcalde, encántame Vigo e claro que ten a mellor, boísima calidade de vida a cidade de Vigo e que ninguén pode negar iso. E ninguén, como dixen antes, cuestiona aquí a lexitimidade de Abel Caballero nas urnas. E ademais diferenciouse tamén vostede en moita da súa intervención do que el é. Pero, mire, a sanidade, a educación, os servizos tamén interesantes. Vostede falou da sanidade, da calidade de vida sanitaria, contradiciuse porque falou da calidade de vida sanitaria en Vigo, que é unha marabilla, e despois fala de todas as manifestacións para defender a sanidade pública. Teñen as teimas de sempre para intentar defender a Abel Caballero. Eu falo desa persoa e realmente quixen facer o debate falando de Abel Ca-



ballero porque de verdade que foi un freo para moitísimas cousas. E aquí enumerei soamente algunhas das que xa non están.

E, polo tanto, os alcaldes son importantes. Tamén pode dicir de Vigo que é a cidade coa auga máis cara de toda Galicia, tamén pode dicir iso. Iso non é calidade de vida para os veciños. Tamén pode dicir que en servizos sociais Vigo segue entre as cidades españolas que menos inviste en gasto social. Tamén podo dicir iso. (*Murmurios.*) (*A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Tamén podemos entrar no fondo da cuestión.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Señora Abelairas, xa tivo...

A señora EGERIQUE MOSQUERA: E as cuestións que se solicitan nesta PNL, que a listaxe téñena vostedes no seu haber, eu non entrei en profundidade porque xa se debateron moitísimas veces. Foron debates que levan xa anos enriba da mesa e son compromisos que tivo un Goberno e que agora mira para outro lado, mira absolutamente para outro lado.

E, mire, os alcaldes teñen que defender e construír por suposto os seus territorios. Eu puxen como alcalde O Porto, porque O Porto foi un alcalde que se puxo o mundo por monteira, sen importarlle os problemas políticos e sen ter unha obsesión cun presidente autonómico, como lle pasa a Abel Caballero e construíu unha cidade.

E, mire, hoxe estamos á cola de moitísimas cousas, de moitísimas cousas. E tamén falei dos acordos aos que chegaron tantos socialistas, tantos militantes e tantos políticos do Bloque e do Partido Popular. E, señora Fernández, ter memoria é moi importante, porque vostede ata hai pouco estaba noutro partido que tiña 14 deputados aquí e hoxe non ten ningún. Así que coidado cos resultados electorais. Tivo 20 concelleiros Caballero; a ver os que consegue de aquí no futuro.

Mire, o Goberno do Partido Popular (*Murmurios.*), soamente por dicir...

Eu respecteí o turno de palabra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Soamente por dicir as cousas que vostedes poden ver e tocar en Vigo, porque moitas veces aquí fan discursos e despois hai que dar unha volta pola cidade e ver quen cumpriu e quen non cumpriu.

Mire, co Goberno do Partido Popular: pasarela do aeroporto a Ifevi, dito e feito; a remodelación da antiga metalúrxica García Barbón, que agora é o edificio da Seguridade Social, dito e feito; o compromiso do tren do Eixo Atlántico entre A Coruña e Vigo alta velocidade, dito e feito; a bonificación das peaxes entre Vigo e Pontevedra, dito e feito; a primeira pedra da estación intermodal, dito e feito. E nos orzamentos de Mariano Rajoy que poden vostedes comprobalo tamén, mire, nova autovía A-55, 337 millóns de euros incluído nun plan extraordinario de investimento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Gallego, por favor.



A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...que este Goberno anulou. Subestación eléctrica incluída no Plan de rede eléctrica 2021-2026, este Goberno retirouno. O soterramento da VG-20 en Navia, que é o que lles interesa, estaba totalmente comprometido, e o outro día o sábado vai Abel Caballero a pasear con Gonzalo Caballero, alí os dous sós a pasear por Navia, a criticar a Feijóo, non falan disto, que é crucial para os veciños que alí viven, porque si que coñezo moi ben a cidade e o ruído é insoportable, hai que soterrar a VG-20, é importante. E agora xa nin sequera a nomea. Claro, van pasear sós e ao día seguinte resulta que na radio xa está pedindo a cabeza de Gonzalo Caballero. En fin, como para fiarse del.

Mire, a remodelación da Avenida de Madrid. (*Aplausos.*) A remodelación da Avenida de Madrid (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), con todos os respectos á señora Gallego, que ademais eu coñézoa tamén de Vigo, asinou no despacho de Abel Caballero, asinouse o convenio da remodelación da avenida de Madrid, Ana Pastor e Abel Caballero, aínda está sen facer. Tamén asinou coa conselleira de Política Territorial o convenio de transporte metropolitano, e non hai transporte metropolitano. Asina convenios e nin sequera os cumpre. E que realmente hai que desenmascarar a Abel Caballero, porque Abel Caballero é así, realmente é así. Bueno, é o alcalde de Vigo, é moi simpático, pero é así.

Non falo da Biblioteca, porque xa dou moitas voltas, moitas voltas. E mira, e o BNG pois neste momento ten o seu papel oportunista e vostedes eu creo que temos, e chegamos a moitos acordos. Por iso digo, señora Fernández, é importante tamén ter memoria e saber que, cando reivindicabamos temas importantes e interesantes para Vigo, cortáronnos as ás con estratexias de vitimismo e estratexias de engano a todos os vigueses. Eu dígoos sen ningún tipo de escrúpulo.

Eu creo, ademais, que realmente cada vez Abel Caballero ten máis inimigos porque el cre, mañá no Pleno vai pedir a dimisión do conselleiro de Educación e Cultura, porque di que non está comprometido coa Biblioteca Nacional. Pide a dimisión dos catro concelleiros da oposición. El con 20 concelleiros pide a dimisión dos catro concelleiros da oposición. Un alcalde que vamos pedirlle que sinalice o Camiño Xacobeo con toda lealdade, sen espaventos, con tranquilidade e contesta seriamente: «Eu xa teño o meu Xacobeo, que é o Nadal».

Claro, eu creo que isto non é para tomalo en serio de verdade. Un alcalde con tantos concelleiros e con tanta responsabilidade non pode responder así e non pode vivir nas súas fantasías. Eu creo, ademais, que fai falta un pouco de sensatez, un pouco... non sei, de sentido común. E, mire, Caballero chegou ao máis alto á custa dunha cidade ambiciosa, dunha cidade que puxo nel as súas esperanzas e as súas ambicións. Realmente, unha cidade que confiou nel para moitas cousas, pero chegou cunha maioría absoluta e cortoulle as ás, absolutamente. E agora pechou as portas a todos os concellos limítrofes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...pechoulles as portas a todos os proxectos e hoxe aquí hai que ver quen dixo e quen cumpriu, hai que revisar a hemeroteca e ver o que dixo cadaquén e o que cumpriu cadaquén, e dar unha volta por Vigo e ver o que dixo cadaquén e o que cumpriu cadaquén, e isto é necesario que se cumpra.



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Con respecto á emenda?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Con respecto á emenda, tentarei falar co Bloque Nacionalista Galego. Dixen que no básico máis ou menos igual, algún puntinho podemos chegar a algún acordo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso e dous deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar que Repsol renuncie á aplicación do ERTE anunciado.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir, logo de: “O Parlamento galego ...” a seguinte expresión: “...amosa a súa solidariedade e apoio aos traballadores e traballadoras afectados polo ERTE anunciado na refinería da Coruña e insta á Xunta de Galicia a ...”.>

E para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde.

No mes de outubro do ano pasado, Repsol, igual que todas as empresas do sector en Europa, tocou fondo na Bolsa, pero foi un punto de inflexión. Desde aquela comezou unha remontada espectacular até duplicar o seu valor, converténdose dun xeito destacado na que máis valor ten recuperado de entre todas as de Europa, chegando practicamente ao que tiña antes da pandemia.

Repsol tamén destaca pola súa política de retribución aos accionistas, entre as máis altas de todas as empresas dos índices europeos, e a segunda entre as empresas do sector, só por detrás da francesa Total. Unha política de retribución aos accionistas que, ademais de pagos en metálico, implica destinar entre 1.200 e 2.000 millóns da súa propia caixa, durante os próximos catro exercicios, a comprar accións propias, precisamente para disparar a rendibilidade do seu dividendo, superando a francesa Total e chegando ao 9 %.



Son cifras absolutamente mareantes que, de feito, conseguen as mellores recomendacións da banca especializada, como por exemplo Deutsche Bank, que coloca Repsol entre as mellores do sector a nivel europeo.

Así que, o primeiro que debemos ter moi presente é que esta non é a descrición dunha empresa en crise, senón todo o contrario. Trátase dunha empresa solvente, líder no seu sector, con grandes potencialidades e grandes expectativas, unha das grandes empresas enerxéticas españolas, con todo o que isto significa: unha das grandes favorecidas e protexidas polo poder político, favorecidas por unha regulación do sector feita a pedir de boca e protexidas ante operacións societarias non desexadas cando o solicitaron. Un dos *lobbys*, xunto coa banca, con máis influencia, por dicilo suavemente, nos gobernos e na política española e internacional en xeral.

De feito, unha empresa que acaba de obter un resultado operativo de 600 millóns de euros durante o ano 2020, anunciado a bombo e prato polo seu conselleiro delegado, o señor Imaz, que máis ou menos na mesma altura visitaba en Compostela o presidente Feixóo para falar de proxectos de futuro. E un mes despois da visita Repsol comunica a súa intención de aplicar un ERTE no centro de traballo da Coruña, que afectaría a 212 persoas durante seis meses. Un anuncio que no contexto económico empresarial de Repsol, de recuperación de valor, resultados, proxectos e de retribución récord ao accionista, é como un choque de trens. Que unha empresa nestas circunstancias anuncie unha medida deste tipo, absolutamente inédita nunha empresa e nun sector que nunca viu nada parecido, fai saltar, loxicamente, todas as alarmas non só na refinaría, senón nunha cidade que comeza a preguntarse atemorizada que máis podería pasar despois de perder nos últimos dez anos o 28 % do emprego industrial que tiña, e sen perder de vista que a antiga Alcoa, hoxe Alu Ibérica, está no fío da navalla.

Polo tanto, debe ser unha prioridade absoluta da Xunta de Galiza parar este ERTE. E non ten moito tempo de reacción. Debe ser áxil, porque as negociacións avanza e a comarca da Coruña non pode permitirse un expediente de regulación na refinaría, que hoxe é temporal pero mañá pode ser definitivo. Calquera pode entender que empresas como Repsol van enfrontar un cambio tecnolóxico importante e que iso pode implicar cambios organizativos e produtivos na empresa, algúns moi profundos, o que coa regulación laboral que o Partido Popular aprobou e o actual Goberno mantén pode xustificar hoxe un ERTE e mañá polo mesmo un ERE.

Pero a comarca da Coruña non pode permitirse máis perda de emprego industrial. Hai que esixir a Repsol que faga o que teña que facer sen reducir postos de traballo e sen detrimentos salariais. Primeiro porque Repsol pode facelo, porque ten a necesaria capacidade de planificación estratéxica a medio e longo prazo, porque ten a capacidade financeira, a capacidade organizativa, a loxística e todo o apoio gubernativo que sempre tivo e que hoxe sen dúbida tampouco lle vai faltar.

Segundo, porque no medio dunha crise que está a esixir tantos esforzos, sobre todo de traballadores e traballadoras, de autónomos, autónomas e pequenas empresas, sería inadmisíble que aquelas outras, precisamente as máis grandes e con máis posibilidades, non contribúan na mesma media. O Goberno debe esixir a todos os axentes económicos unha



certa proporcionalidade nos esforzos para saír da crise. E, no que a estas grandes empresas se refire, ten que pasar por non aforrar en custos de persoal, porque ese aforro no que ten a ver con Repsol Coruña significaría o mesmo que unha retirada de efectivo da economía comarcal. Aquelas que van ser, con toda seguridade, as grandes preceptoras de fondos públicos deben comprometerse a manter condutas que contribúan a superar a crise, xusto o contrario do que significa un ERTE, que ademais de reducir a renda das persoas directamente afectadas e, polo tanto, a súa capacidade de gasto na comarca da Coruña, significa tamén unha carga en prestacións públicas de desemprego e unha redución nos pagos á Seguridade Social. E significa tamén unha mensaxe moi negativa para toda a comarca da Coruña, unha mensaxe que redonda ou reforza a sensación de incerteza e de inseguridade na xestión da crise e na capacidade ou prazos para unha recuperación económica real. Unha inseguridade motivada no feito ou na posibilidade moi probable de que o expediente que hoxe é temporal sexa mañá definitivo, na medida en que non se concreten os investimentos necesarios para resolver definitivamente a problemática que hoxe, para xustificar o ERTE, se presenta como temporal.

E terceiro, porque, de non facelo así, xa resulta obrigado deixar de falar de transición xusta. Será, non o nego, un slogan moi ben pensado, unha marca que calquera compraría, que todos e todas gustaríamos de adquirir, pero en última instancia unha marca que vén revelándose a cada paso como simple publicidade enganosa. Unha publicidade que agocha a realidade de ausencia de estratexia, de ausencia de plans, de proxectos e de medidas concretas que corrixan as dificultades que van derivar do cambio de paradigma enerxético, tal como aparece con claridade no caso de Repsol. Atopámonos nunha situación na que botaron a voar o avión da transición enerxética sen ter preparada nin a pista nin os medios para facelo aterrizar. E, mentres uns cruzan os dedos para que o golpe non sexa moi grave, os outros pechan os ollos para non ver o golpe.

Remato, señores e señoras do Partido Popular e do PSOE, insistindo na necesidade de paralizar este ERTE por todos os medios, se non queremos vernos dentro de seis meses falando de cousas peores.

A Xunta e o Goberno español deben colaborar para paralizar o ERTE, pero con ser isto fundamental non remata aí o problema. A Xunta de Galiza e o Goberno español deben colaborar tamén para conseguir de Repsol investimentos para a refinaría da Coruña, do mesmo xeito que existen xa investimentos comprometidos ou en marcha para Puertollano e para Bilbao. Investimentos que consoliden a actividade e o emprego industrial na Coruña, que sirvan de punto de inflexión, que rematen coa sangría de emprego e que axuden á reactivación económica da comarca.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.



E desculpe pola miña indumentaria de hoxe, pero non é unha *performance*. Non é nada prestado, non pretendo nin molestar nin increpar a ninguén. É a miña roupa de traballo ata hai nove meses. (*Aplausos.*) A roupa de traballo dun empregado da refinaría da Coruña que hai 23 anos comezaba a traballar nas instalacións de Repsol-petróleo, que comezou dende abaixo traballando en planta, no ámbito da produción e no departamento de tra-siegos —algo do que me sinto moi orgulloso—, un traballador con máis de 20 anos de turnos ás costas, nunha plantilla que maltrata o seu corpo, como moitos outros traballa-dores deste país, con este tipo de xornadas: que traballa nunha empresa de risco, polo que algúns temos cicatrices de queimaduras por produtos químicos no noso corpo, co que temos apagado incendios e vivido explosións e accidentes graves de compañeiros, que ata custaron a vida dalgúns deles; nun traballo ben remunerado e con bos beneficios sociais, pero de forte desgaste que garante que a cidadanía desfrute de moitos produtos plásticos que chegan ás vosas casas, de combustibles que moven os vosos vehículos, quantan as vosas casas, ou de superficies polas que camiñades.

Repsol sempre fixo gala de ser unha gran familia, sempre dicían isto. Sempre puxo en valor a importancia da súa plantilla e os traballadores eramos os principais valedores dunha em-presa que actuaba sempre na busca da paz social, evitando a conflitividade e facendo que os propios empregados fósemos tamén os principais clientes da propia empresa.

Eu non recordo que, excepto por causa de forza maior, tivese repostado combustible nunha empresa que non fose Repsol, sabendo que as mellores condicións que tiñan os seus traba-lladores, a responsabilidade social corporativa desta compañía e a súa vinculación coas co-marcas estaba sempre presente.

Os traballadores de Repsol sempre actuamos con responsabilidade e nos momentos duros para a empresa soubemos estar á altura da situación. A maioría da representación dos tra-balladores fomos pactando uns bos convenios colectivos e nalgúns deles figura a sinatura do que lles fala. A miña derradeira experiencia foi xusto antes de ser elixido deputado desta Cámara e derivado da aparición da pandemia, na que os traballadores da refinaría de Repsol en toda España fomos considerados traballadores esenciais e tivemos que poñer en risco a nosa saúde e a das nosas familias para non parar a produción de combustibles e, con ela, que as subministracións chegasen aos fogares de toda a cidadanía.

Fíxose con sacrificios, como ter xornadas continuadas de doce horas durante meses para evitar no posible o contacto entre compañeiros e garantir persoal dispoñible no caso da apa-rición de gromos, ou o sacrificio dos días de vacacións pendentes de moitos traballadores do departamento de mantemento. E todo iso sen obter ningún tipo de beneficio económico por parte da empresa, que felicitou as plantillas das súas refinarías por este comportamento, e luciu que non ía tomar medidas traumáticas para as súas plantillas durante a pandemia.

Así pasaron os peores meses da pandemia e, xusto cando se albisca o final das limitacións da mobilidade co final do toque de queda e a vacinación masiva da cidadanía cunha incipiente recuperación da economía, atopámonos con que a representación da empresa comunica a intención da compañía de aplicarlle un ERTE ao cadro de persoal da refinaría da Coruña e da de Puertollano por un período de cinco meses, un expediente que afecta na Coruña a un



total de 212 traballadores e traballadoras, o que representa máis dun 30 % do cadro de persoal da dita factoría.

É a primeira vez na historia que a empresa leva unha decisión tan drástica como esta, e hai que ter en conta que, a pesar de estar nun momento complicado pola crise da Covid, a petrolleira tivo un resultado neto axustado no ano 2020, que mide o desempeño do negocio e que exclúe a valoración no valor das existencias e resultados extraordinarios, cun beneficio de 600 millóns de euros.

Repsol acordou propoñer á Xunta de Accionistas o pago dun dividendo en efectivo de 0,30 euros brutos por acción, con cargo aos beneficios do 2020, que se pagarán neste ano 2021, e a repartición doutro dividendo á conta do exercicio de 2021 polo mesmo importe cuxa distribución se fará efectiva en xaneiro de 2022.

Os traballadores fomos espectadores, igual que o resto da poboación, de como a compañía desembolsou case 20 millóns de euros segundo a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para indemnizar un exdirectivo que abandonou a súa actividade executiva; ou de como os seus máximos responsables directivos teñen remuneracións de máis de 3 millóns de euros.

Despois de avaliado o ERTE na Coruña, este podería supoñer un aforro de menos de 500.000 euros, e isto antes de proceder a ningún tipo de negociación, o que parece unha tomadura de pelo despois do exposto anteriormente, aínda que o ERTE está plantexado por motivacións produtivas e non económicas.

Xusto o día antes do anuncio deste ERTE, a empresa presentoulles aos traballadores unha plataforma de negociación dun novo acordo marco para todo o grupo Repsol cunhas reducións importantes de salarios e beneficios sociais, o que invita a pensar que Repsol está utilizando a arma do expediente temporal como medida de presión cara aos traballadores nun momento de negociación do acordo marco e os posteriores convenios colectivos, unha medida nunca vista por parte dunha empresa tan importante como Repsol, que quere condicionar as negociacións baixo a ameaza dun ERTE.

A principios deste mes de marzo, o conselleiro delegado de Repsol, Josu Jon Imaz, foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, para analizar as inversións da compañía en Galicia e as posibilidades de acudir aos fondos Next Generation desta empresa. Feijóo falou directamente, como saía nas propias notas que saíron dende a Xunta de Galicia, da importancia da colaboración público-privada e os seus efectos na economía e no emprego da nosa terra. Durante esa reunión, se o señor Imaz informou o presidente da Feijóo dos proxectos de Repsol na Coruña, non entendemos que non o informase do que podía suceder só un mes despois, e tampouco sabemos se o Goberno galego está a facer algo máis que asistir como espectador a como unha empresa galega máis pasa por dificultades ante a mirada esquiva do seu presidente, que só se quere sacar fotos para as boas novas e desaparece despois coas malas.

A Coruña e o seu desenvolvemento económico e industrial necesitan certezas sobre o futuro dunha planta industrial, que deixa moitos postos de traballo na comarca. Falamos de máis



de 600 postos de traballo directos, de 850 de traballadores das auxiliares, e ademais diso ata 3.000 de xeito inducido, nunha industria que xera moita riqueza no seu entorno. E o Goberno da Xunta de Galicia debe explicar cales foron as actuacións e o futuro que a empresa lle veu expoñer a Feijóo hai un mes.

Necesitamos saber que iniciativas vai desenrolar o Goberno galego para que Repsol cumpra coa súa responsabilidade social corporativa e renuncie a levar a cabo un ERTE que non soluciona ningún problema para a compañía e o seu futuro.

Ata o momento foron incapaces dende o Partido Popular de recibir o Comité de Empresa, como fixemos o resto dos grupos parlamentarios; e aínda non os recibiron dende o Goberno galego, a pesar de estar a un puñado de días da finalización do período de consultas do ERTE e de ter sido recibidos polo Concello da Coruña e polo Concello de Arteixo.

E déixenme dicirlles que ata agora foron incapaces de pactar unha declaración institucional no anterior Pleno, algo que fixeron sen problemas nas Cortes de Castilla-La Mancha.

Espero que hoxe sexamos capaces de mostrar o apoio unánime do Parlamento aos traballadores e traballadoras afectados polo ERTE formulado por Repsol no complexo industrial da Coruña e instar o Goberno galego a levar a cabo cantas iniciativas sexan necesarias para que a compañía retire o ERTE anunciado recentemente.

Nese senso, é importante apuntar a oportunidade que nos próximos anos aparece mediante a aplicación dos fondos europeos de recuperación Next Generation para a consecución dun modelo enerxético máis sostible, un impulso á transición que debe ser xusta e impulsora de novos empregos de calidade. Por iso, debe priorizarse a aplicación destes fondos naquelas comarcas cunha dependencia do sector petroquímico e doutras enerxías de orixe fósil, como as de Puertollano, a da Coruña ou a de Muskiz en Bilbao.

O pasado 7 de abril o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico reuniuse coas empresas petroleiras para a creación dun grupo de traballo técnico do refino. Un foro de discusión entre a Administración e o sector empresarial para identificar, coordinar e priorizar actuacións que faciliten a necesaria descarbonización xusta do sector antes de 2050. Este grupo de traballo abordará temas como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, o papel do sector de refino na transición ecolóxica de 2030 a 2050, as oportunidades do hidróxeno renovable no sector, o impulso da economía circular e a súa relevancia para o desenvolvemento de zonas rurais, os biocombustibles avanzados, a colaboración co sector público e o sector privado, a simplificación administrativa para o desenvolvemento de proxectos en refinarías ou a identificación de proxectos que reduzan as emisións do sector, sen mencionar expresamente a necesidade de avaliar os niveis de emprego por parte desta comisión.

Ninguén pode discutir o papel fundamental que ten o sector do refino para alcanzar os obxectivos de neutralidade climática, cunha participación fundamental na transformación cara aos modelos enerxéticos non contaminantes, como os biocarburantes avanzados e o hidróxeno renovable, iniciativas de transición que deben ter o seu centro de desenvolvemento en



comarcas dependentes economicamente dos combustibles fósiles. A Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia industrial e non pode seguir de costas ao terrible proceso de desindustrialización que afecta a Galicia. Unha Xunta que non ten un plan de futuro para a industria da nosa terra, que non garante a actividade existente e non atrae novos investimentos. A comarca da Coruña tamén sofre desa desidia, disimulada polos resultados da multinacional Inditex, agora tamén con problemas, pero perdendo empresas como Isowat, Caramelo, R, Emesa-Trefilería, Sapa, Fábrica de Armas e outras, nun perigo importante como Ferroglobe ou Alu Ibérica.

A industria xera postos de traballo de calidade, exerce de polo tractor da economía, incide no comercio e na hostalaría e establece marcos laborais de referencia doutros sectores.

Señores do Partido Popular, sen industria non hai futuro. Espabilen e fagan algo de política industrial dende as súas competencias plenas na Xunta de Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Permítame o primeiro de todo amosar a solidariedade e o apoio en nome do Grupo Popular aos traballadores e ás traballadoras da refinaría de Repsol na Coruña, persoas que ven perigar o seu posto de traballo xunto ao dos seus compañeiros ante unha decisión empresarial, a presentación dun expediente de regulación temporal de emprego, que agardamos non chegue a producirse e que esperamos que poida reconducirse nas próximas datas.

Permítame tamén que saúde os membros do Comité de Empresa, que teño entendido que seguen este debate desta proposición non de lei.

Como saben, esta fin de semana as rúas da Coruña acollían unha marcha multitudinaria en rechazo da intención da compañía de aplicar un ERTE nesta refinaría. Un expediente de regulación de emprego que, como aquí se explicou, afectaría a un total de 212 traballadores, o que responde a máis dun 30 % do cadro de persoal da factoría coruñesa. A medida proposta pola empresa é a de suspensión temporal, polo tanto, non de extinción, o que suporía deixar en suspenso os contratos de traballo durante un prazo de seis meses.

Repsol xustifica esta decisión na redución continuada da demanda de combustible, polo que decidiu parar as unidades de instalación. A área de refino do complexo industrial da Coruña rexistra desde hai meses un nivel de actividade por debaixo da súa produción habitual, unha



situación que se se está dilatando no tempo, debido á débil demanda do mercado de combustible. Neste caso, as causas alegadas pola empresa son produtivas, pois Repsol non incorreu en perdas económicas.

Señorías, é certo que nos atopamos nunha semana crucial. Está próxima a conclusión do prazo legal de 15 días establecido para a mesa de negociación, quedan poucos días e centos de familias levan tempo pendentes de atopar unha solución. Pero non é xusto xerar falsas expectativas a todos estes traballadores, vinculando o futuro do ERTE a un pronunciamento deste Parlamento. Iso non é xusto, sinxelamente porque non é certo.

Fíxense, o Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa con ganas de confundir, saben perfectamente que a Xunta de Galicia non ten ningunha competencia xurídica sobre este ERTE, nin aínda que quixera, señorías, ¡nin aínda que quixera! Saben perfectamente que a Xunta nin tan sequera é autoridade laboral que resolva este expediente, porque esa función correspóndelle ao Ministerio, a quen nin sequera vostedes nomean na súa proposta de acordo.

E o Bloque Nacionalista Galego sabe que este expediente temporal de regulación de emprego supera o ámbito xeográfico galego e afecta tamén á factoría que esta compañía ten en Puertollano, Ciudad Real, en Castela-A Mancha. E a proposta de ERTE de Repsol afectaría a un total de 830 persoas, das cales 618 corresponden á refinaría de Puertollano e 200 á refinaría da Coruña. E, cando isto acontece, a autoridade laboral competente para resolver o ERTE e resolver sobre a negociación que se fai dun modo conxunto é o Ministerio de Emprego, posto que afecta a centros de traballo situados en distintas comunidades autónomas.

Polo cal, señor Seco, alégrome moito de que vostede sexa traballador desa refinaría e, cando se bota 23 anos nun traballo, enténdese que a un algo lle dá ese traballo e alguén ten que estar cómodo. Polo cal, eu quedo tranquilo, non sabía eu que vostede era traballador desa refinaría, pero quedo tranquilo, porque vostede pertence a un partido que neste momento é o que ten que resolver este ERTE, que é o Goberno de España, polo cal será cuestión de que vostede, como compañeiro destas persoas, descolgue o teléfono, chame a Madrid e que en Madrid entre Podemos —que ademais o Ministerio de Traballo tamén está dirixido por unha galega que será sensible, e ademais unha exdeputada desta Cámara, coa cal algúns deputados coincidimos con ela no Parlamento—, e entre Podemos, os socios de vostede, vostedes resolvablen o problema (*Murmurios.*) e vostedes tamén, porque vostedes tamén son socios... Home, vostedes son socios, claro, vostedes son socios. (*Aplausos.*)

Xa sei, xa sei, xa sei que a vostedes lles pesa. Pero, mire, vostedes son socios do Partido Socialista en tres das catro deputacións de Galicia, son socios do Partido Socialista en moitos concellos de Galicia, e son socios do Partido Socialista, pero ademais son socios decisivos, o Bloque Nacionalista Galego. É verdade que a representación que teñen vostedes é de un deputado en Madrid, pero foron socios decisivos para poñer a Sánchez de presidente do Goberno. Porque vostedes podían optar por poñer a Sánchez ou non poñelo e optaron por poñelo, optaron por poñelo. (*Aplausos.*) Claro, claro.

E con isto téñolles que dicir que isto non significa que este Grupo Popular ou que a Xunta de Galicia se desentenda desta crise. Todo o contrario, queremos que no caso de Repsol impere



o diálogo. Consideramos, e dicímoloo alto e claro, que a empresa debe esforzarse para chegar a un acordo nas negociacións e, de non ser posible, teñen á disposición das partes os mecanismos de solución extraxudicial de conflitos do Consello de Relacións Laborais.

En todo caso, poden atender a petición da parte social da comisión negociadora, que pide retirar o ERTE e estudar que nos futuros plans de investimentos da empresa teñan en conta á refinaría da Coruña e a súa situación predominante como a única refinaría do noroeste español. Sabemos do compromiso da Xunta de Galicia, que seguirá mostrando todo o seu apoio. Sabemos que a Xunta segue en contacto permanente cos traballadores para velar pola defensa dos seus empregos. E, como así me consta, sei tamén que desde o Departamento de Emprego e desde a Vicepresidencia Económica da Xunta de Galicia se están levando a cabo as negociacións e as intermediacións necesarias cos ministerios competentes. Confiamos en que, como está a facer Galicia, o Goberno central estea vixiante e vele pola adecuada negociación entre a representación dos traballadores e Repsol.

E, en segundo lugar, hai que seguir insistindo no importante que é traballar con unidade; escoitámolo, sabemos que as forzas políticas da oposición aproveitan en Galicia estas crises laborais como arma contra a Xunta de Galicia. Ao meu entender, crean que creo que erran vostedes, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, no tiro. Toca actuar con unidade, señorías, unidade política e nestes casos toca actuar con unidade institucional. Os reproches partidistas crean que cada vez aportan menos ou non aportan nada ante a situación pola que están pasando as familias destes traballadores.

Nós tamén poderíamos lembrar aquí o Partido Socialista en moitas cousas, que hoxe piden no Parlamento de Galicia o que non piden en Castela-A Mancha, onde o Partido Socialista ten maioría absoluta, e alí non o piden. *(Murmurios.)* Eles saben... *(Murmurios.)* porque vostede sabe perfectamente... mire, vostede tivo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* mire, vostede tivo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —perdón— ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Podo continuar, señor presidente?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pois parece que si.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas. Así me gusta. *(Murmurios.)*

Vostede sabe perfectamente que a autoridade laboral competente é o Ministerio de Traballo, que non está precisamente activo a favor dos intereses de Galicia. E vostede non foi capaz de dicilo aquí na tribuna do Parlamento a pesar de ter traballado 23 anos nesa empresa. E probablemente vostede igual ca min non nos xubilemos aquí e terá que volver a esa empresa.

Tamén poderíamos lembrarlle ao Bloque Nacionalista Galego que é a forza política obsesionada contra as industrias enerxéticas de Galicia, que nun ecoloxismo mal entendido todo o que soe a refinarías a vostedes parécelles mal. Nós, o Partido Popular, o Goberno de Galicia, pensamos que a industria en Galicia merece seguir xerando actividade e me-



rece seguir xerando emprego e a transición xusta cos avances tecnolóxicos que se produzan. Pero a nós non nos sobra nin a refinaría de Repsol na Coruña, nin Endesa nas Pontes, nin Ence, nin Alcoa, nin Coruña ou en San Ciprián, nin, por suposto, as empresas do litoral que están ameazadas polas imposicións da Lei de cambio climático. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señor Fernández... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Xa vexo, señores deputados do Bloque Nacionalista Galego, o que lles preocupa a vostedes a refinaría da Coruña cos risos que vostedes están botando. *(Murmurios.)* Póñanse vostedes no pelexo dos traballadores que van sufrir o ERTE. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Póñanse no pelexo deles e sexan vostedes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: ...un pouco respectuosos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: Vostedes teñen que ser respectuosos, non con este grupo parlamentario, pero coa representación que nos deron os galegos e as galegas... *(Murmurios.)* a cada un de nós... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Rivas. Que vostede non está no debate, home. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, home, non, que leva media hora intervindo. Cale un pouco, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Son, señorías, decisións políticas, neste caso, señores do Bloque Nacionalista Galego, en moitos concellos como ben lles dixen. Nós no Partido Popular non podemos aceptar esa visión da esquerda contra a industria, que ten as súas repercusións tan negativas en materia de emprego. Pero non caeremos no erro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...de insistir nos reproches partidistas que non solucionan nada. Sobran se queremos dar resposta aos traballadores de Repsol que ven como o tempo remata. Creo que estamos obrigados a facer un esforzo para atopar a unidade política e a unidade institucional, que é o que estes traballadores co seu futuro laboral en risco...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...reclaman, pero sobre todo o que estes traballadores merecen.

Termino, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor BALSEIRO OROL: Termino deixando claro, unha vez máis, que a Xunta de Galicia, aínda que quixera, non pode resolver ese ERTE...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...que esa é unha competencia única e exclusivamente do Ministerio de Traballo. Espero que vostedes...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, fagan as negociacións oportunas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo.

O señor BALSEIRO OROL: ...para que este ERTE non vaia adiante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde de novo.

Vou aproveitar esta breve réplica para chamar a atención sobre un dos efectos máis perversos da reforma laboral do Partido Popular que o actual Goberno mantén vixente e da que a bo seguro os compañeiros de Repsol na mesa de negociación —e, por extensión, todo o cadro de persoal— están a percibir con moita claridade e moi en contra da súa vontade. A retirada dos gobernos dos procesos de negociación dos expedientes de regulación de emprego é un disparate que aparece en toda a súa dimensión en casos como o de Repsol Coruña. O fácil para o persoal de Repsol hoxe en día sería preocuparse de garantir unhas boas condicións económicas para o tempo que boten na casa regulados e reguladas, eses seis meses que propón a empresa. Algo que *a priori* non debiera ser moi difícil nunha empresa como Repsol, que é de supoñer que estea disposta a facer esforzos nese sentido ofrecendo complementos para comprar o favor do persoal e así poder aplicar a medida contando co apoio da parte social.

Sen embargo, a preocupación do cadro de persoal hoxe por hoxe é moi diferente e vén ser algo así como: aceptando este ERTE ¿estaremos asinando a nosa sentenza de morte? Se avallamos e aceptamos hoxe a existencia dunhas causas temporais que xustifiquen a suspensión



dos contratos, ¿non estaremos avalando por anticipado a extinción dos contratos para o caso de que esas mesmas causas resulten mañá definitivas? ¿Pode a empresa dentro de seis meses convocarnos novamente para comunicarnos que as causas organizativas e produtivas que hoxe nos presenta como temporais viraron definitivas? ¿Estaremos entrampándonos? Unha preocupación lóxica e ben fundada que ten posicionado o Comité de Empresa claramente en contra do ERTE.

O que resulta menos lóxico é a falta de preocupación por parte dos gobernos galego e español polo desenvolvemento destas negociacións e polas súas posibles consecuencias, graves consecuencias para a comarca da Coruña, moi castigada xa nos últimos anos en canto á perda de emprego industrial, que a sitúan por debaixo do 10 % do emprego total, moi lonxe do 20 % que marca a Unión Europea como obxectivo. ¿Como pode un Goberno pretender con credibilidade pilotar unha reactivación económica e unha recuperación do emprego manténdose ausente dos procesos de negociación dos expedientes de regulación do emprego?

Para o BNG, como para moita xente, é absolutamente imposible e representa unha das grandes decepcións deste Goberno, supostamente o máis progresista da historia. Porque manter estas negociacións nun ámbito interno, como se fosen outra calquera do ámbito das relacións laborais dunha empresa, é querer obviar que as relacións laborais son relacións desiguais, e significa delegar nas empresas a título particular a posibilidade de determinar sen controis nin condicións a economía dun territorio. Como vén de acontecer recentemente, por exemplo, con Siemens Gamesa, que comprou o acordo do persoal para pechar a fábrica amortizando na comarca de Ferrol máis de 300 postos de traballo industrial sen que os gobernos dixesen nada.

Pero é que neste caso, para máis inri, estamos a falar dunha empresa e dun sector supostamente en transición, pendente de aclarar investimentos e axudas. ¿Até que punto é lexítimo ou legal que a empresa propoña medidas laborais para o seu persoal sen ter aclarado previamente cal vai ser o futuro industrial da factoría? ¿Ou sen aclarar o marco salarial que se está a negociar simultaneamente noutro foro?

Desde o BNG imos ser prudentes en canto a pronunciarnos sobre a legalidade deste proceso que se está a desenvolver en Repsol Coruña, xa que albergamos certas dúbidas. Mais sobre o que non temos dúbida ningunha é de que do punto de vista político trátase —como dixen antes— dun auténtico disparate e dunha irresponsabilidade maiúscula que os gobernos renuncien a ter presenza, competencias e instrumentos para participar nestes procesos. Esta é a posición xenérica e coñecida do BNG respecto da reforma laboral, mais no que atinxe ao futuro dunha empresa como Repsol, das súas dimensións e transcendencia —tan condicionada por planificacións governativas, concesións administrativas e normativa sectorial—, o único xeito coherente de enfrontar este proceso é, en primeiro lugar, aclarar o futuro industrial da planta nunha mesa a tres bandas coa empresa, os gobernos e a parte social; e, despois de aclarado isto e na mesma mesa, pactar as medidas laborais necesarias en función sempre do plan deseñado. O contrario —é dicir, o que está acontecendo— é poñer o carro diante dos bois e manter a cegas unha representación do persoal, que con moita intelixencia e cautela se opón ao ERTE e esixe investimentos.



Chamamos desde aquí a que os respectivos gobernos que sosteñen tanto o Partido Popular como o PSOE se poñan mans á obra con urxencia para protexer o emprego industrial na refinaría na comarca da Coruña.

En canto á emenda do PSOE, evidentemente, imos aceptala, sen deixar de lembrarllas que máis útil para o persoal de Repsol que a nosa solidariedade sería que derrogaran vostedes a reforma laboral.



Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Rematados os puntos da orde do día de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

